



**CÁTEDRA**

*Revista eumesa de estudios*

---

**Consello de Redacción:**

Alexandre Caínzos Corbeira  
Carlos de Castro Álvarez  
Andrés López Calvo  
Rocío Pena Pena  
Sindo Vilariño Gómez

**Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:**

Esther Leira Penabad

**Imaxe da cuberta:**

Estatua de Alfonso X o Sabio, do escultor ourensá Antonio Faílde Gago (1907–1979), actualmente situada no xardín da Casa da Cultura de Pontedeume

**Deseño da cabeceira da revista:**

Noli Vilariño

**Deseño e maquetación da portada e do interior:**

Marga L. Lamas. flopsestudio.com

**Impresión:**

Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

**Colaboracións:**

As colaboracións deberán dirixirse a  
“Cátedra. Revista eumesa de estudos”  
Biblioteca Municipal de Pontedeume  
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 – 15600 PONTEDEUME (A Coruña)  
Telf. 981/43 25 98  
Os traballos deberán ser inéditos.  
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente  
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

**Páxina *web* da revista:**

catedra.pontedeume.es

**Edita:** Concello de Pontedeume

**Dep. Leg.:** C-1702/93

**ISSN:** 1133-9608

Esta revista está subvencionada  
pola **Deputación Provincial da Coruña**

## PRESENTACIÓN

*Non tiña nin once anos cando escoitei falar por primeira vez de Cátedra. Revista eumesa de estudos.*

*E xa son vinte e dous anos véndoa crecer e tendo a sorte de poder disfrutala como publicación de referencia no eido dos estudos locais e coma pilar básico na preservación, coidado e defensa da nosa cultura, do noso patrimonio e da nosa historia.*

*Nas seguintes páxinas poderemos achegarnos aos artigos dos once autores e autoras que xunto co Premio de Investigación do Concello de Pontedeume bríndannos a oportunidade de ser coñecedores e partícipes dos seus estudos e traballos desenvoltos.*

*A través das súas investigacións publicadas nesta edición, onde se abordan temáticas tan variadas como a iconografía, os castelos, as escolas... da nosa contorna, logran situarnos un pouquiño máis preto do noso pasado. Para eles e elas vai todo o meu agradecemento pola súa tarefa.*

*Tampouco quero esquecerme do Consello de Redacción e do seu empeño en incrementar a proxección que Pontedeume se merece a nivel cultural, académico e editorial.*

*Cátedra, unha revista que mira a través do estudo ao noso pasado e que consegue que nos sintamos orgullosos das nosas raíces. Unhas raíces nas que se sustentan o noso presente e o noso futuro.*

Bernardo Fernández Piñeiro  
Alcalde de Pontedeume





# A ESCOLA EUMESA NO S. XX

Manuel Bouza Faraldo



Grupo Escolar Agustín Tenreiro

## 1. LIMIAR

Cando o meu amigo e compañeiro de profesión me entrevista para obter datos sobre o traballo da miña nai, sobre todo na súa Escola Unitaria de Andrade, explicoume que andaba pescudando sobre as escolas que espallaran o seu labor educativo e cultural no século XX na nosa Vila de Pontedeume e nas parroquias do concello.

Eu presteime con agrado e o seu aquel de orgullo por se ter acordado de min para esta tarefa.

A miña nai foi mestra de vocación e entrega, cualidades que nos inculcou aos seus fillos que tamén escollemos esa profesión.

Pontedeume tivo a sorte de ter moitos e grandes mestres e mestras con adicación e esforzo para que a educación chegara aos seus nenos e nenas. Xa o grande eumés, o Arcebispo Raxoi, fundara, moitos anos atrás, dúas escolas para os fillos dos mariñeiros.

Deste percorrido do ensino até a actualidade fálanos o autor deste traballo con toda clase de pormenores. Sei do seu tesón, agarimo e esforzo neste traballo que considera importante tanto por ser eumés, do que se sente orgulloso, como por ser un mestre entregado á súa profesión.

O autor afonda nas nosas raíces e quere sementar gratitude e agarimo nas mentes dos que non coñeceron a estes mestres e mestras e a súa traxectoria, pois eles son parte da nosa memoria histórica.

Non só fala das escolas oficiais e da súa evolución, senón tamén das pequenas escoliñas extraoficiais, tamén chamadas particulares, que ensinaron as primeiras letras, rudimentos do cálculo, labores de bordado e até catequese.

Todo isto fíxome lembrar a miña propia experiencia, primeiro na Grande Obra de Atocha en Pontedeume, onde comezo o meu periplo formativo e da que gardo moi bo recordo e gratitude. Alí puxeron os piares da que sería a miña profesión á que adiquei case corenta anos da miña vida. Máis tarde o Colexio Luís Vives no que fixen os estudos de Maxisterio. De ambos os dous centros, gardo gran agarimo. Non me podo esquecer de mestres, mestras e compañeiros.

O labor do autor deste traballo abrangue un gran traballo de investigación de todo tipo: entrevistas a mestres, familiares, alumnos, veciños e a calquera persoa que puidese asesoralo. Buscando ademais material fotográfico, contrastando datos, pescudando en arquivos, etc. Puxo grande interese adicando moitas horas a tan singular tarefa, polo que o resultado é un traballo suxerente, non só para os eumeses, senón para calquera que valore a educación e a cultura ca súa evolución cos distintos plans e medios. Agardo, con toda modestia, que aínda que non foi Violante quen me encargou un soneto, o apuro non foi menor para quen nunca participou nestas lides. Non sei se eu tamén conseguín saír co pé dereito.

Cristina Sarmiento Álvarez

## 2. INTRODUCCIÓN HISTÓRICA

A finais do século XIX e comezos do XX desenvólvese en España a chamada época da Restauración, producíndose unha serie de cambios na educación froito da crise interna que vive o país. Preténdese salvar a situación a través da educación. Para iso fórmanse as escolas normais, o ensino secundario e os plans de estudo das ensinanzas universitarias. A acelerada sucesión de distintos gobernos que se dá neste período supón un momento de inestabilidade na política xeral e educativa.

A restauración de Cánovas del Castillo coa volta á monarquía supuxo indubidabelmente un retroceso importante na consecución das liberdades propugnadas especialmente polos krausistas. A propia Constitución de 1876 respectou a libre creación de centros, pero volveu estar impregnado, o sistema educativo, da influencia da Igrexa, pola necesidade que tiña o propio Goberno de contar co seu apoio político.

A conclusión final da circular que entra en vigor era tallante e clara: se algún profesor “non recoñece o réxime establecido ou explicase contra el, debe incoárselle expediente “sen dubidar”.

Esta situación, que daría orixe ao nacemento da Institución Libre de Ensino, non se resolvería até que en 1881 chegasen ao Goberno os liberais de Sagasta.

Defensor con decisión da liberdade de ciencia no Congreso foi o liberal ferrolán José Sagasta quen propugnou, con argumentos ben convincentes, a supresión do control da Igrexa no ensino estatal. O recoñecemento do carácter universal independente da ciencia ten lugar mediante a “Circular Albareda” que fai desaparecer os efectos perniciosos para a liberdade de ensino que establecera a do seu antecesor Orovio.

O 13 de setembro de 1923 prodúcese o golpe militar de Primo de Rivera que pon fin á Restauración.

A ditadura de Miguel Primo de Rivera, non obstante, non puido facer fronte aos graves problemas que España tiña formulados.

A formulación antiliberal que subxace en toda a política da ditadura tiña que concretarse nunha solución xa coñecida na nosa historia: a negación da liberdade de cátedra.

Durante este período, e sobre todo na súa etapa inicial, o control ideolóxico nos centros públicos e a carencia de liberdade dos profesores, son as notas predominantes, chegando mesmo a vixilancia e o control disciplinario á vida privada dos docentes, recollidas fundamentalmente na Real orde de 13 de outubro de 1925. Estas notas negativas complementáanse con outra máis, o trato preferente que se dá ao ensino impartido nos centros privados confesionais.

## II REPÚBLICA

En 1931 proclámase a Segunda República e elabórase unha nova Constitución. Esta recoñece unha escola única, a gratuidade e obrigatoriedade do ensino primario, a liber-

dade de cátedra e a laicidade do ensino. Igualmente, facilítanse as condicións de acceso a todos os graos de ensino, suprímese a obrigatoriedade do ensino relixioso, permítese que nas escolas primarias se ensine na lingua materna (sempre distinta do castelán), refórmase a formación inicial dos docentes e regúlase a inspección de primeiro e segundo ensino.

A II República constitúe un auténtico fito na loita pola liberdade de pensamento e expresión dos docentes co recoñecemento, por primeira vez con carácter constitucional, da liberdade de cátedra e xa mesmo con este nome, e ademais con todas as consecuencias inherentes a esta nova situación, aínda que tivo unha existencia moi fugaz debido á curta vida do réxime republicano en España.

Na Constitución de 1931 hai que destacar algúns artigos como é o 49 (expedición de títulos oficiais) e, sobre todo, o 26, referido á creación de centros privados que era permitida, agás aos das ordes relixiosas cuxa existencia foi prohibida someténdose así ao laicismo máis radical no ensino a todos os niveis. O artigo 48 de dita Constitución dinos sen lugar a dúbidas que todas as competencias da educación son exclusivas do Estado, prestando este os servizos educativos desde a escola unificada. O ensino primario será gratuíto e obrigatorio. Os mestres da escola oficial serán funcionarios públicos, habendo unha liberdade de cátedra recoñecida e garantida.

A República fará todo o posíbel para que todos os españois poidan ter acceso a todos os graos do ensino, segundo a súa actitude e vocación. Esta educación fará do traballo o seu eixo principal de existencia, baixo uns valores que fomenten a solidariedade humana.

Todo isto motivou serios enfrontamentos entre os sectores máis defensores do laicismo no ensino e outros, en sentido oposto, do ensino confesional.

Unha vez máis en España pasouse dun extremo do péndulo ao outro, sen encontrar ese equilibrio tan necesario de compensar ambos os dous dereitos.

Primeiro o Decreto do 12 de marzo de 1932, polo que se suprimiu a materia de Relixión dos centros docentes tanto universitarios como de ensino primario, e despois a promulgación da Lei de confesións e congregacións relixiosas do 2 de xuño de 1933, viñeron a botar máis leña ao lume provocando unha declaración colectiva do Episcopado español e a intervención do papa Pío XI mediante a encíclica “Dialectíssima nobis” na que se condenaba explicitamente a lei republicana.

Para a constitución do concepto “mestra rural” na Segunda República, nun sentido sociocultural do termo, será esencial o Decreto do 29 de maio de 1931 para a creación e uso do Padroado de Misións Pedagóxicas. Foron un instrumento excepcional da época, a través do cal se intentaba transmitir a cultura, divulgar coñecemento e consolidar ser cidadán ás xentes dos pobos e localidades rurais. Instituíu actividades como a dotación de bibliotecas ás escolas, organización de lecturas, conferencias, exposicións de arte, audicións de música e celebración de concertos.

Para os mestres e mestras existían reunións periódicas quincenais onde podían perfeccionar os seus coñecementos sobre determinadas materias escolares. Por outra parte, potenciáronse as excursións de interese artístico ou turístico cos alumnos e alumnas.

Nestes momentos, nos que se instaurou unha nova Constitución –9 de decembro de 1931–, estableceuse o concepto de “escola única” de carácter laico, gratuito e obrigatorio nas ensinanzas primarias, á que se engadiu o concepto de coeducación, e, por conseguinte, amplitude de posibilidades culturais, tanto para os homes coma para as mulleres.

Ademais, o analfabetismo era maioritario en gran parte de España. Os sucesivos ministros de Instrución Pública, que ocuparon o cargo no período republicano, centraron ás súas liñas de política de educación nas condicións e factores necesarios para o mellor desenvolvemento do ensino primario. Por outra parte, isto implicaba máis mestres, mellor preparados e capacitados. Exemplo desta necesidade é o Decreto do 23 de xuño de 1931 que establecía a creación de 7.000 prazas para mestres e mestras, e o posterior Curso de Selección Profesional, establecido por Decreto de 3 de xullo de 1931, que prescindía momentaneamente das probas de oposición para acceso á función pública docente.

Para o primeiro ensino supón un aumento de escolas, mellora da estruturación das Escolas Normais do Maxisterio e perfeccionamento das condicións laborais dos docentes.

Non contexto histórico, anteriormente descrito, alcanza grande importancia a “mestra rural”, que definiremos como “mestra titulada” que exerce a súa profesión docente en zonas rurais.

Estas zonas rurais conforman o medio educativo da “mestra rural”, medio cuxas características (falta de infraestrutura en escolas, ausencia case total de medidas de hixiene e saúde, negación dos pais cara aos cambios dos alumnos na vida escolar...) eran os principais obstáculos para a innovación e aplicación metodolóxicas, que as mestras querían poñer en marcha e practicar cos seus alumnos e alumnas. Ás dificultades materiais uníanse causas de absentismo escolar, consecuencia da man de obra infantil nas faenas agrícolas ou manufacturación de produtos para aumentar a cota pecuniaria das familias máis necesitadas. No caso das nenas a situación agravábase. Non se sentía como preciso que a muller obtivese maior instrución e formación que a relacionada coas tarefas do fogar. Deste xeito moitas das nenas non lograron continuidade nos seus estudos, polo que non obtiveron unha educación total. Convertíanse en analfabetas completas ou analfabetas funcionais.

No ano 1900 a taxa do analfabetismo era dun 60%. Na Segunda República só ou 53,7% das nenas estudaban primeiro ensino. Posteriormente, cara aos anos corenta, a taxa reduciuse á metade.

As mestras, facendo uso da súa imaxinación, realizaban adaptacións, de forma o máis oportuna posíbel, para que se acomodasen ao contexto e realidade dos seus alumnos e alumnas.

As “mestras rurais” foron mulleres novas, que estudaron nunha facultade de Maxisterio, obtíñan o seu título universitario e despois opositaban ou formábanse para obter o seu posto de traballo.

O intento de alfabetizar un pobo ignorante, rompendo por primeira vez o monopolio educativo, que estaba en mans da Igrexa foi unha das grandes proezas que trouxo a proclamación da II República.

A Constitución republicana de 1931 establece que os mestres, profesores e cate-dráticos do ensino oficial serán funcionarios e que se legislará no sentido de facilitar aos españois economicamente necesitados o acceso a todos os graos de ensino, co fin de que non se achen condicionados máis que pola aptitude e a vocación.

Como ben retrata Josefina Aldecoa na súa obra *Historia dunha mestra*, “os mes-tres tiñan unha clara convición no ensino e a educación do pobo”.

A coeducación e o carácter activo e creador eran concibidos como principios pedagóxicos fundamentais. Os mestres e tamén as mestras ían ser considerados os funcio-narios máis importantes do Estado. Sobre eles recaía a tarefa fundamental de formar e educar a infancia. Tratábase dunha educación nacional, que se dirixía a toda a sociedade, pero non dunha educación uniforme, senón diferenciada segundo a individualidade do alumnado, seguindo as modernas teorías educativas baseadas na pedagogía activa, intui-tiva e integral, que estimulaban o desenvolvemento da personalidade de cada neno e de cada nena nas escolas mixtas.

## O FRANQUISMO

Durante o período bélico non pode falarse de sistemas educativos en cada un dos bandos, posto que no republicano se seguía máis ou menos, o establecido mediante a aplicación da Constitución de 1931, e no franquista pode dicirse que case houbo unha “impase” debida especialmente á carencia de profesorado, xa que o número de docentes diminuíu considerabelmente polas depuracións –no máis amplo sentido da palabra– efectuadas, pola suspensión de oposicións aos corpos docentes (houbo mestres que debido ao estalido da guerra quedaron sen rematar as súas oposicións e non conseguiron ingresar até 1960; foron os famosos “cursillistas do 36”). Iso fixo que o ensino volve-se caer, aínda que fose sen recoñecemento oficial, na maioría dos casos, en institucións relixiosas ou atendidas por membros de Falanxe ou da Sección Feminina. É de destacar neste sentido a Lei de 20 de setembro de 1938 de instrución pública, reforma do segundo ensino.

Rematada a contenda, os dirixentes do franquismo decatáronse, nos principios fundamentais do Réxime, de que a educación constituía o mellor método para adoutrinar a xuventude e por iso establecéronse as disposicións necesarias para incluír en todos os planos de estudo a Relixión Católica e a Formación do Espírito Nacional, ademais de contar con outras institucións formativas complementarias como a Fronte de Xuventudes.

Por iso, a Educación Primaria tiña un carácter confesional, patriótico, social, in-telectual, físico e profesional: buscando con fincapé a unificación lingüística de todo o Estado, dado que os nacionalismos cataláns e vascos negaran a nación durante a Segunda República, declarando ademais a educación primaria obrigatoria e gratuíta con sepa-ración de sexos.

O ensino primario comprendía dende os 6 aos 12 anos e impartíase en diversos tipos de escolas nacionais, da Igrexa, de padroado e privadas. O currículo estaba centra-

lizado e organizado de forma cíclica, agrupando os coñecementos en tres tipos: instrumentais, formativos e complementarios. Esta lei establece os dereitos e deberes dos mestres, determina a súa formación e o sistema de ingreso mediante oposición no corpo do Maxisterio Nacional Primario.

Finalizada a Guerra Civil, Franco e os seus seguidores comezaron unha depuración de profesores. Dende o triunfo do franquismo, as cátedras e postos docentes son ocupados sistematicamente por membros do Opus Dei e falanxistas. Miles de mestres víronse forzados ao exilio, outros moitos foron afastados da docencia e outros foron fusilados.

Os mestres republicanos foron os funcionarios máis represaliados na Guerra Civil e na ditadura franquista. E, cualitativamente, o sector que sufriu o maior estrago.

Considerábaselles responsábeis de ter inoculado na sociedade e nas mentes xuvenís o virus republicano e se non se remataba de raíz con aqueles mestres de espírito republicano, ao novo réxime iríaselle das mans a política nacional catolicista que pretendía impoñer.

Todo o que se avanzara durante o período da II República en materia de liberdade de cátedra caeu coa chegada da Guerra Civil.

En 1977, o goberno da UCD decretou amnistía para os represaliados. Era tarde para os mestres; anciáns moitos, mortos a maioría.

### LEI DE ORDENACIÓN DO ENSINO MEDIO DE 1953

É a lei que homologa á anterior, para o ensino secundario ou medio e tamén reformada en 1967. Era unha lei confesional e ideolóxica. Ás ensinanzas medias accedíase mediante unha proba de ingreso. A ordenación establecía bacharelatos de plan xeral (con bacharelato elemental de 4 anos de duración e unha reválida para acceder ao bacharelato superior de dous cursos máis, ao termo dos cales había outra reválida); e de plan especial (laboral, con 5 cursos e outras dúas reválidas); ademais, un curso de preparación para a Universidade.

No ámbito universitario ten importancia a promulgación da Lei do 29 de xuño de 1943, de ordenación universitaria, mentres que para os ámbitos inferiores, dous anos máis tarde, entra en vigor a Lei do 17 de xullo de 1945, nova Lei de educación primaria, que afecta fundamentalmente os mestres, aos que lles confire numerosos deberes, algúns dereitos e, en absoluto, o mesmo que no sector universitario, liberdade de expresión e, moito menos, de cátedra. Mesmo para poder desenvolver o labor docente, era preciso contar cos denominados certificados de boa conduta (de recordo decimonónico) e os de adhesión ao Réxime.

Non obstante a xa tradicional pugna entre Igrexa e laicismo seguiu existindo, provindo por unha banda do Foro dos Españóis (dentro do dereito á educación permitía recibila en centros públicos ou privados), e pola outra do novo Concordato coa Santa Sé de 1953, aínda que nunca aflorase claramente, entre sectores de Falanxe, uns

“joseantonianos”, de carácter laico ou, polo menos neutral relixiosamente falando, e outro de inspiración clerical que tivo unha enorme influencia –especialmente coa presenza do Opus Dei– cando decaeu o falanxismo oficial e entraron no goberno os tecnócratas, a finais dos anos 50. Esta presenza facilitou, aínda que pareza paradóxico, que pouco a pouco empezasen a aflorar algunhas liberdades ou, polo menos tolerancias, en materia de ensino, especialmente no sector universitario, mentres que a maior rigorosidade existía nos niveis de educación primaria e secundaria.

Esta nova visión da sociedade española xurdida nos anos do desenvolvemento económico trouxo, en materia de educación, a promulgación en 1970 da Lei xeral de educación, tamén denominada “Lei Villar Palasí” polo ministro que a implantou. Foi unha lei importante en materia organizativa dos estudos básicos e estivo en vigor, resultando amplamente efectiva, durante o período final do franquismo e a etapa da transición política, derivando dela o máis importante documento en materia educativa, como foi posteriormente a LODE de 1985, xa que permitiu a súa adecuación á nova situación constitucional.

### LEI XERAL DE EDUCACIÓN DE 1970

A necesidade de cambio nos anos 70 era patente en España no nivel social, no político e no educativo. Era necesaria unha lei que abranguese a totalidade do sistema educativo nacional. Pretendíase dotar o país dun sistema educativo máis xusto, máis eficaz e máis en consonancia coas necesidades dos españois. Os criterios básicos para esta lei foron a unidade, abrangendo os distintos niveis educativos, a interrelación entre eles e a flexibilidade.

A estrutura do sistema educativo quedou establecida como segue: educación maternal, de dous a catro anos. Era voluntaria e impartíase fundamentalmente en centros privados e gardarías.

Educación preescolar, de 4 a 6 anos, era voluntaria e impartíase en centros públicos e privados por profesores especialistas en preescolar. O currículo limitábase aos aspectos madurativos e á preparación para as materias instrumentais: prelectura, preescritura e precálculo.

Educación xeral básica (EXB), de carácter obrigatorio e gratuíto que abrangue dos 6 aos 14 anos de idade. Os oito cursos obrigatorios estaban divididos en dúas etapas (primeira etapa os cinco primeiros cursos e segunda etapa, os tres restantes) e tres ciclos:

Ciclo inicial, de 6 a 8 anos de idade, comprendendo primeiro e segundo cursos.

Ciclo medio, de 8 a 11 anos abrangúa os cursos terceiro, cuarto e quinto de EXB.

Ciclo superior, de 12 a 14 anos; correspondíase cos cursos sexto, sétimo e oitavo de EXB.

O alumnado podía obter un destes dous títulos: Graduado Escolar, cando se superaban con éxito os obxectivos dos oito cursos de EXB. Permitía ao alumnado



continuar estudos de bacharelato ou de formación profesional. Certificado de Escolaridade, que acreditaba ter cursado os oito anos de escolaridade pero non informaba do seu aproveitamento. Só daba acceso á Formación Profesional ou ao abandono do sistema educativo.

A estrutura interna das materias estableceuse nas Novas Orientacións Pedagóxicas (1970). O profesorado nesta lei abrangueu os antigos mestres de primaria homologados cos procedentes da reforma que por primeira vez os incluía na Universidade con rango de diplomados universitarios e títulos de profesores de educación xeral básica.

Bacharelato unificado e polivalente (BUP). Consta de tres cursos, dos 15 aos 18 anos, con materias comúns en primeiro curso e unha moderada diversificación en función da especialidade (Letras, Ciencias, e Mixtos de ambos os dous). Ao seu termo, se se superaban con éxito as ensinanzas, obtíñase o título de bacharelato. Para acceder á Universidade era preciso facer o Curso de Orientación Universitaria (COU), que naceu coa pretensión de orientar o alumno na elección de carreira e rematou sendo un cuarto curso de bacharelato, destinado, se acaso, a superar a proba de Selectividade.

Formación Profesional destinada aos alumnos que non obtiveran o Graduado Escolar ou ben aos que lles interesase unha cualificación profesional para o mundo do traballo. Tiña dous niveis: formación profesional de primeiro grao, de dous anos de duración, e a cuxo termo se obtiña o título de Técnico Auxiliar, se se superan os estudos ou o Certificado de Escolaridade, se non se superan; e formación profesional de segundo grao, de tres cursos de duración, que permitía obter o título de Técnico Especialista. A formación profesional cursábase en institutos de Formación Profesional.

A educación especial vese fortemente potenciada con esta lei ao igual que a Educación de Adultos e a Educación a Distancia coa creación do CENEBA, o INBA e a UNED.

A educación superior impártese nas universidades ás que se accede despois de cursar o COU ou ben a FP 2.

O modelo de ensino seguido nesta lei foi tecnocrático, de liña condutista seguindo, en termos xerais, unha idea da aprendizaxe de tipo proceso-produto. O modelo de profesor será consecuentemente técnico e competente que deseñe bos programas con obxectivos claros e medibles.

A Lei xeral de educación supuxo un forte impulso á educación española ao reforzar e unificar o sistema educativo, ao introducir innovacións curriculares, organizativas e tecnolóxicas. Entre as medidas máis progresistas e avanzadas da LGE destacamos:

A Lei de Moyano impulsada en 1857 polo Goberno moderado. Incorporou boa parte do proxecto de Lei de instrución pública do 9 de decembro de 1855, elaborado durante o Bienio Progresista polo ministro de Fomento Manuel Alonso Martínez. Foi aprobada grazas á iniciativa lexislativa promovida por Claudio Moyano. Entre as súas intencións tiña as de delimitar a forte influencia da Igrexa española na educación, legislar a educación de carácter privado nas etapas de primeiro e segundo ensino, e implantar unha

metodoloxía máis científica no segundo ensino. Os presupostos desta lei mantivéronse durante case un século pero os avances profundos foron lentos ou inexistentes debido á inestabilidade política nas décadas vindeiras.

Despois da Lei Moyano, é agora a primeira vez que en España se promulga unha lei que regula todo o sistema educativo, dende a educación preescolar até a Universitaria.

Creación dun madeiro común, a EXB, de 8 anos de duración.

Introdución da FP no sistema educativo ordinario e a súa conexión coa Universidade.

Dignificou e elevou a carreira de Maxisterio ao rango universitario.

Estabeleceu un sistema de bolsas para lograr a igualdade de oportunidades entre os estudantes. Institucionalizou a orientación escolar, persoal e profesional.

Conseguiu, por primeira vez, a plena escolarización dos españois nos niveis obrigatorios evitando a prematura selección.

Recomenda métodos activos, individuais, orixinais e creativos. Introduce o concepto de avaliación continua.

### LEI ORGÁNICA DO DEREITO Á EDUCACIÓN (LODE) DE 1985

Coñecida polas súas siglas LODE, non é unha lei que afecta á estrutura do sistema educativo, senón que regula a dualidade de centros docentes, a participación no ensino da comunidade educativa, o dereito á educación e determina a dirección democrática, fronte á tecnocrática anterior. O seu desenvolvemento máis concreto nos temas citados consta no RD 2376/1985. Este decreto foi modificado parcialmente polos regulamentos orgánicos de escolas de educación infantil, de colexios de educación primaria e de institutos de secundaria e pola Orde de 29 de xuño de 1994 pola que se aproban as instrucións que regulan a organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. Foi reformada en case a súa totalidade pola Lei Orgánica de 9/1995 de 20 de novembro (LOPEG) da avaliación, a participación e o goberno de centros docentes.

### OUTRAS LEIS RELACIONADAS COA EDUCACIÓN NO S. XX

A Lei orgánica xeral do sistema educativo (LOXSE), de 3 de outubro de 1990 (publicada no BOE do 4 de outubro) foi unha lei educativa española, promulgada polo goberno do PSOE e substituíu á Lei xeral de educación de 1970, vixente desde a ditadura de Franco.

O punto de partida da lei é o artigo 27 da Constitución Española de 1978: “Todos teñen o dereito á Educación”. Recoñécese a liberdade de ensino.

Terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.

Os poderes públicos garanten o dereito que asiste os pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias convicións.

O ensino básico é obrigatorio e gratuíto.

Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes. Os profesores, os pais e, no seu caso, os alumnos intervirán no control e xestión de todos os centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza.

Recoñécese a autonomía das universidades nos termos que a lei estableza.

Díxose que a LOXSE supuxo a posta en marcha dun sistema educativo baseado nos principios constitucionais e iniciou unha xestión democrática dos centros. e que a lei foi a primeira que estableceu un sistema descentralizado de ensino en España ao permitir que as Comunidades Autónomas non só xestionasen os centros educativos, senón que puideran redactar unha porcentaxe moi importante dos contidos curriculares.

Optouse por potenciar un sistema de ensino construtivista co que se denominaba un modelo de currículo aberto e flexíbel con diferentes niveis de concreción.

Outros aspectos importantes foron:

A importancia que se lle deu aos consellos escolares dos centros.

Introduciu a promoción automática en determinadas circunstancias.

Regulou a educación especial para alumnado con necesidades educativas especiais, e a educación de adultos.

Desenvolveu a calidade do ensino establecendo unha formación permanente do profesorado. Fomentouse a compensación de desigualdades na educación nos centros de especial dificultade polo seu ámbito sociocultural ou reduciuse a ratio escolar.

Estrutura: Dentro do que se denominaba o “Réxime Xeral” as ensinanzas conformábanse en diferentes etapas: educación infantil. Gratuíta aínda que non obligatoria. Comprendía as idades de entre cero e seis anos, en dous ciclos educativos e con carácter tanto asistencial coma educativo.

Educación primaria obligatoria. Para alumnado entre os seis e os doce anos, dividida en tres ciclos: inicial (1º e 2º de primaria), medio (3º e 4º de primaria) e superior (5º e 6º de primaria).

Educación secundaria obligatoria. Para alumnado de entre doce e dezaseis anos e estruturada en dous ciclos ofrecendo como novidade ante leis anteriores a instauración do ensino obrigatorio até esa idade. Ao seu termo obtíñase o título de Graduado.

Unha vez rematado este percorrido, encontrábase o Bacharelato en dous anos e creáronse modalidades. Cada unha delas capacitaba para cursar diferentes estudos universitarios, unha vez superada a proba de acceso á Universidade, máis coñecida como selectividade. Podendo optarse tamén pola formación profesional específica. Como outra novidade da lei cabe sinalar a definitiva incorporación das ensinanzas artísticas no sistema xeral.

### 3. SER MESTRES NOS COMENZOS DO S.XX

Os mestres iniciaran un proceso de construción dun corpo profesional homologábele a outros funcionarios do Estado. En 1902 o Estado asume o pagamento dos seus salarios, encargándose da súa formación e selección, polo que os mestres se independizan dos concellos en cuestión de soldo. En 1911 créase a Dirección Xeral de Ensino Primario. A figura do mestre era a máis pobre das denominadas “forzas vivas” dunha localidade, formadas polo crego, o boticario ou o médico. O traballo de mestre estaba mal retribuído e pouco considerado socialmente roldando as 1.000 pesetas anuais o seu soldo, inferior mesmo ao soldo dun peón de albanel. Por esa razón era coñecida unha frase que se oía moito por aqueles anos: “pasar máis fame que un mestre de escola”.

No mundo rural, non obstante, o mestre era recompensado polo seu esforzo e adicación ao ensino ao través do agradecemento dos pais dos seus alumnos que, no que podían, ofrecíanlles produtos das súas hortas e granxas. Os alumnos nunca cuestionaban as explicacións ou decisións do seu mestre, teméndoo á vez que o veneraban. O “poder” que exercía o mestre era tal que, mesmo fóra da aula durante o recreo ou á entrada e saída da escola, lle correspondía vixiar a conduta dos seus alumnos.

Unicamente a súa presenza e a súa forma de actuar abundaban para impoñer disciplina e orde entre os seus alumnos, apoiados polos pais en todo momento que non dubidaban en poñerse da súa parte mesmo cando se excedía nos seus castigos, xa que consideraban que todo era polo ben dos seus fillos. As mulleres que estudaron a carreira do Maxisterio, as nosas queridas mestras son unha figura esencial na evolución e desenvolvemento da historia da educación española. A súa elección, ou destino docente, estivo ligado a pequenas poboacións ou localidades rurais nas que medramos. Foron elas as primeiras en darnos a coñecer a importancia das primeiras letras do alfabeto e os bos usos do sistema alxébrico. Sobre todo, as “mestras rurais” foron un elemento de transformación no pequeno mundo do alumno e o seu ambiente.

Historicamente, neste contexto, as nais foron o primeiro factor de formación humana dos fillos, sendo as mestras o complemento da educación destes; aínda que ás veces se converten na presenza total de figura materna para o alumno ou alumna.

#### A VIDA NAS AULAS

O ensino primario abranguía os nenos entre os 9 e os 12 anos de idade, dividíndose, a partir da reforma escolar de 1901, nos graos de elemental, medio e superior. Os principios educativos polos que se rexían dentro da aula e que o mestre se encargaba de aplicar eran autoridade e respecto.

Os castigos estaban á orde do día e algúns mesmo podían chegar a ser humillantes e crueis para os alumnos. De entre as sancións que se impoñían ao alumno castigado, a que máis se aplicaba consistía en colocalo de xeonllos, nun recuncho, de cara á parede con

pesados libros nas mans e orellas de burro. Outras veces facíaselles copiar cincocentas ou mil veces unha frase ao estilo de: “non falarei na clase ou non contestarei ao meu mestre”.

A principios do século XX, todos os días do curso escolar eran lectivos tanto mañás como tardes incluídos os domingos. A xornada escolar duraba seis horas nas que os alumnos debían permanecer quietos nos seus pupitres atentos ao mestre e obedecéndoo en todo momento. Un día á semana, pola tarde, as festas sinaladas e un breve período de vacacións durante o verán eran os únicos días libres dos que se gozaba sen asistir á escola.

En 1904, baixo petición da Igrexa, constituíuse o domingo como non lectivo pois así podíanse atender as obrigas relixiosas.

De todos os xeitos cada escola podía ter un horario distinto xa que, a devandita organización, dependía exclusivamente do mestre ou do director.

O mestre era quen decidía o horario de entrada e saída da escola e o tempo a empregar en cada materia, polo que os horarios variaban segundo se tratara dunha escola pública, privada, dunha orde relixiosa ou de nenos ou nenas.

Durante o transcurso das clases, o mestre expoñía os contidos da materia e ao final os alumnos podían participar e facer preguntas, todo baixo unhas regras estritas de conduta.

As clases remataban ás doce da mañá, hora na que os alumnos volvían ás súas casas para xantar, regresando á escola ás dúas da tarde. Nalgunhas escolas privadas había alumnos que permanecían en clase até as sete da tarde, facendo os deberes antes de volver ás súas casas. Este “tempo extra” era coñecido como permanencias e os pais debían pagalas á parte.

## OS CAMBIOS EDUCATIVOS DA REPÚBLICA

Tras a proclamación da República promúlgase unha nova Constitución na que España se declara como estado laico. Rodolfo Llopis, director xeral de primeiro ensino, envía unha circular a todos os centros na que se decreta a supresión da materia de Relixión e de calquera signo relixioso.

O crucifixo é retirado das aulas provocando unha forte reacción entre os católicos. No programa educativo da República impúxose a concepción da aula como un espazo cambiante e aberto ao exterior. Os alumnos adaptáronse aos modelos da Escola Moderna de F. Ferrer Guardia e da Escola Activa asumidos polo goberno.

## A ESCOLA EN ESPAÑA DURANTE A DICTADURA DE FRANCO

En 1939 un continxente moi numeroso de intelectuais: escritores, artistas, mestres e republicanos de todas as tendencias, víronse obrigados a abandonar España. A maior parte deles cruzaron a fronteira francesa para nunca máis volver.

O adoutramento ideolóxico da sociedade foi unha das principais consecuencias que provocou a vitoria do franquismo. Introducir os novos valores morais foi unha das

tarefas das que se encargou o Ministerio de Educación Nacional e o Goberno, sendo a Lei de reforma do segundo ensino de 1938 a primeira das leis a aplicar.

O principal obxectivo da política educativa dos primeiros anos do franquismo foi o desmantelamento de todo o que recordara a República. Desta forma, caen no esquecemento aquelas persoas ou cousas que destacaron durante este período: políticos, escritores, mestres, os libros, as bibliotecas, as festas; e celebracións republicanas foron substituídas por outras como: o Día do Caudillo, do Valor, da Hispanidade, da Fe, da Dor, de José Antonio ou o Día do Estudiante Caído.

Reestabelécese o símbolo da fe católica en todas as escolas polo que o crucifixo, retirado durante a República, volve ocupar o seu sitio preferente nas aulas engadíndose os retratos de José Antonio Primo de Rivera e do Xefe do Estado, o xeneral Franco.

Durante o período de 1939-1951 apenas se crean escolas públicas.

A Lei de ensino primario do 17 de xullo 1945 está baseada na primacía da relixión sobre calquera outro compoñente e sobre a necesidade de introducir nas mentes e nos corazóns dos nenos as excelencias da Patria. Desta combinación de principios nace a escola do nacional-catolicismo.

### O PERFIL DO MESTRE

Todos aqueles mestres que exercían durante a República e defendían as súas ideas, foron apartados da docencia polo franquismo baixo a acusación de “desafectos ao réxime”.

Unha vez rematado o período republicano, xunto á Igrexa, a escola foi o instrumento de adoutramento que se servía de cantos, rezos, símbolos, celebracións e doutros rituais escolares que tiñan como obxectivo, ademais de evidenciar a estética e o discurso do franquismo, a humillación e o sometemento das posíbeis voces e consciencias discordantes.

Para exercer como mestre durante estes anos, non era necesario contar cun maxisterio ben formado, abundaba cun maxisterio obediente e temeroso que adicase a maior parte da súa enerxía e do seu traballo a lexitimar o “Novo Estado”.

### 4. PUNTO DE PARTIDA

Buscando un punto de partida coa intención de dar unha visión ilustre do campo da escola eumesa, comezo a ruta co obxectivo de dar a coñecer cal era a traza escolar e os nomes máis sobresaíntes desde comezos do século XX.

Considero estes tres personaxes, que lembro deseguido, nados entre os séculos XIX e XX, puntais elementais sobre os que se desenvolveron o feito educativo no noso pobo. Estas tres figuras ilustres son:

## DON FRUTOS FERNÁNDEZ MARTÍNEZ

Nace en Pontedeume o 3 de xuño de 1894 e falece o 14 de agosto de 1966. Contaba co título de mestre de Primeira Ensinanza que fora expedido con data 23 de agosto de 1926. Ademais era contador mercantil. Con data 31 de xullo de 1928, participara no curso de aptitude de mestres para a Ensinanza de Orientación Marítima. Sacara a oposición, sendo o número 3 da lista xeral de España.

O seu camiño como mestre comeza, por oposición, na Escola Nacional mixta de Vigo-Pol (Lugo) o 12 de setembro de 1927. A partir de aí, como recolle a súa folla de servizo, virían a Escola Nacional do Pósito de Pescadores de Pontedeume (1928-1934), a Escola Nacional de turno de Orientación Marítima de Juan Castro Mosquera (A Coruña) e, no curso 1959-60, comeza a súa andaina no Grupo Escolar Concepción Arenal (A Coruña). Aquí estará até a súa xubilación.

D. Frutos dá un xiro radical á forma de traballar cos seus alumnos, facendo da súa escola unha ampliación do fogar co seu estilo persoal. Para subir o nivel cultural dos seus rapaces, practican o cooperativismo: idiomas, teatro, música, contabilidade...

D. Frutos era bo coñecedor dos métodos pedagóxicos avanzados das correntes renovadoras da Institución Libre de Enseñanza. Este feito debeu facelo sospeitoso aos ollos dalgúns cando triunfa o golpe de Estado.

Organiza a súa escola como se fora unha familia onde todos participan se fan responsábeis dos éxitos e dos fracasos.

Os seus alumnos aprenden de todo, incluso palabras e expresións en francés e en inglés para defendérense.

Da fonda vinculación de D. Frutos coas familias dos seus alumnos é boa mostra o funcionamento, na escola, dun roupeiriño que tiña como finalidade a de recoller doazóns de roupa para os nenos das familias de mariñeiros especialmente desfavorecidas. Segundo conta a súa filla Dña. M<sup>a</sup> Cristina Fernández, o seu pai, acotío, achegaba cartos do seu peto para axudar a esas familias que tan mal o pasaban. Este feito foi a causa da sanción imposta a D. Frutos, como mestre, por parte das autoridades franquistas.

Os seus alumnos, ao remataren as clases, cantaban o Himno de Riego.

D. Frutos é peza fundamental na subsistencia da Escola de Orientación Marítima e do Pósito de Pescadores de Pontedeume, despois dunha época de fonda crise da institución.

En 1930 foi elixido delegado da Federación de Pósitos de Galicia Norte para representar, en Madrid, os pescadores na Asemblea Nacional.



Clases de ximnasia, ao fondo o piñeiral de Cabanas





Roupeiriño da escola de D. Frutos

Na súa escola funcionan, asemade, talleres de encadernación e carpintaría. Forma unha rondalla de instrumentos de pulso e púa composta por 25 nenos que actúa en festivais a beneficio das institucións circunescolares percorrendo durante 1931 e 1932 os principais pobos e cidades das provincias da Coruña e Lugo.

No eido coral, organiza un coro de 70 voces infantís.

D. Frutos crea, en Pontedeume, a Mutualidade Escolar Alfredo Saralegui. Neste eido, no 1934, foi nomeado pola Caja Regional de Previsión, localizada en Santiago, para asistir cunha bolsa de viaxe á Asemblea Nacional de Mutualidades Escolares, na que os seus alumnos presentan excelentes traballos que son unanimemente louvados pola prensa madrileña da época.

D. Frutos é capaz de sacar adiante a primeira homenaxe á vellez do mariño cando aínda non existían os Seguros Sociais, nin as Mutualidades de Accidentes de mar e traballo, nin os Montepíos.

Paco Allegue define a figura de D. Frutos facéndose dono dunha frase de Manolo Sierito que facía referencia ao mestre como: “O mellor mestre do mundo”.



A Biblioteca Popular

Coa axuda do Concello, saca adiante unha Biblioteca Popular, a Bilioteca Luís Dadín Tenreiro. Forma tamén un grupo teatral e leva a cabo a publicación dun xornal: Floración. Ademais, D. Frutos pertencía á Asociación teatral Euterpe.

No xornal Floración, colaboran os alumnos da escola e intercambian a publicación con ou-



tros colexios parecidos de España e incluso do estranxeiro.

Na súa escola, nunca faltaba un prato de caldo ou unhas sardiñas para alguén necesitado que aparecera pola porta. A cociña da dita escola estaba ben coidada pola cociñeira Dña. Bernardina Piñeiro.



Comedor da escola



Xornal Floración

Do matrimonio de D. Frutos con Dña. Olimpia Piñeiro, naceron: M<sup>a</sup> Cristina, Olimpia, Consuelo, Frutos e Andrés Luís.


D. Frutos permanece en Pontedeume até o 1934 xa que como lle comentaba o seu irmán, o artista Gesito, a un dos seus discípulos avantaxados, Abelardo Miguel, tiñao que sacar de Pontedeume porque, do contrario, acabaría fusilado. Esta afirmación tamén é compartida polo seu neto Antón Prego.

Xa na Coruña, con data 11 de maio de 1940, a D. Frutos ábrese-lle un expediente de depuración. Parecía que o seu ensino non era ben visto por algunha xente ou que a súa persoa estorbaba.

Na súa estadía na Coruña, D. Frutos segue desempeñando as súas tarefas educativas con iniciativas altamente respectadas no ámbito docente e moi admiradas e atraíntes para os seus rapaces.



Copia orixinal do expediente de depuración a D. Fruto



Letra do Himno de Riego



Rondalla da escola



Alumnos no patio do pazo dos Andrade

### RAMÓN FERNÁNDEZ BARRAL

Nace na vila de Pontedeume o día 7 de marzo de 1899, tomando os primeiros contactos co ensino na escola do escritor e pedagogo eumés, D. Antonio Couceiro Freijomil.

Persoa con grande vocación pola educación, ingresa aos 14 anos na escola de Maxisterio de Santiago.

Remata a súa carreira aos 18 anos e aos 21 ingresa, por oposición, no Maxisterio Nacional, tendo a súa primeira escola en Chavín (Viveiro). Aos tres anos de permanencia nesta escola, pide o traslado para A Torre-Campolongo e, ao pouco tempo, despois de casar, pasa a rexentar unha sección do Grupo Escolar Agustín Tenreiro da vila onde tamén vivía.

Foi un mestre adiantado na ensinanza de todas as materias, en especial, na Lingua e no que se coñecía co nome de Ciencias Sociais.

Ramón, de mozo, pertencera aos Scouts, formación xuvenil de orixe inglesa.



Ramón con de escolares no "Agustín Tenreiro"



Foto familiar

Ben de pequeno, Celestino Sardiña (nacido o 20 de novembro de 1933) que é sobriño de D. Ramón pero que gusta de chamarlle "o meu padriño", conta como subían co seu pai e coa súa nai até a escola da Torre onde D. Ramón era mestre. De camiño, o pai de Celestino, vendo que os seus fillos non daban subido a empinada costa do Barro, tiráballes un peso de prata para que correran tras del coa promesa de que sería para o que o collera pero a vida estaba moi cara e a promesa nunca se cumpría.

A nai de D. Ramón vivía con el e coa súa muller, Josefa Fernández Lourido, "Pepita", orixinaria de Doroña, e os seus tres fillos: Julio, Josefina e Ramón.

As persoas que coñeceron a D. Ramón falan del como unha persoa moi dialogante e familiar, vinculado, politicamente, á esquerda.

D. Ramón foi vítima da “depuración” ditatorial do franquismo. Rivalidades políticas ou sinxelamente persoais que o levan a ser fusilado no 1936, un día antes que o pai e o tío de Celestino Sardiña. (Celestino tamén é mestre de Primeira Ensinanza. Tomou posesión do cargo de alcalde da Vila o 17 de setembro de 1970 substituíndo no cargo D. Juan Sarmiento Patiño).

A dona de D. Ramón, despois do fusilamento do seu home, incorpórase á escola exercendo, entre outros lugares, en Goente ou en Elviña (A Coruña) e remata xubilándose nun pequeno pobo de Sevilla.

A mesma “mala sorte” que D. Ramón correu outro mestre da nosa vila, Leonardo “do Barro” (Leonardo Martínez Novo), fillo de Juan Antonio.

Leonardo foi fusilado cando só contaba con 24 anos. Aprobada a oposición de mestre, o seu nomeamento aparecerá publicado no Boletín Oficial, unha vez que xa fora fusilado.

Leonardo estivera de mestre provisional en Camariñas e Moeche.

En Pontedeume, fundaba o colexio Curros Enríquez, localizado onde, noutros tempos, estivera o Bar Noche, ao carón do Bar Cuíñas, na rúa Real.

Unha vez máis, un tráxico puntapé deixa coxa a nosa cultura e o saber facer, polo feito de non opinar igual que os que mandaban ou sinxelamente polo feito de non caer ben.

#### MANUEL CORREA PARADELA, ESPELLO PARA A SÚA FILLA IGNACIA

Este mestre nace na parroquia eumesa de Vilar o 3 de outubro de 1885.

A ensinanza familiar que recibe, lévao cara ao servizo á Igrexa, entrando, de moi novo, no Seminario de Santiago e abandonándoo antes de ser ordenado crego para encamiñar a súa vida á de mestre.

O coñecemento da infancia e o querer axudar, lévano a rexentar as escolas de Cervás (Ares), San Martiño do Porto e Pontedeume onde falece aos 44 anos.

Todo o seu coñecemento humanístico, filosófico, matemático... aplícao con gran sentido pedagóxico e baixo o lema: “ser home significa educarse”, forma e orienta aos seus alumnos.

Filla deste ilustre mestre é **Dña. Ignacia Correa** falecida en 2009. Para falar da figura de Dña. Ignacia entramos en conversa co seu fillo José Manuel, tamén mestre, hoxe con setenta primaveras cumpridas.

D. Leoncio Barro era, por aqueles anos, cando Ignacia era rapaza, o capelán do convento das nais Capuchinas na rúa coruñesa de Panaderas. D. Leoncio era a persoa protectora da familia onde nacera Ignacia e na que eran oito irmáns.

D. Leoncio conséguelle unha bolsa a Ignacia para estudar en Santiago, interna no colexio das Teresianas. Aló fai o Bacharelato de sete anos, pasa o exame de estado....

Por aqueles tempos Ignacia mocea con José Regueira da familia dos Mochicos e deixa de estudar para casar con el.

Na casa de Ignacia contratan un mestre, o chamado, noutras zonas de Galicia, “o mestre do ferrado” xa que a familia era a que lle pagaba ao mestre.

No comezo da súa carreira educativa, Ignacia vai cara a Campolongo para substituír a Dña. Eduviges, mestra oficial das nenas, de procedencia lucense. Alí é onde nace José Manuel, fillo de Ignacia. Era unha substitución particular xa que Ignacia non era mestra aínda.

De Campolongo, Ignacia baixa a Esteiro onde a titular é Dña. Elvira Seijo. Alí vive nunha casa que fora almacén, no lugar da Gándara, hoxe preto da cantina Río Covés. En Esteiro, Ignacia permanece até que o seu home, mutilado na Guerra Civil, enferma. Anos máis tarde José Regueira, o seu home, falece; tempo no que Ignacia vai cara a Vilar onde durante dous ou tres anos se afasta da súa actividade docente. É nesa época na que, por problemas burocráticos, perde a pensión do seu home e o seu fillo queda cunha pensión moi pequena.

Diante desta situación familiar, Ignacia pon unha escola particular no Camiño Vello de Campolongo. Escola que foi, no seu tempo, moi polémica, xa que cara a ela ían todos os nenos e nenas de San Xoán, Esteiro, Andrade, Vilar, etc. Chegóuselle a chamar “escola clandestina”. Sufriu moitas denuncias, tanto de D. Mariano, mestre de Andrade, como de D. Juan Bellas, mestre en Campolongo, que non vían con bos ollos a escola que poñía Ignacia por non ter ela a titulación axeitada e facerlles moita competencia.

Por aqueles anos, era inspectora educativa de toda a zona norte da provincia da Coruña Dña. Elvira Brea y Oría. Tiña o seu centro de residencia en Pontedeume, nun hotel que tiña a familia Martiño. Dña. Elvira chegou a dicirlle a Ignacia: “Vaia vostede a fregar escaleiras e deixe de dar clases”. A dita afirmación viña alimentada polo ambiente contrario co que se atopaba Ignacia nas escolas da súa zona.

A nai da familia Martiño, a Sra. Beba, cóntalle a historia de Ignacia á inspectora. Este feito fixo que a situación trocara e o ambiente fora máis tranquilo. A inspectora chama a Ignacia e pregúntalle por que non estuda Maxisterio e dille que, se o fai, ela vaina axudar.

Ignacia estudou tres anos Maxisterio, despois de aprobar o exame de ingreso para o que a prepararan na casa.

Ignacia tiña unha boa base cultural e presentaba unha boa formación básica: letras e números.

Recibe clases do crego de Ares, D. Ángel no Colexio Luís Vives, aínda no edificio da Cátedra. Clases de Filosofía, Pedagogía e outras materias nas que Ignacia “coxeaba”.

Ao rematar Maxisterio, o seu primeiro nomeamento interino foi na aldea de San Bartolomeu, pertencente ao concello de Monfero. O seu fillo José Manuel contaba daquela con 13 anos. Para chegar até a aldea, dende Pontedeume, collían o coche de liña

(que facía todos os recados correo, prensa, mercadorías, etc) no café Guillermo ás catro e media da tarde para chegar case unha hora e media despois á Ponte da Pedra. Dende alí baixaban ao lugar do Redondo e, monte a través polo Pulín, A Laxe, e dende o río, subir até a aldea.

Na aldea a escola estaba na casa de Manuel Permuy e María Espiñeira, no lugar da Torre de San Bartolomeu. Con anterioridade, na aldea, houbera escola na casa de Fermín Faraldo, no lugar do Piñeiro. A actividade escolar nesta casa cesara polo inconformismo do dono xa que non lle pagaban o aluguer o tempo no que non había escola.

Na casa de Manuel e María, nun arrimo á casa, enriba, estaba a habitación onde Ignacia durmía co seu fillo. A cociña era a mesma que a dos donos da casa. Ignacia botaría nesta escola un ano.

Na zona de San Bartolomeu era unha época de moito auxe xa que por aqueles tempos tiña lugar a construción do encoro do Eume. Había tamén tres cantinas: unha no Piñeiro, outra na Torre e outra na Hermida.

Unha vez aprobada a oposición, Ignacia, ben vista pola Administración, marcha cara ao seu primeiro destino como propietaria provisional na parroquia dos Ánxeles, no concello de Boimorto, onde con posterioridade, cousas da vida, José Manuel sería mestre durante sete anos gardando na actualidade fondos e gratos recordos.

Nos Ánxeles permanece curso e medio. Dende alí, e de maneira tamén provisional, marcha cara a Ares. Xa de maneira definitiva, chega á Illa (Monfero) e posteriormente As Neves (Capela) onde está durante dezaseis anos desenvolvendo, ademais, o cargo de concelleira, unha das primeiras mulleres concelleiras no franquismo.

Desde As Neves chega a Pontedeume para rematar a súa carreira docente no Couceiro Freixomil.

Dña. Ignacia Correa, mestra de mestres, era unha muller de forte personalidade e decidida, afeita á toma de decisións rápidas.

Basea a súa docencia na lectura, escritura, matemáticas e xeografía.

A lectura comezábaa co libro *Rayas* de Hijos de Santiago Rodríguez para seguir co *Primeiro Manuscrito* (escrito a man para interpretar distintos tipos de escritura), *Segundo Manuscrito: Europa* e o *Terceiro Manuscrito: Países y mares*. Ía explicando os distintos tipos de letra. No último nivel sempre botaba man de *El Quijote*, para ler, comentar e facer ditados.

A xeografía era máis reiterativa sobre os mapas.

O seu fillo José Manuel, como dixeran con anterioridade, foi mestre en Boimorto, onde tamén daba clases particulares aos rapaces que querían despois das horas de escola. Cobraba “en especies”: lacóns, patacas, etc. Tamén recorda, con fonda emoción que, aínda hoxe, cando vai por aquelas terras, a xente dille: “Aí vén o mestre”.



## 5. CANDO ERAMOS NENAS...

Dicía o meu avó que cando queiras buscar algo, o que sexa, vale máis comezar por preguntarlle ás persoas maiores. Iso foi o que fixen para comezar esta andaina pola encrucillada do mapa escolar que se formaba no concello de Pontedeume, o meu concello natal, dende comezos do S. XX.

Tiven a idea de ir cabo dunhas mulleriñas que botaban unha partida ás cartas, unha brisca. Antes de interromperlles a partida comprobei a verdadeira ciencia que supón a linguaxe dos xestos neste xogo. Cando xa me decatei de que aquilo rematara e que a partida “partira”, convideinas a que formamos unha mesa redonda para falar de cando ían á escola nas súas aldeas natais. Nun primeiro momento non eran capaces de romper o xeo pero unha vez que comezamos a tirar do fío, si que comenzaron a saír cousas e a aparecer emocións.

O que me contaron é o que vos conto deseguido e o que foi o punto onde comezan a saír nomes de mestres e lugares de escolas.

**Marujita a do Cabo** naceu no ano 1939. Comeza no Grupo Escolar Agustín Tenreiro con 4 anos. Chegaba desde Padrón. A mestra das nenas era Dna. Amparo. Recorda utilizar a Enciclopedia Álvarez, tamén un manuscrito con varios tipos de letra e un libro para a lectura.

**Josefa a filla do Chalán** naceu en San Pantaleón das Viñas no 1929. Comeza a escola con 7 anos.

**Fina a do Pisto** naceu en Centroña en 1941. Comeza a escola con 6 anos sendo a súa mestra a Sra. María de Blanco (filla do guardia). O lugar onde estaba a escola para as nenas era no Allón, na casa do pai de Pilarita Fraga, no piso de enriba. Moi preto delas



Recordo escolar de Marujita

estaba a escola dos nenos, na casa do Sr. Antonio e o seu mestre era D. Pedro Portela. Anos máis tarde os nenos marchan con D. Pedro cara á reitoral. As nenas seguen en Allón até que chega a hora de marcharen para a escola unitaria coa mestra Josefina Sanjurjo

**Pilar a Peneiras** naceu en Pontedeume no 1942. Unha muller, das moitas, que non foron



Foto recordo de Fina

á escola por diversas razóns como poden ser coidaren dos irmáns, como neste caso, ou teren que traballar. No caso de Pilar, dinos que se tivo que conformar con ir a unha pasantía, pola noite. Unha pasantía, na rúa do Picho, hoxe número 6, que daba unha señora que fora monxa e que vivía coa súa irmá, chamábanlles as *Xixas*. Pilar deixa estas pasantías con 11 anos porque debe coidar dos irmáns xa que a súa nai dedicábase á venda do peixe.

**Flora a Colarta** naceu no 1933. Comezou a escola con 6 anos en Campolongo. A escola das nenas estaba á beira da estrada. Ía pouco tempo á escola porque había que traballar. Recorda que a súa mestra era Dna. Eduviges, natural de Lugo. Conta como curiosidade que aínda non tiña os anos para entrar na escola pero a súa nai era a encargada de fregarlle os pratos á mestra, ocasión que aproveitou para meter a Flora na escola, antes de tempo.



Flora (2ª pola esquerda sentada no chan) con Dna. Eduviges

**Evangelina de Menguiño** naceu na parroquia de Ombre aló polo 1932. Comeza aos 8 anos na escola, unha casiña que había preto da capela. Recorda que a mestra se chamaba Dna. Manuela, unha muller moi enferma. Era o home de Dna. Manuela o que entretía os rapaces. Mandaba aos maiores coidar dos pequenos. Tamén recorda á mestra Dna. Anita aló polo 1948 máis ou menos.



Maruja en S. Pantaleón con 12 anos (abaixo pegada ao muro)

**Maruja a do bar Luís** naceu no 1934, tamén coñecida como a de *Generosa A Tubío*.

**Carmen a do Manoplas** naceu no ano 1927 en Ombre, onde comeza a escola con 7 anos.



Unha vez feita a súa presentación, comezamos un percorrido por: materiais, curiosidades, etc.



Portada dun catecismo do tempo

O último ano que Josefa leu o verso foi con 13 anos. Anos aqueles nos que non había para traxes. Para ir ler o verso, colleu un traxe verde que tiña e meteuno na lixivia para que branqueara, logo zurciuño para que semellaran flores e, para o ver, a súa irmá preparoulle un mosquitoiro.

Pilar a Peneiras foi por pouco tempo á escola, saíu con 11 anos sabendo ler e escribir de maneira básica. Con 17 anos casa. Ela di que aprendeu “na escola do mundo”.

Flora a Colarta ía á escola cando a deixaban. Había que ir ao estrume e axudar nos traballos diarios. Ás veces ía cara á



Pizarriña usada na escola co pizarriño

escola sen almorzar. Para ela cando ía á escola era un día de festa, día de descanso dos duros traballos da época. Con 12 anos deixou de ir á escola. Con estes anos foi cando viu uns zapatos brancos por primeira vez. Éranlle pequenos pero ela apretou e apretou contra a parede onde había unha fiestra até que lle entraron. Coa ledicia de ter zapatos, non lle doía nada aínda que os pés foran metidos a presión.

O calzado da época eran as sandalias de goma, as zocas e uns zapatos para todo o ano. Se había cambio de estación, os mesmos zapatos tingúíanse e... arreando

Fina a do *Pisto* conta que ía á escola cando podía. O seu pai era ferroviario e a nai tiña que arranxar a casa, labrar as terras, coidar dos animais, etc. Ela tiña que botar unha man.

Cando Fina fixo a primeira comunión, aproveitaran un mantel para facer o manto. Un camisón de raso dunha tía súa atado pola cadeira e xa estaba feito o traxe. Eran tempos moi duros aqueles e de moita falta.

Todas elas coinciden en destacar feitos como: Tratar os mestres e mestras como don/ dona ou vostede. Os rapaces maiores cando saían da escola cantaban o “Cara al Sol” e que nas clases sempre estaban presentes os símbolos da cruz, a bandeira de España e a foto de Franco. A mesa dos mestres sempre enriba dunha tarima de madeira.

Nalgún caso como o de Josefa a filla do *Chalán*, destaca, no mes de maio, o rezo a María.

## 6. AS ESCOLAS NO CONCELLO DE PONTEDEUME

Co ánimo de coñecer o que acontecía polas distintas parroquias do noso Concello, comezo a andaina escolar.

### 6.1 ANDRADE

Para falar das escolas da parroquia de Andrade teremos que falar de Dna. Carmela Álvarez Domínguez, Carmela a das *Suevas* (o apelido dun antepasado seu). Nacera no 1910 nunha casa á beira da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume. Dona de D. Juan Sarmiento Patiño co que casara no 1939. D. Juan fora alcalde da Vila desde 1940 até 1970. Para lembrar a súa figura, entro en conversa cunha das súas fillas, Cristina, tamén mestra e hoxe gozando dunha ben merecida xubilación.

Das conversas coa súa nai, Cristina, recorda que fora alumna de María Vizoso, que daba clase só a rapazas. Carmela tamén tivo outros mestres que recordaba con cariño e respecto: D. Frutos, Barral e Correa.

Conta Cristina que, a súa nai, Carmela, era bastante esixente. Dáballes as regras ortográficas en verso que ela sempre recordará. Tamén lles ensinaba labores de bordado que salpicaba con “máximas e sentenzas”.



Certificación académica de Carmela Álvarez

Fixo a carreira de Maxisterio en Santiago de Compostela onde tamén tomará parte como opositora nos “cursiños” para conseguir o título de mestra propietaria. Xa por aqueles anos, xurdían grupos de revoltas, con convocatorias de folgas e outros movementos estudiantís.

A primeira interinidade de Carmela foi en San Félix de Monfero. Alí paraba nunha casa particular onde a trataban con moito respecto e agarimo, como era habitual por aqueles tempos. Isto sucedía a comezos dos anos trinta e ela contáballe ás fillas, ás que lles transmitiu o amor polo ensino, algunha das anécdotas que tiñan lugar no contacto diario cos seus alumnos. Así contaba que tiña un rapaz que era un tanto lacazán e non daba acabado a súa ringleira de caligrafía polo que o seu irmán dicíalle “voltea o rego César”. Unha vez, cando castigou un neno sen recreo, o rapaz pedíalle que o deixara saír e que a cambio lle daba un patacón.

Como mestra propietaria comeza a súa andaina en Andrade para encargarse de aprender ás nenas. Estando alí traballando estala a Guerra Civil. O mestre dos nenos, D. Mariano Ruíz, marcha á fronte, no bando nacional e Carmela debe alternar o seu posto de mestra dando clase aos nenos e ás nenas, uns pola mañá e outros pola tarde.



Carmela coas súas nenas na Escola de Andrade



Certificado de boa conduta esixido polo Réxime

Foron anos moi difíciles nos que lle tocaba madrugar moito. Ás veces ía camiñando desde Pontedeume xa que non sempre había coche de liña. Outras veces, nalgún coche ou camión que a levaba ou no sidecar da moto do fotógrafo Marcelino Saavedra.

En Andrade, Carmela impartía clase nunha casa na que se habilitara o baixo para que as nenas foran alí á escola. Era a casa de Couce.

Máis arriba da escola das nenas, na Regueira, tamén nunha casa, tiñan a escola os nenos con D. Mariano Ruíz á fronte. Era a casa de Ameneiro. Esta casa, con posterioridade, foi a casa do crego, alí viviu D. Leopoldo, o *Minutero*. Á marcha de D. Mariano colle a súa praza de mestre D. Jaime.



Escola dos nenos hoxe



Escola das nenas hoxe

Darredor de 1958-60 constrúese a escola de nenos e nenas ao carón da igrexa, no lugar do Grobe que incluía dúas vivendas, para o mestre unha e para a mestra outra. É alí onde Carmela coincide con D. José Chacón, home de Natalia Lamas.

D. José Chacón era natural de Xerez. Dende alí chega á aldea de Sande (Padrón), “cambiando de aires” por recomendación dos seus coñecidos. Era un mestre con titulación republicana e podería ser vítima das depuracións do momento. Tempo máis tarde, José Chacón voltaría a Xerez pero nunha viaxe moi rápida. De volta, solicita praza e recunca en Sande. O seu seguinte destino será Vilasuso (A Capela) onde permanecerá doce anos. Remata a súa andaina como mestre aquí, en Andrade, na escola preto de igrexa.

Nesta escola tamén estiveron Marina Fachal, antes da súa baixada cara a Pontedeume, e David Díaz Placer (o neto da Sra. María Antonia). Coa marcha de Marina, a escola convértese en escola mixta.

David Díaz chegara no 1963 desde un pobo de Palencia. Ao vir de fóra da Comunidade tería que permanecer no destino elixido 6 anos. Anos despois elixiría como destino tamén Pontedeume.

Esta escola hoxe está desaparecida. Foi derrubada polo seu mal estado de conservación.

Unha vez rematada a súa estadia en Andrade (21 agosto 1962) Carmela marcha ao Souto da Vila, xa unha escola mixta. Alí estará até a súa xubilación.

Carmela era unha muller máis ben seria, moi familiar e responsábel na súa profesión.

Naqueles tempos de poucos medios didácticos, usaba moito o encerado para as explicacións, os mapas, etc. Insistía na importancia da lectura para a que usaba silabarios, manuscrito para a iniciación e tamén tiña o libro *Corazón de D'amicci* para ler coas nenas maiores. Utilizaba moito a composición libre, o razoamento, non tanto “o chapar”, e os resumos. Era partidaria do estudo razoado.

Os seus alumnos facían moitas análises, problemas aritméticos como regra de tres, regra de compañía, etc.

Para escribir usaba as plumiñas que consistían nun canutiño de madeira e na punta unha plumiña de metal fino.

Carmela gustaba de facer coas súas nenas moitos labores polas tardes: bordado, punto de cruz, etc.

Na súa formación profesional, presentaba un grande dominio da xeografía.

Como libro, usaba o *Dalmao Carles*, enciclopedia anterior á Enciclopedia Álvarez.



Dña. Carmela Álvarez



D. Mariano Ruiz



Enciclopedia Félix Martí Alfera utilizada na escola por Antonio Castro Álvarez que hoxe tería 103 anos



“Remato dicindo que foi unha mestra vocacional e na súa familia seguiron o seu exemplo tres dos seus fillos. Algún deles casou tamén con mestres ou no seu caso con mestras polo que nas xuntanzas familiares era doado o tema da sobremesa”.

O pai de Carmela, D. Andrés Álvarez, tamén fora mestre pero a súa carreira docente remataría axiña, xa que finou aos 33 anos.

Carmela é guía pedagóxica dos seus fillos/as, tamén mestres. Un bo exemplo é **Cristina Sarmiento Álvarez** que arranca a súa etapa escolar, entre os 4 e os 14 anos estudando en Atocha. Unha vez que foi mestra, comeza a súa traxectoria en Goente onde está un curso, no ano 1961

Tras concurso definitivo, chega a San Salvador-Padreiro (Santa Comba). Praza de difícil desempeño e graves problemas de comunicación o que supuña dobre puntuación para os seus méritos e posíbeis traslados. Aquí xa ten unha escola mixta con 70 nenos/as de entre 5 e 11 anos. Garda un profundo recordo, chegando a ser invitada dende alí a vodas e bautizos, fiel reflexo do que era a figura da mestra galega no rural.

Unha rapaza escribiulle á súa marcha de Santa Comba: “Marcha vostede, marcha o crego e nós quedamos orfos”. Esta etapa en Santa Comba foi unha época de intenso intercambio cultural en forma de bailes e pandeiradas que lle aprendían os nenos e maiores. Para os nenos, ela levaba traxes de primeira comunión prestados.

Cristina tamén lembra as estadias en Gandarío coa Sección Feminina. Así mesmo os campamentos da OJE, antes coa Fronte de Xuventudes con D. Álvaro como delegado.

No 1984 entra en funcionamento o Grupo Escolar de Andrade, construído ao carón da estrada que vai de Campolongo a Andrade, no lugar do Grobe.

Alí desembarca un grupo de mestres e mestras que eran moi queridos na Vila. Ese grupo estaba composto por catro mestres/mestras: Dña. M<sup>a</sup> Carmen Ojea, D. David Díaz Placer, D. Antonio Freijomil Piñeiro *Paiño* e Dña. Pilar Martínez.

Detéñome na figura de Dña. Pilar Martínez (nada no 1932) por ser unha persoa que xa estivera na posta en marcha do Couceiro Freixomil e agora no Grupo Escolar de Andrade, do grupo alí chegado, a máis veterana.

A súa primeira escola como estudante, aos seis anos, discorre na escola das *Ginasas*. Despois pasará Á Torre (Campolongo) cos nenos. Máis tarde no “Agustín Tenreiro” onde a súa mestra era Dña. Carmela Álvarez López, secretaria do Consello Local de Primeiro Ensino cando era o presidente D. Manuel Blanco Cortizo.

Nesta tempada, Pilar agarda para entrar na escola de María Vizoso que só admite 12 nenas. Ao entrar nesta escola, coincide con Ana Salvadores, Elena Allegue e Purita Vizoso.

Pilar fai o ingreso ao bacharelato para o que a preparara o seu tío D. Pablo. O exame faino en Ferrol.

1º de bacharelato faino na Cátedra, no Colexio Cervantes, alí estará até 3º. Logo cursa 4º xa no Luís Vives.

Non fai a reválida. Segue até 7º mentres estuda paralelamente Maxisterio.

Por cuestións de saúde, Pilar, retrasa un curso. O seu irmán tráelle os deberes. Fai soa 5º, 6º e 7º sen ir ás clases. Pola súa casa achégase de cando en vez D. Robustiano, ao que lle pagan os seus pais, para axudala un pouco.

No mes de xuño facía os exames de bacharelato e en setembro, por libre, os de Maxisterio.

Como todos os estudantes da súa época tiña que pasar polo “exame de estado” que lle permitiría acceder a calquera estudo superior. Dito exame prepárase no Luís Vives e faino ao rematar 7º curso de bacharelato.

Antes da oposición e para ter a titulación de Maxisterio élle necesario participar nun campamento cunha duración dun mes e facer, ademais, unha canastriña de bebé (roupa). Esta canastriña dicíanlles que ía destinada a Cáritas.

A andaina de Pilar como mestra comeza en Carantoña mentres prepara a oposición, anos máis tarde continuará en Palmeira.

A Palmeira chegaba Antón Cortizas co seu camión cargado de zamburiñas, procedente da Vila, para a conserva. A nai de Pilar aproveitaba aquelas viaxes para mandarlle á súa filla algunha vianda.

A súa seguinte parada será en Caamaño (Porto do Son) onde xa daba clases de Galego, a maiores dos programas que había que dar. Pilar xa era “lectora ás agachadas” de Curros Enríquez.

En 1973 chega á escola do Souto da Vila onde está uns días xa que sofre un pequeno accidente.

Xa en Pontedeume, dá clases aos cursos de 6º e 7º de E.X.B. no Torreón mentres o Couceiro Freixomil non estaba ao cento por cento para comezar as clases ao completo. Pilar enchía o seu horario con clases tamén no Agustín Tenreiro.

No 1984, como xa apuntei, sube para o Grupo Escolar de Andrade que entra en funcionamento. Aquí é onde Pilar se xubilará. Neste centro, ela era legalmente a primeira directora, posto ao que renuncia. A súa petición de renuncia á Inspección Educativa dá curso legal ao nomeamento de D. Antonio Freijomil Piñeiro *Paiño* como director.

## 6.2 BOEBRE

Nesta parroquia eumesa falo con Carmen Cabana (da Casa de Gracia) de 86 anos, Juan Piñeiro Permuy de 77 anos, (foi conselleiro de Educación con Fraga Iribarne na Xunta de Galicia) e Begoña Casás (compañeira miña de estudos no Luís Vives) de 53 anos.

En Boebre había unha escola de nenos no lugar de Ardeleiros onde Carmen Cabana recorda a D. José Feal como mestre. Con anterioridade estivera naquela escola D. Manuel Casavella.

A escola de nenas atopábase en Xabroal onde se recorda a Dna. Carmen Vázquez Sabín como mestra.

Nunha sesión do Consello Local de Primeira Ensinanza con data 12 de novembro de 1920 faise constar: “Sesión plenaria para a posta en funcionamento dunha escola en



Xabroal-Boebre. Adquirir, por medio dun concurso público, unha casa para instalar a Escola Nacional de Boebre” (Rexistro do Concello, tomo 1500). O proxecto foi adxudicado a D. Ramón Infante Lamas.

Con data 23 de xullo de 1962, é nomeada polo Consello Provincial para a escola de Boebre, Dna. María Dolores Casás “co haber anual de 16.140 pesetas”.

A Sra. Carmen apúntame que saíu aos 13 anos (1941) da Escola de “Xabroal” e xa non seguiu estudando, se o fixera, tería que marchar cara a Pontedeume, ao Luís Vives.

Os nenos van, arredor de 1956 cara á antiga escola cuxo solar ocupa hoxe a escola en funcionamento.

Dito solar foi mercado a D. Ramón González Infante (Ramón de *Santiago*) coa axuda dalgúns veciños. A súa construción foi levada a cabo polo Ministerio de Educación.



Escola en funcionamento



Escola de nenas de Xabroal na actualidade

Isto confirma o dato apuntado con anterioridade onde se recollía que os terreos para a escola achegábanos os veciños, a construción corría por conta do Ministerio e o mantemento levaríao o Concello. As escolas unitarias, cando cesaba o seu funcionamento, pasaban ao Concello. É un proceso que se repite en todas as parroquias estudadas.

A construción desta escola lévase a cabo con bloque de viruta. O construtor foi o Sr. Martínez que tamén construíra as escolas de San Xoán de Villanueva e a de Andrade. Foi necesario o reforzamento da estrutura xa que as paredes tombaban.

Xa nesta escola, aparece como mestre dos nenos D. José Vila (mestre natural da parroquia) e máis tarde (14 de setembro 1967) D. Antonio Freijomil Piñeiro (*Paíño*). Na escola das nenas, ao mesmo tempo que *Paíño* está a súa dona, Dna. M<sup>a</sup> Carmen Ojea.

As nenas marchan para a antiga escola (Parga), procedentes da de Xabroal no 1972. As clases xa son mixtas.

Cando as clases cesan en Xabroal, é o Concello o que vende a casa.

### 6.3 CENTROÑA

Da situación escolar nesta parroquia xa nos puxera en antecedentes Fina a do *Pisto*:

“Comezo a escola con 6 anos sendo a miña mestra a Sra. María de Blanco (filla do guardia). O lugar onde estaba a escola para as nenas era no Allón, na casa do pai de Pilarita Fraga, no piso de arriba, hoxe casa dos Castro. Moi preto delas estaba a escola dos

nenos, na casa do Sr. Antonio e o seu mestre era D. Pedro Portela que tamén poñería escola pública no lugar dos Couceiros.

Tempo máis tarde os nenos marchan con D. Pedro cara á reitoral. As nenas seguen no Allón até que chega a hora de marcharen para a escola unitaria coa mestra Josefina Sanjurjo aló polo ano 1958.



Escola Josefina Sanjurjo hoxe



Grupo de nenas coa mestra

A testemuña de *Mirito* (73 anos) nado no 1941 apunta que comeza a súa andaina escolar no Allón con 6 anos. No 1948, con 7 anos, pasa á reitoral. O crego encargado era D. Manuel Cendán que compartía con Pontedeume como se indicará máis adiante na testemuña do Ghaxé.

*Mirito*, no 1956 con 15 anos, sae da escola cando aínda os nenos estaban na Rectoral.

Sabido isto, decido poñer rumbo e traballar máis sobre o terreo. Dáseme por parar na casa do *Ghaxé* (el conta que o de “Ghaxe” quedoulle despois dunha deformación ao pronunciar a palabra “jarsei” cando eran raparigos).

O *Ghaxé* conta como comeza na escola aos 6 anos, na escola pública, e que cando sae dela con 12 anos para traballar no mar vai á pasantía de pago polas noites co mestre Pedro Portela (do que se dicía que era republicano), o que fora escribinte de D. Manuel Cendán, párroco de Pontedeume.

Con data 24 de xaneiro de 1959 produciuse a “xubilación forzosa” de D. Pedro Portela. Para cubrir a súa praza chega D. Francisco García Mejuto.

O *Ghaxé* tamén vai a outra pasantía privada na Ventosa, xa con 15 anos. A persoa que a daba, chamábase Dna. Anita (Ana Lobo) que non era mestra.

En Ventosa e en Castrelo, ten noticia o noso interlocutor, que xa o seu avó fora a unha escola, aló polo 1880, na que poñía clase o vello *Garabanzo* sen ser mestre.

Chegaba a construción da escola unitaria actual, á que se lle puxo o nome de Josefina Sanjurjo, na honra da que fora mestra das nenas, a mestra que chegara a Centroña como mestra propietaria en virtude de turno voluntario do derradeiro concurso de traslados con data 14 de setembro de 1950.

Para tal construción foron os veciños os que mercaran os terreos, o Ministerio de Educación executa a obra e ao Concello tócalle o mantemento. (O alcalde de Pontedeume, por aqueles anos, era D. Juan Sarmiento Patiño).



D. Pedro Portela cun grupo de rapaces



Lugar da escola das nenas. Hoxe casa dos Castro

Pola Escola Josefina Sanjurjo pasaron D. Antonio, un mestre que procedía de Irís, o mencionado con anterioridade D. Pedro Portela, D. José (un mestre de Ortigueira que o *Ghaxé* recorda que tivera un accidente no seu coche cando levaba nenos. Un rapaz por aquela época alumno dese mestre, e hoxe boticario, afirma que os rapaces foran co mestre ao enterro dun compañeiro del en Soaserra), D. Álvaro e D. Antonio Salvadores entre outros.

No curso 2001/02, é unha mestra a que lle pon o peche definitivo á escola.

#### 6.4 CAMPOLONGO

A primeira testemuña coa que traballo é coa de Flora a *Colarta*. Ela, con seis anos, aló polo 1939, lembra unha mestra, Dña. Eduviges que era orixinaria de Lugo e a quen lembra facendo xabrón no faiado da casa que era escola, ela vivía no piso de enriba.

Con anterioridade, o 27 de setembro de 1937 (segundo consta no Libro de actas das reunións do Consello Local de Primeira Ensinanza de Pontedeume) D. Pablo Díaz Novo, ocuparía o seu cargo de mestre na escola unitaria de nenos da Torre, posto que permuta con D. José Queiro Bello.

Máis adiante e segundo nos conta María Iglesias Rodríguez, nada no 1946, cando ela ía á escola con 5 anos, Dña. Carmen era a mestra das nenas, e D. Juan Bellas, o seu



Escola dos nenos hoxe



Escola das nenas hoxe

home, poñía escola aos nenos na Torre. Dna. Carmen tiña a súa escola fronte á casa do mestre Leira, o *Patolo*, fronte ao camiño do Ar. Era a casa que José o *Tragamares* construíra cando chegara de Cuba. Cando a súa casa se converteu en escola, el e máis a súa muller marcharon a vivir de aluguer, xa que alí tamén ían vivir a mestra e o seu home. A muller de José era a encargada de ir ao Concello cobrar o aluguer pola escola. Case que sempre con problemas de pagamento e sempre con moito retraso.

A escola da Torre, estaba na casa das *Tecelanas*, casa que máis tarde sería de Silverio o *Pallarete*, hoxe habitada polos seus netos.

Na zona tamén nos atopamos cunha escola privada á fronte na que se atopaba Dna. Ignacia Correa, antes de aprobar as oposicións. Unha vez aprobada a oposición, percorrera entre outros lugares, como xa quedou dito, Monfero, A Capela ou Pontedeume. Durante o verán, algúns nenos achegábanse á clase de D. Pablo que chegara desde Leiro.

No ano 1960 comeza o seu funcionamento a escola unitaria, preto da capela a onde Dna. Carmen e D. Juan eran reticentes a marcharen. Nesta escola seguían os nenos por un lado e as nenas polo outro.

Desta escola foi o contratista para a súa construción o *Caravillo* do Souto da Vila e como anécdota contar que unha vez rematada a escola e visto que o tellado era mellor que o das outras, viuse na obriga de cambialo.

Anos máis tarde, D. Juan baixará para o Couceiro Freixomil, xa na Vila mentres que Dna. Carmen, se xubilaría en Campolongo.



Escola preto da capela hoxe.  
Estivo aberta até 2010



Grupo Escolar de Andrade

Antes, no ano 1984, comeza a actividade o Grupo Escolar de Andrade. Así dende o ano da súa apertura, comparten actividade a Escola unitaria, o Grupo escolar e rapaces e rapazas que baixan a Pontedeume á escola.

## 6.5 NOGUEIROSA

No camiño por esta parroquia eumesa, acompañame D. Manuel Otero Varela (78 anos).

Manuel comeza a súa andaina escolar na Escola de nenos de Esteiro aos 6 anos. A dita escola atópase a cen metros por riba da capela, no Camiño Real dirección Esteiro-

Cruz do Cabildo. Aquí tamén chegan nenos da parroquia de Ombre. En Esteiro o mestre que lle corresponde é D. Eduardo Santos del Río que é unha persoa que presenta un nivel moi alto de cultura xeral destacando en Xeografía e Historia. Como apunta Manuel Otero, “un gran mestre con altos coñecementos pedagóxicos”.

A Escola das nenas, atopábase na esquina da horta dos *Gallardos* entre a capela e a casa das *Gallardas*, hoxe derrubada.

Coas rapazas atopamos a mestra Dna. Elvira Seijo (aquí chega con data 16 de novembro de 1940), nai da familia Rey Seijo. Unha persoa “chea de humanidade, moi traballadora e culta”. Dna Elvira tería como axudante a Carmiña Tenreiro durante moitos anos. En 1967 a súa axudante é Aurita Torre Iglesias que, chegado o momento, tamén se despraza para a escola de Nogueirosa con Dna. Elvira. Aurita era unha mestra sen oposición que Dna. Elvira “contratara” pola súa conta e é ela a que tamén lle pagaba.

Canda Dna. Elvira marcha dende a escola de Esteiro para a de Nogueirosa José Leira, irmán do mestre músico, Antonio Leira, o *Patolo*. Aquí, na Escola de Nogueirosa, será onde Dna. Elvira se xubile.



Escola das nenas en Esteiro. Hoxe derrubada



Escola dos nenos hoxe

A Manuel Otero, a xeografía estudada por apuntes de neno, serviulle para levar un notable en Maxisterio, destaca como curiosidade.

A escola estaba dividida en seccións:

A primeira sección, a dos pequenos, atendida por un ou dous maiores para estudar números, cantidades, sumas, restas, multiplicacións e divisións. O mestre actúa nos outros niveis. Temos que ter en conta que había escolas de entre 30 e 40 nenos/as que ían pasando de sección, á segunda e á terceira, a medida que ían avanzando en coñecementos.

O seu mestre amosa especial atención á comprensión lectora e pola tarde á redacción. Unha vez á semana, polas tardes, toca lectura para toda a escola. Destaca unha colección de libros: *Cabeza y corazón*. Na lectura destacan as obras de escritores de renome e de alta cualidade literaria. Cada neno/a, tiña que ler un parágrafo e, para traballar a comprensión lectora, debe explicalo.

Moita atención á Aritmética e á Xeometría con propostas de prácticas como a medida de superficies de terreos próximos coa cinta métrica. Gústalle, ao mestre, terreos irregulares para a súa descomposición en triángulos.

Nesta Escola de Esteiro, Manuel Otero estivo até os 10 anos.

Máis adiante retomaremos a figura de Manuel Otero Varela que sería unha “figura” de recordo na historia do Colexio Luís Vives.

Tamén, pertencente á parroquia de Nogueirosa, no Castelo, hai unha escola á fronte da que se atopa D. César Beade como apunta Josefa Curbeira Vázquez de 76 anos natural do Castelo, da casa do Bravo. A escola estaba na casa do *Pichicho*.

Despois que D. César baixara para Pontedeume, ao Grupo Escolar Agustín Tenreiro, pasaron por alí mestras como Carmen Cisneros, Teresa Torres, Ángeles Lorenzo ou Concha Leira entre outras. Josefa apunta que era unha escola á que ían nenos e nenas. A nosa interlocutora comezara aló polo 1940 na escola cando contaba dous anos, mandábana os seus pais cos seus irmáns xa que eles tiñan que traballar.



Escola do Castelo

Cada vez que había recollida de colleitas, matanzas, etc., mandábase sempre algo ao mestre.

Na casa da Escola do Castelo, as clases estaban abaixo e a vivenda do mestre enriba. Tamén había uns servizos fóra pero os nenos/as, ían “facelo de campeiro”.

A D. César facíanlle o xantar nunha casa veciña. Este mestre deixaría fonda pegada no Castelo onde era moi querido

Cando pecha a Escola do Castelo, a mestra Concha Leira pasa para a Escola de Nogueirosa, xa unitaria, no campo da festa.

Segundo escritura oficial de 8 de agosto de 1962 asinada perante o notario D. Juan Arredondo y Verdu, os terreos para a construción da Escola de Nogueirosa son cedidos pola parroquia para que o Ministerio, ao través do Concello, constrúa a escola. Na dita escritura de doazón, D. Juan Varela González, Dña. Digna Brage Amado, D. Victor Leira Luaces e a Rvda. Nai Sor Josefa de San Joaquín (superiora do asilo da Vila) asinan a favor do Ilmo. Concello de Pontedeume representado polo seu alcalde D. Juan Sarmiento Patiño. Nun apartado da escritura, os veciños fan constar unha cláusula na que se di que a escola tería que estar feita nun prazo máximo de 5 anos. De non cumprirse os ditos prazos, os terreos voltarían aos vecinos:

“Aceptar a doazón dos terreos destinados á edificación dun grupo escolar para nenos e nenas da parroquia de Nogueirosa, de tal forma que se no prazo de cinco anos,



prorrogábeis de común acordo, no se edificase a dita construción escolar, debido a circunstancias de orde superior ou forza maior, revertería a finca doada aos doadores”.

A súa andaina comeza entre o ano 1965-1967 e pecha en 1995 con Pepe de Guísamo como mestre; con anterioridade impartiría a súa docencia Jesús García Outeiral.



Escola de Nogueirosa hoxe

## 6.6 OMBRE

A introdución que me fai a Sra. Celsa Criado Pena, de 81 anos e que comezara a escola con 7 anos, sèrveme para entrar na historia escolar desta parroquia.

A Sra. Celsa di que había unha escola en Río Longo onde primeiro está como mestre D. Andrés, logo D. Antonio Porta e máis tarde D. Anselmo. As nenas están noutra casa tamén en Río Longo. Era tamén unha casa alugada. A mestra era Dna. Manuela Lamas Castiñeira que vivía na casa do seu home D. Antonio Pena Iglesias. Despois estaría de mestra Dna. Teresa.

Marcho cara a onde a Sra. Celsa me indicara e chego á casa de José A. Tenreiro (88 anos, o *Brochas*) e de M<sup>a</sup> Luz Pena (71 anos). Estamos na Casa de Sobrado, Río Longo, 8, antiga escola das nenas da que D. Andrés fixera o deseño. Con M<sup>a</sup> Luz e con José Antonio entro en conversa para tentar debuxar o mapa escolar na súa parroquia de Ombre. A Escola dos nenos está na casa dos de Peteiro de Arriba.



M<sup>a</sup> Luz con 5 anos e en zoquiñas



Escola de nenas hoxe





Nenos co seu mestre D. Andrés Freire



Escola dos nenos hoxe

Comezaban coa pizarra e co pizarriño. Usaban tamén a plumiña e o tinteiro. Cando xa ían algo máis adiantadas, pasaban a limpo á libreta con tinta. A mestra tiña unha “libreta de rotación” na que cada día unha nena escribía as súas tarefas e, cando pasaba pola escola a inspectora educativa, era esa a libreta que ensinaba a mestra.



Curso 1948-1949. Portada da libreta de rotación da mestra Ana Teijeiro

Había outra libreta para a inspectora da Falanxe na que as rapazas escribían de cando en vez.

Na pizarra traballaban cando eran pequenas e de maiores na libreta con lapis e xa con tinta se escribían moi ben.

No seu horario escolar, polas tardes, tiñan labores e, todos os días, lectura formando unha ringleira darredor da profe. Ao rematar a lectura, se lles quedaban actividades da mañá, rematábanas e despois cosían.



Escrito dunha rapaza na libreta de rotación. Curso 1948-49

Antes de saír, media hora ou vinte minutos, cosían e repasaban as táboas de multiplicar, o que facían cantando.

Para os seus labores levaban un pedazo de tea da casa para facer bordados, ollais, etc. Ela non cosía ben. Non lle saía ben o remate do seu ollal. Xa que non lle saía cortaba outro pedazo de tea. Cortaba e cortaba... Un día, vendo que levaba moito tempo sen ensinar a tarefa, a mestra pídelle ver o seu traballo. O ollal de M<sup>a</sup> Luz xa tiña case 12 cm. A mestra despediuna cun piropo: “Chapuceira que es unha chapuceira”.

Pero, non podía deixar pasar a oportunidade de saber como fora a escola á que fora José Antonio (nado no 1925) nos tempos da II República.

Comeza contándome que á entrada da escola sempre cantaban “La República hispana ha venido...” Na parte dianteira da clase, había o cadro dunha muller coa bandeira tricolor e unha franxa na que se podía ler: liberdade, igualdade e fraternidade.

José Antonio está, nesta época, na Escola de Esteiro na que o seu mestre era D. Manuel Blanco Cortizo, despois viría para a súa praza unha señora que fora monxa de clausura: Dña. Carmen. Tempo despois chegaría a esta escola D. Eduardo. Con el levan vestimenta da Falanxe para a cal as familias teñen que pagar algo. Son tempos de moita tensión nos que todo o que é relixión e igrexa está moi mal visto polo que son temas separados da vida cotiá. Como exemplo, a retirada dos crucifixos das aulas. Así tamén recorda como arde a igrexa. Respirábase moita tirantez, incluso entre as persoas e, tamén, como queda dito, no terreo relixioso.

Á hora de estudar, recorda o libro *El Camarada*. Había dous libros, un libro na clase e o outro que podían levar á casa. Era o libro que utilizaban para a aprendizaxe da lectura.



Nenos do grupo de José Antonio con D. Manuel Blanco en Esteiro

Pero M<sup>a</sup> Luz aínda tería algo máis que contarme. Comeza o relato e a súa face cambia de cor. O seu semblante é de emoción.

Nesta situación, comeza o relato do que foran os seus comezos como mestra, traballo que desenvolveu durante 35 anos da súa vida.

O seu primeiro destino, cando só conta con 25 anos, foi Buiturón, no concello de Muxía. Alí chega acompañada polo seu pai. Atopan grandes dificultades para chegar á escola. Os veciños dicíanlle que non en todas as casas había luz. Pero unha palabra destaca no seu relato, felicidade, “foran anos moi felices”.

Até alí chegaba no bus a véspera, quedando nunha casa que había na parada. Ao día seguinte, luns, tocaba camiñar polo medio do monte. Despois das primeiras viaxes, foron os rapaces maiores da súa escola os que a acompañaban no percorrido.

Destaca a amabilidade total dos veciños o que a levou a darlles algo máis, e así daba pasantías pola noite aos rapaces e rapazas que chegaban de traballar.

Os seguintes destinos de M<sup>a</sup> Luz foron: Escabia (Cee), Bazar (Santa Comba), aquí xa chegaba no seu coche e foi estando aquí cando casou, Aldeagrande (Lousame. Praza definitiva onde está durante 7 anos) e Ombre onde permanece dende o 1978 até a súa xubilación no ano 2003.

Na escola de Ombre, no ano 1974 coa entrada en funcionamento do Couceiro Freixomil en Pontedeume, quedan os máis pequenos, xa que os rapaces e rapazas dos cursos superiores pasan para o Couceiro.

Na Escola de Ombre, o mestre Raúl Ardá, en 1974, inaugura a escola unificada.

Hoxe, a Escola de Ombre segue coa súa actividade escolar.



Escola de Ombre hoxe

## 6.7 PONTEDEUME

A insuficiencia das dúas únicas escolas oficiais coas que veu contando a Vila, determinou a acción supletoria dos particulares.

En todo tempo houbo en Pontedeume escolas de Primeira Ensinanza fundadas e sostidas por veciños do pobo, os que, mediante unha módica retribución, instruían os seus alumnos na arte de ler, escribir, contar e nas máis rudimentarias nocións das outras materias primarias.

A máis antiga institución de cultura na Vila, é unha Cátedra da Latinidade. A súa orixe está en D. Juan Beltrán de Anido, rexedor do Concello que, en 1580, a deixou establecida por testamento outorgado.

A dita Cátedra, cubriu as dúas últimas décadas do S. XVI de ensino no pobo, todo o S. XVII e a primeira década do S. XVIII na que o coengo da colexiata da Coruña, D. Francisco Pérez, estudante nela, fundou outra Cátedra de menores agregada á anterior.

Xa en 1769, o Arcebispo Raxoi, alumno distinguido das cátedras, para asegurar a continuidade do ensino primario na Vila, fundará dúas escolas, unha de nenos e outra de nenas nas que un mestre cobraba 100 ducados de vellón, e as mestras 80 ducados ao ano. As dúas escolas estaban nun edificio construído a expensas do arcebispo ao carón da igrexa parroquial. Para o seu sostemento, cede o pago do aluguer dos almacéns que fixera construír no porto, pero a crise do salazón, debida á falta de pesca, fixo que moitos almacéns quedaran sen alugar. Debido a este feito, o Concello, como patrón, dotou e creou coas rendas doutras Obras Pías dúas escolas no 1838, unha para nenos e outra para nenas. A dos nenos no local antigo e a das nenas nunhas pezas do suprimido convento dos agostiños. Estas pezas foran cedidas interinamente e máis tarde, en 1942, cedidas definitivamente.

Con data 1896-1897 aparece presentado un proxecto de escola coa sinatura do arquitecto Faustino Domínguez Coumes-Guy segundo consta no Arquivo Central de Educación.

Nestas escolas, ensinábase a ler, escribir, contar, principios de relixión, gramática castelá, xeografía e historia e ademais, na das nenas, aprendíase a calcetar, coser, bordar e outros labores propios do sexo.

O mestre gozaba primitivamente de 9 reais diarios, o seu axudante de catro e a mestra de 6, pagados mensualmente dos fondos das obras pías e da cátedra de menores.

Na Escola de nenos foi sobresaínte a figura de José Serapio Casal durante 40 anos até decembro de 1904 (falece no 1936 na súa casa de Cabanas). A súa escola foi considerada como modelo entre as escolas da súa clase.

Segundo consta nos libros de rexistro do Concello, nunha reunión do Consello Local de Primeira Ensinanza (17 de marzo de 1933), na casa do Concello, cos mestres do municipio, presidida pola inspectora da zona, a Sra. Herrero, a inspectora desexa crear unha biblioteca pedagóxica servida por un mestre. Asemade insta a que o Concello xestione a solicitude dunha escola de párvulos. Require aos mestres que repartan os 8 días de vacación en relación co almanaque escolar.

Manexando a información do Arquivo Central de Educación, constato que en 1933 hai tres proxectos de obra:

Un proxecto de obra dunha escola graduada, outro proxecto de obra dunha escola graduada para nenos, nenas e párvulos e un terceiro proxecto doutra escola graduada.

En 1935 reflíctese o proxecto de obra dunha escola normal.

No Consello Local de Primeira Ensinanza desempeñaba o cargo de secretaria Dña. Carmen Álvarez López e como presidente aparecía D. Manuel Blanco Cortizas que con data 24 de xuño de 1935 cesa na súa praza de mestre en Esteiro para ir cara á Mourela (Neda).

Con data 18 de abril de 1934 o Consello Local propón á Inspección a distribución en distritos escolares:

— Nenas 1º.- Praza do Conde, rúas: Fontenova, Picho, Atafona, Calzada, Igrexa, Santiago, Cátedra e Lombardero. 53

— Nenas 2º.- Rúa Real, Ferreiros, Travesía dos Ferreiros, Santo Agustín, San Roque, Travesía Real, Plazuela das Angustias, Virtudes, Corredoira das Virtudes, Augabar, Raxoi e Souto da Vila.

— Nenas 3º.- Pescadería, Inmaculada, Empedrado, Porto, Alcacer, San Miguel, Cantón, Saavedra Meneses e Mancebo.

— Nenos 1º.- Ferreiros, Travesía Ferreiros, Santo Agostiño, San Roque, Travesía Real, Plazuela das Angustias, Virtudes, Corredoira das Virtudes, Augabar, Raxoi, Souto da Vila e Empedrado.

— Nenos 2º.- Pescadería, Inmaculada, Porto, Alcacer, San Miguel, Cantón, Real, Saavedra Meneses, Mancebo, Praza do Conde, Fontenova, Picho, Atafona, Calzada, Igrexa, Santiago, Cátedra e Lombardero.

— Escola do Pósito Marítimo.- Todos os nenos fillos de pescadores sen distinción da rúa onde vivan.

Ademais da escola para os nenos e nenas en idade regulamentaria, con data 28 de outubro de 1935 cénsanse as seguintes “clases de adultos”:

D. José Ramón Fernández Barral, en Pontedeume nº 1, ten 26 persoas.

D. Álvaro Vázquez Penedo, no Pósito conta con 25 alumnos.

Con D. Recaredo Fidalgo, en Pontedeume nº 2, están 20 alumnos.

D. Pedro Portela, en Centroña, atende 24 rapaces.

D. Carlos Señorano, na Torre, 16.

D. Eduardo Santos, en Nogueirosa, 23.

D. Juan Cortizas, no Alto de Ombre, 14.

D. Mariano Ruíz, mestre en Andrade, 20.

D. César Beade, no Castelo, 22.

D. Andrés Freire, en Ombre, 23.

### **Escola do Souto da Vila**

A súa denominación oficial era “Escuela Nacional Mixta del Soto de la Villa”



Dña. Carmela cos seus alumnos



Escola do Souto da Vila

A esta escola chega Carmela Álvarez que vén dende Andrade onde causa baixa con data 21 de agosto de 1962. No Souto da Vila permanecerá até o ano da súa xubilación.

Despois do cese de Carmela pasan outras mestras por esta escola entre as que destacan Pilar Martínez (1973) e, con posterioridade, Mercedes Álvarez que lle poñerá o peche.

Nas súas instalacións, unha vez pechada, xurde no ano 1976 a Asociación Pontumio ao fronte da que estará durante dez anos Lolo Campos. A dita asociación comeza a súa andaina co obxectivo de formar os rapaces e sacalos das malas condutas que se comezaban a vivir. Para cumprir o dito obxectivo organízanse cursos de baile galego, á fronte dos que estará Fifa Vázquez, sendo aquí onde comeza esta actividade en Ponte-deume. Asemade, prográmase un concurso de debuxo no que o artista eumés, Abelardo Miguel, forma o xurado. A idea era a de comezar un curso de pintura guiado polo dito artista.

Os veciños atópanse cun edificio en ruínas. Acometen a súa rehabilitación co seu traballo e a achega dos materiais que chega dende o Concello. Edificio que nun principio é privado pero, máis tarde vai parar ás mans municipais.



Grupo de baile galego de Pontumio



Desde a Asociación Pontumio, organízanse actividades de todo tipo: festas con orquestras e sardiñadas (para as que había que pedir permiso ao Goberno Civil), excursións culturais, etc.

Co paso do tempo, os veciños preguntáanse: por que non se podería recuperar este edificio como lugar de ocio para maiores e non tan maiores?

### Xa na vila

Para facer un mapa o máis concreto posíbel, comezo un percorrido pola historia das persoas que me contan as súas vivencias de cando eran nenos.

Así, despois de falar coas mulleres que anteriormente mencionei, desexo coñecer a experiencia vital dun grande persoeiro no eido da vida cultural de Pontedeume.

Esa persoa é Paco Allegue (nado no 1930) e con el dispóñome a debuxar o mapa das súas escolas. As escolas dos eumeses e eumesas daquela época

Paco Allegue comeza a súa andaina escolar aos 5 anos indo á **Escola das Señoritas Rodríguez (Emery e Cris)**, aínda que xa se desenvolvía na lectura, porque lle ensinaron algo na súa casa.

Despois foi á **Escola de Ginesa Martínez**. O lugar ocuparíano as súas fillas: Fina e Jesusa que fora monxa pero abandonara o convento. Esta escola estaba na casa de María a *Cortadora* (nai de Agustín o *Carniceiro*), no primeiro piso, xa que María ocupaba o baixo.

Despois da etapa das Ginesas, chega á **Escola de D. Recaredo Fidalgo**, na Cátedra, ao carón da súa dona, Dña. Teresa. Aquí é onde Paco prepara o ingreso que fai en 1940 no instituto de Ferrol.

O primeiro de bacharelato faino no **Casino**, hoxe, o primeiro piso do edificio Patrimonio Sindical e a planta baixa dependente da Consellería de Traballo e que naqueles tempos funcionaba como unha “**sucursal**” do **Colexio Academia Cervantes** fundado en Ferrol, entre outros, por: D. Carlos Rodríguez, D. César Beade, D. Álvaro Vázquez Penedo, D. Germán Pérez e como director estaba D. Julián.

O Colexio Academia Cervantes ocupaba a primeira planta do edificio do casino, a planta baixa dedicábase para recreo. No verán O Casino recuperaba as actuacións artísticas e o colexio desprazábase ao baixo da casa de Maruja Pena, fronte ao convento dos pais agostiños.

Tempo despois o colexio sae de alí para ocupar un lugar na Cátedra da Latinidade despois que D. Recaredo marchara cara a Ferrol. Alí, Paco fai até sétimo de bacharelato e reválida. Aquí daría por rematado o seu periplo escolar.

Máis tarde estudaría Comercio con D. Robustiano de Castro con vistas á súa carreira como empregado de banca. Pagaba 5 pesos pola clase de cálculo comercial que recibía de D. Ceferino Rodríguez. Ao Colexio de D. Robustiano chegaban varios mestres dende Ferrol entre os que destacan D. Camilo Fernández ou D. Enrique Cerrada.



Paco recorda como durante a Guerra Civil celebrábanse “manifestacións” polas prazas da Vila cada vez que un pobo ou cidade importantes, eran “tomadas”. Nasas manifestacións cantábase o himno da Falanxe entre berros de: viva Franco! ou arriba España!

Antes de continuar camiño, fago unha lembranza a un mestre, que como xa mencionei fora fusilado no 1936, Leonardo do *Barro* que fundara o **Colexio Curros Enríquez** localizado na rúa Real, onde se atopaba o Bar Noche.

Para seguir debullando o mapa escolar na Vila, ocórreseme entrar en conversa co meu veciño, Antonio Salido (86 anos), nado no 1927. Como dicían na súa aldea, a Aurela, “até os 80 anos es un home, máis de 80, es vello”. Polo tanto el ten 6 anos de vello.

Dinos que é orixinario de Santa Mariña, pertencente á parroquia de Ombre aínda que ían á misa a Santa Mariña. Á escola ían á Regueira (Ombre) onde o mestre era D. Juan, orixinario de Viñas, parroquia de Queixeiro no concello de Monfero.

A súa época escolar comézaa tarde xa que con tres anos corta un dedo e a partir de aí, preséntanselle moitas complicacións. Á escola vai dende os 7 até os 8 anos. Cando el ten 8 anos comeza a Guerra Civil e por iso non volta á escola.

Tamén fai mención doutra escola que había en Santa Mariña, ao carón da igrexa.

Nas clases había un moble no que estaban os libros. Cada un collía o libro que lle tocaba. Cando acababa a media hora de recreo, seguíase a clase e o mestre tomaba as leccións aos maiores. Os maiores, á súa vez, tomábanllesla aos máis pequechos. Usaban a pluma que mollaban na tinta que había nos tinteiros que estaban na metade do pupitre.

Cando comeza o Movemento, chegan á escola unhas mestras xa que o mestre tivera que “fuxir”. Unha destas mestras só ensina Relixión. A nai de Antonio decide cambialo para Santa Mariña pero alí non está moi conforme e mándao cara á Escola de Esteiro onde aprende as provincias que nunca esquecerá. Xa con oito anos aprende as catro regras da Aritmética co mestre da Regueira.

No relato de Antonio descubro a existencia dunha **escola de música** á que vai con 15 anos, era a **Escola do Pincho**. Unha escola particular na rúa San Agustín, xa na Vila. Antonio xa con 14 anos é batería da Orquestra Familiar que está composta ademais de por

Antonio, Raimundo Amado Iglesias, o seu irmán Leonardo, Manuel López Amado e Leonardo Iglesias Contoriz. A orquestra ten vida desde 1943 até 1952.

Tempo despois, esta formación dá lugar á Orquestra Atlantic. Nesta iniciativa entran como músicos novos: Mosquera e Muruaga, que vai ser o cantante da orquestra.



Orquestra Atlantic

Con 16 anos, como en Pontedeume non había quen ensinara o trombón de baras, ten que desprazarse a Ferrol.

O dato que me dá Antonio ponme en alerta e dime que o que teño que facer é buscar un mestre músico, así que me encamiño á rúa de Porto onde tento falar co mestre Xosé Paz.

Entrado en conversa co mestre Paz, indícame que o *Pincho* é José Bouza Varela que casa con Amada Fernández, a *Andaluza* coa que ten catro fillos.

É cando José Bouza se atopa nun hospital de Zaragoza, en tempo de guerra, que compón para musicar unha peza dedicada a Sor Micaela Olano que é a monxa que coidaba del. Esa peza é un motete a dúas voces. Había veces que a peza se interpretaba na escolanía da catedral. O seu título é “A Jesús Sacramentado”, un canto de igrexa.

Na época de existencia de “O Pincho” era época na que se andaba tocando dun lugar a outro xa que o que facían non daba para vivir.

No terreo da escola musical destaca na Vila a **Escola de Eduardo Pita Fernández** na que estudan Pepe Paz (Pepe do Cruceiro) e Antonio Leira (o *Patolo*). Era unha escola particular con 17 ou 18 alumnos. Nos seus primeiros tempos cobraba polo ensino, pero logo pide ao Concello unha axuda para que puidera ser gratuíta: “Dende hai varios anos, academia de música onde reciben gratuitamente ensino, uns 8 nenos do pobo, único que pode admitir por carecer de medios económicos. (Escrito de 30 de marzo de 1927 recollido na obra de Xosé Paz, *Nas Beiras do Eume*. Segunda parte do Cancioneiro Popular Eumés).

Despois da súplica, concédese unha gratificación anual de 500 pts. para ampliar a ensinanza até 50 nenos/as de máis de 14 anos sendo alcalde da Vila D. Constantino Amado. Posibelmente a escola estaría localizada na rúa da Pescadería.

O *Pincho* era un moi bo arreglista musical para orquestra da época. Unha persoa moi popular. Na Vila chegou a vivirse unha rivalidade san entre os pupilos do mestre Leira e os do *Pincho*.

Como é ben coñecido, a moitos rapaces e rapazas, as necesidades familiares, fixéronos abandonar a escola. Un destes casos é Jesús Dopico o *Pies* (75 anos).

O *Pies* comeza con nove anos no “Agustín Tenreiro”, da man de D. César Beade. Só cursou cinco anos máis, xa que había que traballar para axudar na casa.

Da súa falta de medios, fala o feito de que sempre anda descalzo. Conta como un día a directora lle preguntara a D. César por que aquel neno ía descalzo. O mestre respostou que non o sabía. A boa señora dirixiuse ao neno e preguntoulle o mesmo ao que o rapaz repostou que na súa casa non había poderes.

A directora preguntou se por alí habería algún zoqueiro. Marcharon onda o pai de Virgilio e é alí onde lle merca unhas zocas.

Aos dous días o rapaz volveuse cruzar coa señora que lle pregunta polas zocas xa que o rapaz seguía descalzo, el coméntalle que o lastimaban nos pés e non as podía poñer polo que a directora dille que miraría se o zoqueiro llas recollía. Así foi, o zoqueiro non puxo ningún atranco e o *Pies* seguiu descalzo aínda no ano da grande nevarada.

Para facer a primeira comunión, preparouno M<sup>a</sup> Luísa, a irmá de D. Gonzalo Prego que foi a que lle mercou as súas primeiras zapatillas.

Na escola *o Pies* “rateaba”, marchaba da escola, aproveitando o tempo de lecer pero ao día seguinte “cobraba”. Ás tardes case que nunca ía á escola onde quen o metera fora Antón Martiño co que xa estaba traballando no seu bar cargando neveiras, limpando mesas e dominós, etc.

*O Pies* era un dos moitos rapaces e rapazas que tiñan que abandonar os estudos para axudar na casa como Juan o *Bocachica*, Pilar a *Peneiras*, etc.

Pero o número de pequenas escolas dende comezos do S. XX era grande en Pontedeume e tiña que tentar de dar con elas, seguindo sen consultar libro ningún, tan só coa voz dos meus paisanos. Nesta liña acadei os seguintes datos de pequenas escolas que existiron na Vila:

Teresa Veiga, nada no 1945, fala dunha escola á que ela fora cando contaba con 12 anos. Era a **Escola das Xixas**. Unha escola que se localizaba na rúa do Picho número 6. Alí vivían dúas irmás: M<sup>a</sup> Dolores e Carmen que fora monxa e era a que daba as clases.

Comezaron no primeiro piso con nenas e algún neno. Algúns nenos como Tito o *Coreano*, ían só ás pasantías.

Tempo máis tarde, pasaron a ocupar o baixo para dar todo tipo de ensino.

Polas tardes, algunhas rapazas ían facer labores.

Marujiña Rodríguez, filla do Sr. Eduardo Rodríguez Paz (Eduardo *Dourado*) indícamos como ela recorda unha escola, na rúa do Empedrado á que ía co seu irmán Saladino. Era a **Escola de Dna. Teresa Carballeira**.

Marujiña cóntame como o seu pai, fora concelleiro en Pontedeume, no tempo da República. O alcalde era D. Manuel López Seijo Ferro (este alcume víñalle pola súa muller).

Durante a visita que lle fago a Marujiña, é unha honra atoparme co Sr. Emiliano que naceu aló polo decembro 1912, un tres de decembro. Emiliano apúntame que o seu pai, fora a unha **escola no Hospitaliño**, no comezo da rúa da Atafona, cruzamento coa Fontenova. Emiliano fora á escola no Agustín Tenreiro da que sae con 13 anos. Alí lembra traballar nas pizarras que utilizaban para os números e cando copiaban nas libretas escribindo coas plumas.

A Emiliano, o estalido da Guerra Civil cólleo co Sr. Eduardo *Dourado* rematando o Café Avenida. Emiliano é chamado a filas e o Sr. Eduardo é un dos máis perseguidos na Vila xunto con Salvio. Así pasou moito tempo fuxido e preso cinco veces. Unha condena fora de 33 anos pero vese “beneficiado” por un indulto. Unha das veces que estivera detido pasou polo cárcere de Burgos onde permanecería durante cinco anos e medio. Desde alí é desde onde lle escribe a D. Juan Bellas, mestre dos nenos na Torre, para que collera na súa escola ao seu fillo Saladino xa que en Pontedeume, na escola de D. Álvaro Vázquez (de índole falanxista), non tiña cabida. Razóns políticas polo camiño.

Unha grande porcentaxe de testemuñas apuntan que a **Escola das Pascualas** e a **Escola do Sr. Lorenzo**, estaban na mesma casa, na rúa Santiago. O Sr. Lorenzo no piso de enriba. Segundo nos conta Paco Allegue o Sr. Lorenzo acuñou o termo “gazanpito”, para increpar a algún dos seus pupilos. Era unha persoa moi valorada por D. Álvaro.

Algunhas testemuñas, fálanme da **Escola da Xorobada** (de nome Maruja), no mesmo senso que a escola das “Pascualas”, falan da mesma escola.

Juanciño “O Pecocho”, coa súa testemuña, apunta a existencia da **Escola das de Alonso**. Eran dúas irmás de daban clases na rúa de Porto. “Para alí tiñamos que levar os bancos para sentarnos como na escola das Ginesas”.

### Escola Nacional de Orientación Marítima. Pósito de pescadores

A partir de 1929 e maioritariamente debido a investimentos mal planificados, disólvese o Pósito e del só sobrevive a escola de D. Frutos Fernández Martínez. Máis tarde, o Pósito será refundado.

En maio de 1930 fórbase o Pósito Infantil de Pontedeume adscrito á Escola Nacional do Pósito de pescadores da Vila, con domicilio social na rúa Real, 30-1º na casa dos de *Rosado*.



Escola do Pósito de pescadores no porto

Os nenos asisten a “La Escuela Nacional del Pósito” de Pontedeume que ten como principal obxectivo difundir nos nenos o amor á Institución dos pósitos marítimos, capacitándoos para que puideran dirixilos no día de mañá ao través do coñecemento práctico e teórico do seu mecanismo e estrutura.

No equipo de organización aparecen Frutos Fernández e Nicolás Villar.

Á figura xa estudada de D. Frutos, habería que engadirllle na Escola do Pósito a personalidade de D. Álvaro.

No 1951, con D. Álvaro, no edificio da rúa Real tamén daba clase Pepiño o *Xolo*. Como axudante, Marcelino Carpenté (no 1955). Tamén daría clases Paco Allegue de prácticas comerciais e lexislación comercial.

Segundo o testemuño de Agustín López, antes de baixar cara ao Pósito, ao edificio do Pescador, a escola de D. Álvaro estivo un ano no piso de enriba do Fronte de Xuventudes. Lembra Agustín os campionatos de fútbol entre as escolas de D. Álvaro e de D. César. Xa no edificio do Pósito tamén aparecen outros mestres como D. Pablo Díaz



1966 D. Álvaro nunha clase no Pósito (Foto Ríos)

Novo ou D. José Gómez que tiñan unha tarefa non doada, a de suplir a figura de D. Álvaro.

### **Álvaro Vázquez Penedo**

Naceu o 14 de agosto de 1913 en Sedes (Narón). Estudou Maxisterio en Santiago, exercendo como mestre na escola de Casadelos (Neda), Bardaos (Tordaya) e, dende o 12 de novembro de 1934, na Escola de Orientación Marítima de Pontedeume como propietario (nomeamento expedido pola Sección Administrativa de Primeira Ensinanza da Coruña), á fronte da cal permaneceu até o 31 de agosto de 1967, período unicamente interrompido pola Guerra Civil. De 1967 a 1983 estivo destinado en Centroña.

Diplomado en Formación Profesional (modalidades Administrativa e Orientación Marítima) e en Lingua Francesa pola Sorbona, foi colaborador do pedagogo francés Roger Cousinet, creador do método pedagóxico “O ensino por grupos”.

No 1936 é mobilizado para combatir na Guerra Civil. Á súa volta, reemprende as actividades con novas disciplinas.

Nas súas clases apréndese mecanografía e, nas pasantías, tamén se ensinaban técnicas mercantís. En 1939 é nomeado delegado comarcal de Xuventudes e como tal, ata 1965, desprega unha importante actividade: introduce e fomenta diversas actividades deportivas ata entón practicamente descoñecidas en Pontedeume, consegue a construción do Centro da Xuventude e crea a Academia de Música, dirixida polo mestre Leira.

No 1940 representa ao centro de segundo ensino Colexio Academia Cervantes, convertido máis adiante en Colexio Luis Vives, onde impartiu clases de pedagogía aos alumnos que, por ensino libre, seguían a carreira de Maxisterio. Tamén mestre de Lingua e Literatura Francesa, Lingua e Literatura Española e FEN.

Algún dos seus alumnos chegou a dicir: “En D. Álvaro vin ao home que me gustaría ser”.

Na década dos oitenta, do século XX, xestiona a creación da sala Prieto Nespereira con 27 gravados cedidos polo autor.

Está en posesión da Cruz de Alfonso X El Sabio, da medalla de Bronce de Mutualidades e Coutos Escolares e do Diploma de Mestre Distinguido. En 1967 a Corporación Municipal de Pontedeume decláralo Fillo Adoptivo e no 1983 dáse o seu nome a unha praza, á vez que a parroquia de Centroña dá o seu nome á pista polideportiva.

É autor do libro *O Románico na Bisbarra Eumesa* e un dos principais colaboradores da *Guía Turística da Bisbarra Eumesa*.



Grupo de rapaces do Pósito con D. Álvaro. 1966 (Foto Ríos)

Con motivo do seu falecemento, no ano 2005, Paco Allegue, que fora alumno seu, escribía na folla da Parroquia de data 8 de maio de 2005:

“Denodado, afán por vernos homes de ben e creo que logrou unha excelente colleita merecida polo seu traballo incansable”.

### Grupo escolar Agustín Tenreiro

D. Agustín Tenreiro era natural de Pontedeume e emigrou a América. No seu testamento deixa unha cantidade de cartos para construír un cemiterio.

En Pontedeume xa houbera un primeiro cemiterio (1536) que pertenceu aos relixiosos agostiños. Situado onde hoxe é a praza do Convento. Chamábase da Nosa Señora de Gracia, nome que tamén recibía o convento. No 1838 constrúese un cemiterio nos “extramuros” da Vila, en termos que pertencían á freguesía de Vilar. Debeu ser ampliación do xa existente no adro do Santuario das Virtudes, mandado demoler por acordo municipal de 15 de outubro de 1842.

O cemiterio actual inaugúrase no 1888 construído en “extramuros” en termos que correspondían á freguesía de Centroña.

No terreo que ocupaba o cemiterio ao carón das Virtudes, ergueuse, por decisión da Corporación Municipal, a comezos do S. XX, un pequeno hospital-asilo coas cantidades que o filántropo Agustín Tenreiro deixara para construír o cemiterio.

Funcionou como asilo até o ano 1919. Tamén este ano inaugúrase o asilo actual custeado polo fillo da Vila e ex-alcalde D. Manuel Paadín Pardo.



A partir desa data, onde fora asilo, comeza o seu funcionamento o Grupo Escolar Agustín Tenreiro polo que pasarían, entre outros, mestres como D. Ramón Fernández Barral, D.César Beade, Dna. Marcelina, D. Manuel J. Pérez Regueiro ou, xa nos últimos anos, D. Apolinar Castiñeira que fora director até xullo de 1968, e D. Gonzalo Rodríguez Parada.

No soto deste edificio gardaban os cabalos da Garda Civil que levaban a beber a Esteiro. Na planta alta, tres unidades edificadas: unha no centro e dúas laterais



Grupo Escolar "Agustín Tenreiro" (Foto Ríos)

### **Colexio Nacional Couceiro Freixomil**

O solar que pasa a ocupar o colexio, antes estaba ocupado por unha fábrica de curtidos que abranguía case que toda a beira do peirao na zona da Casqueira, dende a zona dos almacéns de Raxoi.

#### **Paso de fábrica de curtidos a colexio:**

A relación co director xeral de Ensino era moi boa e por iso, marcha cara a Madrid un grupo de eumeses: D. Juan Arredondo, D. Pablo Díaz Novo, D. Miguel López e D. Paco Allegue.

Alí coinciden cunha xefa de departamento que tiña sobre a súa máquina de escribir unha postal de Pontedeume, pobo que, segundo ela, era paraxe moi fermosa.

O concello eumés estaba nas mans de D. Juan Sarmiento Patiño.

Despois de conversar co grupo de eumeses, a xefa de departamento recorre ao seu xefe e recomenda ao grupo que, no Concello eumés, se convoque un pleno para tramitar a expropiación da fábrica de curtidos.



D. Juan Sarmiento, convoca o pleno unha vez o grupo chega a Pontedeume.

De volta a Madrid, co acordo plenario na carteira, segundo as recomendacións que lles deran, conseguen pechar o acordo para a construción do colexio.

Todo non ía ser doado. Aos dous días, Ramón Tenreiro Brochón, fillo de Antonio Tenreiro, presentaba no Ministerio un proxecto para construír, no dito solar, vivendas e non o colexio. A familia Tenreiro era a propietaria do solar de dita fábrica. A resposta do ministro Villar Palasí foi: “Sr. Tenreiro, o acordo para a construción do colexio está asinado” (Paco Allegue).

Para afondar máis na historia do Colexio Couceiro Freixomil, decido verme con D. José Luís Quinte Trigo que fora director.

A primeira intervención do “profe Quinte” é preguntarme se sabía cal era o nome orixinal do colexio. Neste intre desvélame que o nome en orixe era colexio Arcebispo Raxoi. “Eu cheguei aquí concursando á praza que tiña ese nome”.

O nome decídese cambiar en conversas mantidas por parte de D. Pablo Díaz (fondo admirador da figura de D. Antonio Couceiro Freijomil) e o, por aqueles anos, alcalde da Vila D. Celestino Sardiña, coa familia de Couceiro Freijomil.

A andaina do colexio comeza no ano 1974 con D. Pablo Díaz Novo como director. Á súa xubilación (1983), o director pasa a ser D. Ignacio Dosil Felipez (1983-1992). Anos máis tarde, José Luís Quinte collería a dirección do colexio dende 1992 até 2007, na actualidade conta con 66 anos.



Obras do Couceiro Freixomil (Foto Ríos)

José Luís Quinte, remataba maxisterio aló polo ano 1966.

Chega a Pontedeume con 24 anos e coa experiencia de ser director xa en Cacabelos.

Cando comeza a andaina do colexio, chegan aquí Ignacio Dosil, José Luís Quinte, David Díaz, Juana, Cotos, José Piñeiro e como conserxe, José Chito Agrads que anos máis tarde deixaría o seu posto a Paco Blanco.

O colexio créase ao abeiro da Lei Villar Palasí entre os anos 1970-71. Coa dita lei xorde a construción de colexios e a posta en marcha do transporte escolar.

Os profesores, nun principio, eran profesores nacionais e, coa lei, entran en escena as especialidades da E.X.B. Se non se contaba coa especialidade, impartirían docencia na primeira etapa (até 5º de E.X.B.).

O Couceiro Freixomil abrangúa os concellos de Vilarmaior, Cabanas, Pontedeume e parte do alumnado da zona de Perbes.

A integración das unitarias das parroquias eumesas vaise desenvolvendo de maneira gradual.

O edificio que conformaba o colexio chegou a contar con 32 unidades, ademais dun amplo comedor e cociña (que administran os propios mestres xunto cun bo cadro de cociñeiras), dependencias administrativas no baixo da edificación e amplos espazos para o tempo de lecer e a práctica deportiva.



Vista do Couceiro Freixomil

O seu funcionamento comeza no curso escolar 1973-74, xa co curso partido.

As aulas de preescolar, teñen que pasar ás instalacións da Escola Fogar Princesa Sofía (Os Moteis) xa que o Couceiro Freixomil está ategado de nenos/as.

En 1975 a matrícula era de 1.200 alumnos.

No 1992 eran 620 alumnos.

No 2007, 270 rapaces e rapazas aparecían matriculados/as no colexio.

O Couceiro Freixomil fora elixido como centro pioneiro na experimentación da nova reforma educativa, previa á LOXSE: Educación Primaria, ESO (Ensino Secundario Obrigatorio) e Bacharelato. Foran elixidos varios centros da provincia. Para tal efecto, habilitárase unha aula no actual IES Fragas do Eume para que rapaces e rapazas de 6º de E.X.B. do “Couceiro” pasaran a cursar alí 1º de ESO (1989-90). Cara alí foron canda eles os mestres Juan Sarmiento e Luís Cabalar. Son os coñecidos como “rapaces da reforma”.

Pero coido que o percorrido pola historia deste colexio non quedaría dalgunha maneira completa sen facer referencia ao seu primeiro director: D. Pablo Díaz Novo nado en marzo de 1913.

Para tentar marcar unha liña na vida docente de D. Pablo, diríxome ao encontro da súa sobriña, Pilar Martínez (81 anos), acompañada tamén pola súa curmá e sobriña de D. Pablo, Juana Díaz Martínez.

D. Pablo comeza a súa carreira docente, con 19 anos, no Hospicio, en Ferrol, para continuar na Escola de Soaserra (é aquí onde Pilar Martínez recorda a procesión de implantación do Crucifixo que tivera lugar dende a igrexa até a escola aos berros, dalgúns asistentes, de viva: Cristo Rei! ou viva Franco!). Máis tarde, D. Pablo estaría na Torre (Campolongo), Leiro (1944). Aquí permanece 16



“O ensino sempre evoluciona” D. Pablo desde O Torreón

anos, período durante o que crea a Mutualidade Escolar pola que recibirá varios premios a nivel nacional. Ao través desta iniciativa, os mestres facían provisión de materiais escolares que ían pasando aos rapaces e rapazas con máis necesidades. Os seus pais/nais irían pagando segundo puideran. Pretendían que ningún rapaz ou rapaza quedara atrasado nos seus estudos por mor das dificultades que puideran ter nos seus fogares. Esta iniciativa tivo numerosos recoñecementos.

D. Pablo remata o seu camiño en activo como mestre en Pontedeume.

En Pontedeume, D. Pablo, estivo de mestre na Escola Nacional de Orientación Marítima (1960): Pósito de Pescadores, coincidindo alí con D. Álvaro. Cando se integra a súa escola na Agrupación Escolar Agustín Tenreiro, é nomeado director.

No ano 1974 chega á dirección do Couceiro Freixomil, coincidindo coa súa posta en marcha. Alí permanecerá até a súa xubilación que será cando ocupe o seu posto, como xa quedou dito, D. Ignacio Dosil Felípez.

A faceta cultural de D. Pablo tivo un altísimo nivel de organización e colaboración. Así a fundación do CIT “Ría de Ares” (información e turismo), o “Círculo Filatélico Eume” (1970) e a “Sociedade de Artistas”. Participa tamén na creación da “Asociación de Cabezas de Familia”.

D. Pablo, xunto con D. Álvaro, formaron cos seus rapaces: teleclub, televisión escolar os sábados, etc.

Gustaba D. Pablo dos traballos de composición, destacando a composición literaria. Neste apartado, convoca concursos a nivel comarcal a xeito de xogos florais que se celebraban ao remate do curso. Destaca a presenza de Pérez Parallé no grupo de persoas que valoraban os traballos entre os que estaban, asemade, os mestres. Como remate, os traballos aparecían recollidos en publicacións conxuntas. Nesta liña destaca o “Certame literario en Lingua Galega para escolares de E.X.B.” no ano 1979.

Ao longo da súa traxectoria, D. Pablo recibiu numerosas condecoracións, destacando na vida educativa, a Cruz de Alfonso X El Sabio (1977) que recibiu de mans da Súa Maxestade O Rei Xoán Carlos I. Ademais os recoñecementos da Medalla de bronce de Galicia (1998) e o nomeamento de Fillo Predilecto da Vila e a medalla de ouro de Pontedeume. Asemade é de destacar o Premio Nacional INCIE á investigación educativa.



Nunha entrevista concedida ao xornal *La Voz de Galicia* o 23 de outubro de 1994 entre outras cousas destacaba:

“A ensinanza como primordial elemento que enriquece as relacións evolutivas dunha sociedade. A grandeza como mestre está en saber buscar e atopar as actitudes físicas e síquicas de cada persoa para o seu desenrolo social”. Con respecto aos momentos políticos que lle tocou vivir tamén argumentaba: “As primeiras experiencias tívenas na República e traballei con plena liberdade dentro e fóra da escola. Na Ditadura, fómomos adaptando”. Pero D. Pablo sempre destacaba que “a ensinanza sempre evoluciona”.

Saca á luz publicacións entre as que destacan:

*Crónicas de mi rincón natal* de Frei Gumersindo Placer ou *Heráldica de la Villa Eumesa*.

En 1971 foi concelleiro, como dicía el, “por necesidade educativa”, en pleno proceso de elaboración do proxecto para a construción do Colexio Couceiro Freixomil.

A súa vitalidade quedaba demostrada cando falabas con el e sempre dicía: “Non sei por que me xubilaron aos 70 anos, podería ter ensinado moito máis”. Así era D. Pablo, xenio e figura.

D. Pablo sempre tivo un soño con respecto ao que fora a Escola Fogar Princesa Sofía. Quería vela convertida nunha universidade de verán, cunha participación masiva de persoas. Hoxe é un grande centro educativo; o IES Fraga do Eume, ademais Centro FP de Hostalaría que comezou a súa andaina no curso 1987-88.

Canda a D. Pablo sempre se atopaba o seu “fiel escudeiro”, persoa sinxela e desinteresada, o doutor Paulino Pérez Mendaña, cámara en man. Sempre ao seu carón na maioría das publicacións.

D. Pablo finou aos 86 anos, un 13 de xuño de 1999.

### **A Grande Obra de Atocha** **Escuela Hogar de San José, 1ª Filial**

O fundador da Grande Obra de Atocha, D. Baltasar Pardal Vidal, naceu o 18 de agosto do 1886 nun lugar da parroquia de Santa Cristina de Fecha, a 12 km de Santiago.

Na primeira idade escolar de Baltasar aínda estaba en vigor a Lei das escolas primarias do ministro Claudio Moyano, en 1857 dispuña a Ensinanza Primaria como obrigatoria e de balde en todas as escolas públicas, escolas de nivel superior nas cidades de máis de 10.000 habitantes e, no resto das poboacións, só escolas de grao elemental.

Para cubrir a falta de escolas públicas de balde, autorízase a figura do escolante, clérigos e persoas con estudos medios sen rematar, que en lugares de baixa taxa de poboación impartían o ensino máis elemental (lectura, escritura e contas) aos rapaces e rapazas da contorna en épocas que podían xa que o primeiro era axudar nas tarefas do campo. Por aqueles tempos só o 40% dos mestres rurais tiñan Maxisterio. O 30% eran persoas habilitadas así como un número indeterminado de docentes “intrusos” sen titulación.

Os pais deberían compensar ao escolante pagándolle en especies con produtos do agro, sobre todo cereais. Neste marco é no que se localizan as escolas do Ferrado: anualmente pagábase cun ferrado de cereal. Este tipo de escolas atopámolas, sobre todo, nas comarcas próximas a Santiago.

Xa na Coruña, no barrio das Atochas, D. Baltasar non tarda en percatarse de como era a realidade humana e social na que ía desenvolver o seu ministerio sacerdotal como capelán de Atocha. Unha zona habitada por familias de condición humilde onde non faltaban institucións de carácter relixioso, de carácter docente, hospitalario e asistencial. Na súa contorna abundaban a miseria e outras lacras sociais. D. Baltasar cedo contacta coa complexa realidade, facéndose consciente das carencias que afectaban o barrio.

A súa actuación catequética coas nenas debería ser o medio de orientar os seus futuros doutra maneira e relacionarse tanto coas súas familias como cos veciños das Atochas, facendo ao mesmo tempo unha obra apostólica e social.

As orixes humildes de D. Baltasar e a indomábel vontade, así como a fidelidade dos seus colaboradores, darían paso, despois dalgúns anos de tenaz actuación, á Grande Obra de Atocha.

A capela da Nosa Señora de Atocha, na Coruña, derrubada cara ao 1930 foi a sede do Catecismo dirixido por Baltasar Pardal, semente da Grande Obra de Atocha e viveiro vocacional das Fillas da Natividade de María. Daquela primeira etapa, consérvanse hoxe en día as imaxes do Neno Xesús e da Virxe Moreniña.

Despois dunha excursión eucarística do Catecismo de Atocha (Ferrol, 23 de xullo de 1916) que estaba composta por 22 catequistas e 151 nenas, ao redactar a memoria de tal excursión, fixo público o proxecto dunha “Gran cociña, Gran Escola Taller e Grande Igrexa e que se levantará sobre a grandeza da caridade dos vosos corazóns”. (páxina 28 da mencionada memoria).

Comeza a edificación mercando os solares dunha fábrica de xabóns. O problema máis grande era a falta de fondos, problema que queda solucionado ao ceder, gratuitamente, os seus donos, os solares. Seguiría unha ampliación mercando unhas casiñas e unha horta lindantes.

A colocación da primeira pedra ten lugar o 29 de decembro de 1918, sendo o primeiro obxectivo a contrución do Gran Salón, nun ano.

O primeiro edificio está rematado o 30 de agosto de 1923.

Con data 12 de xuño de 1923, queda constituída unha fundación benéfico-docente denominada A Grande Obra de Atocha sendo D. Baltasar único patrono.

No testamento aberto de D. Baltasar, dispoñía que á súa morte, sucederían ao fronte da Fundación, as persoas que estiveran nos cargos de directora, secretaria e administradora xeral do Instituto Secular Hijas de la Natividad de María, cedéndolles, asemade, todos os seus bens. D. Baltasar falece o día 3 de marzo de 1963.

D. Baltasar sente a necesidade da expansión da súa obra, así a partir da organización escolar, catequética e de proxección social afirmadas nas décadas de 1920 e 1930, prodúcese a primeira expansión.



D. Baltasar Pardal Vidal



Escola do "Ave María" – Antiga Atocha

Así, se crea A Escola Fogar San Xosé, primeira filial, en Pontedeume en setembro de 1940 nunha casa doada por Dña. María Cortizas que sufrira un episodio per-soal grave coa perda do seu fillo na Guerra Civil polo que María ingresaría como filla da Natividade de María. Tamén chegaría a Pontedeume a comunidade de relixiosas que haberían de dirixila.

Do grupo de “alumnas fundadoras” é Esperanza Crespo, nada no 1926 na praza das Angustias eumesa. O grupo compoñíano, entre outras, Fina Leira a *Piruleira*, Luísa Lamas, Ana Salvadores, Isabel Camino, Pura Vizoso, Rosita López “a da librería” e Maruja Garavana.

A primeira escola de Atocha en Pontedeume estivo no convento dos pais agostiños, para máis tarde baixar ao edificio cedido por María Cortizas, coñecido polo “Ave María”. No convento é onde comeza a súa escolaridade Adelaida Camino (78 anos), aos 6 anos. Alí ten como mestras a María Tenreiro (clase de solfeo), Concha Vilariño e María Vizoso (Señorita de Atocha, aínda que anos máis tarde abandonará a Irmandade de fillas da Natividade de María para seguir vinculada a actividades da Igrexa e de Acción Católica).

Adelaida comeza tendo como mestra a Sara Martín en párvulos. Recorda un lugar frío, escuro e cunhas escaleiras para chegar ao piso de enriba.

Despois baixa para a Escola Ave María que xa estaba en obras mentres ela estaba na escola do convento.

Adelaida, con 8 anos, fai a primeira comunión pero como o colexio aínda non tiña capela propia, faina na capela do Asilo.

Grupo de mestras de Atocha:  
Flora Buján, María Tenreiro,  
Lolita Ferro e Isabel García





A señorita Isabel García coas nenas na Alameda

Despois de falar con Adelaida imos na procura de Esperanza Crespo (nada no ano 1926).

Comeza a súa idade escolar con Dña. Blanca no edificio da Cátedra, máis tarde virían Dña. Teresa e D. Recaredo, que eran matrimonio, un a cada lado.

Despois, da Escola de María Vizoso, xa pasou a Atocha aos 10 anos, alí recorda que pagaban 12 pesetas pola escola.

Desta etapa de Atocha, Esperanza recorda que saían moi preparadas para o ingreso. Na súa etapa había tres clases: Anunciación, Santa Teresita e a do Neno Xesús.

Con 15 anos sae de Atocha e xa non segue os estudos.

Durante o verán, ía á escola de Milagros Allegue, unha muller patriota cento por cento. Aquí é onde ela recorda recitar:

“El fascio en España es noble y sincero. Tiene por divisa, justicia y honor. Va contra aquellos que son traicioneros por salvar a la patria y a la religión”.

Tamén recorda que na súa época de Atocha, cantaban:

“Vamos a Cartagena...a ver los barcos de Franco con bandera española”.

Cando xorde o movemento (1936) a súa tía vaina buscar á Escola de Milagros Allegue, fronte á casa das “Freixeiras”, na rúa Santiago.

Antes do traslado ás novas intalacións da Escola Fogar San Xosé”, á beira da N-651, impartíuse clase tamén no edificio onde D. Antonio Corral tiña a súa consulta médica, na Corredoira das Virtudes, 21. Para a numerosa demanda de matrícula, non



chegaba o edificio do Ave María. Este dato apúntao a mestra deste centro por aquela época Juana Martínez.

Pero quero afondar máis neste colexio e para iso busco a unha persoa, irmá de Isabel Camino, pertencente ao grupo de alumnas fundadoras. Atopo a Encarna Camino, eumesa e que pertence á Congregación de Fillas da Natividade de María, xa retirada do ensino.

Encarna Camino (hoxe 77 anos) comeza a escola con 3 anos no 1940 nas clases que Atocha tiña no convento dos pais agostiños, xa que a casa que doara María Cortizas estaba sendo rehabilitada para converterse en escola. O colexio, na Avenida de Rajoy, 1, presenta o expediente de autorización con data 9 de decembro de 1940.

Antes, como di Encarna, a casa fora cuartel. Tiña dúas partes: a casa que sería de vivenda para as señoritas de Atocha, formada por dous pisos e un engadido que formaba o cuartel e que pasaría a ser escola.

Descrición detallada do colexio:

No baixo había unha clase de párvulos (“Niño Jesús”) separada por unha cristaleira da clase dos nenos (“San José”) na que daba clase a señorita Sara Martín. Tamén, no baixo, había unha salina de piano.

No primeiro piso atopábase a clase de “Santa Teresita” onde daba clase a señorita Eulalia e outra clase máis que estaba baleira e que tempo máis tarde sería para os estudos de bacharelato.

No segundo piso atopamos a clase da “Anunciación” na que estaba a señorita Margarita. Ao seu carón, unha capela, ao outro lado o comedor e a cociña da Comunidade que rexentaba o colexio.

Entre a clase e a capela, había unha cristaleira formada por uns ventanais que os domingos se baixaban para escoitar a misa dende a clase e ao rematar a Misa, erguíanse e a aula e a capela retomaban a súa independencia.

Tempo máis tarde, fíxose outra clase ao carón da de “Santa Teresita”. Ao outro lado, quedaría a famosa clase de mecanografía de Atocha.

Como curiosidade, Encarna lembra o medo que a señorita Eulalia lle tiña ás treboadas polo que as rapazas desexaban que as houbera para non ir á pasantía despois das clases.

Entraban polo patio de atrás cantando e logo viñan as dúas cerimoniais diarias: “A Visita” comezaba co canto “El Ángel a María se le apareció...”, descubríase o Neno Xesús de Atocha. Uns rapaces ou unhas rapazas tiraban dunha corda dende cadanseu recuncho e abríanse as cortinas.

O cadro do Neno Xesús de Atocha fora pintado polo artista eumés Gesito Fernández (tamén fixo un para o Colexio de Betanzos e outro para o de Arzúa) que era sobriño da señorita Teresita Fernández.

O Neno Xesús de Atocha tapábase xa fóra de horario escolar. Ela non recorda celebración de ocultación no horario de clase.

Outra cerimonia diaria era o canto do “Salve Bandera”:

### Salve Bandera

Salve, Bandera de mi Patria, salve,  
y en alto siempre desafía al viento,  
tal como en triunfo por la tierra toda  
te llevaron indómitos guerreros.  
Tú eres España, en las desdichas grande,  
y en ti palpita con latido eterno  
el aliento inmortal de los soldados  
que a tu sombra, adorándote, murieron.  
Cubres el templo en que mi madre reza,  
las chozas de los míseros labriegos,  
la cuna donde duermen mis hermanos,  
la tierra en que descansan mis abuelos.  
Por eso eres sagrada, en torno tuyo,  
a través del espacio y de los tiempos,  
el eco de las glorias españolas vibra  
y retumba con marcial estruendo.  
Salve, Bandera de mi Patria, salve,  
y en alto siempre desafía al viento,  
manchada por el polvo de las tumbas,  
teñida con la sangre de los muertos.

**Sinesio Delgado.**

Entraban nas clases cantando, incluso cantaban as matemáticas. Certa inspiración nas escolas do pai Manjón.

Encarna Camino aprendera a ler coa señorita Sara Martín na Cartilla. Análise gramatical e verbos coa Señorita Eulalia.

Na celebración de festas vestían veo e a banda de “Guardia de María”. Estas bandas tiñan distintas cores:

Banda azul

Banda rosa.

Banda verde da Nobreza de María.

Banda morada da Escrava.

Banda vermella e amarela da Emperatriz. (banda de máximo nivel).

Nestas festas tamén se facía entrega de diplomas.

Na festa da primeira comunión, dous nenos vestidos de anxos, encabezaban a ringleira formada polos nenos e nenas que recibían a comunión por primeira vez. Ao remate da cerimonia, ofrecíanlles unha chocolatada con churros.

Lembra tamén Encarna como nunha época levaban a comunión a dous alumnos do colexio que enfermaran de gravidade, sempre acompañados por D. Baltasar.



Canción utilizada para a Xeografía



Imaxes tomadas no museo de D. Baltasar. Grande Obra de Atocha (A Coruña)

Unha vez abandonadas as instalacións do Ave María, o colexio pasa a ocupar un edificio construído nuns terreos doados polas señoritas de Atocha María Cortizas e María Elena Fonte. Comeza a súa andaina no ano 1974. Nesta data cúrsase expediente de clasificación e transformación de centros coa finalidade de oficializar o centro en canto ao ensino de educación preescolar e E.X.B.



Obras da Escola Fogar San Xosé 1ª Filial (F. Ríos)

Pola parte baixa lindaban coas propiedades de Anita Paredes, nai das *Pitugas* e con Nistal, onde hoxe a comunidade ten a súa pequena horta.

Dende 1974 até 1982, no novo colexio, destaca a actividade musical organizada pola ANPA. Dita actividade impartíaa Pepucho Paz xunto con: Nardo Bellas, Tino Piñeiro o *Papuxas*, Jesús Fernández *Tutú* ou Manolito o *Paxeiro*. Esta clase de música comeza con 56 nenos e nenas, número que medra rápidamente.

### **Escola fogar Princesa Sofía (“Os Moteis”)**



Xorde a Escola Fogar darredor de 1970, cando comezan as concentracións escolares no rural galego. Así, xentes sen recursos e sen colexios que lles quedaran preto das súas casas, chegaban a estas escolas que, normalmente, quedaban situadas na cabeceira das comarcas. Así, neste centro, aparecían matriculados rapaces e rapazas da Comarca do Eume pero tamén de Porto do Son, Comarca de Bergantiños até Ribeira.

Os rapaces e rapazas permanecían no centro de luns a venres se os seus país podían vir recollelos; do contrario, quedaban durante todo o trimestre

Para comezar coa historia deste colexio, boto man de Julio Gómez Garavana que chega a este centro en setembro de 1970 como mestre de fogar, coidando dos rapaces e cun horario á inversa que o dos mestres. Ingresou no corpo de Mestres do Estado na oposición de 1974

Julio xa era mestre titulado con contrato e cun soldo de 8.023 pts. Bastante menos soldo que o que tiñan os mestres e moitísimo menos que o que, por aqueles anos, se gañaba en Astano, por iso ninguén quería ser mestre.

Naqueles tempos, en Pontedeume, o prezo dun piso roldaba as 200.000 pts. Con catro meses de soldo de Astano xa se mercaba un piso. Tempos nos que un litro de gasolina custaba 9.50 pts.

Nun principio a Escola Fogar tiña unha dirección única, tempo máis tarde habería unha dirección de fogar e outra de clase.

Os mestres como Julio estaban cos rapaces día e noite despois das clases. Tiñan libre de 10 a 13 horas e de 15 a 17. O sábado tamén había clase de 10 a 13 horas. Polas tardes, fóra de horario escolar, tamén había pasantías. Do grupo de mestres, un ou dous libraban a fin de semana. Eran considerados como mestres de segunda categoría.

Os dous primeiros anos do colexio, as clases impartíanse nas propias instalacións para, en anos posteriores, pasaren a estudar ao Couceiro Freixomil.

O espazo ocupado polo centro fora un recheo que se fixera ao carón da estrada xeral, cunha finalidade turística. Construíríase nestes terreos o motel A Ría, co mesmo modelo fora edificado en Corcubión o complexo turístico El Hórreo.

Durante moito tempo, seguiríanse usando no colexio, as toallas e as sabas co nome do motel.

Os barracóns eran habitacións individuais habilitadas para albergar seis ou oito rapaces ou rapazas. Unha ringleira abranguía dez habitacións. Outros eran máis grandes. Eran cinco grupos de barracóns, cheos por completo.

O principal problema presentábase as noites de forte chuva ou sarabia xa que os tellados eran de zinc e os rapaces espertaban co ruído, era unha auténtica festa.

No 1976 rexístrase un proxecto de instalación eléctrica e fontanería así como a reparación de 50 bungalows. A dita reparación correrá a cargo do arquitecto Raúl Freire Pérez.



Comezo das obras



Equipo de baloncesto da OJE

Julio permaneceu aquí un só ano. Despois obtivo contrato normal como mestre con destino en San Xoán de Filgueira con 70 nenos/as. Época na que comeza a coeducación.

Naqueles anos de comezo da súa traxectoria educativa, Julio era delegado da OJE. Tempos nos que o deporte eumés sufrirá un forte pulo con actividades como balonmán, judo, piragüismo, etc. A actividade deportiva “plántaa”

Julio cando dende A Coruña chegaron as reclamacións monetarias co desexo de recadar cartos por aquelas actividades. Xa se tiña que mandar cartos, non só era afección para os que mandaban. Neste punto Julio dixo: “Até aquí chegamos”.

Na súa promoción de Maxisterio, Julio formara parte da primeira promoción mixta.

Até a escola fogar tamén chegan outras persoas entre as que podemos destacar a:

Isabel Devesa como mestra de fogar e permanecendo no colexio durante 5 anos. Isabel é a dona de Julio.

Isabel Faraldo nos anos 1971, 72 e 73 como mestra de horario lectivo (externa) e o seu home Mario (1971 e 1972) como mestre interno.

Isabel estaba como mestra externa interina, aprobaría a oposición no ano 1983.

Mario chega como provisional dende Asturias. Desembarca nestas terras para facer a mili e xa queda facendo Maxisterio na Escola Normal da Coruña. Era o encargado de facer a compra diaria, o Ministerio facía o envío sobre todo de conservas e de non perecedoiros en xeral.

Mario, unha vez rematadas as actividades escolares, montaba actividades, sobre todo deportivas que sempre, ou case sempre, remataban cun mergullo nas augas das Gabarras. Cos rapaces que quedaban de fin de semana argallaban saídas como podería ser até Breamo ou lugares próximos.

Unha vez rematada a súa estadía neste colexio, Mario marcha cara á Universidade Laboral, nas proximidades da Coruña e no 1975 recalca no Couceiro Freixomil.

Tanto Mario como Isabel comparten que aquela maneira de escolarizar os rapaces e rapazas estaba falta dunha formulación axeitada ao desvincular aos rapaces das súas familias.

As familias, na maioría dos casos, sobrevivían en condicións extremas que eles mesmos (Isabel e Mario) puideron comprobar cando, algunha vez, tiveron que levar enfermo a algún rapaz ou rapaza á súa casa.

Un bo exemplo das condicións de vida coméntao Mario, encargado tamén de perruquería: “Ao cortarlles o pelo, triscaban os piollos na máquina”.

Moitos rapaces e rapazas só se desprazaban aos seus lugares de orixe coincidindo coas vacacións máis longas do curso: Nadal, Semana Santa ou no verán. Os seus país/nais non tiñan medios para vir recollelos, chegando até aquí moitos en taxi.

Outros eumeses que desenvolveron o seu labor neste Colexio foron:

Mon Regueiro que permanecerá no colexio durante os cursos 1973/74 e 1974/75. Neses cursos o director era Apolinar Castiñeiras.

Juan Beceiro durante o curso 1977/78.

A Escola Fogar Princesa Sofía estaba á marxe da situación escolar eumesa, semellando un illote dentro da Comunidade Escolar do Concello. Un illote con pouca o ningunha comunicación co resto.

Un feito a destacar é que neste colexio comeza a oficiarse a misa en galego cando o crego encargado era D. José Iglesias Costas que tamén daría clase no Luís Vives.



Así mesmo é aquí onde Pepucho Paz forma un coro de nenos e nenas internos, no curso 1975-76.

O seu peche definitivo prodúcese no 1981.

Durante un tempo que transcorreu pensando que utilidade se lle podería dar ao solar, converteuse en consulta médica ao fronte da que estaba o doutor Paulino Pérez Mendaña.

O destino definitivo do solar veríase no curso 1987-88 coa posta en funcionamento do IES Fragas do Eume, escola de hostalaría tamén.

### **Colexio Luís Vives**

Antes de entrar na historia deste emblema das escolas eumesas, detéñome nas persoas que crearon aquel proxecto que, co paso do tempo, constituiría unha auténtica institución estudiantil

Dúas persoas que non o tiveron doado nas súas vidas. Levaban sobre as súas costas unha longa historia de sufrimento e peripecias Estas persoas son D. Robustiano de Castro Carballeira e Dña. Ángeles Lorenzo.

D. Robustiano nacera un 20 de xaneiro de 1914 en Xermade (Lugo), o pobo máis pobre da contorna. Un neno líder, inquieto e moi querido.

Estuda co seu pai, un mestre no tempo da fame pero mestre de vocación. Os exames fainos en Lugo.

O pai de D. Robustiano era unha persoa ilustrada e cunha vida dentro da normalidade.

D. Robustiano consegue o título de mestre de Primeira Ensinanza en Lugo, comezando a súa vida pedagóxica no 1933 na escola de Burgás-Candamil como mestre interino dende outubro até novembro de 1934. Poñía en práctica teorías modernas. Resultaba escandaloso velo xogar cos seus nenos ao fútbol. Os veciños dos pobos onde traballaba como mestre manifestaban a súa complacencia coa súa maneira de ensinar. Outros non o vían da mesma maneira.

En tempo da República publica no xornal *Culumea*, forma parte da Fronte Popular, gañando as eleccións do 16 de febrero de 1936 no concello de Xermade e crea o Sindicato de Traballadores da Terra cando comezan as obras da estrada As Pontes-Vilalba. Será o comezo do seu activismo político.

Xa era moi coñecido e ao día seguinte do Alzamento, o 19 de xullo de 1936, detéñeno na Escola de Cazás-Casavella onde tiña escola dende que deixara a de Burgás-Candamil.



Robustiano naqueles anos tan duros



Convívía coa idea que tivera o seu avó de mirar por “unha xustiza social”.

A Comisión Depuradora del Magisterio de Lugo comunícalle un amplo prego de cargos dos que resumo os seguintes: Ensino deficiente e perverso, facéndose eco das teorías de Darwin. Descoñécese a súa relixión e non vai á misa. Ser fundador do xornal “revolucionario” *Culumea*. É un home socialista-comunista de moito perigo. Entusiasta da Fronte Popular e Fundador da Sociedade Obreira de Traballadores da Terra.

Unha vez máis quedará demostrado que o que interesaba ao réxime non era a cultura nin a formación das persoas. Interesaba asentar o réxime con xente “obediente”.

Tras a detención, D. Robustiano ingresa na prisión de Lugo onde a primeira noite de estadía comparte con De Vega Barrera, médico lugués que lle confesaba estar tranquilo e que non tiña medo xa que non fixera mal ningún a ningún. Ao día seguinte, De Vega era fusilado.

Desde Lugo lévano para Monforte (1937) onde D. Robustiano entra en contacto cos anarquistas ferroviarios. Pero este non sería o seu último destino, xa que marcha outra vez para a prisión provincial e dende alí cara ao campo de concentración de Rianxo (1938), punto dende o que, nun vagón de transporte de gando, parte para o sur de España, concretamente ao campo de prisioneiros de San Roque (Cádiz). Neste traslado sálvanse moitos.

É aquí onde D. Robustiano amplía os seus estudos conseguindo a titulación de Mestre Mercantil.

Non pode voltar á súa terra natal unha vez liberado no 1940. Desta maneira decide marchar cara a Ferrol.

En Ferrol comeza a súa vida como ben podía, pernoctando nunha pensión da cidade, na rúa Almendra. Neste tempo é cando o propietario do Colexio Dafonte decide axudalo, sen ter en conta a liña vital de D.

Robustiano. Así comeza a traballar neste colexio como mestre de matemáticas e contabilidade, pero sen esquecer o seu paso pola comisaría. Era o seu comezo no ensino privado xa que no público non podía exercer polas condicións que lle imponían, falando claro, non firmaba a “lealdade ao réxime”.

No Colexio Dafonte estudaba unha rapaza de nome Ángeles. O pai de Ángeles Lorenzo (a *Cartagenera*) fora detido polos mariñeiros republicanos sublevados contra os oficiais golpistas.

En Cartagena é onde Ángeles vive todo tipo de bombardeos. Despois da Guerra Civil, vai cara a Madrid e de alí, coa súa familia, cara a Ferrol.

Ángeles (á esquerda) en Madrid coa nai de Eduardo Fra Molinero.

Cando aparecía na clase aquela rapaza, espertaba un sorriso picarón na face do mestre De Castro.



Robustiano no campo de concentración de Rianxo



Ángeles (á esquerda) en Madrid coa nai de Eduardo Fra Molinero

Todo comeza aquí, xa que aquelas dúas persoas, tan distantes nas súas ideoloxías, tiñan algo en común, neles xorde a palabra máxica: o Amor que vai poder cos comentarios ruíns que lle fixeran chegar ao pai de Ángeles.

Tempo máis tarde casan para formaren un proxecto vital xuntos, da man dunha grande ilusión.

Foi así como comezan a xurdir os proxectos.

Chéganlles comentarios de algo que está a pasar en Pontedeume cunha escola. É a Academia Cervantes de D. Álvaro Vázquez. D. Álvaro pagaba 5 pesos de renda polo aluguer.

D. Robustiano e Dña. Ángeles deciden coller o dito colexio polo que pagarán 10 pesos polo aluguer, ademais dunha cantidade que teñen que dar a D. Álvaro.

Ao mesmo tempo que se fan co colexio en Pontedeume, fundan outros colexios en: As Pontes, Sada e Betanzos.

O colexio en Betanzos estaba localizado onde hoxe é a Biblioteca Municipal, alí non lle cobraban nada. É aquí onde estudan os tres irmáns Romy e o doutor Garma entre outras persoas.

Pola dificultade dos traslados que D. Robustiano fai en moto e en tren, deciden traspasar o Colexio das Pontes e ceder ao seu irmán Luís o Colexio de Sada.

É a hora de aproveitar o traballo feito e así, co seu título de Mestre Mercantil, Robustiano decide opositar a Depositería Municipal no Concello de Ferrol dentro do Corpo Xeral de Funcionarios Superiores. Na oposición coincide cun sobriño de Franco

(algo afastado da ideoloxía familiar), persoa coñecedora da situación de D. Robustiano (xa cunha familia formada). Unha vez que esta persoa comproba que a praza vai ser para Robustiano decide abandonar. As ideoloxías quedaran nun segundo termo ocupando o primeiro as persoas. Tempo máis tarde Robustiano aca-da a titulación de Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago.



Robustiano en familia

Decídense por Pontedeume xa que na idea de Dna. Ángeles pesa moito a admiración polo pobo, o mar e o preto que está da súa familia. En Pontedeume, o alcalde era D. Juan Sarmiento Patiño, persoa que se encarga de certificar as boas cualidades educativas de D. Robustiano tenta refacer o seu expediente pero o seu labor cae en terra erma sen dar froito algún.

Á morte de D. Robustiano, Paco Allegue escribía na revista *Alfoz*:

*“Su vida una canción de trabajo y enseñanza”.*

*“Siempre lo recordaremos como el profesor inolvidable que pretendía darnos el empujón definitivo para colocarnos en la vida. Su frase amuleto era: Movimiento chicos!, movimiento!”*

Como xa dixen, no edificio da Cátedra, no 1940 D. Álvaro atopábase á fronte do Colexio Academia Cervantes no primeiro piso. Aquí, con D. Álvaro, fai as prácticas de Maxisterio D. Juan Piñeiro Permuy (77 anos. Ex-conselleiro de Educación co goberno autónomo de D. Manuel Fraga Iribarne). D. Juan Piñeiro cóntame que chegado o momento, entraron en negociacións D. Álvaro e D. Robustiano de Castro polo desexo que este tiña de contar alí cun colexio. As negociacións foron duras e D. Álvaro díxolle a D. Robustiano que ou aceptaba ou pechaba. Pasado isto, D. Robustiano merca o colexio por 10.000 ptas. Paco Allegue ofréceme outra versión: D. Robustiano pagara 4.500 ptas polo Colexio Cervantes.

No 1947 creouse como “Escuela Particular de Enseñanza Media”.

Tramítase o expediente de “Colegio Reconocido” para a sección masculina. O 6 de decembro de 1949 é recoñecido legalmente.

Nas súas orixes contaba con dous locais. O feminino, ao fronte do que estaba Dna. Ángeles Lorenzo, localizado na rúa Inmaculada, número 2; e o masculino na rúa Cátedra número 5.

O edificio da Cátedra da Latinidade fora sufragado para fins culturais polo Arcebispo Raxoi.

A Cátedra era propiedade municipal pero o Concello “para protexer a cultura e o progreso educativo dos cidadáns do seu pobo”, cedeuno para colexio.

Este motivo exposto e outros de apoio ao colexio, fixeron establecer unha convivencia e colaboración do colexio co Concello, Organismos do Movemento e coa igrexa da Vila.

Até o 1948 aparece co nome xa mencionado pero é a partir deste ano “e no sucesivo, se o Ilmo. Sr. Director General de Enseñanza Media non opón reparo e o autoriza, levará o nome de Colexio Luís Vives de Pontedeume”.

Non había outro colexio de ensino medio en toda a bisbarra.

Os rapaces e rapazas de bacharelato, pasaban de 100. O ingreso facíase o 22 de xuño e o 18 de setembro.

A preparación para o ingreso facíase no mesmo colexio por un mestre e unha mestra de ensino primario autorizados pola Inspección Provincial da Coruña.

No Colexio Luís Vives impartíase: bacharelato, comercio e ensino primario (uns 196 alumnos). No curso 1948/49, na convocatoria de xuño, o colexio presenta 23 alumnos ao exame de estado, aprobando todos o escrito e quedando un pendente no oral.

Como campo para exercicios de ximnasia e deporte, usaban un campo que ocupaba un solar onde hoxe está construído o mercado de abastos. Dende a muralla de Porto, baixaba como se fora unha ladeira de monte, o que os rapaces aproveitaban para botarse a escorregar calzados cos seus zocos. Desta ladeira faise un desterre quedando un solar amplo e cha que era usado para o xogo. Nos anos 20, recorda Paco Allegue como alí xogaban ao fútbol mozos como Ramón Sardiña ou o seu pai.

No curso 1949/50 a cerimonia da apertura do curso ten lugar na igrexa parroquial, sendo o encargado de oficiala o crego do colexio D. Manuel Magariños.

Neste curso xa estaba contratada a construción dun edificio cunha extensión de máis de 340 metros cadrados para o novo colexio. A obra fora contratada a D. José Fraga que tiña tamén un serradoiro no Camiño Estreito. Tería que rematala no mes de abril. Para a construción, os promotores, tiveran que botar man de créditos particulares e un crédito da Caixa de Aforros de Ferrol

No curso 1951/52 inaugúrase o novo Colexio Luís Vives, na Avda. Ricardo Sánchez con capacidade para 70 alumnos.

O novo edificio contaba cunha soa planta e azotea, un patio de recreo e uns servizos para rapaces.



Rapaces na clase de ximnasia



Rapazas nunha demostración de ximnasia

Neste comezo é unha figura importante D. Sergio Rábade, xesuíta secularizado, persoa moi vinculada a D. Robustiano e a Pontedeume

Con data 5 de maio de 1952, foi outorgado privilexio polo Rvdo. Excmo. Sr. Arcebispo de Santiago para poder celebrar a santa misa no salón de actos habilitado para capela nas seguintes festividades:

Apertura de curso, Santo Tomás de Aquino, Santa Teresa e na clausura do curso.

No curso 1952/53 recibe a habilitación definitiva do campo de deporte.

No 1956 érguense dúas plantas máis.



Portada do primeiro número da revista *Pontumio*. 1952



D. Robustiano cos seus alumnos (Foto Ríos)

Neste novo proxecto Dña. Ángeles Lorenzo aparecerá como directora-propietaria.

Durante estes anos, o colexio coñecido como “A Academia” representou un gran dinamizador da cultura e o deporte, adscrito ao Fronte de Xuventudes de Pontedeume.

A partir do ano 1970 constrúese un novo edificio cunha residencia para



Novo “Luís Vives”

estudantes (internado masculino) con amplos campos para o deporte. Hoxe centro de saúde.

O internado masculino, xa noutro edificio que se construíra como residencia de estudantes ao carón do anterior, segue funcionando até o ano 1992.

No curso 1978/79 véndese o colexio pasando a ser Instituto Nacional de Bacharelato, primeiro co que contaba Pontedeume.

No curso 1981/82, o edificio antigo coñecido como “A Academia”, que xa sufrira unha ampliación construíndo nun adosado lateral á vivenda familiar da familia De Castro Lorenzo, constitúese en Sociedade Cooperativa Luís Vives.

No eido deportivo, destacar o equipo de fútbol do colexio que se chamaba Academia F.C.: os equipos de baloncesto, tenis de mesa e xadrez. Cando a Fronte de



Cadro de mestres. 1957



Xuventudes tiña competición, utilizaba os mesmos equipos do colexio para evitar incompatibilidade de afección deportiva.

De toda a provincia fora o colexio máis laureado.

No eido das axudas que ofrecía o colexio, destacar as dúas bolsas de estudos que daba a Dirección do colexio. Unha á Fronte de Xuventudes e outra ao Concello.

Na historia do Colexio Luís Vives, ademais dos seus fundadores, hai unha persoa que sempre aparecerá nela. Estou a referirme a D. Manuel Otero Varela (78 anos).

Manolo Otero, deixa a Escola de Esteiro aos 10 anos. Despois pasa 2 anos nun taller de baldosas e mármores no cruzamento da estrada Campolongo-Monfero na que a pulida había que facela a man.

Cando chegaba do taller, á noite, ía á pasantía de Juan Armeiro, irmán de Casilda, maquinista de profesión que estaba no Campo, en Esteiro.

Comeza o bacharelato con 12 anos despois de aprobar o ingreso na Coruña. Ao ano seguinte, comeza xa no “colexio recoñecido” (aclárame que tamén podían ser colexios autorizados), na parte alta do edificio da Cátedra. Nos seus baixos estaba o cuartel da Garda Civil.

No “colexio recoñecido” os seus mestres, entre outros, son: Constantino Carpente, D. Álvaro, D. Robustiano, D. Ceferino (comercio), D. Pío Rosaso (debuxo) e Fina Casás.

Manolo Otero, o primeiro ano, fai ingreso e primeiro de bacharelato; nos anos seguintes vai ano por ano (seis anos mais PREU). Nesta época é cando o collen para conserxe do Colexio. Esta circunstancia lévaos a poder estudar de balde. Despois xa pasa ao Colexio Luís Vives no ano da súa inauguración.

Como xa quedou dito con anterioridade, era un colexio dunha soa planta onde a entrada estaba no fronte (avda. Ricardo Sánchez), á dereita, segundo entrabamos, o despacho de Dirección e á esquerda a Secretaría, comunicados por un corredor central co reparto das aulas.

Cando Manolo ía en 5º de bacharelato, comezou tamén os seus estudos de practicante. Así, pola mañá, estudaba no colexio e, pola tarde, ía en bicicleta cun amigo de Cabanas, Florentino González, cara a Ferrol onde estudaban en Rapariz. Cando había cartos ían até O Seixo e dende alí collían a lancha para Ferrol. Cando os cartos escaseaban, marchaban en bicicleta por Xubia até chegaren a Ferrol e, despois, aínda quedaba a volta.

Con 19 anos xa era practicante.

Despois de rematados os estudos sanitarios, reclámano para vixilante de estudos do Colexio Luís Vives.

Manolo Otero non fai a reválida pois fixeran unha convocatoria única para diplomados universitarios en virtude dun decreto para legalizar a situación dalgúns ensinantes. Unha semana completa de exames que se facían nas universidades. Estes exames, facúltano para impartir clase de Ciencias no bacharelato. Nestes mesmos exames, D. Álvaro conseguirá a diplomatura en Francés.



Manolo fai unha paréntese na ensinanza: pasa a ser practicante nas obras do encoro do Eume cando se facían as pistas de acceso a cargo do Sr. Carro que era de Ordes.

Tempo máis tarde, ingresa en Dragados cando esta empresa constrúe a parede do dito encoro e ademais a central da Ventureira.

Até a dita obra, chegaba, unha vez á semana, o doutor D. Ángel Vaz Torrealba, médico de Cabanas e, cando o chamaban, ía o doutor coruñés Pajarón, especialista en traumatoloxía.

Esta etapa sanitaria aproveitouna para estudar moito pero como as obrigas mandaban era hora de facer o servizo militar despois de que xa pedira a prórroga regulamentaria.

Primeiro ingresa no Cuartel de Instrución de Ferrol para, máis tarde, marchar a Cartaxena e embarcar nun destrutor, de nome Antequera. Unha vez cumprido o período de navegación, desembarca en Ferrol para ir cara ao Hospital Militar onde ten o honor de coincidir co cirurxán de ollos, o doutor Fuentes Noya. É durante a súa estadía neste hospital onde lle toca vivir a epidemia da gripe asiática.

Con 23 anos, Manolo Otero volta como vixiante de estudos, estudo dirixido, no Luís Vives onde pasaría 24 anos traballando. Na paréntese que fixera no colexio, contruíranse dúas plantas máis. Non collían os alumnos. As aulas femininas recoñecidas estaban na primeira planta aínda que xa algunhas clases eran mixtas.

Naquela época, os resultados académicos dos colexios publicábanse nos xornais. Así foi como os bos resultados aos que se chegaba no colexio dispararon a demanda de prazas, chegando a contar con 350 alumnos internos. O primeiro internado ocupaba o terceiro andar do colexio até que un ano máis tarde se construíra a residencia de estudantes ao seu carón.

Ao chou collían 100 centros de toda España e pedían os resultados das dúas reválidas, a de 4º (reválida elemental) e a de 6º (reválida superior) e Preu para comparalos durante seis anos. O Luís Vives ocupaba o primeiro lugar. Chegou a contar con 500 alumnos, xa rapaces e rapazas, algún deles, becarios/as do Patronato de Igualdade de Oportunidade (PIO).

Había dous tipos de bolsas de estudos: as ordinarias e as becas salario. Ámbalas dúas conlevaban a gratuidade de matrícula. As becas salario, ían destinadas para os rapaces ou rapazas que, por razón de idade, podían traballar e deixaban de aportar á casa o salario. Destas bolsas de estudos, ao remate do ano, despois dos gastos de estudos, sobrava a metade. Este plan de bolsas de estudos coincide co segundo plan de desenrolo levado a cabo co goberno tecnocrático dos “Lopez” no que destacaba a figura de López Rodó (1961-62-63).

Arredor do Luís Vives tecíase unha rede de até 12 liñas de autobús que chegaban ao colexio ás 9 de mañá dende Fene, As Pontes, Ferrol, Vilarmaior, etc.

Da magnitude do colexio falan as cifras que nos dá Manolo: 1500 alumnos: 500 no Ensino Básico, 1000 no bacharelato e “Preu”, deles, 350 estudantes internos.

Do Luís Vives, Manolo destaca que saíron “mestres a centos, maquinistas mercantes e licenciados, enxeñeiros de camiños e aeronáuticos.

De entre os alumnos ilustres do colexio están Guillermo “Mito” Sánchez Salgado (catedrático de Anatomía Patolóxica) e Ángel Fenor de la Maza y Cornide (xefe xurídico da Xunta de Galicia. Aos 23 anos xa era avogado do Estado).

Unha vez que o colexio se vende, para formar o primeiro Instituto de Bacharelato da Vila, aló polo curso 1978/79, Manolo volve para formar a cooperativa actual no colexio antigo, no ano 1981.



O instituto permanecerá neste edificio ata o curso 1994-95. En outubro de 1995 é inaugurado o actual IES Breamo na súa nova localización, na zona de recheo coñecida como As Gabarras.

Catro anos despois de comezar a cooperativa, Manolo pásase á Sanidade, comezando o percorrido en Aranga (6 anos), outros tantos anos en Monfero para rematar en Pontedeume.



Foi a historia dun colexio emblemático na nosa Vila, do que centos e centos de eumeses saímos preparados para comezar o maratón da nosa vida, onde forxamos amizades que aínda hoxe en día perduran e polo que pasaron persoas tan entrañables como o conserxe Laureano, Blanquita ou a secretaria Conchita; as mestras Margarita e Lolita (dela recordo cando algún rapaz lle dicía “é que crin...” a súa frase de resposta era : ”don Creique e don Penseque eran irmáns de don Tonteque e primos irmáns de don Suspense”); sen esquecermos de Esperanza que, a máis dun puxo a andar coa súa vasoira.

Anos da nosa vida que ogallá nunca caían no esquecemento.

Foi neste centro onde eu, o que isto escribe, estudei dende 5º de E.X.B., e nunca esqueceré que, chegado a COU, con este curso aprobado dirixinme a un mestre moi coñecido para min e díxenlle que, por motivos familiares, alí acababa a miña traxectoria académica. A súa resposta foi dicirme que xa falariamos.

Uns días máis tarde e despois de recibir a súa chamada diríxome ao colexio. Cando chego alí dime que tal día tiña que ir a Santiago ao exame de Selectividade.

Póño-me en contacto cos pais do meu compañeiro Jesús Campos, no Souto da Vila, para saber se me poderían levar xa que o seu fillo tamén ía á Selectividade.

Exame aprobado e a partir de aí, con moito esforzo dos meus pais e meu, penso en facer a carreira de Maxisterio. Hoxe en día mestre en activo de educación primaria.

Como os meus pais me ensinaron, é de ben nacidos ser agradecidos e este é o meu agradecemento a aquel mestre de Matemáticas. Este é o meu agradecemento a ti, José de Castro Lorenzo, reflexo de tantos e bos mestres que tiveron dende “As Ginesas”, nos meus comezos.

## 7. VIVENCIAS DUN RAPAZ DE CIDADE. (FERROL) TEODOSIO RAMÍREZ CRIADO (73 ANOS)

Como comparanza coa vida que puidera levar un rapaz de pobo, queda deixar constanza do que era a vida escolar dun rapaz de cidade, para iso veremos unha breve secuencia dun rapaz ferrolán.

Como alumno teño recordos moi variados, xa que o fun inicialmente da escola de “caguiñas”, logo de preparatoria de instituto, bacharelato e, a partir de 4º curso como interno, no Colexio de Orfos en Madrid, para posteriormente facer os estudos de Maxisterio na Escola Normal Pablo Montesinos da capital de España e rematalos na recén inaugurada daquela (ano 1959) Escola Normal da Coruña para superar as oposicións no ano 1961. Os primeiros pasos foron na escola de “caguiñas” dos anos 40 e 50. Estaban dirixidas, xeralmente, por profesores depurados tras a guerra ou polos que non aprobaban as oposicións. Alí íamos coa nosa lousa e o xiz, os silabarios, os Rayas, para practicar a escritura, e as enciclopedias (recordemos que había tres graos e as máis famosas eran as de Álvarez e Santiago Rodríguez), así como os plumins de mollar no tinteiro con mango

de madeira –aínda hoxe en día teño un calo no dedo–, sendo moi frecuentes os borróns e o uso dos secantes para reducir as consecuencias e os castigos. A escola á que eu ía chamábase “Jesús Crucificado”; estaba nun primeiro piso da rúa Pardo Baixo en Ferrol e a mestra –que non era titulada– era dona María Castedo, unha solteira de toda a vida pero cunha gran vocación e entrega ao seu labor docente. A mestra situábase baixo o marco dunha porta e tiña á súa dereita, nun cuarto, ás nenas, e á esquerda noutra, aos ne-nos, co que había unha separación total de sexos. Debiamos ser en total uns sesenta alum-nos de idades entre os cinco e dez anos. Tiñamos clase mañá e tarde, sen recreos, de luns a sábado e unicamente había asueto os xoves pola tarde. Loxicamente non tiñamos Edu-cación Física ou Ximnasia e tampouco Formación do Espírito Nacional ou cantar os him-nos oficiais; só rezabamos algunhas oracións ao entrar ou ao saír. Para facer as nosas necesidades íamos a un cuarto de baño, pero non utilizabamos o water, senón un penico que había xunto a el; cando se enchía, avisabamos á mestra que o baleiraba polo retrete, e a seguir...

Para dar a lección ou corrixir exercicios formabamos unha fila até a mesa da mestra. Se sabías a lección, ben; se non era así, palmetazo ou castigo, que podía consistir en soste un pesado libro (normalmente un dicionario ou a Enciclopedia) cos brazos estendidos, de pé ou de xeonllos e o tempo que estimara axeitado a profesora. Alí aprendíamos a ler, escribir, as catro regras aritméticas e nocións elementais de Historia, Xeografía e Ciencias Naturais, todo como paso previo ao ingreso no instituto, os que íamos facer o bacharelato, ou avances coas enciclopedias os que ían seguir a Orientación laboral. Estando aínda nesta escola con motivo da primeira comunión regaláronme... o libro de preparación de Ingreso no Bacharelato! Para acceder ao bacharelato (daquela o plan do 38 constaba de exame de ingreso, sete cursos e para rematar co exame de estado) había que superar un exame que, para nenos de nove ou dez anos, era terrorífico sobre todo a parte oral, ao enfrontarse o rapaz ou a rapaza a un tribunal de tres serios profesores e ante o resto de alumnado. A proba constaba dunha parte escrita (ditado, pequena análise morfolóxica e contas) e outra oral, entraban todas as demais materias. Para preparar o exame de ingreso había no instituto (o único existente en Ferrol era o actual Concepción Areal que se inaugurara uns cinco anos atrás) as escolas preparatorias, dous niveis para nenos que estaban a cargo de D. Juan Luis García Álvarez, irmán do director do instituto (logo veu D. Saturnino), e de D. Juan Nadar Castro, o meu tío, mentres que as nenas tiñan un só nivel que impartía, xa daquela, Ludivina “Ludy” Lamas. Traballo, deberes e estudo poñíannos moito, co que non nos quedaba moito tempo para xogar. Unha das mellores cousas que nos afectaron daquela foi coñecer compañeiros de fóra de Ferrol, especialmente de Mugardos, que viñan ou ían na lancha desembarcando ou embarcando no peirao de Curuxeiras-, ou doutros puntos nos arcaicos, ruidosos e lentos tranvías, que investían unha hora no traxecto entre a praza de España a Xubia. Quizais establecer contacto con nenos doutros lugares foi o máis importante que nos sucedeu, á parte de practicar o fútbol cando nos deixaban cancha os maiores. Superado o terrorífico exame de ingreso, pasabamos a realizar os distintos cursos do bacharelato. Unha novidade para os

que procedíamos de escolas de “caguiñas” era a Educación Física e especialmente a ximnasia.; en Debuxo gozamos das ensinanzas de D. Tomás Barros, gran mestre, persoa e artista, que era famoso porque cando un debuxo lle agradaba moito o cualificaba cun 11; sen esquecer outros personaxes famosos como Juanas, o bedel, que nos vendía os pregos de papel de barba para facer os exames. As cualificacións eran trimestrais e había un exame final de curso; as preguntas na clase, poucas. O contacto entre alumnos e profesores moi escaso e distante, o mesmo que cos pais. Ademais o elevado número de alumnos en cada clase facía imposíbel o contacto; en segundo, por exemplo, eramos 74 rapaces e 32 rapazas; para que logo falen de ratios.

No instituto ferrolán estiven até febreiro de 1954, en que cambiei ao Colexio de Orfos de Policía, sito en Carabanchel Bajo (Madrid). A vida no internado era moi diferente. Todo se facía dentro do recinto: durmir, comer e estudar. A disciplina era moi rixida. Como anécdota podo contar que entrei no colexio pola tarde, un 14 de febreiro, cun frío impresionante en Madrid. Na primeira cea xa recibín tamén a primeira labazada, e ao rematar houbo castigo colectivo levándonos de plantón ao patio a pesar do frío existente. Das clases o máis positivo, afeitos á masificación do instituto, era o pouco alumnado que tiñan, o que facilitaba unha maior e mellor relación entre profesores e alumnos. Os libros proporcionábaos o colexio e cando se recibían podían ser novos –se había sorte– ou usados. Tamén nos daban o material escolar, pero apuntábano e tería que durar un tempo determinado; se non era así, castigo ao canto. Había uns monitores de Educación Física e Deportes que eran policías armados e metíannos moita caña, pero nós encantados, xa que estar nalgún equipo significaba saídas do colexio para competir e recibir un bocadillo tralos adestramentos. Eu mesmo estaba en fútbol, baloncesto, balonmán, e ata en atletismo, chegando a correr os 10.000 metros –nos adestramentos que faciamos ás seis da mañá normalmente corriamos 15.000 metros– e participando, entre outras probas, na famosa Volta ao Retiro na que quedei dúas veces bastante ben. Loxicamente o material era primitivo, con balóns de correílla, alpargatas para calquera modalidade que non fose fútbol, no que si había botas pero poucas. Rematei a carreira de Maxisterio na Coruña e, na primeira convocatoria, presenteime ás oposicións, superándoas e entrando no corpo de mestres nacionais de primeira ensinanza. A primeira escola que tiveron foi nunha parroquia do Concello de Cerdido, concretamente Casares, na que estiven un curso –até 1961–, solicitando despois a excedencia na que permanecín ata xaneiro de 1988. Traballando neste tempo en Radio Ferrol e máis tarde na COPE. No reingreso déronme a praza provisional no Colexio Público de San Sadurniño onde estiven ata setembro de 1989, marchando logo para As Somozas, con praza definitiva, na que permanecín até a xubilación o 31 de agosto de 2002, desempeñando o cargo de director do centro. Na primeira etapa, hai que sinalar que as condicións en que se desenvolvía o ensino eran moi precarias, sobre todo en medios e había que ter unha boa vocación para “enterrarte” nunha aldea, onde non había nada, e cun soldo líquido mensual, cando entrei, de 1.027 pesetas ao mes (“pasas máis fame que un mestre de escola”). A escola estaba situada na primeira

planta dunha casa moi vella, o chan era de madeira, tan mal conservado que viamos a través das unións das madeiras, o piso baixo, a corte, cos animais dentro. Material escolar o mínimo, servizos hixiénicos na corte ou na campeira contigua, luz eléctrica de sobe e baixa, é dicir, que non tiña sempre a mesma intensidade, en fin, dificultades todas. Hai que destacar que os alumnos tiñan unha gran consideración e respecto ao profesor. Non había comedor escolar nin transporte, polo que os rapaces viñan a pé (as catiuscas eran o calzado habitual, sen esquecer as “zocas” que aínda se utilizaban) e traendo a comida, e en moitas ocasións, non asistían a clase por ter que axudar ás súas familias nas tarefas do campo. Cando marchei de alí, estaban a facer os alicerces da nova escola, ao lado da estrada. As unitarias impulsadas a comezos dos anos 60, con dúas unidades, unha para nenas e outra para nenos, así como as vivendas para os mestres. A miña seguinte e última etapa foi totalmente distinta en todos os aspectos. Dous centros, o de San Sadurniño e o das Somozas, cómodos, confortábeis, con material abundante, servizos de comedor escolar e de transporte, en fin, outros tempos, os da LODE, pasando de estar nun sistema ditatorial a outro democrático.

## 8. BIBLIOGRAFÍA

- Revista de Antropoloxía Experimental*. Especial educación. Outubro 2010.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, Carlos. *Nombres ilustres en las calles, plazas y jardines de Pontedeume*. Revista “Cátedra”.
- RAMÍREZ CRIADO, Teodosio. *Tese doutoral de Dereito Constitucional*.
- FLORES TRISTÁN, Francisco. *A escola da II República*. Fundación 10 de marzo.
- PÉREZ GALÁN, Mariano. *La enseñanza en la II República*. Biblioteca Nueva. Edición de Manuel de Puelles Benítez.
- GARCÍA CORTÉS, Carlos. *Sacerdote diocesano, catequeta y fundador. Baltasar Pardal Vidal (1886-1963)*. Editorial Edibesa. Colección vidas y semblantes.
- Arquivo Municipal. Libro de actas das reunións do Consello Local de Primeira Ensinanza. Publicación no xornal *La Voz de Galicia* 23 outubro 1994.
- FRA MOLINERO, Eduardo. *Testemuñas*. Publicación no xornal “Diario de Ferrol” 15 febreiro 2004.
- A súa morte*. Revista *Alfoz*. Asociación Empresarial Eumesa”. Decembro-xaneiro 1992. Dedicado a D. Robustiano de Castro Carballeira.
- SOUTO BLANCO, M<sup>a</sup> Jesús. *La represión franquista en la provincia de Lugo: 1936-40*. Edicións do Castro.
- Fondos dixitalizados da Biblioteca Municipal de Pontedeume.
- Arquivo Central de Educación - Madrid.
- “Bibliografía Humana”. Testemuñas directas recollidas.



## 9. AGRADECEMENTOS

Chega a hora de poñerlle o punto e seguido a este traxecto, non o punto e final porque de seguro habrá xente que poida engadir algo máis na historia dos mestres/mestras e das súas escolas.

Neste punto lembro con emoción a acollida que me prestaron os familiares dos mestres e mestras falecidos, de mestres aínda, gracias a Deus, vivos; dos que, naqueles tempos eran alumnos e hoxe gozan dun merecido descanso ou dos que hoxe aínda son compañeiros de profesión e que un ou outro tema ou afección séguenos a manter unidos dalgunha maneira.

A todas as persoas que me axudaron a cubrir as etapas deste percorrido, o meu máis sincero agradecemento: familia de D. Frutos, do mestre Correa, de D. Ramón, de D. Pablo, de D. Robus, de Dña. Carmela... Testemuñas directas: Paco Allegue, Manolo Otero, Pilar, M<sup>a</sup> Luz, José Antonio, Agustín... Persoas que cederon as súas fotografías familiares e documentos.

Un “equipo de luxo” para escribiren as súas propias historias.

Este é o resultado do que quería ser: Unha homenaxe aos nosos mestres/mestras, ás súas escolas, aos seus alumnos... É en resumo, a Memoria Histórica Educativa da nosa Vila, para que como outras tantas cousas, non caia de todo no esquecemento nunha “longa noite de pedra”.

# REPRESENTACIÓNS ICONOGRÁFICAS DO APÓSTOLO SANTIAGO NA VILA EUMESA

José Fonte Sardiña

*A Conchita Martínez, que trouxo a Ana  
a Pontedeume e á miña vida*

## 1. A VIDA, PAIXÓN E MORTE DE SANTIAGO NO MUNDO DA CULTURA E A ARTE

A chamada que Xesús Cristo lles fixo aos seus catro primeiros discípulos –Pedro, Andrés, Santiago e Xoán– no lago Xenesaret, a misión encargada aos apóstolos de evanxelizarse ata o último confín da terra –a Santiago, segundo a tradición, tocoulle vir predicar ao *finis terrae*, na Península Ibérica–, o martirio por decapitación do apóstolo Santiago en Xerusalén, a *translatio* polos discípulos Teodoro e Atanasio do seu corpo morto desde o porto de Jaffa ata o de Iria –polo mar Mediterráneo, o océano Atlántico e os ríos Ulla e Sar–, a *inventio* dos seus sagrados restos no bosque Libredón polo eremita Paio e o bispo Teodomiro de Iria (¿810?-847) e a consolidación da emerxente cidade de Compostela como un dos tres principais centros de peregrinación da cristiandade a través dos Camiños de Santiago desde o século IX, xunto con Roma –onde está enterrado o apóstolo Pedro e ten a súa sé a Igrexa católica– e Xerusalén –a chamada Terra Santa na que se desenvolveron a vida, paixón e morte de Xesús– están amplamente documentados en abondosos textos literarios e nas ricas representacións iconográficas na arquitectura, escultura, pintura e diversas artes gráficas, sobre todo desde o Románico ata os nosos días.

As lendas populares transmitidas de xeración en xeración tamén falan da presenza de Santiago predicando en terras de Lleida, onde se lle apareceron uns anxos cuns faroliños para que puidese extraer de noite a espiña que se lle cravara nun pé, da aparición da Virxe nun piar na beira do río Ebro en Zaragoza ou da visita que a Nai de Deus lle fixo en Muxía nun barco chegado polo océano Atlántico<sup>1</sup>, representado pola Pedra de Abalar partida hai dous anos por mor dun temporal despois do cruel incendio do vello santuario só unha semana antes.

No tocante aos textos literarios, ademais dos relatos dos evanxelistas Mateo, Marcos, Lucas e Xoán e dos *Feitos dos Apóstolos*, cómpre destacar dúas xoias

1. Cfr. FONTE SARDIÑA, J.: *Tradición xacobeá en Pontedeume, una vila medieval no Camiño Inglés cara a Santiago de Compostela*, “Cátedra”, 20, Pontedeume, 2013, p. 204.

bibliográficas mandadas redactar en lingua latina na nosa terra galega por iniciativa de Diego Xelmírez (1120-1140), o primeiro arcebispo da arquidiocese de Santiago de Compostela, o *Códice Calixtino*, tan de actualidade desde que foi roubado da catedral e felizmente recuperado, e a talvez menos coñecida pero igualmente importante *Historia Compostelá*, que tan decisivamente contribuíron a difundir a lendaria vida do Apóstolo e favoreceron as peregrinacións polos Camiños de Santiago para venerar os seus restos mortais no seu santuario. A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo realizou, con gran ledicia para nós, unha edición en galego do *Códice Calixtino* no ano 2009<sup>2</sup>, pero seguimos clamando no deserto por unha versión na nosa lingua da *Historia Compostelá*, que si temos en castelán<sup>3</sup>. Dos textos bíblicos existe, entre outras, unha excelente tradución galega dos orixinais en grego<sup>4</sup>.

No Obradoiro, sen dúbida a praza máis europeísta e se cadra a máis fermosa do mundo, aos pés do pazo neoclásico que o arcebispo eumés Bartolomé Rajoy (1751-1772) mandou construír e que leva gravado no seu frontispicio o nome da súa vila natal, pode contemplarse, ao meu ver, a mellor representación arquitectónica apoloxética da peregrinación polos Camiños de Santiago onda o sepulcro apostólico. A fachada occidental e principal da *Domus Iacobi*, é dicir, da catedral compostelá, realizada por Casas Novoa e Ferro Caaveiro entre 1738 e 1750, é unha auténtica apoteose barroca e xacobeá.

Preside o corpo central a imaxe de Santiago peregrino, que porta na súa man dereita o bordón coa cabaza e na esquerda, o Libro dos Apóstolos, que simboliza a súa evanxelización e predicación en Galicia e no resto da Península Ibérica. Escoltan a Santiago dous anxos a cadanseu lado que portan a cruz espataria que representa o seu martirio, decapitado pola espada executora, e a salvación, acadada pola cruz redentora na que Cristo foi sacrificado; xa no interior do templo está Santiago, no Pórtico da Gloria, en maxestade, sentado no trono celeste gañado co sangue do seu martirio. Aos pés do Apóstolo, axeonllados, aparecen na fachada dous reis hispanos peregrinos ofrecéndolle os seus cetros como máximos representantes do pobo que Santiago evanxelizara, para agradecerlle a súa protección e padroado.

Máis abaixo está o seu sartego rodeado por un coro de anxos e alumado pola impresionante estrela que lle indicou, no primeiro cuarto do século IX, ao eremita Paio o lugar no bosque Libredón onde os seus sagrados restos permaneceran agochados durante case oito centurias e que logo serían exhumados polo bispo Teodomiro (¿810?-847), que confirmou a súa autenticidade. Escoltan o sartego os discípulos de Santiago, Teodoro e Atanasio, ataviados como peregrinos, co bordón e o Libro dos Evanxeos, que o trasladaron na barca apostólica desde Jaffa a Iria, o enterraron no lugar que logo sería

2. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009.

3. FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994.

4. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Vigo, 1998.



Exemplar do *Códice Calixtino* en galego e detalle da fachada barroca do Obradoiro



Compostela e logo foron tamén sepultados onda o seu mestre. A torre do Evanxeo acolle a imaxe de Zebedeo, o pai de Santiago, e de Xoán o Evanxelista; e a da Epístola, a da súa nai, santa María Salomé.

Un relevo en alabastro policromado sobre madeira, doado á catedral de Santiago polo párroco de Chal John Goodyear na súa peregrinación polo Camiño Inglés contra 1456, recolle as escenas da Chamada de Xesús a Santiago, a Misión de predicar o Evanxeo que lles encomenda aos apóstolos antes da súa Ascensión, a Predicación de Santiago na Península Ibérica, o seu Martirio pola espada e a *Translatio* na barca para ser enterrado no lugar onde predicara, consonte mandaba a tradición; hoxe consérvase no Museo da Catedral de Santiago. Por outra banda, o interior da porta santa da catedral compostelá, realizada en bronce por Jesús León, co gallo do Ano Santo de 2004, presenta tamén en relevo as escenas da Chamada de Cristo a Santiago, a Misión evangelizadora que lles encomendou aos apóstolos antes da súa Ascensión, a Predicación de Santiago na Península Ibérica, o seu Martirio por decapitación, a *Translatio* en barca dos seus restos a Galicia e a *Inventio* do seu sepulcro no *Locus Sancti Iacobi* polo eremita Paio e o bispo Teodomiro (¿810?-847).



Relevo de John Goodyear, párroco de Chal

Unha das mellores representacións pictóricas da *inventio* do sepulcro do apóstolo Santiago e dos seus discípulos Teodoro e Atanasio é a recollida nunha miniatura do *Tombo A da Catedral de Santiago de Compostela*. Tamén ten moito interese o retablo de Santiago o Maior da igrexa de Santiago de Vallespinosa, executado por Joan Mates contra 1410 e conservado no Museo Diocesà de Tarragona, que pinta sobre táboa a Santiago co Libro dos Evanxeos que predicara na Península Ibérica, na man esquerda, e as escenas da



Miniatura do bispo Teodomiro bendicindo o sepulcro apostólico no *Tombo A da Catedral de Santiago*

Conversión do mago Hermóxenes, o Martirio de Santiago pola espada, a *Translatio* por Teodoro e Atanasio, e o Paso dos bois amansados diante da Raíña Lupa co corpo do Apóstolo para ser enterrado no que logo sería Compostela. Hai tamén outro retablo de Paolo da San Leocadio, realizado contra 1512 para a igrexa de San Jaume de Vila-Real, que conserva seis táboas coas escenas da Predicación de Santiago, o Xuízo de Herodes, o Martirio, o Paso dos bois co seu corpo morto diante da raíña Lupa, o Milagre do Aforcado e a Batalla de Clavijo.

Así pois, o eido da arte acolleu na Península Ibérica, na que o Apóstolo predicara, e no mundo enteiro numerosas representacións da vida, paixón e morte de Santiago e da *translatio* e a *inventio* dos seus restos en Compostela, onde son venerados por peregrinos de toda nación, raza ou condición social desde o século IX, e Pontedeume, como vila acollida ao seu padroado pola que pasa o Camiño Inglés que parte de Ferrol cara a Santiago de Compostela, non foi unha excepción.

## 2. O RETABLO MAIOR DA IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE PONTEDEUME. UNHA LECTURA XACOBEOA DESDE O CÓDICE CALIXTINO E O PÓRTICO DA GLORIA

Balsa de la Vega afirmou, despois dunha visita realizada en 1910 ao templo parroquial eumés, que “de últimos do século XVI existe en Pontedeume un monumento pictórico, dedicado a conmemorar varios episodios da vida e da lenda do apóstolo Santiago. Tal monumento está composto por nove cadros que decoran o retablo do altar maior da parroquia da citada vila. De moi mediano pincel xulguei tales pinturas”<sup>5</sup>.

De Castro Álvarez pensa que o retablo foi realizado en 1530 coas táboas do ciclo da paixón de Cristo, que foron substituídas en 1684, consonte recolle un documento que facilita, polas pinturas do ciclo mariano que daquela se encargaran –santa Rosa do Perú, santa Rosa de Viterbo, Natividade da Virxe María, Anunciación á Virxe María do arcanxo Gabriel, Adoración do Neno Xesús polos pastores, Purificación, a Purísima e a Asunción da Virxe María ao Ceo–. Entre 1684 e o pontificado de Rajoy (1751-1772), considera que é probable que se retirasen a imaxe pétreo de Santiago en maxestade e as tallas de san Pedro e san Paulo e que fosen suplidas por pinturas de tema xacobeo, malia que non precisa a data<sup>6</sup>.

Ao meu ver, é posible que estas pinturas da vida e lenda de Santiago que dixo ver Balsa de la Vega na súa visita, nunca estivesen alí, pois sería raro que, en 1967, cando se

5. Balsa de la Vega, R.: *El apóstol Santiago ante el arte*, “Boletín de la Real Academia Gallega”, 40, 1910, A Coruña, p. 83 e 84.

6. Véxase Castro Álvarez, C. de: *Una nueva lectura de las pinturas del retablo mayor de la iglesia parroquial de Santiago de Pontedeume*, “Cátedra”, 17, Pontedeume, 2010, p. 78. Así e todo, a imaxe de Santiago foi retirada contra o ano 1756 e estas tallas de Pedro e Paulo aínda estaban na capela maior en 1771, segundo o informe da visita do catro de agosto dese ano de Varela Fondevila, visitador da diocese, que as manda retocar, como pode verse en Castro Álvarez, C. de e Vázquez Arias, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003, p. 176.



decide repoñer a imaxe sedente en pedra do Apóstolo, se retirasen as pinturas referentes á súa vida e que non se conservasen en ningures nin haxa documentos que acrediten a súa existencia. Ademais, o propio Balsa de la Vega recoñece que “é imposible examinar as pinturas das que falo. O brutal promontorio que imitando un baldaquino colocou a estulticia diante do retablo non permite ver detalladamente o que o anónimo pincel executou na honra de Santiago”<sup>7</sup> e non hai constancia documental ningunha verbo de cando foran encargados, colocados ou retirados.

O Santiago sedente de pedra foi retirado do retablo e enterrado no chan da capela maior contra o 1756, cando se iniciaron os traballos para a instalación do tabernáculo, que remataron dous anos máis tarde e permitiron o regreso do Santísimo Sacramento que fora trasladado provisionalmente á antiga capela de San Roque mentres duraron as obras. A vella imaxe pétrea de Santiago sedente e en maxestade foi exhumada nos traballos de remodelación do presbiterio en 1961, que supuxeron a desaparición do tabernáculo, e seis anos máis tarde, en 1967, colocada enriba do sagrario, presidindo o altar maior, onde hoxe permanece.

É moi posible tamén que, aproveitando esta reforma do presbiterio, impulsada polas decisións tomadas no Concilio Vaticano II (1962-1965), algúns dos antigos lenzos do ciclo da paixón de 1530 –Flaxelación de Cristo, Pranto sobre Cristo morto, Ascensión de Xesús ao Ceo e Cristo encravado na cruz– fosen restaurados e colocados na parte superior do retablo. Debaixo deles foron dispostos os cadros do arcanxo san Miguel coa espada e a balanza de pesar as almas e da Asunción da Virxe María ao Ceo, que non parecen pertencer ao ciclo da paixón, pola súa menor calidade estilística, nin ao mariano; o de San Miguel non foi encargado en 1684 e o profesor De Castro Álvarez pensa que o da Asunción tampouco non é o que se realizara daquela, nin por estilo nin por estar executado sobre táboa<sup>8</sup>. As representacións da Anunciación á Virxe María do arcanxo san Gabriel e da Adoración do Neno Xesús polos pastores, que si pertencen ao ciclo mariano de 1684, foron cambiadas de sitio e colocadas na parte inferior do retablo.

O altar maior da igrexa parroquial de Pontedeume xa foi brillantemente estudado polos profesores Balsa de la Vega, García Iglesias, De Castro Álvarez e Vázquez Arias<sup>9</sup>. Así e todo, ao meu ver, o retablo admite unha interpretación xacobeá inédita, malia que xa fora albiscada a principios da pasada centuria polo citado Balsa de la Vega. Estivesen ou non algún día representados “varios episodios da vida e da lenda do apóstolo Santiago”<sup>10</sup>, como afirmou Balsa de la Vega, o actual retablo, sobre todo desde que foi restituída a imaxe pétrea sedente do Apóstolo, deixa ver unha clara mensaxe xacobeá.

7. Balsa de la Vega, R.: *El apóstol...*, op. cit., p. 84.

8. Castro Álvarez, C. de: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 71-86.

9. Véxanse Balsa de la Vega, R.: *El apóstol...*, op. cit., p. 83 e 84; García Iglesias J. M.: *La pintura manierista en Galicia*, A Coruña, 1986, p. 179 e 180; Castro Álvarez, C. de e Vázquez Arias, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., especialmente as p. 43-54; e Castro Álvarez, C. de: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 71-86.

10. Balsa de la Vega, R.: *El apóstol...*, op. cit., p. 84.



O xa citado tríptico da igrexa de Santiago de Vallespinosa de Santa Perpetua de Gaià, conservado no Museu Diocesà de Tarragona<sup>11</sup>, presenta un Santiago sedente e en maxestade que preside o retablo, como tamén o fai no de Pontedeume a imaxe pétrea do Apóstolo. Igualmente, o ático está ocupado pola imaxe de Cristo crucificado e nos lados do Evanxeo e da Epístola, respectivamente, están representadas, como no retablo eumés, as escenas da Anunciación do Arcanxo san Gabriel e da Epifanía coa Adoración dos pastores.



Tríptico do antigo retablo maior da igrexa de Santiago de Vallespinosa

O primeiro lenzo que hoxe aparece na parte inferior do retablo do altar maior eumés, no lado do Evanxeo, representa a escena da Anunciación relatada no *Evanxeo de san Lucas* e fóralle encargado ao pintor coruñés Juan Sánchez de Boado polo Concello de Pontedeume o dezanove de marzo de 1684, consonte consta na documentación do

11. Pode verse con máis detalle este retablo en GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *Camino de Santiago, patrimonio mundial*, Santiago de Compostela, 2004, p. 227.

Arquivo de Protocolos Notariais de Pontedeume, que lle proporcionou a investigadora Lucía Costas Fernández ao profesor De Castro Álvarez para a nova lectura que realizou do retablo<sup>12</sup>; un día máis tarde, Sánchez Boado cédelle o traballo a Antonio Martínez Segade, que é o que o executa.

O arcánxo Gabriel foi enviado por Deus a Nazaré, onda María<sup>13</sup>, e no lenzo aparece co rostro sereno e decidido, os cabelos roxos, unhas ás brancas e unha túnica tamén branca cuberta por un vestido vermello. Despois do amable saúdo<sup>14</sup>, quere tranquilizar a María e, co furabolos da man dereita en alto, anunciarlle a proposta que lle trae de parte de Deus<sup>15</sup>.

Ela viste unha túnica vermella e unha touca azul –símbolo da súa castidade–, que deixa ver os roxos cabelos, está axeonllada sobre un reclinatorio, que aos seus pés ten un ramo de azucenas –un novo signo da súa virxindade–, e reza coa axuda dun libro. O seu rostro mostra sorpresa e turbación polo ofrecemento<sup>16</sup> e o arcánxo explícalle como acontecerá todo pola vontade de Deus. A man esquerda de Gabriel móstralle un ramo de azucenas brancas que confirma que a concepción será inmaculada e a súa virxindade preservada<sup>17</sup>. María escoita con atención o anuncio e leva a súa man dereita ao corazón para corroborar cun aceno as súas palabras de aceptación: “Velaquí a escrava do Señor; cúmprase en min o que dixeches”<sup>18</sup>. Esta renuncia a todo para aceptar a vontade de Deus foi tamén a que tiveron Santiago e o seu irmán Xoán o Evanxelista ao deixaren o seu traballo de pescadores e o seu pai cando Xesús Cristo os elixiu para os facer pescadores de homes<sup>19</sup>.

O papa Calisto II (1119-1124), no seu famoso sermón coñecido como *Veneranda Dies*, recollido no capítulo XVII do Libro I do *Códice Calixtino*, incide igualmente nesta idea ao afirmar que “así como o santo Apóstolo cando foi elixido deixou polo amor divino non só a barca, a seu pai, a súa nai e as súas propiedades, senón tamén a totalidade dos vicios da vida pasada e en diante perseverou nas boas obras, así tamén nós debemos arredar a morea dos nosos pecados e perseverar nas boas obras”<sup>20</sup>.

Do mesmo xeito, a peregrinación supón tamén o abandono da antiga vida mundana para iniciar un novo camiño baseado na renuncia ao terreal para aceptar sen reservas a

12. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 79-86.

13. “Onda unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., Lucas, 1, 27, p. 150.

14. “Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo”; cfr. *idem*, Lucas, 1, 28, p. 150.

15. “Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concibir no teu ventre e darás a luz un fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na cas de Xacobe, e o seu reino non terá fin”; cfr. *idem*, Lucas, 1, 30-33, p. 150.

16. “E como pode ser isto, pois non teño relación con home ningún?”; cfr. *idem*, Lucas, 1, 34, p. 151.

17. “O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles”; cfr. *idem*, Lucas, 1, 35-37, p. 151.

18. *Idem*, Lucas, 1, 38, p. 151.

19. *Idem*, Mateo, 4, 1-22, p. 38; Marcos, 1, 16-20, p. 102 e 103; ou Lucas, 5, 1-11, p. 160 e 161.

20. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVII, p. 203.

vontade de Deus igual que María. Como di o papa Calisto II (1119-1124) no *Veneranda Dies*, “se ao marchar o peregrino sae da súa terra, é dicir, dos negocios terreaís e dos seus malos costumes e da súa parentela, ou sexa, do lugar da rutina dos seus pecados, e persevera nas boas obras, sen dúbida o Señor fará que medre no gran coro dos anxos: na gloria dos benaventurados”<sup>21</sup>. Así pois, segundo o devandito sermón, “diríxese debidamente ao sepulcro de Santiago o que, antes de comezar o Camiño, perdoo aos que lle fixeron algunha inxustiza; o que fai táboa rasa, se é posible, de todos os remorsos de que é acusado polos demais e pola propia conciencia; o que recibe o lexítimo permiso [...] daqueles aos que está unido; o que devolve, se pode, o que recibiu inxustamente [...]; o que acepta as desculpas de todos; o que dispón ben a súa casa [...]; o que, despois de comezar o Camiño, dá [...] o necesario para o corpo e para a alma aos peregrinos [...] conforme aos seus posibles; o que [...] foxe da borracheira, dos preitos e da luxuria [...]; o que, despois de volver á súa casa, se priva das cousas ilícitas e persevera nas boas obras ata o final”<sup>22</sup>.

Na escena da Anunciación do retablo eumés faise presente a Santísima Trindade. Deus Pai, vestido de vermello e azul, con rostro barbado e bondadoso, contempla satisfeito desde o Ceo, rodeado dun amplo coro de anxos espidos, a entrega de María aos seus designios e ábreille os seus amorosos brazos como mostra de compromiso e agradecemento. A pomba branca, que simboliza o Espírito Santo, voa desde o Ceo na procura da Virxe para facer realidade a inmaculada concepción da terceira persoa, o Fillo, que xa leva nas súas entrañas.

Por outra banda, consonte recolle o capítulo IX do Libro V do *Códice Calixtino*, na porta Francíxena ou setentrional da catedral de Santiago de Compostela, daquela “no tímpano, figura esculpida a Anunciación da benaventurada Virxe María; tamén aparece alí o anxo Gabriel falándolle [...]. Nas xambas, na parte alta hai catro apóstolos [...], Pedro [...], Paulo [...], Xoán [...] e Santiago”<sup>23</sup>. Ademais, Santiago “padeceu martirio o día vinte e cinco de marzo”<sup>24</sup>, segundo o capítulo III do Libro III do *Códice Calixtino*, na mesma data na que se celebra a festa da Anunciación da Santísima Virxe María.

Na parte baixa do lado da Epístola está o lenzo do Nacemento de Xesús, realizado tamén, segundo De Castro Álvarez, polo pintor betanceiro Antonio Martínez de Segade por mor da devandita cesión en 1684 do coruñés Juan Sánchez de Boado<sup>25</sup>.

Un louro, saudable e gordinho Neno Xesús, espido, mira con tenrura e un leve sorriso no rostro a súa Nai que, vestida de vermello, cunha touca branca na cabeza e un manto azul sobre as pernas, lle devolve unha amorosa mirada e o envurulla cun impoluto e branco lenzo coas súas finas e delicadas mans.

21. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 207.

22. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 219 e 220.

23. *Idem*, Libro V, capítulo IX, p. 507.

24. *Idem*, Libro III, capítulo III, p. 387.

25. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 78.

Detrás de María, asumindo un papel secundario e así e todo fundamental, aparece un avellentado Xosé, con pouco pelo e barba branca, vestido cunha camisa vermella, que, coas mans xuntas en sinal de entrega, acepta o papel de pai putativo do Neno que o anxo do Señor lle encomendara nun soño<sup>26</sup>.

A corte das bestas foi o humilde lugar elixido por Deus Pai para que nacesse o seu Fillo e Redentor do mundo. Un anxo do Señor tamén se lles apareceu aos pastores daquela comarca que pasaban a noite vixiando os seus rabaños para anunciarlles o nacemento dun Salvador e Mesías e eles foron a Belén e atoparon nun presebe a María, Xosé e mais o Neno; logo contaron a todos o que lles acontecera e volveron aos seus traballos glorificando e loando a Deus<sup>27</sup>.

A primeira peregrinación da cristiandade comezou precisamente alí onde naceu Xesús Cristo nove meses despois da Anunciación e os primeiros peregrinos cristiáns foron eses pastores. Na escena do retablo eumés aparecen tres destes pegureiros. En primeiro plano e dándolle as costas ao espectador, un deles, co cabelo roxo, vestido con camisa branca e pantalón vermello, axeonllado, ofrécelles ao Neno e mais aos seus pais o fermoso roxelo que acaba de sacrificar que é tamén a representación de Cristo ao que Xoán o Bautista identificará como o Año de Deus que se inmolará para arrincar o pecado do mundo<sup>28</sup>. Outros dous pastores fan o ademán de que se van inclinar diante do Mesías, ao que miran con veneración. Un deles quita o seu humilde chapeu da cabeza coa súa man dereita en sinal de respecto. De pé, entre os pastores, unha mula e un boi, como recolle o *Evanxeo Apócrifo do Pseudo-Mateo*<sup>29</sup>, malia que non as *Sagradas Escrituras*, danlle quentura ao Neno co seu agarimoso e manso alento.

Asemade, uns magos seguiron unha estrela desde o Oriente ata Xerusalén e foron onda o portal de Belén, prostráronse diante do Neno, rendéronlle homenaxe e agasallárono con ouro, incenso e mirra<sup>30</sup>. A representación da Epifanía cos magos peregrinos, que non aparecen no retablo eumés, é, así e todo, moi abundante en múltiples tímpanos de templos románicos do Camiño de Santiago, entre os que se poden destacar o de San Fiz de Solovio e o da Corticela, ambos os dous en Santiago de Compostela, ou o de Santa María do Azougue, en Betanzos, no Camiño Inglés. Nestes tímpanos, os Reis Magos tamén quitan a súa coroa diante do fillo de Deus en sinal de respecto, como facía o pastor do retablo de Pontedeume co seu humilde chapeu.

Os lugares relacionados coa vida de Xesús Cristo na chamada Terra Santa foron visitados despois por incontables peregrinos ao longo dos séculos e, desde a Idade Media son, con Roma e Santiago de Compostela, os principais centros de peregrinación da cristiandade.

26. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Mateo*, 1, 18-24, p. 33 e 34.

27. *Idem*, *Lucas*, 2, 8-20.

28. *Idem*, *Xoán*, 1, 29.

29. *Evanxeo Apócrifo do Pseudo-Mateo*, 14, 1.

30. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Mateo*, 2, 1-12, p. 34 e 35.



Pórticos das igrexa de San Fiz de Solovio e Santa María Salomé en Santiago de Compostela

A pobreza e humildade de Xesús ao nacer nun presebe sendo o Fillo de Deus debe caracterizar tamén aos que se dirixen a estes santuarios. O papa Calisto II (1119-1124) no devandito sermón do *Códice Calixtino* coñecido como *Veneranda Dies* advirte de que “o peregrino que leva máis provisións das necesarias para o camiño e non reparte cos necesitados, senón que o volve levar para casa, temo que será condenado [...]. Se o Señor entrou en Xerusalén montado, non nun cabalo nin nunha mula, senón nun burro, ¿que será dos que se dirixen aló en cabalos e mulas cebados e con grandes provisións e comodidades? Se san Pedro foi a Roma sen diñeiro e descalzo e para rematar marchou crucificado para xunto do Señor, ¿por que moitos peregrinos se dirixen alí cabalgando con moito diñeiro e dous vestidos, comendo suculentos manxares, bebendo máis viño do normal e non repartindo nada cos seus irmáns necesitados? Se Santiago foi peregrino polo mundo sen diñeiro e descalzo e finalmente marchou degolado ao Paraíso, ¿por que os peregrinos se dirixen a el cargados de diversos tesouros e sen compartir nada cos pobres?”<sup>31</sup>.

Por outra banda, a escena da Natividade podería xustificarse nun retablo de Santiago pola presenza dunha parteira chamada Salomé, que algúns identificaron, sen máis fundamento de que compartían o mesmo nome, coa nai dos Zebedeo, Santiago e Xoán o Evanxelista, despois do parto de María, á que visitou para certificar a súa virxindade logo de parir sen mácula de sangue ningunha, consonte o relato dos *Evanxeos Apócrifos de Santiago* e do *Pseudo-Mateo*<sup>32</sup>.

Ademais, as representacións da Anunciación e do Nacemento de Xesús son acollidas tamén como xa se dixo nun retablo pictórico do Apóstolo procedente da igrexa

31. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVII, p. 218.

32. A parteira que asistiu a María “saíu da gruta, atopou a Salomé e díxolle: Salomé, Salomé, vouche contar a marabilla extraordinaria presenciada por min dunha virxe que pariu dun xeito contrario á natureza [...]. E Salomé, firme en verificar a súa comprobación, púxolle o seu dedo no ventre a María e despois ceibou un alarido, exclamando: Castigada é a miña incredulidade impía, porque tentei ao Deus vivente, e velaquí que a miña man é consumida polo lume e se separa de min [...]. Un anxo do Señor aparecéuselle, dicindo: Salomé, Salomé, o Señor atendeu a túa súplica. Achégate ao Neno, cólleo no colo e El será para ti saúde e alegría”; tomado do *Protoevanxeo de Santiago*, 19, 1-3 e 20, 1-4, especialmente 19, 1 e 20, 1 e 3, de onde está sacada e traducida a cita; tamén pode verse no *Evanxeo Apócrifo do Pseudo-Mateo*, 13, 3-5.

de Santiago de Vallespinosa, conservado no Museo Diocesà de Tarragona, e no pórtico románico pétreo da igrexa de Santa Salomé de Santiago de Compostela, dedicada á nai dos Zebedeo, no que aparece, no lado da Epístola, o arcanxo Gabriel anunciando o que vai acontecer; no do Evanxeo, a Virxe preñada coa man no seu ventre agarimando o Neno que leva nas súas entrañas; e no centro, a Virxe sedente e coroada de gloria co Neno xa nacido no colo.

Consonte o *Veneranda Dies*, o “camiño de peregrinación é algo excelente, pero estreito, pois estreito é o camiño que leva ao home á vida; ancho e espazoso o que o leva á morte”<sup>33</sup>. Por iso, os que se dirixen a Compostela reciben da Igrexa un zurrón e un bordón benditos. O primeiro representa “a xenerosidade das esmolos e a mortificación da carne [...]. O bordón é a defensa do home contra os lobos e os cans. O can adoita ladrarlle ao home e o lobo, comer as ovellas. Polo can e o lobo simbolízase ao Demo, tentador do xénero humano”<sup>34</sup>. Xa que logo, así como para o peregrino o bordón é un apoio para as dificultades da súa viaxe e para vencer as tentacións que se lle presenten, tamén para os eumeses a figura do arcanxo san Miguel é a do aliado para vencer o Demo.

Nesta representación situada hoxe no segundo andar do lado da Epístola do retablo, san Miguel aparece como *miles Christi*, vencedor do Demo –de negro e vermello–, a morte –imaxe dunha caveira–, as tebras –cabeza monstruosa– e a tentación –a serpe–, voando sobre eles con dúas enormes ás brancas, unha capa vermella ao vento con reberetes dourados, brandindo na man dereita a espada flamíxera e enarborando na esquerda a cruz redentora e a balanza de pesar as almas.

Os eumeses acoden a pé dúas veces no ano –oito de maio e vinte e nove de setembro– en romaría á capela románica de San Miguel de Breamo. Despois dunha dura subida monte arriba polo camiño tradicional, chegan á ermida situada no cume, onde os recibe unha imaxe pétreo de san Miguel do século XV, que aínda conserva restos da súa antiga policromía, coa balanza de pesar as almas, e outra procesional do santo coa espada e vencedor do Demo que ás veces é substituída por outra de vestir, coa lanza e a cruz, triunfante tamén sobre o Inimigo. Na ousia, á esquerda do altar, dispónse unha imaxe do Salvador, sedente e en maxestade, que mostra as súas feridas nas mans levantadas e nos pés espídos, como lembranza da súa expiación redentora.

A imaxe de Cristo Salvador sentado no trono da Gloria ao final do camiño dos romeiros de san Miguel está presente tamén na meta da peregrinación xacobeo no Pórtico da Gloria e na capela do Salvador, situada detrás do sartego que garda os restos do apóstolo Santiago na catedral compostelá. Estas representacións do Salvador, nas metas da peregrinación xacobeo e da romaxe eumesa despois dun traballoso periplo, son unha metáfora do premio que lles agarda aos bos cristiáns ao final do seu duro camiño pola vida, o trono da Gloria.

33. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVII, p. 213.

34. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 215.





Imaxes do Salvador na capela de San Miguel de Brema e no Pórtico da Gloria da catedral compostelá

A escena pintada no lado do Evanxeo a carón da de san Miguel é a da Asunción ao Ceo da Virxe María. Estas dúas pinturas non pertencen, segundo De Castro Álvarez, nin ao ciclo da Paixón, executado contra 1530, nin ao mariano, de 1684<sup>35</sup>; a súa data segue a ser hoxe unha incógnita sen resolver. A relación entre ambas as dúas representacións podería estar xustificada polo feito de que unha pasaxe do *Evanxeo Apócrifo de Xoán*, arcebispo de Tesalónica sitúa a san Miguel ao lado de Xesús Cristo para levar entre as mans, diante dos apóstolos, a alma de María xunguida ao seu corpo, que quedou dormente durante tres días antes da súa Asunción ao Ceo<sup>36</sup>. O Espírito Santo trouxera a Belén, onda María, nunha nube, os apóstolos para que a acompañasen nese transo, Xoán atopábase en Efeso, Pedro en Roma, Paulo en Tiberia, Tomé no centro das Indias, Santiago en Xerusalén, Marcos en Alexandría, Mateo no mar e Bartolomeu na Tebaida; ademais, tamén viñeron Andrés, Filipe, Lucas, Simón o Cananeo e Xudas Tadeo<sup>37</sup>. Ao terceiro día foi chamada polo Señor ao Paraíso e, consonte conta Xoán, “nós, os apóstolos, logo de contemplar de socato a augusta translación deste santo corpo, loamos a Deus por nos dar a coñecer as súas marabillas no tránsito da Nai do Noso Señor Xesús Cristo”<sup>38</sup>. Así pois, Santiago, cos demais apóstolos, presenciou a Asunción da Virxe e estivo ao seu carón nun momento tan importante para ela.

35. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 78.

36. “E velaí que de socato se presenta o Señor sobre as nubes cunha multitude de anxos. E Xesús en persoa, acompañado do arcanxo san Miguel, entrou na cámara onde estaba María, mentres os anxos e os que por fóra rodeaban a estancia cantaban himnos, e alí atopou o Salvador os apóstolos a carón de María e saudounos a todos [...]. Nós, os apóstolos, vimos que a alma de María, cando foi entregada nas mans de san Miguel, estaba integrada no seu corpo carnal aínda que tiña unha brancura que superaba en sete veces a do sol”; cfr. *Evanxeo Apócrifo de Xoán*, arcebispo de Tesalónica, capítulo XII.

37. *Evanxeo Apócrifo de Xoán*, o *Evanxelista*, capítulos VI, XII-XIV e XVII-XXIV. Na relación aparecen máis de doce apóstolos; así e todo, é ben sabido que o número de doce era simbólico, o resultado de multiplicar o tres, que dá a entender que predicaron a fe na Santísima Trindade, polo catro, que quere dicir que o farían polas catro rexións do mundo; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo II, p. 69.

38. *Evanxeo Apócrifo de Xoán*, o *Evanxelista*, capítulo L.

Nesta representación sobre táboa, María, acompañada por un coro de anxos, é levada ao Ceo diante da absorta mirada dos doce apóstolos que abandonaron por uns días as tarefas evanxelizadoras que lles foran encomendadas por Xesús antes da súa Ascensión. A Virxe leva as mans dereitas en sinal de oración, humildade e aceptación da vontade divina. Detrás da cabeza aparece unha grande auréola dourada con reberetes vermellos e azuis que representa a súa santidad, pola que vai ser coroada de Gloria. Viste unha ampla túnica dourada, que a cobre por inteiro, e un gran manto azul, símbolo da súa virxindade, que lle tapa a cabeza e case lle chega aos pés. No brazo esquerdo leva colgado un amplo lenzo branco que ben podería ser o velo co que a envolveu o seu Fillo cando foi buscar a súa alma con san Miguel, “cuxo resplandor é imposible describir”<sup>39</sup>.

Os doce apóstolos, seis a cadanseu lado, están axeonllados e coas mans dereitas, en actitude de oración diante dela, e deixan ver os seus afervoados rostros, rodeados polas auréolas douradas, que simbolizan a súa condición de santos. Os apóstolos visten túnicas azuis con reberetes dourados e capas vermellas, e levan os pés espidos. María dirixe a súa mirada chea de felicidade e tenrura cara á esquerda e fixa a vista claramente no seu apóstolo máis amado, o imberbe Xoán<sup>40</sup>, que aparece en segundo lugar cos ollos pechados e turbado polo cariño que Virxe lle mostraba. Ao pé da cruz, antes de morrer, díxolle Xesús á Nai sinalando coa mirada a Xoán: “Muller, velaí o teu fillo. Despois díxolle ao discípulo: Velaí a túa Nai. E desde aquela hora, o discípulo acolleuna con el”<sup>41</sup>. En primeiro plano, García Iglesias, ao meu ver acertadamente, identifica a imaxe do apóstolo Santiago, a carón do seu irmán Xoán<sup>42</sup>, malia que polo cordón que leva entre as mans tamén podería ser Tomé, ao que a Virxe lle entregou “o cinto con que os apóstolos cinguiran o seu santísimo corpo”<sup>43</sup>. Así e todo, con seguridade, un dos apóstolos situados a carón de Xoán ten que ser por forza seu irmán Santiago. Á dereita da Virxe estaría en primeiro plano Pedro, calvo e con barba recortada<sup>44</sup>, e ao seu carón Paulo, con longa melena e barba roxas. Santiago, Xoán, Pedro e Paulo aparecerían así nun lugar privilexiado entre o Colexio Apostólico, como no lado da Epístola do Pórtico da Gloria na catedral compostelá.

O amor que lle tiña a Santiago foille demostrado pola Virxe na Península Ibérica, cando, segundo a lendaria tradición, se lle apareceu en carne mortal en Zaragoza e en

39. *Evanxeo Apócrifo de Xoán, arcebispo de Tesalónica*, capítulo XII.

40. GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura...*, op. cit., p. 179.

41. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., Xoán, 19, 26 e 27, p. 269.

42. GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura...*, op. cit., p. 179.

43. *Evanxeo Apócrifo do Pseudo Xosé de Arimatea*, capítulo XVII.

44. O papa León I o Magno (440-461), nun sermón recollido no *Códice Calixtino* e atribuído a el nas letras capitulares, malia que no índice se sinala como autor ao bispo san Máximo de Turín (398-420), afirma que o Señor puxo á fronte dos apóstolos “a Pedro por razón de idade, porque Santiago era un mozo e o seu irmán Xoán, case un neno; en cambio, Pedro era máis vello e de idade madura [...]. O Señor, prudentísimo, tamén quixo darnos un exemplo para que non ousásemos promover ao ministerio da santa Igrexa a ningún que non tivese unha certa idade, porque os novos adoitan a miúdo aparentar devoción para ser promovidos antes de tempo a un honor indebido”; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XV, p. 187 e 188.

Muxía para animalo porque o froito que andaba a sementar por estas terras tardaba máis en agromar do que o impaciente Fillo do Trono desexaba. Como agradecemento, mandou construír Santiago en Zaragoza o primeiro templo mariano da cristiandade.

Por outra banda, o *Códice Calixtino* narra tamén un milagre no que a Virxe María demostra o seu amor polos peregrinos á tumba de Santiago cando fai resucitar a Xiraldo recuperando a alma que o Demo lle arrebatara con enganos<sup>45</sup>. Unha versión bastante semellante deste milagre foi recollida en galego, na cantiga XXVI, polo rei Afonso X o Sabio (1252-1284) –que mandou poboar *ex novo* a vila de Pontedeume en 1270– nas *Cantigas de Santa María*<sup>46</sup>. Tamén a cantiga CLXXV fala dun peregrino que, cando camiñaba con seu pai onda a tumba de Santiago, foi acusado en Tolosa de roubar un vaso



Miniaturas dos milagres XXVI  
e CLXXV (detalle) das  
*Cantigas de Santa María*

45. Xiraldo era un peleteiro que vivía preto da cidade francesa de Lyon, desde a que todos os anos peregrinaba a Santiago. Así e todo, un día, antes de iniciar a súa peregrinación anual, fomicou cunha mocíña e á mañá seguinte comezou a súa viaxe a Compostela. O Demo aparecéuselle facéndose pasar polo apóstolo Santiago e díxolle que un pecado tan grande só podía ser perdoado coa castración. Xiraldo, agoniado por un forte sentimento de culpabilidade e firmemente arrepenrido, decidiu aceptar o consello do Demo, crendo que era en verdade o apóstolo Santiago, acometeu a amputación e morreu desangrado. Cando xa o ían soterrar, levantouse de socato e contoulles aos presentes o milagre. Ao abandonar a súa alma o corpo mortal esta foille arrebatada polo Demo que escapou con ela perseguido por Santiago que acudía na defensa do seu peregrino e o levou ata a igrexa de San Pedro de Roma onde a Virxe María presidía a asemblea. Despois de que Santiago lle contara o engano do Demo á Virxe, esta preguntou: Ai desgraciado, ¿que buscas nun peregrino do meu Señor e do meu Fillo e do seu fiel Santiago? O Demo abraído polas palabras de María escapou e a Virxe mandou que a alma de Xiraldo volvese ao corpo e así resucitase. Santiago, decontado, devolveu a alma ao corpo de Xiraldo xusto antes de que fose soterrado. Así e todo, xa nunca máis recuperou a súa virilidade; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, capítulo XVII, p. 363-366.

46. METTMANN, W. (ed.): *Cantigas de Santa María. Alfonso X, o Sabio*, t. I, Vigo, 1981, cantiga XXVI, p. 176-179.

de prata nunha pousada e castigado por iso coa forza. Seu pai continuou a peregrinación a Compostela e, despois de orar diante dos restos do Apóstolo, regresou ao lugar onde fora sentenciado seu fillo, ao que atopou vivo pola intercesión de Santa María<sup>47</sup>. Este milagre do aforcado fora narrado así mesmo no *Códice Calixtino*, malia que nesta versión non se di que fose a Virxe a intercesora, senón que foi o propio apóstolo Santiago o que interveu para o socorrer<sup>48</sup>. A primixenia actuación da Virxe María como avogada produciuse nas vodas de Caná, onde Xesús realiza o primeiro milagre atendendo a unha petición da súa nai e converte a auga coa que se encheron as hidrias en viño<sup>49</sup>. A igrexa de Santa María de Cambre, no Camiño Inglés que parte da Coruña, garda como pía bautismal a que se ten por unha destas hidrias, traída de Xerusalén por un cabaleiro do Temple.

As táboas do ciclo da Paixón de Xesús Cristo<sup>50</sup>, que datan do ano 1530, están situadas na parte superior do retablo de Santiago de Pontedeume. No lado do Evanxeo aparece representada a escena da Flaxelación de Cristo, ordenada polo gobernador romano Poncio Pilato despois de que o levasen diante del detido pola traizón do bico de Xudas Iscariote. Xesús atópase no pretorio en primeiro plano, atado de pés e mans á tradicional columna que o representa como Ecce Homo –Eis o home–, cuxa imaxe non recollen os relatos evanxélicos. Así e todo, nesta táboa, a habitual columna máis ben semella o *Lignum Crucis* no que logo foi sacrificado. Xesús está espido e descalzo e só aparece cuberto por un pequeno pano de pureza que leva anoado no lado dereito, como decote acontecía cos crucificados dos cruceiros galegos e na meirande parte destas representacións. Curiosamente, nas escenas da Crucifixión e do Pranto sobre Cristo Morto do retablo, o nó aparece á esquerda. A longa melena revestida pola auréola dourada da santidad deixa ver o seu rostro barbado, cheo de paz e carente de odio, que reflicte a dor polo cruel e inxusto castigo que lle están a inflixir e asemade a aceptación da vontade de Deus Pai porque, cando acudiu cos seus tres discípulos predilectos –Pedro e os fillos de Zebedeo, Santiago e Xoán– a rezar ao monte das Oliveiras antes da súa Paixón e Morte, ben sabía que non podía arredar del o cáliz que tiña que beber. Así pois, abraza amoroso o madeiro no que ía morrer e entrégase ao seu sacrificio redentor.

Á dereita de Xesús, un imberbe soldado, vestido de vermello, suxeita coa man esquerda o corpo de Cristo e alza na súa destra o vergallo co que lle baterá a cabeza e as costas cumprindo a orde de Poncio Pilato. O rostro do soldado mostra seguridade, violencia e unha ausencia total dos sentimentos de culpa ou piedade. Á súa dereita, un compañeiro barbado, vestido de vermello e azul e toucado cun gorro dourado, parece cuspir ou insultar a Xesús coa súa boca entreaberta, sentado no chan. Nun segundo plano, á esquerda de Cristo, outro soldado, vestido con roupas escuras, trata de conter a violencia

47. *Idem*, cantiga CLXXV, p. 573-576.

48. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, capítulo V, p. 346 e 347.

49. Cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., Xoán, 2, 1-13, p. 223 e 224.

50. A Paixón de Xesús Cristo está recollida polos catro evanxelistas. Cfr. *idem*, *Mateo*, 26-28, p. 86-96; *Marcos*, 14-16, p. 135-143; *Lucas*, 22-24, p. 203-212; e *Xoán*, 18-20, p. 263-272.

dun home barbado, ataviado con ricas vestiduras vermellas e un elegante sombreiro, impropios da época na que se desenvolven os feitos históricos, que sinala co dedo furabolos da man dereita a Xesús e sostén na esquerda unha vara que semella un símbolo de poder. García Iglesias identifícaa con “Pilato, xa que foi el o que, segundo os catro evanxelistas, decide o castigo”<sup>51</sup>. Malia que Pilato o castigou coa flaxelación e o sentenciou a morte, quixo, porén, lavar antes as mans diante dos xudeus que o acusaban e esixían a súa crucifixión para demostrar que el non era o responsable dese derramamento de sangue<sup>52</sup> pois non atopaba delito ningún para o condenar. Ademais, co dedo índice da man dereita sinala a Xesús e parece dicir as palabras recollidas por Xoán: “Eis o home”<sup>53</sup>. Así e todo, a actitude do soldado que se enfronta a este personaxe para impedirlle o paso fainos dubidar de que sexa Pilato o aquí representado, pois é impropia dun soldado diante dun home tan poderoso.

O ático acolle a Crucifixión de Cristo Redentor. Xesús, vestido só cun pano branco de pureza que leva anoadado no lado esquerdo, aparece espetado na cruz por medio de tres cravos, un en cadansúa man e outro nos dous pés. Segundo Castelao, durante a Alta Idade Media, “sempre aparecía o Redentor encravado na cruz con catro cravos, conforme o testemoio de San Ciprián, que viveu no tempo en que aínda se practicaba o sacrificio da crucifixión; pero a partir do século XIII xa se representou ao Redentor cos dous pés encravados xuntos e cun soio cravo, cicáis para conseguir un efecto de maior tortura [...]”. Agora ben, nos cruceiros galegos e bretóns endexamáis se vé o crucifixo con catro cravos, senón con tres, ao xeito renacentista, coa particularidade de que sempre, sempre, o pé dereito sobremonta o esquerdo”<sup>54</sup>.

O rostro de Xesús, coroado de espiño, está totalmente inclinado á dereita, como se xa lle entregase o seu espírito ao Pai. As manchas de sangue que abrollan do seu costado dereito confirman tamén o seu pasamento; cando Xesús xa estaba morto, “un dos soldados traspasoulle o costado cunha lanza; e no instante saíu sangue e auga”<sup>55</sup>. Un dos sermóns do papa Calisto II (1119-1124), recollido no *Códice Calixtino*, asegura que é por medio deses dous “ríos preciosísimos, é dicir, o sangue da redención e a auga do bautismo, polos que se lavan os nosos pecados”<sup>56</sup>.

Á dereita de Xesús Cristo, está a súa desconsolada Nai, vestida cunha túnica vermella e un amplo manto azul, con reberetes dourados, que lle cobre a inclinada cabeza que leva a dourada auréola da santidad. Á esquerda aparece o imberbe Xoán, o único discípulo que o acompañou ata o final na súa Paixón e Morte; viste unha longa túnica marrón e un manto púrpura e porta tamén a auréola da santidad; mira a Xesús, xa morto,

51. Tomado e traducido de GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura...*, op. cit., p. 179.

52. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Mateo*, 27, 24, p. 93.


53. *Idem*, *Xoán*, 19, 5, p. 267.

54. RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *As cruces de pedra na Galiza*, Vigo, 1984, p. 151.

55. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Xoán*, 19, 34, p. 269.

56. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XIX, p. 248.





Retablo de Santiago no altar maior da súa igrexa parroquial de Pontedeume



cun aceno de valentía e rebeldía diante da inxustiza, como cando el e o seu irmán Santiago foron merecentes de ser chamados polo propio Mestre Boanerxes ou Fillos do Trono<sup>57</sup>. Xoán non tivo que sufrir o martirio coma Xesús e o seu irmán Santiago para acadar o seu asento na Gloria, malia que si se mostrara disposto a apurar o cáliz que Cristo tivo que beber<sup>58</sup>. Consonte afirma Beda o Venerable (672-732) na homilía recollida no *Códice Calixtino*, podemos dicir que Xoán bebeu o cáliz do Señor, aínda que “non saíu do corpo polo martirio [...], porque de dúas maneiras se pode beber este cáliz: unha cando se sofre pacientemente a morte inflixida por un veredicto<sup>59</sup>, outra cando o ánimo está disposto á paixón por levar unha vida digna do martirio [...]. Xoán mostrou ata que punto estaba preparado para beber o cáliz da morte polo Señor cando, xunto cos demais apóstolos [...] soportaba con ánimo alegre o cárcere e os azoutes cando estivo relegado no desterro na illa de Patmos por causa da palabra de Deus e do testemuño de Xesús. Cando [...] foi metido polo emperador Domiciano nun bidón de aceite fervendo, do que emporiso, coa axuda do Señor, saíu tan san e tan limpo como castísimo fora de pensamento na vida; como tamén, estando no desterro, coa asistencia do propio Señor, cando máis desposuído parecía estar do consolo humano, tanto con máis insistencia mereceu ser consolado polos moradores do Ceo”<sup>60</sup>. O vínculo terreal establecido polo propio Xesús Cristo entre María e Xoán non se romperá ata a Asunción ao Ceo da Virxe.

Rematando o retablo, a ambos os dous lados do ático, aparecen un busto de varón, no lado do Evanxeo, e outro de muller, no da Epístola. O profesor García Iglesias, que me abriu os ollos a este apaixonante mundo xacobeo, pensa, ao meu ver con acertado criterio, que poden corresponder aos seus mecenas, o conde Fernando de Andrade e a súa esposa a condesa dona Xoana de Leyva<sup>61</sup>.

A cruz salvadora ten forma de tau, como o bordón que sostén na man dereita o Santiago pétreo que senta en maxestade no trono da Gloria, no segundo corpo da parte central do retablo. O tau é a última letra do alfabeto hebreo e a décimo novena do grego. Para os exipcios representaba a vida, a sabedoría, o poder e mais a fecundidade. Por outra banda, foi utilizada nas *Sagradas Escrituras* como signo de salvación, pois servía para identificar aos que debían ser librados do castigo<sup>62</sup>.

57. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., Marcos, 3, 17, p. 107.

58. *Idem*, Mateo, 20, 20-28, p. 73 e 74; e Marcos, 10, 35-45, p. 126 e 127.

59. Como primeiro o fixera Cristo na cruz e despois Santiago pola espada.

60. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo VIII, p. 146.

61. GARCÍA IGLESIAS, J.M.: *La pintura...*, op. cit., p. 179.

62. No *Libro de Ezequiel*, o profeta di que “Yahveh chamou daquela ao home vestido de liño que tiña a carteira de escriban á cintura, e díxolle: –Percorre a cidade, Xerusalén, e marca un tau na fronte dos homes que se laian e choran por todas as abominacións que alí se cometen. E aos outros sentín que lles dixo: –Percorrede a cidade detrás del e feride. Non teñades piedade, non perdoedes; matade os vellos, mozos, doncelas, nenos e mulleres ata que non quede ningún. Pero non toquesdes ao que leve o tau na fronte. Empezade polo meu santuario”; cfr. *Ezequiel*, 9, 3-6. Ademais, o *Libro do Apocalipse* conta tamén que “vin outro anxo máis, que tiña o selo do Deus vivente [refírese ao tau] subir desde o nacente. Dícialles a berros aos catro anxos a quen se lles deu poder para danar a terra e o mar: –Non lles fagades mal á terra nin ó mar nin ás árbores, ata que marquemos co selo na testa os servos do noso Deus. E oín o número dos que tiñan a marca: cento corenta e catro mil marcados entre todas as tribos dos fillos de Israel”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Apocalipse*, 7, 2-4, p. 629.

No IV Concilio de Letrán (1215-1216), o papa Inocencio III (1198-1216) chamou a todos os cristiáns a comprometérense coa defensa da fe e a utilizaren a letra tau como signo de conversión e salvación.

A *Lenda Áurea* de Santiago de la Vorágine, tamén do século XIII, interpreta a cruz na que morreu Cristo como símbolo de redención. Defende unha tradición grega que asegura que foi feita coa madeira da mesma árbore da sabedoría da que Adán colleu a mazá prohibida e así condenou a toda a humanidade, e que, por mor do sacrificio de Xesús na cruz, foi redimido Adán e con el todos os seres humanos; “por unha árbore Adán carrexounos a morte e tamén por unha árbore Cristo devolveunos a vida”<sup>63</sup>.

Para san Francisco, que veu a Santiago a principios do 1214, polo que o pasado ano se celebrou o oitavo centenario da súa peregrinación, o tau representa tamén un signo que levan os elixidos para alcanzaren a redención e a salvación; con el selaba as súas cartas e marcaba tamén as celas dos seus relixiosos. Aínda hoxe, os franciscanos identifican o tau coa cruz de Cristo. No seu convento de Asís, sobre un fermoso e coidado prado, hai unha cruz vexetal con forma de tau sobre a lenda Pax.

O santuario de San Francisco de La Verna alberga varias reliquias do santo, entre elas o bordón en forma de tau que, segundo a tradición, trouxo como peregrino a Santiago de Compostela. Tamén aparece representado como peregrino co bordón con feitura de tau na catedral de Santa María de Ciudad Rodrigo, no arranque dos nervios da nave principal,



Detalle do bordón de san Francisco e imaxe do santo peregrino na catedral de Ciudad Real

63. Tomado e traducido de MACÍAS, J. M. (trad.): *Santiago de la Vorágine. La leyenda dorada*, t. I, Alianza Editorial, Madrid, 1987, p. 222.

o que xustifica Fraga Sampedro pola “tradición do paso de san Francisco pola vila na súa peregrinación a Santiago”<sup>64</sup>.

O capítulo IV de *I fioretti di san Francesco*, escritas por un anónimo toscano contra 1370 e marabillosamente traducidas á nosa lingua por Darío Xohán Cabana, di que, xa en Compostela, “estando de noite en oración na igrexa de Santiago, foille revelado por Deus a san Francisco que debía fundar moitos conventos polo mundo, porque a súa Orde se debía dilatar e medrar en grande multitude de frades. E por esta revelación empezou san Francisco a fundar conventos naquelas terras”<sup>65</sup>. Entre os galegos destacan os de Santiago de Compostela e Pontevedra, e no Camiño Inglés, o de Santa Catarina de Montefaro e os de San Francisco en Ferrol e Betanzos, fundados por Fernán Pérez de Andrade o Bo, que, na ponte eumesa que mandou facer contra 1380, tamén levantou unha capela e un hospital que tiña que deixar sempre reservadas catro camas para os peregrinos e puxo ao seu coidado aos frades franciscanos de Montefaro. López Calvo cre que o hospital deixaría de prestar os seus servizos a finais do primeiro cuarto do século XIX, xa que nunha carta de 1820 o superior do mosteiro lle comunica ao alcalde da vila de Pontedeume a imposibilidade de que este centro hospitalario seguise a cumprir as funcións para as que se fundou e que eles non podían continuar prestando estes servizos porque as cláusulas primitivas xa non estaban vixentes<sup>66</sup>.

Por outra banda, na catedral compostelá, nunha columna relicario presidida por unha imaxe de Santiago peregrino situada no lado da Epístola, foi gardado o báculo de ferro en forma de tau, de pouco máis dun metro de alto, que atopou o bispo Teodomiro cando descubriu os sagrados restos do Apóstolo e que se pensaba que fora utilizado por Santiago. Segundo López Ferreiro, contra o ano 1880, estaba xa “case completamente oxidado; e para que non se acabase de reducir a po, encheuse o tubo dunha masa de cal en data non moi remota”<sup>67</sup>. Os bispos composteláns na Idade Media adoitaban levar tamén o seu báculo en forma de tau.



Miniatura do arcebispo Xelmírez (1120–1140). Tombo do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos

64. FRAGA SAMPEDRO, M. D.: “Francisco de Asís. Imaxes para un retrato, imaxes de santidade”, en SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Pellegrinoe nuovo apostolo. San Francesco nel Cammino de Santiago*, Santiago de Compostela, 2013, p. 349.

65. CABANA YANES, D. X. (trad.): *As florinas de san Francisco*, Santiago de Compostela, 2013, p. 23.

66. Véxase LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 758. Son moi ilustrativos o estudo de Correa Arias e os magníficos debuxos do hospital e a capela realizados por Fernando Sarmiento Calvo, en CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A ponte do Ume II*, en “Cátedra”, 7, Pontedeume, 2000, p. 7-44.

67. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. VII, Santiago de Compostela, 1905, p. 423.

Debaixo do ático, no corpo central do retablo da parroquial de Pontedeume, represéntase o Pranto sobre Cristo morto. En primeiro plano aparece o corpo inerte de Xesús, vestido tan só cun pano de pureza, que mostra nos pés e na man dereita –a esquerda está tapada– as feridas dos cravos e o costado dereito manchado polo sangue derramado. A súa Nai teno no colo e, cun aceno cheo amor e dor, bícalle a meixela esquerda do seu barbado rostro. Ten a man dereita no ombreiro destro do seu Fillo e acaríñalle coa esquerda a ferida ensanguentada do costado causada pola mítica lanza de Lonxinos. María viste túnica vermella e un manto azul con reberetes dourados e cobre a cabeza cunha branca touca sobre a que se dispón a auréola da santidad.

Á dereita da Virxe está o seu fiel compañeiro, Xoán o Evanxalista, o irmán de Santiago o Maior, o único dos apóstolos que permaneceu ata o final con Xesús no momento do seu sacrificio redentor. Viste unha túnica agrisada e unha capa azul, e leva os pés descalzos. Xoán, co rostro imberbe, tristeiro pero sereno, coroado pola auréola da santidad, trata de arrincar da cabeza de Cristo a coroa de espiño que lle fería a fronte e as tempas e lle puxeran os soldados para se moquearen da súa condición de rei dos xudeus, malia que ben sabían que o seu Reino non era deste mundo.

A carón da Virxe, acompañándoa na súa dor, están María Magdalena, a pecadora arrependida; María de Cleofás, a nai de Santiago o Menor; e María Salomé de Zebedeo, a nai de Santiago o Maior e Xoán o Evanxalista, consonte recollen os relatos evanxélicos<sup>68</sup>. As nais de Santiago o Menor e de Santiago o Maior e mais Xoán os de Zebedeo aparecen coa auréola da santidad e o pelo recollido. Unha está axeonllada e suxéitalle amorosa e aflixida os pés inertes a Cristo, e a outra abraza polas costas á desconsolada Virxe María e acaríñalle con tenrura o ombreiro coa man dereita e o brazo coa esquerda. María Magdalena, moito máis nova cás outras dúas, leva solta a súa melena loura sobre a que se dispón a auréola da santidad e bota compunxida as mans ao peito como mostra da aceptación resignada da vontade de Deus e de que sempre levará a Xesús no seu corazón.

Nun segundo plano, á dereita da Virxe María, está Xosé de Arimatea, discípulo de Xesús e membro do Sanedrín, que lle pediu permiso a Poncio Pilato para lle dar sepultura ao corpo sen vida de Cristo. Aparece ataviado como un home rico e importante, con abrigo vermello e elegante sombreiro máis propios do século XVI, en que foi pintado, que da época histórica que representa a escena. O seu rostro barbado mostra unha gran bondade e un apoio total aos desconsolados Xoán, a Virxe e as outras tres mulleres que o acompañaban.

Á esquerda de Xosé de Arimatea, que aparecía nos relatos dos catro evanxelistas<sup>69</sup>, está Nicodemo, o maxistrado dos xudeus cuxa intervención nese crítico momento en axuda de Xosé de Arimatea só foi recollida no *Evanxeo de Xoán*<sup>70</sup>. As vestimentas en tons

68. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Mateo*, 27, 56, p. 94; *Marcos*, 15, 40, p. 141; e *Xoán*, 19, 25.

69. *Idem*, *Mateo*, 27, 57-61, p. 95; *Marcos*, 15, 42-47, p. 142; *Lucas*, 23, 50-56, p. 209; e *Xoán*, 19, 38-42, p. 270.

70. *Idem*, *Xoán*, 19, 39, p. 270.

marróns de Nicodemo lembran as dos peregrinos xacobeos e o seu sombreiro de aba larga desa mesma cor é moi semellante ao que estes devotos do apóstolo Santiago adoitaban levar cando ían venerar o seu sepulcro na catedral compostelá. Noutra ocasión, segundo lembra Xoán o Evanxelista, cando Xesús Cristo lle contara a Nicodemo que é necesario nacer de novo para entrar no Reino de Deus, este non entendía o que lle quería dicir ata que lle explicou que “de tal xeito amou Deus o mundo que lle deu o seu Fillo Unixénito para que todo o que cre nel non se perda senón que teña vida eterna [...] para que por El se salve o mundo [...]. Vindo a luz ao mundo, os homes escolleron a tebra en vez da luz, porque as súas obras eran ruíns. Pois todo o que fai mal odia a luz e non vén cara á luz, para que non o delaten as súas obras. Polo contrario, o que obra a verdade vén cara á luz, para que se vexan as súas obras, porque están feitas como Deus quere”<sup>71</sup>.

Así pois, o camiño cara á luz está en aceptar a cruz en forma de tau que aparece ao fondo da escena, na que Cristo sacrificado redimiu o mundo, é dicir, en seguir as ensinanzas que os apóstolos deixaron, non caer nas tentacións do mal e perseverar nas boas obras.

O Santiago pétreo que aparece no trono da Gloria ao pé do retablo mereceu este premio porque seguiu a cruz, representada no bordón en forma de tau que agarra coa man dereita, e o Evanxeo, simbolizado no filacterio que porta na esquerda. Como di o papa Calisto II (1119-1124) nun dos seus sermóns recollidos polo *Códice Calixtino*, “por Santiago, en efecto, que no tempo da fame morreu corporalmente por amor de Cristo, sinálanse metaforicamente os corazóns dos santos, que polo desexo do Reino dos Ceos morren ao mundo e demostran que viven para Deus [...]. Morre por iso a persoa cando polo amor de Deus abandona as súas accións malas coas que adoitaba levar unha vida va. Vive para Deus cando comeza a mellorar a súa vida coas boas obras”<sup>72</sup>. Xa que logo, o peregrino polo Camiño de Santiago debe estar disposto cando chegue á meta a iniciar unha nova vida na que se venzan as tentacións do mal e se persevere nas boas obras.

No lado da Epístola, a carón da táboa do Pranto sobre Cristo morto, colocouse a escena da Resurrección de Xesús Cristo. Coa alba do primeiro día da semana, o Redentor, que lle entregara o espírito ao Pai no mediodía do Venres Santo, sae do sepulcro vencedor da morte e aparece na escena enriba da pesada lápida. O Salvador leva sobre a melenha morena a auréola da santidad e o seu rostro barbado reflicte unha inmensa paz. Viste só unha ampla capa púrpura con reberetes dourados que deixa ao descuberto a ferida do seu costado dereito, os brazos e as pernas. A súa man dereita erguida mostra a chaga ensanguentada do cravo da cruz que tamén se deixa ver no seu pé esquerdo. Coa man esquerda suxeita a cruz redentora, que lle serve de mastro ou lábaro a unha bandeirola vermella triangular que leva impresa unha cruz dourada. As chagas mostran o duro que resulta vencer as tentacións; a cruz, o sacrificio redentor de Cristo e a necesidade de que morran o vicio e a maldade; e a resurrección, o nacemento dun home novo que abandone o pecado e persevere nas boas obras para acadar a salvación.

71. *Idem*, *Xoán*, 3, 1-21, p. 225 e 226.

72. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, *op. cit.*, Libro I, capítulo VII, p. 126 e 127.

Onda a sepultura, catro homes vixían para que ninguén poida roubar o corpo de Xesús e dicir logo que resucitou o terceiro día como anunciara. Á esquerda de Cristo, en primeiro plano, hai un soldado barbado que dorme apracible pousando a cabeza sobre o seu brazo dereito, está protexido por un escudo e un casco, e ten aos seus pés unha arma que semella unha béstia. Detrás del, outro soldado, sumido nun profundo sono, acomoda a súa cabeza, protexida por un casco, sobre os dous brazos que apoia no sepulcro. Á dereita do Redentor está sentado en primeiro plano un home cun abrigo e un sombreiro marróns, que se protexe detrás dun escudo e, sumido nun entresnoño, suxeita levemente coa man esquerda a lápida que se acaba de abrir. Detrás del aparece o único soldado que se atopa esperto, suxeita na man dereita unha lanza e leva a esquerda á cabeza en sinal de incredulidade polo que está a contemplar.

Debaixo do ciclo da Paixón de Cristo, aparece, como xa se dixo, presidindo o retablo, a figura pétrea de Santiago en maxestade, sedente sobre o trono celeste da Gloria. Afirmo o papa Calisto II (1119-1124) nun dos seus sermóns recollidos no *Códice Calixtino*, que non foi atopado outro semellante a el [refírese a Santiago] na gloria entre os apóstolos, pois quen mereceu seguir a Cristo no Ceo o primeiro entre os outros apóstolos pola espada de Herodes tamén mereceu sentar máis cerca de Cristo cós demais apóstolos nun altísimo trono”<sup>73</sup>.

Constata o papa Calisto II (1119-1124) no *Veneranda Dies* “o feito de que sen o esforzo da dura vida presente ninguén pode aspirar ao descanso perdurable [...]. Santiago anda merecidamente na memoria dos anxos e dos homes porque pasou á alegría do Ceo, pois, estando nesta peregrinación [refírese á vida terreal] só co corpo, vive co pensamento e co desexo naquela eterna patria [...]. O lirio morre nas súas follas no inverno e xera fermosísimas flores brancas de agradable olor na primavera. Polo lirio, que morre no inverno e bota na primavera brancas flores de agradable arrecendo, represéntase a Santiago, que, por dicilo así, estivo oprimido no tempo invernal polas aflicións da súa paixón neste mundo, pero na alegría primaveral, isto é, na amenidade do Paraíso, reverdece eternamente en presenza de Deus polos méritos das súas boas obras [...]. O lirio morre nas súas follas, pero revive polas raíces, porque Santiago mortificou o seu home exterior con moitos traballos, pero fixo revivir o interior aumentando nel as virtudes [...]. Santiago foi lirio e honra do mundo porque [...], tolerando con paciencia diversas clases de paixóns, xermolou no mundo e floreceu para sempre diante do Señor, coroado coa divina recompensa”<sup>74</sup>.

Afirmo tamén o *Veneranda Dies* que “quen vai con dignidade e pureza ao venerable altar do Apóstolo a Galicia, se está de verdade arrependido, acadará do Apóstolo a absolución dos seus pecados e o perdón do Señor, porque aquel don e aquel poder que lle deu o Señor antes da paixón non llos quitou despois da súa morte”<sup>75</sup>.

73. *Idem*, Libro I, capítulo XIX, p. 249.

74. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 204-208.

75. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 211. Cando Xesús se lles apareceu por primeira vez aos seus discípulos despois da súa



No século XIV, por mor da peste e outras enfermidades, os peregrinos chegados a Santiago queimaban por hixiene as súas vellas roupas nunha pira acesa nun forno de pedra situado ao pé da Cruz dos Farrapos. Durante algún tempo, o Cabido compostelán entregoulles novas e limpas roupas aos peregrinos para substituír os farrapos queimados na pira. Esta cruz grega de dous metros, realizada en cobre, está chantada sobre un *Agnus Dei* de pedra, nas cubertas da catedral compostelá, xusto encima do deambulatorio. A cruz sobre o Año Inmolado representa o sacrificio redentor de Xesús Cristo para a salvación dos homes. Simbolizábase así por este rito a destrución dos pecados e imperfeccións dos peregrinos –representados nos cheirentos e rotos farrapos– que, chegados á súa meta situada onda o sepulcro apostólico, iniciaban unha nova vida –simbolizada na nova e limpa vestimenta– centrada na virtude e as boas obras.



Cruz dos Farrapos na catedral de Santiago de Compostela

Xesús Cristo, coa súa Paixón e Morte redentoras, representadas no retablo eumés, marcou o camiño da salvación polo sacrificio da cruz. A súa Resurrección no terceiro día é a Ascensión ao Ceo corenta despois é a garantía de que os homes, como afirma o papa Calisto II (1119-1124), “se facemos ben aos que nos teñen odio, se sufrimos con paciencia as ofensas que nos fan os nosos próximos, se damos o saudable sustento segundo os nosos posibles aos necesitados, se amamos aos nosos próximos coma a nós mesmos, se ofrecemos os nosos membros ao libre servizo de Deus velando, orando, xaxuando,

Resurrección, díxolles: “Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaranlles perdoados; a quen lles reteñades, quedaranlles retidos”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo..., op. cit., Xoán*, 20, 22-23, p. 272..

odiando os vicios, arrependíndonos dos pecados cometidos, fuxindo das cousas ilícitas, desprezando a gloria do mundo, sen dúbida recibiremos o alimento da vida eterna”<sup>76</sup>.

O camiño non é doado, pero o premio ben paga a pena. Santiago, que cando lle pediu ao Mestre, co seu irmán Xoán, que sentase na Gloria un á súa dereita e o outro á esquerda se mostrou disposto a apurar o cáliz que Xesús tería que beber<sup>77</sup>, abofé que tivo que cumprir o que prometera e foi o primeiro dos apóstolos en sufrir o martirio pola espada por orde de Herodes por ser discípulo de Xesús e predicar a súa Palabra. Así e todo, o seu sacrificio mereceu o premio do trono da Gloria no que aparece sedente na imaxe pétreo que preside o retablo eumés. Xesús dilles que non saben o que piden, en opinión de san Xerome, “porque queren acadar do Señor un asento na gloria que aínda non tiñan merecido, porque xa lles gustaba o cumio do honor, pero antes tiñan que andar o camiño do esforzo”<sup>78</sup>. Desexaban reinar nas alturas con Cristo, pero antes tiñan que sufrir humildemente por Cristo [...]. Ninguén pode reinar con Cristo se non está disposto a imitar a súa Paixón”<sup>79</sup>.

Tamén se di nos responsorios do *Códice Calixtino* que, para ocupar o lugar da Gloria, “antes hai que pasar polo camiño da cruz”<sup>80</sup>. Segundo o papa Calisto II (1119-1124), “o ínclito Apóstolo ergueu a copa da salvación porque aceptou por Cristo un martirio salvador igual ca Este por el, como lle prometera noutro tempo cando dixo: O meu cáliz si que o beberedes [...]. E como o gran de trigo, unha vez que morre, produce abondoso froito na terra, así o varón de Cristo, Santiago, despois do triunfo da súa paixón, xerou, coa intervención de Cristo, multitude de pobos que veñen onda el [...]. E son tantos os froitos cantos os que fan o seu Camiño desde remotos países do mundo ata Galicia, cos seus corpos rendidos e con grandes sacrificios, para bicar o sepulcro da súa basílica e pedir os seus favores. O seu froito permanecerá para sempre, porque a variada multitude de xentes que [...] concorre á súa basílica en Galicia para rezar, e con corazón puro e boas obras se volve a Deus Redentor, sen dúbida permanecerá con el eternamente no Ceo como froito recendente [...]. E a cantos, animados de bo desexo, van peregrinando onda el á terra de Galicia, a outros tantos fai pasar do mar do mundo de Galilea ao lugar do Paraíso”<sup>81</sup>.

76. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo VII, p. 126.

77. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Mateo*, 20, 20-28, p. 73 e 74; e *Marcos*, 10, 35-45, p. 126 e 127.

78. O Camiño de Santiago que os peregrinos teñen que percorrer para chegar á meta onde os espera o Apóstolo é unha metáfora do camiño do esforzo que cómpre soportar para alcanzar o trono da Gloria. Os apóstolos Paulo e Bernabeu, na súa primeira viaxe misioneira, xa advertían de que “temos que pasar por moitos traballos para entrarmos no Reino de Deus”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Feitos dos Apóstolos*, 14, 22, p. 312.

79. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVI, p. 197.

80. *Idem*, Libro I, capítulo XXIII, p. 277.

81. *Idem*, Libro I, capítulo VII, p. 135-138.

Así pois, Santiago, co seu martirio, como di o papa Calisto II (1119-1124), “dá exemplo aos que veñen onda el a Galicia de que deben morrer aos vicios e vivir para as virtudes imperecedoiras”<sup>82</sup>.

Tamén Beda o Venerable (672-732) asegura no *Códice Calixtino* que nós, “aínda que non teñamos que sufrir nada semellante [...], poderemos, con todo, beber o cáliz da salvación e acadar a palma do martirio se procuramos castigar o noso corpo e sometelo a servidume”<sup>83</sup>, se nos acostumamos a dirixir súplicas a Deus con espírito de humildade e alma contrita, se non tardamos en aceptar con espírito pacífico as aldraxes inflixidas polo próximo, se gozamos en amar mesmo aos que nos teñen odio ou nos fan inxustizas, en facerlles ben, en pedir pola súa saúde e pola súa salvación, se tamén nos esforzamos en adornarnos coa virtude da paciencia xunto cos froitos das boas obras”<sup>84</sup>.

Antes do nacemento de Xesús Cristo, Deus Pai mandou a Moisés á cabeza do seu pobo de Israel para que fuxisen da escravitude á que estaban sometidos polo faraón de Exipto e conducilos á liberación; segundo asegura o papa Calisto II (1119-1124) no *Veneranda Dies*, “como eles entraron na terra prometida por medio de moitos traballos, así os peregrinos, para poder entrar na patria celestial prometida aos fieis, pasan por incontables trampas dos hospedeiros, por subidas aos montes e baixadas aos vales, por medo dos bandidos e angustias de infinidade de traballos para poder pedir a protección dos santos”<sup>85</sup>.

Consonte asevera o papa Calisto II (1119-1124) nun dos seus sermóns recollidos no *Códice Calixtino*, Santiago Zebedeo está tanto máis próximo a Xesús Cristo, “honrado na gloria, canto foi o seu imitador antes cós demais apóstolos na paixón [...]. A transfiguración do noso Salvador [no monte Tabor, diante de Pedro, Santiago e o seu irmán Xoán] pon de manifesto de maneira simbólica a forma da resurrección futura e a aparencia da vida eterna [...], suxire que o mesmo Unixénito de Deus, luz eterna, virá no momento do xuízo e levará aos seus elixidos da corrupción á incorrupción, da mortalidade á inmortalidade, do máis baixo á altura dos ceos, e coa luz do seu rostro fará que nos alegremos coa futura resurrección, a que Santiago viu simbolicamente no mesmo monte”<sup>86</sup>.

O corpo central do retablo pictórico, que se completa coa imaxe pétrea de Santiago sedente e triunfante no trono da Gloria, é a representación da recompensa que logra aquel que segue o camiño marcado por Xesús, acepta o sacrificio expiatorio, simbolizado na cruz do bordón en forma de tau, e persevera nas boas obras, como mandan os Evanxeos predicados por Santiago na Nosa Terra. A peregrinación a Santiago non é máis que unha metáfora do camiño da vida, que require esforzo e sacrificio para chegar á meta desexada.

82. *Idem*, Libro I, capítulo VII, p. 138.

83. Como o fan os peregrinos soportando os sacrificios e inclemencias do Camiño de Santiago.

84. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo VIII, p. 146 e 147.

85. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 217.

86. *Idem*, Libro I, capítulo V, p. 88 e 93.

O tímpano do Pórtico da Gloria, na meta do Camiño de Santiago, está presidido por Xesús Cristo coroado e sentado no trono celeste, que mostra nas mans erguidas e nos pés espidos as feridas dos cravos da crucifixión e no costado dereito o sangue vertido pola lanza de Lonxinos, e aparece rodeado do tetramorfos coas imaxes e símbolos dos evanxelistas –á súa dereita están Xoán coa aguija e Lucas co boi, e á esquerda, Mateo como representación do home e Marcos co león– que indican que o sacrificio expiatorio, as boas obras e o Evanxeo marcan o camiño que cómpre seguir. Debaixo do tímpano aparece, no parteluz, a figura sedente e nimbada de Santiago na Gloria, co bordón en forma de tau na man esquerda, simbolizando o sacrificio de Xesús Cristo na cruz para a redención dos homes, e o pergameo na dereita, representando os Evanxeos predicados polo Apóstolo na Península Ibérica para cumprir nestas terras a misión que Xesús lles encomendara a el e aos demais compañeiros antes da súa Ascensión ao Ceo: ir polo mundo enteiro, anunciándolle a Boa Nova a toda a creación.

A idea expresada polo Mestre Mateo no seu monumental Pórtico da Gloria é a mesma que hoxe se mostra na parte central do retablo de Pontedeume. O sacrificio salvador e redentor de Cristo está representado neste caso pola imaxe de Xesús cravado nunha cruz en forma de tau no ático e na escena da Piedade, que colle no colo ao seu fillo morto e xa desencravado e deixa ver as feridas dos cravos na man dereita –a esquerda non se pode ver– e nos pés espidos e o sangue vertido pola lanza do centurión –en ambas as dúas táboas está o evanxalista Xoán–. Como no Pórtico da Gloria, tamén aquí aparece, debaixo das representacións do Salvador, a de Santiago sedente e en maxestade, co bordón en forma de tau na man dereita como representación da cruz redentora e o pergameo que simboliza que predicou o Evanxeo nestas terras.

### 3. REPRESENTACIÓNS DO APÓSTOLO SANTIAGO

O vinte e cinco de xullo do ano 1947, un desterrado Castelao está en Francia e prepara o seu regreso coa súa muller a Bos Aires, “onde nos espera unha Galiza ideal, capaz de consolarnos de non poder morrer na Terra que nos dou a vida, na Patria que sempre está no noso corazón [...]”. En espera do embarque consumín un bocado de tempo na catedral de Marsella, a cavilar sobor da siñificación que para nós ten o día do Apóstolo, convertido en Día de Galiza por ser a mellor afirmación do noso universalismo, pois sendo tan galega esta festividade non caben os seus motivos no estreito marco dunha soia patria [...]. Pero a triple siñificación deste día márcase máis nidiamente nas tres formas iconográficas do Apóstolo Sant-Iago; a forma europea, a forma hispana e a forma galega. Europa representou ao Apóstolo Sant-Iago a semellanza dos seus pelengríns: con esclavina e chapeu cobertos de cunchas-vieiras, un bordón na man dereita e un libro na esquerda, os pés descalzos i en actitude de andar [...], símbolo da alma viaxeira de Europa [...]. Hespaña representou ao Apóstolo Sant-Iago á semellanza dos guerreiros da

Reconquista: montado nun cabalo branco e brandindo unha espada, terror dos sarracenos, xa vencidos e derrubados no chan, tal como foi descrito por Afonso o Sabio na súa referencia da batalla de Clavijo [...], único caso dun Apóstolo de Cristo representado en forma pouco evanxelizadora. Galiza representou ao Apóstolo Sant-Iago a semellanza dos Patriarcas: sentado en maxestade, un bastón na man esquerda e un pergameo na dereita, a cabeza erguida, os ollos enfiados cara o ñoto Oucidente e os beizos a repetiren aquel psalmo de David: «No mar están os teus camiños e nas moitas augas as túas sendas». Así o representou o mestre Mateo e así o esculpeu no Pórtico da Gloria, con réplica no altar maior, para recibir aos antigos visitantes da súa catedral e decirlles que o mundo non acaba en Galiza, que Galiza non era un Fisterra senón un peirán avanzado de Europa cara o continente que aínda estaba por descubrir [...]. Pola virtude dos camiños que conducían a Galiza, onde os diversos pobos da cristiandade se axuntaban e chegaron a cantar un mesmo himno, fíxose posible a unidade espiritual de Europa, a única conciencia moral europea que no decorrer dos séculos se pudo rexistrar. Polos ideaes cabaleirescos da Edade Media, creados polo xenio celta e nutridos pola fe que o sepulcro apostólico inspiraba, cerrouse Hespaña á marea sarracena e pudo salvarse a civilización oucidental. E polo desexo de proseguir o Camiño de Sant-Iago alén do cabo Fisterra, venceuse o mar tenebroso e fíxose posible o descubrimento de América. Velaí as tres sendas, os tres espíritos en que é doado afincar a gloria deste día, un día tan grande que non hai outro que teña raíces máis fondas no sentimento popular galego, nin categoría universal máis elevada”<sup>87</sup>.

O apoteótico altar maior barroco da catedral compostelá, situado sobre a edícula que garda os sagrados restos do Apóstolo, acolle en tres andares estas representacións de Santiago sinaladas por Castela.

A galega, con Santiago en maxestade, aparece na primeira planta. O Apóstolo dispónse sedente no trono celeste e coroado de gloria por mor do seu martirio. Esta imaxe do século XIII mostra un rostro barbado, feliz e sereno, coa auréola que simboliza a súa santidad. O dedo índice da man destra sinala un pergameo no que está escrito en latín que “aquí se atopa o corpo do divino apóstolo Santiago e patrón dos españois”, e coa esquerda sostén o bordón coa cabaza. No pontificado do arcebispo Monroy (1685-1715) a imaxe foi revestida por unha fermosa esclavina de prata e pedras preciosas que os peregrinos bican cando lle van dar o tradicional abrazo. No peito porta a cruz en forma de espada e vermella polo sangue vertido no seu martirio. Os pés espidos asoman baixo a dourada túnica do Apóstolo.

Así e todo, a representación máis sublime do Apóstolo en maxestade é a que o Mestre Mateo labrou no parteluz do Pórtico da Gloria. As engaiolantes imaxes do conxunto fixéronlle exclamar a Rosalía de Castro: “¿Estarán vivos?, serán de pedra / aqués sembrantes tan verdadeiros, / aquelas túnicas maravillosas, / aqueles ollos de vida cheos? / Vós que os fixeches de Dios c’axuda / de inmortal nome, Mestre Mateo, / xa que

aí quedaches homildemente / arrodillado, falaime deso; / mais con eses vosos cabelos rizados, / Santo dos Croques, calás... i eu rezo”<sup>88</sup>.

A representación iconográfica de Santiago en maxestade, sedente no trono celeste, está avalada polo sermón do papa Calisto II (1119-1124) co gallo do “refulxente e festivo día do gloriosísimo e egrexio Santiago de Zebedeo, no que o santo Apóstolo, patrón de Galicia, libre dos lazos da carne, subiu aos ceos unido aos coros dos anxos”<sup>89</sup>, recollido no capítulo VII do Libro I do *Códice Calixtino*, no que afirma que ese día toda a Igrexa debe alegrarse porque “o Apóstolo, cinguido coas armas da fe, triunfou de Herodes. Hoxe o soldado de Cristo, vencido o inimigo, prostrado Herodes, sobe ao palacio do Rei eterno para sentar cos príncipes do Ceo e posuír o trono da gloria. Percorreu felizmente o estadio do martirio, polo que mereceu para sempre o premio do reino celestial”<sup>90</sup>.



Imaxes de Santiago en maxestade no Pórtico da Gloria e no *Códice Calixtino*

Noutro dos seus sermóns, o papa Calisto II (1119-1124) di que “é moi digno de veneración este Santiago que, tendo a primacía no ilustre colexio dos apóstolos, mereceu ser coroado o primeiro deles co martirio, subir aos ceos, ter o primeiro o cetro da vitoria, a coroa de gloria e unha morada no ceo [...]. Por iso está claro que está sentado no coro dos apóstolos laureado en primeiro lugar polo martirio. Porque Cristo Noso Señor, que distribúe os seus dons a cadaquén segundo quere [...], el mesmo deulle a Santiago, o seu

88. CASTRO, R. DE: *Follas Novas*, A Coruña, 2001, p. 66.

89. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo VII, p. 114.

90. *Ibidem*.



predilecto, a primacía no ceo polo primeiro triunfo do seu martirio. E polo mesmo está tanto máis próximo a El, honrado na gloria, canto foi o seu imitador antes cós demais apóstolos na paixón”<sup>91</sup>.

Ademais, no mesmo *Códice Calixtino* aparece encabezando o Libro I unha espléndida miniatura do apóstolo Santiago en maxestade, sedente no trono da Gloria, que bendice cos dedos índice e maior da man dereita o pobo que evanxelizou. Viste unha túnica vermella, como o sangue derramado no seu martirio pola espada, pola que lle asoman os pés espidos, e capa verde con amplos pregues. Suxeita coa man esquerda o Libro dos Apóstolos e sobre a cabeza leva a auréola da santidad.

O segundo andar do altar maior acolle a representación europea de Santiago peregrino, con túnica, esclavina e sombreiro, e o pé esquerdo lixeiramente adiantado, en actitude de camiñar. Porta na man dereita o bordón coa cabaza e na esquerda, o Libro dos Apóstolos que simboliza a evanxelización destas terras. Axeonllados aos seus pés están catro reis hispanos: Afonso II o Casto (791-842), que mandou construír, despois da *inventio* ou descubrimento, o primeiro templo que albergou os sagrados restos de Santiago e impulsou as peregrinacións a Compostela; Ramiro I (842-850), que instituíu o Voto de Santiago despois da mítica intervención do Apóstolo na batalla de Clavijo que tanta riqueza lle trouxo á Igrexa compostelá; Fernando II o Católico (1474-1516), que mandou edificar o Hospital Real para peregrinos hoxe convertido en Hostal dos Reis Católicos; e Filipe IV (1621-1665), que instituíu en 1643 a ofrenda anual de mil escudos de ouro, que aínda hoxe realiza o rei de España nos Anos Santos e un delegado rexio nos restantes, ben que limitada a unha invocación ao Apóstolo e non dotada economicamente porque se considera incluída na cantidade que o Estado lle achega á Igrexa española por mor dos acordos entre España e o Vaticano<sup>92</sup>.

Desde a *inventio* dos restos do corpo santo do Apóstolo atopados polo eremita Paio e o bispo Teodomiro (810?-847) no primeiro cuarto do século IX no bosque Libredón, centro do que logo sería Santiago de Compostela, chegaron á cidade peregrinos de todos os pobos da terra que a converteron na capital cultural e espiritual do europeísmo. Como afirma con paixón e algo de esaxeración Otero Pedrayo, “talvez podería escribirse unha historia do mundo sen citar máis que unha cidade ibérica: Compostela. Ela, sen forza política nin autoridade dogmática, dinamizou o Occidente, a peregrinación creou o camiño e este, conectando, elevando e afirmando ás diversas xentes de Europa e do mundo, foi camiño de perfección da conciencia europea”<sup>93</sup>.

91. *Idem*, Libro I, capítulo V, p. 88.

92. Véxase PRESAS BARROSA, C.: *Las Ofrendas Nacionales a Santiago Apóstol, Patrón de España (1949-2001)*, Santiago de Compostela, 2002, p. 19-75. O primeiro oferente que utilizou a lingua galega nunha parte da súa invocación foi o presidente da Xunta de Galicia Xerardo Fernández Albor en 1984, o primeiro arcebispo en empregar o galego nunha parte da súa contestación foi Rouco Varela (1984-1994) en 1985 e o primeiro monarca en usar o galego na invocación foi Xoán Carlos I (1975-2014) no ano 1993. O actual rei Filipe VI (2014) quixo vir a Santiago en 2014 a realizar a primeira ofrenda do seu reinado, malia non ser Ano Santo, e pronunciou tamén parte do seu discurso na nosa lingua.

93. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004, p. 138 e 139.

Neste mesmo sentido, Álvaro Cunqueiro reafirma tamén a alma europea de Galicia, manifestada nas distintas rutas xacobeas que conducen ata Santiago, e considera que, “posto no Camiño, eterno coma un río, todo se me fai doado e prodixioso. Incluso que as nacións europeas se atopen nel, e del aprendan a mesma canción de fe, esperanza e caridade”<sup>94</sup>.

Este espírito europeísta e universal do Camiño de Santiago foi tamén proclamado polo papa Xoán Paulo II (1978-2005) na súa peregrinación a Compostela no Ano Santo de 1982<sup>95</sup>, e máis tarde recoñecido polo Consello de Europa, que o declarou Primeiro Itinerario Cultural Europeo en 1987, e pola UNESCO, que o considerou como Ben Patrimonio da Humanidade en 1993.

O papa Calisto II (1119-1124), no tantas veces citado sermón coñecido como *Veneranda Dies*, sinala como modelos de peregrinos a Adán, Abraham, Xacob, os fillos de Israel, Cristo e os apóstolos, entre os que destaca a Santiago o Maior. “Adán considérase o primeiro peregrino, porque, cando saíu do paraíso pola transgresión do precepto de Deus, foi enviado ao desterro deste mundo e foi salvado polo sangue de Cristo e a súa graza. De maneira semellante, o peregrino, saíndo da súa terra, é enviado polo sacerdote como a un desterro en peregrinación polos seus pecados, e pola graza de Cristo recibe a salvación se se confesa ben e acaba a súa vida cumprindo a penitencia que se lle impuxo. O patriarca Abraham foi peregrino, porque marchou da súa patria a outra tal como lle ordenou o Señor [...]. O patriarca Xacob foi igualmente peregrino, porque, saíndo da súa patria, peregrinou a Exipto e quedou alí [...]. Tamén os fillos de Israel foron peregrinos cando marcharon de Exipto á terra de promisión entre diversas probas de traballos, guerras e adversidades [...]. O propio Señor Xesús Cristo, despois de resucitar de entre os mortos, ao volver de Xerusalén, foi o primeiro peregrino, conforme lle dixeron os apóstolos cando lle saíron ao encontro [...]. Tamén os apóstolos foron despois peregrinos, porque o Señor mandounos sen diñeiro e sen calzado. Por esta razón non se lles permite de ningunha maneira aos peregrinos levar diñeiro, a non ser para repartilo entre os pobres. Se os enviou sen diñeiro, ¿que será daqueles que agora fan o Camiño con ouro e prata, comendo e bebendo abundantemente e non comparten nada cos pobres? Non son en verdade peregrinos, senón bandidos e ladróns de Deus”<sup>96</sup>.

As representacións de Santiago como peregrino tiñan como principais atributos o bordón coa cabaza, o zurrón, o Libro dos Evanxeos que predicara nestas terras e simboliza o camiño a seguir para acadar a salvación, o sombreiro de aba larga, a esclavina e a cuncha de vieira.

94. Tomado e traducido de CUNQUEIRO, A.: “El Camino y los milagros”, en RIVERA PEDRERO, D. (ed.): *Álvaro Cunqueiro. 100 artigos*, A Coruña, 2001, p. 172.

95. Desde a catedral compostelá, ao pé do Obradoiro, o papa Xoán Paulo II (1978-2005) recoñece que “Europa enteira se atopou a si mesma arredor da memoria de Santiago nos séculos en que se edificaba como continente homoxéneo e unido espiritualmente”. Na catedral de Santiago, na capela que acolle a imaxe do Santiago matamouros de Gambino, hai labrada unha imaxe do pontífice que lembra esta visita do nove de novembro de 1982 e outra que fixo o dezanove de agosto de 1989.

96. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVII, p. 216-218.

Como ben di o papa Calisto II (1119-1124), “non sen razón os que se dirixen aos santuarios reciben da Igrexa un bordón e un zurrón<sup>97</sup> benditos [...]; dámoslles un zurrón bendito conforme ao rito da Igrexa dicindo: «No nome do Noso Señor Xesús Cristo recibe este zurrón, signo da túa peregrinación, para que ben purificado e emendado merezas chegar ao sepulcro de Santiago, onde desexas camiñar, e, rematado o teu camiño, volvas con gozo, san e salvo onda nós, coa axuda do que vive e reina, Deus polos séculos dos séculos. Amén» [...]. Polo zurrón, que os italianos chaman escarcela, os provenzais estorta, os galos isquiria, represéntase a xenerosidade das esmolas e a mortificación da carne [...]. O feito de que o zurrón sexa un saquiño estreito significa que o peregrino, confiado no Señor, debe levar consigo unha pequena e módica despesa. O que estea feita de coiro dun animal morto significa que o peregrino debe mortificar a súa carne xunto cos vicios e as concupiscencias con fame e sede, con moitos xaxúns, con frío e pouco vestido, con moitas penalidades e traballos. O feito de que non estea atado, senón sempre aberto, significa que debe compartir primeiro o seu cos pobres e que despois debe estar preparado para dar e para recibir”<sup>98</sup>.

Conta tamén o *Veneranda Dies* que, “igualmente, cando lle entregamos o bordón dicimos: «Recibe este bordón, apoio da marcha e do esforzo, para o camiño da túa peregrinación, para que poidas vencer todas as catervas do inimigo e chegar seguro ao sepulcro de Santiago, e, rematado o teu percorrido, volvas con gozo onda nós, coa anuencia daquel que vive e reina, Deus por todos os séculos dos séculos. Amén» [...]. Polo bordón, que o peregrino recibe coma un terceiro pé para apoiarse, simbolízase a fe na Santa Trindade, na que debe manterse. O bordón é a defensa do home contra os lobos e os cans. O can adoita ladrarlle ao home e o lobo, comer as ovellas. Polo can e polo lobo simbolízase o Demo, tentador do xénero humano. O Demo ládralle ao home cando incita a súa mente a pecar co ladrado das súas tentacións. Morde coma o lobo cando atrae os seus membros a pecar e engole coas súas voraces fauces a súa alma polo hábito do pecado”<sup>99</sup>.

Este rito da entrega do zurrón e o bordón benditos foi recollido tamén no códice XLVIII do *Misal de Vic*, datado en 1038 e conservado na Biblioteca Capitular de Vic: “Surgentes a terra imponat eis episcopus sive presbyter sportas et det baculum” (Postos en pé, o bispo ou o sacerdote imponlles o zurrón e mais o bordón).

Tamén adoitan levar as imaxes de Santiago un sombreiro e unha esclavina. Algúns destes elementos incorporan decote como adorno a cuncha de vieira que simboliza a peregrinación a Santiago. Consonte o *Veneranda dies*, “os peregrinos que volven de Xerusalén traen as palmas e os que volven do santuario de Santiago levan cunchas. Porque a palma simboliza o triunfo; a cuncha, as boas obras [...]. Os peregrinos que volven do sepulcro de Santiago cósenas nas súas capas e lévanas con moita alegría ás súas casas para

97. López Díaz na súa magnífica tradución utiliza a palabra mochila, á que nós chamaremos zurrón porque neste caso nos parece un termo máis axeitado e xacobeo.

98. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 214 e 215.

99. *Ibidem*.

honra do Apóstolo en sinal dunha viaxe tan importante. Polos dous escudos cos que se protexe o marisco polos dous lados represéntanse os dous preceptos da caridade, cos que debe protexer a súa vida o que os leva de verdade, a saber: amar a Deus sobre todas as cousas e ao próximo como a si mesmo. Ama a Deus o que garda os seus mandamentos; ama ao próximo como a si mesmo o que non fai a outro o que non quere para si e fai aos demais o que xustamente quere para el”<sup>100</sup>.

Ademais, o milagre XII do Libro II do mesmo *Códice Calixtino* conta que “a un cabaleiro en terras de Apulia inchóuselle a gorxa coma un odre cheo de aire. E ao non atopar en ningún médico remedio que o sandase, confiado no apóstolo Santiago, dixo que, se puidese atopar algunha vieira das que adoitan levar consigo os peregrinos que volven de Santiago e tocasse con ela a súa gorxa enferma, tería remedio inmediato. E ao atopala na casa dun peregrino veciño seu, tocou a súa gorxa e sandou. E desde alí marchou ao sepulcro do Apóstolo en Galicia”<sup>101</sup>.

Esta cuncha da vieira mesmo aparece no zurrón que leva Cristo nun relevo labrado no mosteiro de Santo Domingo de Silos no que se representa a escena do Salvador resucitado e peregrino en Emaús con dous dos seus discípulos, que camiñan ao seu carón e só o recoñecen cando realizan a partición do pan, como na *Derradeira Cea*<sup>102</sup>.



Cristo en Emaús de Santo Domingo de Silos e Santiago peregrino na Porta Santa do seu santuario



100. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 115 e 116.

101. *Idem*, Libro II, capítulo XII, p. 356.

102. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo... op. cit.*, Marcos, 16, 12-13, p. 143; e Lucas, 124, 35, p. 210 e 211.

Talvez a máis emblemática representación de Santiago como peregrino, aínda que non leva o zurrón pero si o bordón coa cabaza, o Libro dos Evanxeos, a cruz en forma de espada, as cunchas de vieira, o sombreiro e a esclavina é a que se dispón baixo un arco de medio punto na Porta Santa da catedral compostelá, que se abre os Anos Santos para acoller os peregrinos chegados principalmente desde todos os países de Europa pero tamén do mundo polas diversas rutas do Camiño Xacobeo. A carón de Santiago aparecen, ataviados cos seus mesmos atributos, un á súa dereita e o outro á esquerda, baixo senllos arcos de medio punto, Teodoro e Atanasio, os dous discípulos que o trouxeron en barco desde Jaffa ao porto de Iria para o enterrar na terra onde predicara e que foron sepultados anos despois co seu mestre.

No ático do altar maior da catedral compostelá dispónse a representación española de Santiago matamouros, montado nun brioso cabalo branco, vestido de soldado e tocado cun sombreiro coa cuncha de vieira. Na súa destra brande a espada flamíxera coa que somete os mouros que ten aos seus pés. Diante da imaxe aparece o escudo real da nación española que o fixo o seu padroeiro e protector.

Talvez a imaxe máis emblemática do matamouros sexa a que mandou facer o arcebispo Bartolomé Rajoy (1751-1772) no palacio neoclásico que leva o seu nome e que é sede da presidencia da Xunta de Galicia e do Concello compostelán. Así e todo, o tímpano que representa a batalla de Clavijo e a monumental estatua ecuestre do Apóstolo que coroa o edificio foron executados pouco despois da morte do prelado eumés. No contrato de obra, asinado o catro de decembro de 1774 por don Tomás Moreira, testamenteiro designado polo noso paisano o arcebispo, que ostentaba tamén a representación do Cabido, encárgaselles ao escultor Gambino e ao seu xenro Ferreiro que, seguindo o modelo do debuxo realizado por Gregorio Ferro, “han de hacer en el Tímpano con que remata el medio frontis de la obra de dicho Seminario, que está próxima a concluirse, la Medalla de la Batalla de Clavijo, arreglada en un todo y con la misma perfección que la han formado los dichos Gambino y Joseph Ferreiro en el modelo que se remitió a la villa y Corte de Madrid y aprobó D. Felipe de Castro, Estatuerio de Su Majestad”<sup>103</sup>, que fora executada en cera. No tocante á figura pétreo do matamouros, o contrato esixe que han de estar “Santiago a caballo y éste en postura de galope, sostenido el grupo de Moros, según la altura y grandor que presenta el plan del frontis de toda la obra, formado por el Ingeniero D. Carlos Lemaury, Theniente Coronel de los Ejércitos de Su Magestad: Y además de dichas figuras asimismo han de hacer los dos esclavos que se hallan en el plan de dicho D. Carlos, conforme en él están arrimados a la peana que sostiene dicho Grupo”<sup>104</sup>.

Ademais, o transepto da catedral compostelá, acolle no lado da Epístola, á esquerda da entrada pola fachada das Praterías, nun tímpano da porta do claustro medieval, un relevo de principios do século XIII coa figura de Santiago dacabalo, rodeado

103. Tomado de OTERO TÚÑEZ, R.: *Rajoy, constructor*, “Cátedra”, 8, Pontedeume, 2001, p. 77.

104. *Idem*, p. 78.

de anxos e adoradores, coa espada en alto na man dereita e, na esquerda, o lábaro do exército dos cristiáns, que conmemora a milagrosa aparición do Apóstolo na batalla de Clavijo. No outro lado do transepto, á dereita da entrada pola Porta do Paraíso ou da Acibechería, nunha pequena capela, aparece un Santiago matamouros barroco realizado polo mestre Gambino que, montado sobre un cabalo branco coas patas dianteiras levantadas, porta o estandarte dos cristiáns na súa man esquerda e somete coa espada que brande na dereita a tres soldados mouros armados cos seus alfanxes mentres que a cabeza doutro sarraceno roda polo chan, moi semellante, malia que realizado en madeira, ao que coroa o pazo de Raxoi.

Conta Arribas Briones que, pouco despois da vitoria das tropas nacionais, se celebrou en Santiago un desfile militar no que participaban os regulares procedentes de Marrocos que apoiaron a causa franquista e no que sacaron en procesión a imaxe do matamouros de Gambino. Por non ofender aos camaradas musulmáns, decidiron cubrir de flores os soldados mouros abatidos por Santiago e quitarlle ao santo a espada que brandía na súa man dereita. Cando viron a imaxe



Imaxes dos matamouros de Gambino  
da catedral de Santiago e do Pazo de Raxoi





do seu padroeiro co puño en alto, os composteláns máis retranqueiros preguntaban se o Apóstolo se fixera comunista<sup>105</sup>.

Na actualidade, aínda que o Cabido compostelán, despois dun debate sobre a retirada deste conxunto escultórico, finalmente decidiu mantelo na capela catedralicia, trata sempre de tapar cun fermoso e tupido centro de flores as figuras dos mouros derrotados.

Arribas Briones relata tamén con retranca os apuros que pasaron no pazo de Raxoi para tapar a xa citada figura de pedra do matamouros, que preside o edificio mandado construír polo prelado eumés que lle deu nome, cando o capitán xeneral de rexión militar de Galicia, entre 1953 e 1955, o mouro Mohamed ben Mizzian, visitaba Compostela desde A Coruña<sup>106</sup>.

Castelao constata a imaxe eminentemente viaxeira, peregrina e pacificadora que a figura do Apóstolo ten en toda Europa, en aberta antítese coa do matamouros que representa a épica castelá. Así, o vinte e cinco de xullo de 1923, co gallo da festividade de Santiago, publica un debuxo na primeira páxina do diario *Galicia*, de Vigo, titulado *Os dous espritos*, no que Santiago matamouros aparece etiquetado como “O deles”, referíndose aos españois que defenden esta imaxe guerreira inspirada na súa aparición a prol das tropas cristiás contra os sarracenos na batalla de Clavijo, e contrapono ao Santiago en maxestade, ao que lle chama “O Noso”, evanxelizador e defensor do espírito de concordia, inspirado no do paterluz no Pórtico da Gloria, en cuxo nimbo relocen os sete

brillantes representativos das antigas provincias galegas vixentes ata 1883, A Coruña, Betanzos, Santiago de Compostela, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui, que tamén figuran no escudo de Galicia en forma de cruces rodeando o Cáliz e a Hostia que simbolizan o Santo Graal e o milagre do Cebreiro.

Aínda que o certo é que o Santiago do Pórtico da Gloria ten nove brillantes e non os sete que debuxa Castelao para os identificar coas antigas provincias galegas, entre outras cousas porque no século XII Galicia non tiña esta división territorial, a figura que representa ao Apóstolo en maxestade foi a máis querida polos vellos galeguistas.



Debuxo dos dous Santiagos de Castelao

105. ARRIBAS BRIONES, P.: *Pícaros y picaresca en el Camino de Santiago*, Burgos, 1993, p. 389.

106. *Ibidem*.

Esta idea de Castelao é tamén defendida, mesmo con maior ardor e contundencia, por Ramón Cabanillas no seu soneto titulado *O noso señor Santiago*: “¡O do bordón, das cunchas e da estrela, / Patrón da Terra nosa, aloumiñado / de saudosa paz, no esgrevio estrado / da enxebre catedral de Compostela! // Así te adoura nosa fe sinxela: / no teu trono de prata encadeirado, / a man a benzoar, asosegado, / esquecido das loitas de Castela. // O teu cabalo branco como a neve, / a túa espada de rebrilos louros / e o relembro das tráxicas fazañas // ¡que, arredado de nós pra sempre, os leve / o pobo que te alcuña matamouros, / a sanguinosa xente das Españas!”<sup>107</sup>.

Máis tarde, Uxío Novoneyra rexeitou tamén nos seus versos a imaxe do Apóstolo belicoso, nun poema titulado *Santiago matamouros*, incluído no libro *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago*, que é unha especie de relato odepórico en verso: “Erguida irada traza cabaleira, / Santiago da espada i a bandeira: / a imaxe que el nunca quixera / porque non ten nada do que era”<sup>108</sup>.

Así e todo, o *Códice Calixtino*, mandado realizar polo primeiro arcebispo de Santiago de Compostela, Diego Xelmírez (1120-1140), defende a imaxe de *miles Christi* do Apóstolo e fai que sexa o propio Santiago o que se lle aparece nun soño a Carlomagno (800-814), daquela considerado emperador de Europa, e lle pida, antes da *inventio* do seu corpo no bosque Libredón, que libre a súa terra dos sarracenos. “Eu son, contestou, o apóstolo Santiago [...] a quen coa súa inefable graza se dignou elixir o Señor, preto do



Miniatura do *Códice Calixtino* coa aparición do Apóstolo nun soño de Carlomagno

107. CABANILLAS, R.: *Da terra asoballada*, A Coruña, 2001, p. 56.

108. NOVONEYRA, U.: “Santiago matamouros”, en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña, 1999, p. 146.

mar de Galilea, para predicar aos pobos, a quen fixo perecer pola espada o rei Herodes e cuxo corpo descansa descoñecido en Galicia, que aínda está vergoñosamente oprimida polos sarracenos [...]. Fágóche saber que, así como o Señor te fixo o máis poderoso dos reis da terra, de igual maneira te elixiu entre todos para preparar o meu camiño e liberar a miña terra das mans dos sarracenos, e procurarche así unha coroa como recompensa eterna. O camiño de estrelas que viches no ceo significa que irás desde estas terras ata Galicia cun gran exército combater as pérfidas xentes pagás, e liberar o meu camiño e a miña terra, e visitar a miña basílica e sepulcro”<sup>109</sup>. Carlomagno (800-814) comezou a tarefa que o Apóstolo lle encomendara e, “despois de reunir moitos exércitos, entrou en España para combater aos pérfidos xentís”<sup>110</sup>, tomou Pamplona, “a primeira cidade que cercou co asedio [...]. Despois de ir visitar o sepulcro de Santiago, chegou a Padrón sen achar resistencia e cravou unha lanza no mar, dando grazas a Deus e a Santiago por levalo alí, ao tempo que dicía que non puidera ir antes [...]. Despois percorreu toda España de mar a mar”<sup>111</sup>.

Esta escena da aparición nun soño de Santiago a Carlomagno está representada nunha das fermosas miniaturas que recolle o valioso exemplar do *Códice Calixtino* realizado no tempo do arcebispo compostelán Berenguel de Landoire (1317-1330) e conservado na biblioteca da Universidade de Salamanca, que ademais presenta tamén outra na que se dispón o Apóstolo, sobre un fondo vermello con cunchas de vieira douradas, dacabalo, coa auréola da santidad na cabeza, a espada na dereita e o estandarte coa cuncha de vieira e rematado nunha cruz na esquerda.

Aínda que o sermón *Veneranda Dies* resalta, como xa vimos, a vocación de peregrino, evanxelizador e hospitalario de Santiago e os seus demais compañeiros de apostolado, o *Códice Calixtino*, volve defender unha vez máis a imaxe de *miles Christi* de Santiago no capítulo XIX do Libro II, onde se conta o milagre acontecido a un bispo grego chamado Estevo que renunciou á súa dignidade episcopal para vir como peregrino a Compostela. Un día, cando estaba entregado á oración, viu como un grupo de peregrinos invocaba a Santiago chamándolle cabaleiro. Estevo díxolles que debían chamarlle pescador e non cabaleiro ao santo. Así e todo, esa mesma noite aparecéuselle nun soño o “Apóstolo, vestido de branquísimas roupas e cinguido con armas militares que refulxían máis cós raios do sol, convertido en perfecto cabaleiro, e ademais con dúas chaves na man. E chamándoo tres veces, faloulle así: –Estevo, servo de Deus, que mandaches que non me chamasen cabaleiro, senón pescador, por iso me aparezo nesta forma para que non dubides máis de que milito ao servizo de Deus e son o seu atleta e que na loita contra os sarracenos marchó á cabeza dos cristiáns e saio vencedor por eles. Consegúin do Señor ser protector e auxilio de todos os que me aman e invocan de todo corazón en todos os perigos. E para que creas isto máis firmemente, con estas chaves que teño na man abrirei

109. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro IV, capítulo I, p. 396.

110. *Ibidem*.

111. *Idem*, Libro IV, capítulo II, p. 397.



Imaxe do Santiago matamouros no Códice Calixtino

mañá ás nove as portas da cidade de Coimbra que leva sete anos asediada por Fernando, rei dos cristiáns, e, unha vez que entren nela, devolveréillela ao seu poder. Dito isto, esvaeceuse da súa vista”<sup>112</sup>.

Por outra parte, a *Primera Crónica General*, recolle unha nova aparición de Santiago nun soño do rei Ramiro I (842-850), a noite antes da mítica batalla de Clavijo, ao que lle anuncia a súa aparición como *miles Christi* dacabalo no combate para axudar o seu exército. “Sepas que Nuestro Sennor Jhesu Cristo partio a todos los otros apostoles mios hermanos et a mi todas la otras prouincias de la tierra, et a mi solo dio a Espanna que la guardasse et la amparasse de manos de los enemigos de la fe [...]. Rey Ramiro, esfuerça en tu coraçon, et sey bien firme et fuerte en tus fechos, ca yo so Yague, el apostol de Jhesu Cristo et vengo a ti por ayudarte contra estos tus enemigos. Et sepas por uerdad que tu uençras cras en la mannana con el ayuda de Dios a todos estos moros que te agora tienen cercado. Et digote que tomaran y muerte muchos de los tuyos, a los que esta apareiada la gloria de dios et la su folgança que siempre durara. Et por que non dubdes nada en esto que te yo digo uer medes cras andar y en la lid en un caualllo blanco con una senna blanca, et gran espada reluzient en la mano. Et uos luego por la grand mannana confessaruos edes de todos uestros peccados muy bien, et recibredes el cuerpo et la sangre de Nuestro Sennor Dios et nuestro Saluador; et pues que esto ouieredes fecho, non dubdedes nada de yr ferir en la hueste de los barbaros, llamando «Dios, ayuda, et sant Yague», ca ciertamiente sepas que todos los metredes a espada et los mataredes”<sup>113</sup>. No medio da batalla, os cristiáns, “quando uieron a sant Yague, fueron muy esforçados, et fiando en el ayuda de Dios et del apostol sant Yague, començaron de ferir en los moros muy de rezio, dando grandes uozes et diziendo: «Dios, ayuda, et sant Yague». Los moros fueron luego al ora uençidos; et murieron y bien LXX uezes mill dellos, assi como cuenta la estoria. Et los otros que escaparon, fuxieron todos los que pudieron foyr”<sup>114</sup>.

A defensa que desde a literatura española se fixo da figura de Santiago como protector de España fronte aos ataques sarracenos, parece darlle a razón a Castela. Miguel de Cervantes no capítulo LVIII da segunda parte do *Quijote* faille dicir ao seu protagonista: “Este gran caballero de la cruz bermeja háselo dado Dios a España por patrón y amparo suyo, especialmente en los rigurosos trances que con los moros los españoles han tenido, y así lo invocan y llaman, como defensor suyo, en todas las batallas que acometen, y muchas veces le han visto visiblemente en ellas, derribando, atropellando, destruyendo y matando los agarenos [sarracenos] escuadrones; y desta verdad te pudiera traer muchos ejemplos que en las verdaderas historias españolas se cuentan”<sup>115</sup>. Así e todo, Sancho, coa súa retransa e presunta inxenuidade, destrúe un pouco

112. *Idem*, Libro II, capítulo XIX, p. 268 e 269.

113. Véxase MENÉNDEZ PIDAL, R. (ed.): *Primera crónica general: Estoria de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289*, Madrid, 1906, p. 360.

114. *Ibidem*.

115. RIQUER MORERA, M. DE (ed.): *Miguel de Cervantes. Don Quijote de la Mancha segunda parte*, Barcelona, 1994, capítulo LVIII, t. II, p. 1150.



o mito cando lle pide que lle diga “qué es la causa por que dicen los españoles cuando quieren dar alguna batalla, invocando aquel san Diego Matamoros, «¡Santiago y cierra España!». ¿Está por ventura España abierta, y de modo que es menester cerrarla, o qué cerimonia es ésta?”<sup>116</sup>, o que provoca a desesperación de don Quijote co seu escudeiro.

Tamén se refire, utilizando a lira, frei Luís de León ao apóstolo Santiago como defensor das hostes cristiás nos seus enfrontamentos cos exércitos sarracenos na súa oda XX titulada *A Santiago*: “Siempre venció tu espada, / o fuese de tu mano poderosa, / o fuese meneada / de aquella generosa / que sigue tu milicia religiosa”<sup>117</sup>.

Pola súa banda, Francisco de Quevedo y Villegas, cabaleiro da Orde de Santiago, fai unha afervorada defensa do padroado único do Apóstolo en España, no seu *Memorial por el Patronato de Santiago* e négalles ao monarca e mais ás Cortes do Reino o poder para nomear outro patrón, xa que afirma que nin “el Reyno, ni sus Procuradores no dieron el Patronazgo a Santiago, antes Santiago dio a vos el Reyno, quitándolo con la espada a los Moros, a quien le dieron los pecados de aquel Rey que mereció tal castigo. Pues cómo, Señor, quitará, o limitará, o disminuirá el Reyno a Santiago lo que le dio y le deue, lo que es suyo por expresa voluntad de Cristo. ¿Cómo puede el Reyno, que es patrimonio de Santiago, diuidirse con otra persona? Son las Españas bienes castrenses, ganados en la guerra por Santiago, y las leyes que amparan en ellos a cualquier soldado particular, perderán su fuerza en este general, y caudillo, a quien nos deuemos todos por compra, a quien somos deudores de la libertad, y la Fé de lo humano y, de lo divino. Vos, Señor, le deueis las coronas que ya ceñís multiplicadas. Los Procuradores de Cortes, el Reyno en que son Tribunal. Los Templos, no ser mezquitas. Las ciudades, no ser abominación. La República y santo Gobierno, no ser tiranía. Las almas, no ser mahometanas ni idólatras. Las vidas, no ser esclavas”<sup>118</sup>.

Así e todo, unha gran muller, galega e galeguista coma o que máis, defendeu tamén a imaxe do Santiago matamouros ao que lle cantou nun dos seus poemas do libro *En las orillas del Sar*, que fixo en castelán: “Volví entonces el rostro, estremecida, / hacia donde atrevida se destaca / del Cebedeo la celeste imagen, / como el alma del mártir, blanca y bella, / y vencedora en su caballo airoso, / que galopando en triunfo rasga el aire”<sup>119</sup>.

Esta imaxe guerreira do Santiago matamouros fixo que o Apóstolo fose considerado como protector dos cristiáns na súa loita contra os musulmáns na Reconquista e a súa Igrexa beneficiada co Voto de Santiago que encheu as súas arcas, aínda que a súa axuda non sempre foi suficiente contra estes inimigos, xa que ás veces, consonte nos di con retransa a copla popular: “Vinieron los sarracenos / y nos molieron a palos, / que Dios ayuda a los malos / cuando son más que los buenos”.

116. *Ibidem*.

117. LEÓN, F. L. DE: “A Santiago”, en ALCINA, J. F. (ed.): *Fray Luis de León. Poesía*, Madrid, 1997, p. 175.

118. Tomado de GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Camino...*, op. cit., p. 174.

119. CASTRO, R. DE: “Santa Escolástica”, en *En las orillas del Sar*, Librodot.com, p. 52.



Huidobro y Serna asegura que “o número destas imaxes do Santiago matamouros é indiscutiblemente maior, mesmo en Galicia, que o das de Santiago pobre e peregrino”<sup>120</sup>. De igual xeito, aínda que en menor cantidade, aparecen estas imaxes do matamouros en Portugal, porque alí foi invocado tamén, consonte vimos antes en Coimbra, como protector do seu exército contra os sarracenos.

Sen cabalo pero como soldado que brande a espada coa man dereita contra o Demo para recuperar a alma dun dos seus peregrinos foi representado tamén no xa citado milagre de Xiraldo do *Códice Calixtino*<sup>121</sup> e nunha das *Cantigas de Santa María*<sup>122</sup>, que é ilustrada por unha fermosa miniatura na edición orixinal do século XIII.



Miniaturas das *Cantigas de Santa María* e o *Liber Consortii Sancti Iacobi apostoli de Galitia*

Así e todo, a figura de Santiago dacabalo non sempre aparece relacionada coa imaxe belicosa. O propio *Códice Calixtino* conta nun dos milagres realizados por Santiago que no ano 1080 da Reencarnación do Señor un grupo de trinta cabaleiros decidiu peregrinar desde Lorena a Compostela e prometéronse, todos menos un, axuda mutua no Camiño. Un deles, aflixido pola enfermidade en Gascuña, foi levado polos seus compañeiros ata Cize, onde o abandonaron porque xa lles resultaba unha carga demasiado pesada. Só quedou con el o que non se comprometera a nada. Este bo peregrino cargou co seu compañeiro ata o cume do monte e esa mesma noite o enfermo morreu. O peregrino invocou a protección de Santiago e este chegou onda eles dacabalo. O Apóstolo montou os dous peregrinos na súa cabalgadura e levounos nunha soa noite ata o Monte do Gozo e díxolle ao seu peregrino que falase cos cóengos da catedral para que lle desen sepultura ao seu compañeiro morto, que volvease a súa casa e que cando no Camiño se encontrase

120. HUIDOBRO Y SENRA, L.: *Las peregrinaciones jacobas*, t. I, Bilbao, 1999, p. 288.

121. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, capítulo XVII, p. 363-366.

122. METTMANN, W. (ed.): *Cantigas...*, p. 176-179.

cos seus traidores compañeiros lles dixese que a súa peregrinación xa non lle agradaba ao santo cuxos restos ían venerar en Compostela e que terían que confesarse e arrepentirse para poder continuar a súa viaxe piadosa. Despois de confesar e cumprir a penitencia que lles impuxo o bispo de León, foron xa arrepentidos a Santiago<sup>123</sup>. A representación deste milagre está recollida nunha miniatura do *Liber Consortii Sancti Iacobi appostoli de Galitia*, do ano 1399, conservado na Biblioteca Palatina de Parma.

Pola súa parte, Federico García Lorca, co gallo da celebración da festa do Apóstolo, o vinte e cinco de xullo de 1918, escribiu o seu poema *Santiago. Balada ingenua*, talvez inspirado neste milagre do *Códice Calixtino*, no que describe a súa figura dacabalo, sucando o Ceo, pero non como matamouros, senón máis ben como peregrino celeste: “Esta noite ha pasado Santiago / su camino de luz en el cielo. / Lo comentan los niños jugando / con el agua de un cauce sereno. // ¿Dónde va el peregrino celeste / por el claro, infinito sendero? / Va a la aurora que brilla en el fondo / en caballo blanco como el hielo. // [...] // Ella vio en una noche lejana / como ésta, sin ruidos ni vientos, / al apóstol Santiago en persona, / peregrino en la tierra del cielo. // –Y comadre, ¿cómo iba vestido? / le preguntan dos voces a un tiempo. // –Con bordón de esmeraldas y perlas / y una túnica de terciopelo. // [...] // Era dulce el Apóstol divino, / más aún que la luna de enero. / A su paso dejó por la senda / un olor de azucena y de incienso”<sup>124</sup>.

Por outra banda, no Parlamento de Galicia, á esquerda da porta de entrada, hai unha imaxe pétrea cun marcado hieratismo de Santiago barbado, dacabalo, sentado coma se estivese no trono celeste, con túnica e esclavina de peregrino adornada con dúas cunchas de vieira, coa auréola da santidad na cabeza e bendicindo coa man dereita, que é unha síntese das tres figuras de Santiago, a galega en maxestade, a europea de peregrino e a española dacabalo.



Imaxe de Santiago no Parlamento de Galicia

123. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, capítulo IV, p. 344 e 345.

124. Tomado de GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *Camino...*, op. cit., p. 59.

#### 4. IMAXES DO NOSO PADROEIRO NA VILA DE PONTEDEUME

Os tres modelos iconográficos de Santiago dos que falaba Castelao foron tamén plasmados na vila de Pontedeume. A representación galega do Apóstolo en maxestade está esplendidamente esculpida en pedra no corpo central do retablo do altar maior da igrexa parroquial e no cruceiro da praciña das Angustias, e finamente labrada en madeira no lado do Evanxeo do retablo do altar maior da capela das Virtudes. O modelo europeo de peregrino aparece na igrexa parroquial, na nave do Evanxeo, no ático do retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Pola súa parte, a imaxe española de Santiago matamouros foi mandada gravar en relevo polo arcebispo Bartolomé Rajoy (1751-1772) na fachada da igrexa parroquial eumesa cuxa reedificación patrocinou e pode verse tamén no magnífico conxunto escultórico procesional realizado segundo o modelo que evoca a mítica batalla de Clavijo e se garda, case clandestinamente, na entrada deste templo, no lado do Evanxeo.

Fóra da vila, pero no Concello de Pontedeume, hai unha valiosa talla en madeira de Santiago peregrino no altar maior da igrexa parroquial de Boebre, e nos fustes pétreos dos cruceiros do Muíño, na parroquia de Santa María de Centroña, e do Falucho, no Camiño de Breamo, na antiga casa do noso lembrado Tito Ríos, aparece tamén labrada esta imaxe do Apóstolo co Libro e o bordón coa cabaza. Nos cruceiros chantados nos adros parroquiais de Santiago de Boebre e de Santa María de Centroña, están así mesmo esculpidas en maxestade, no fuste, dúas representacións do Apóstolo sedente no trono celestial. Ademais, a nave do Evanxeo da igrexa parroquial de Santiago de Boebre alberga, exento, un sinxelo conxunto procesional de Santiago cabaleiro brandindo a súa espada vencedora contra os mouros infieis e o lábaro do exército cristián do rei Ramiro I (842-850) ao que socorreu na batalla de Clavijo.

##### *a) A “galega” de Santiago sedente e en maxestade*

Ademais da imaxe de Santiago sedente e en maxestade do cruceiro das Angustias, xa estudada polo miúdo noutro traballo<sup>125</sup>, hai nos retablos dos dous altares maiores das igrexas da vila senllas representacións do Apóstolo destas características; unha pétrea no templo parroquial e outra en madeira na capela das Virtudes.

Na encrucillada da praciña das Angustias, en pleno Camiño Inglés a Compostela ao seu paso pola vila, está chantado desde 1950 o cruceiro das Angustias, que aloxa no seu reverso, na cruz que non no fuste como era habitual, a figura sedente e en maxestade do apóstolo Santiago, debaixo da Piedade con Cristo no seu colo.

A imaxe de Santiago, sentado no trono da gloria, parece facer de atlante da Virxe das Angustias que acolle o seu Fillo e Redentor do mundo no regazo. O corpo do Apóstolo

125. FONTE SARDIÑA, J.: *Os cruceiros coa imaxe do apóstolo Santiago no Concello de Pontedeume*, “Cátedra”, 18, Pontedeume, 2011, p. 7-44, especialmente p. 30-32.



Santiago sedente e en maxestade no cruceiro das Angustias

está labrado con moito menos detalle que o seu rostro. Porta sobre os ombreiros unha especie de capa ou esclavina. Na súa man dereita, na que apenas se distinguen os dedos, sostén o filacterio enrolado, que leva escrita a mensaxe evanxélica que ten que transmitir, e apoia a súa esquerda, tamén pouco traballada polo cicel do canteiro pontevedrés Daniel Pazos e desgastada polas inclemencias do tempo, no bordón en forma de tau que descansa sobre a cabeza dun anxo que lle fai de atlante. Así e todo, o canteiro puxo maior esmero ao esculpir o rostro de Santiago, que mostra unha media melena que non lle chega aos ombreiros, unha barba moi ben coidada e recortada, o nariz lixeiramente afiado, os beizos carnosos e a mirada serena e apracible, porque goza xa da gloria eterna por mor do seu martirio pola espada. As figuras da Piedade con Cristo morto, que aparecen no reverso, e de Xesús encravado, san Pedro e san Xoán, que se atopan no anverso, así como as cabezas dos anxos alados e o escudo de Pontedeume que se gravou no fuste mostran a boa man e a habelencia co cicel do canteiro Daniel Pazos.

O retablo maior da igrexa parroquial está presidido por unha imaxe de pedra, con restos de policromía no rostro e na túnica, que representa a Santiago sedente no trono da gloria, co báculo en forma de tau, adornado e asemade protexido polo *panissellus*, na man dereita e, na esquerda, un filacterio que recolle o nome de S. YACOCO, sinalado polo seu ríxido dedo índice. O seu rostro preséntase sereno, con roibas meixelas que o fan aínda máis apracible, a barba con crechos pero moi ben coidada e o cabelo teso, con raia ao medio, que deixa ver as súas orellas e lle chega case aos ombreiros. Viste unha túnica con amplos pregamentos, de colo redondo e con restos de policromía, na que se albiscan os tons verdes, que non lle chega a cubrir os pés espidos, símbolo da pobreza e humildade coa que Cristo os mandou a predicar.

Esta peza, de mediados do século XIV, garda unha gran semellanza coas imaxes pétreas de Santiago sedente e en maxestade máis ou menos contemporáneas de Ribadavia, Pontevedra, A Pobra do Deán ou Sigrás, e está como elas inspirada no Santiago que comparte espazo con Pedro, Paulo e Xoán nas xambas da esquerda do Pórtico da Gloria da catedral compostelá e no parteluz do propio pórtico. Así e todo, o Santiago pétreo de Pontedeume e os seus compañeiros xa citados presentan unha maior rixidez e hieratismo que as figuras do Pórtico da Gloria, malia seren bastante posteriores ás marabillas realizadas polo Mestre Mateo na apostólica e metropolitana catedral.

No informe da súa visita a Pontedeume o once de xuño de 1611, o visitador diocesano Jerónimo del Hoyo constata que se achegou ao altar maior “y le allo adornado y compuesto con frontal de damasco y por encima sus manteles y una custodia de talla con Retablo de pincel y en medio la imagen del glorioso Apostol Santiago de talla grande y en el plano de delante una imagen de nuestra ss<sup>a</sup> bestida con una gorguera verde”<sup>126</sup>.

Nun documento datado o dezanove de marzo de 1684, conservado no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña referido a Pontedeume e exhumado pola investigadora Lucía Costas Fernández, o historiador De Castro Álvarez constatou que o Concello de

126. Pode verse en CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 144.



Pontedeume realizou unha poxa para adxudicar a obra de restauración e composición das pinturas do ciclo mariano incorporadas ao retablo maior da igrexa parroquial, no que, entre outras condicións, se dicía: “Hase de dorar y pintar el santo apostol al olio y estofado, y lo mismo la caja y nicho”<sup>127</sup>. A obra adxudicóuselle ao pintor coruñés Juan Sánchez de Boado, por un importe de tres mil douscentos reais de vellón e o contrato foi asinado o vinte de marzo dese mesmo ano; así e todo, Juan Sánchez de Boado cedulle un día máis tarde a realización do traballo ao pintor betanceiro Antonio Martínez de Segade, co que o Concello de Pontedeume asinou un novo contrato polos mesmos tres mil douscentos reais de vellón<sup>128</sup>.

Anos máis tarde, segundo afirman De Castro Álvarez e Vázquez Arias, “nas contas de 1732-1734 consta que se pagaron trinta reais por arroibar o rostro e mais as mans” desta imaxe pétrea de Santiago<sup>129</sup>.

Non se sabe con certeza o momento no que foi retirada do retablo maior esta imaxe. Ao meu ver, o máis probable é que fose soterrada na capela maior contra 1758, ano no que, consonte consta no sepulcro de Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, foron trasladados os desposos do conde á nave do Evanxeo da devandita capela maior. Na inscrición gravada no tímpano do arco que acolle o sartego di: AQVI IACE / EL EXMO S. D. FERNANDO / DE ANDRADE. CONDE DE VILLALBA / S. DE PVNTEDHEVME Y FEROL QVE FVE ENTERA / DO EN VN PANTEON DENTRO DE LA CAPI-LLA MR. / DE ESTA YGLESLA EN XI DE OTVBRE DE 1540 Y SE / TRASLADARON SVS HVESOS EN ESTE NICH / EN 28 DE FEBRERO DEL ANO DE 1758. En 1763 remataron as obras de reedificación do templo, pero o tabernáculo, presidido por unha nova imaxe en madeira do apóstolo Santiago como peregrino, debeuse levantar en 1758, xa que o Santísimo Sacramento, que por mor das obras fora trasladado provisionalmente



Imaxe pétrea de Santiago sedente do altar maior do templo parroquial de Pontedeume

127. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 79.

128. *Idem*, p. 79-86.

129. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ÁRIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 54.



o vinte e dous de xaneiro de 1756 á capela de San Roque, situada na actual praza do mesmo nome, coñecida tamén pola Calzada, regresou á capela maior de Santiago de Pontedeume o dezasete de febreiro de 1758.

A vella imaxe pétreo de Santiago sedente e en maxestade foi exhumada nos traballos de remodelación do presbiterio en 1961, que supuxeron a desaparición do tabernáculo, e seis anos máis tarde, en 1967, colocada enriba do sagrario, presidindo o altar maior, onde hoxe permanece.

Pola súa parte, na capela das Virtudes, situada tamén na parroquia de Santiago de Pontedeume, o seu retablo maior<sup>130</sup>, de finais do século XVII ou principios do XVIII, acolle na fornela central do lado do Evanxeo deste espléndido moble barroco unha pequena imaxe, probablemente labrada por esas mesmas datas, pouco coñecida e un aquel desproporcionada, pero moi interesante desde o punto de vista iconográfico, de Santiago sedente e en maxestade.

O seu rostro barbado, sen a auréola que simboliza a santidad, presenta un peiteado que lle divide pola metade os longos cabelos que lle chegan aos ombreiros e deixa asomar con claridade a orella esquerda, mentres que a dereita está tapada polo bordón que sostén coa man destra. A súa faciana mostra unha grande expresividade nos seus enormes ollos abertos e serenos, que contrasta co hieratismo do resto da talla. A barba aparece recortada e ben coidada e deixa ver un carnoso beizo inferior que lle proporciona viveza e mesmo tenrura á súa expresión. A policromía de toda a cabeza está moi ben coidada e conservada e contribúe á sensación de realismo que transmite o seu rostro.

O Apóstolo viste unha túnica verdosa, sen moitos pregamentos, aberta polo peito e leva tamén enriba dela unha esclavina das mesmas tonalidades que lle cobre os ombreiros, atada no colo por un fino cordón. Aparece sentado no trono celestial, aínda que a rixidez da figura non deixa percibir os xeonllos dobrados propios desta postura. Uns rudos e grandes zapatos escuros, moi pouco traballados polo autor da talla, asoman por debaixo da túnica e tapan uns pés bastante desproporcionados.

As mans son enormes e desproporcionadas, como os pés, e tan rudimentariamente executadas que non parecen labradas pola mesma gubia que se encargou de realizar o rostro. Coa esquerda, suxeita o filacterio, que levaría impresas as Sagradas Escrituras, que mostran o modelo de vida que teñen que seguir os que queiran alcanzar o reino celestial, ou o nome que identifica o santo Apóstolo ao que cómpre imitar para lograr a salvación e que sinala co seu índice. Os ríxidos dedos da dereita sosteñen un orixinal bordón vermello que ten a forma da cruz espataria da Orde de Cabaleiros de Santiago, que tamén levan bordada os cóngos do Cabido catedralicio compostelán, e representa, por unha banda, a cruz salvadora de Cristo Redentor e, pola outra, a espada do martirio de Santiago que o fixo merecente do trono de Gloria que ocupa na talla. A Orde de Santiago tiña encomendada a

130. Dous magníficos estudos do retablo maior da capela das Virtudes poden verse en CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ÁRIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 16; e LÓPEZ CALVO, X. A.: *O retablo maior da igrexa das Virtudes de Pontedeume: Funcións e programa iconográfico*, "Cátedra", 14, Pontedeume, 2007, p. 155-167.



Imaxe en madeira de Santiago en maxestade no altar maior da capela das Virtudes

defensa dos peregrinos a Compostela, mesmo coa espada se fose preciso, e exercía con eles as virtudes da caridade e a hospitalidade que caracterizan os Camiños Xacobeos.

Por outra banda, esta cruz vermella con forma de espada aparece tamén gravada no chan da nave central do templo parroquial de Santiago de Pontedeume, á altura do cruceiro.

### *b) A “europea” de Santiago peregrino*

Como xa se dixo, o tabernáculo que acolleu esta talla eumesa de Santiago peregrino debeuse levantar contra o 1758 e as obras puideron comezar dous anos antes, no 1756, cando fora trasladado o Santísimo Sacramento á capela de San Roque. O dezasete de febreiro de 1758 xa debía estar listo o tabernáculo pois foi o día que en regresou á capela maior da igrexa parroquial Xesús Sacramentado.

O visitador da arquidiocese, don Juan Varela Fondevila y Vereá, no informe da súa visita á parroquia de Pontedeume o catro de agosto de 1771, manda que “se haga custodia areglada a la mesa de Altar con Tabernaculo que suba hasta la segunda cornisa, y que sobresalga de modo que quede descubierta la Ymagen del Santo Apostol que esta en medio; que esta se retoque y las dos de los lados de Sn. Pedro y Sn. Pablo”<sup>131</sup>.


Finalmente, outro documento do Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña referido a Pontedeume, datado o vinte e sete de decembro de 1799, constata unha intervención no tabernáculo da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume, realizada polo pintor eumés Bernabé Prieto Solís, na que se contemplaba que “el sobredicho lo ha de practicar con oro de la mexor calidad que se encuentre a satisfacion de persona yntelixente que dho Sr Rector quiera nombrar al efecto, comprehendiendose en el motivado Dorado la imagen del Apostol Santiago estofado”<sup>132</sup>.

O ático do retablo do Sagrado Corazón de Xesús, situado na nave do Evanxeo da igrexa parroquial, alberga desde o ano 1969 en que foi retirado o tabernáculo do altar maior coas súas imaxes, esta talla de Santiago peregrino. Porta na súa man dereita o bordón coa cabaza que lle excede con moito a cabeza e no que semella apoiarse, e na esquerda, o Libro que lle corresponde á súa condición apostólica, que lle encomendaba a misión de predicar o Evanxeo. O Apóstolo preséntase nimbado, coa esclavina verde de peregrino decorada con cunchas de vieira, capa vermella e túnica parda con amplos pregamentos. O pé dereito está oculto e o esquerdo, espido, aparece pousado sobre unha pedra e mostra o xeonllo desa perna zurda, lixeiramente dobrado, coma se estivese camiñando. O seu rostro barbado reflicte serenidade e paz espiritual, a dun home que acadou o premio da salvación por mor do seu martirio, e mira confiado ao infinito. Un anxo a cadanseu lado, repoludos, con grandes ás, espidos e sentados sobre senllas cunchas de vieira, acompañano desde o Ceo.

131. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ÁRIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 176.

132. *Idem*, p. 192.

O lugar do actual retablo do Sagrado Corazón de Xesús estaba ocupado, consonte o informe da súa visita a Pontedeume o catro de agosto de 1771, realizado por Juan Varela Fondevila, pola capela da Santísima Trindade “que es la quarta de la Nave al Lado del evangelio: es colatiba, y su Patrono dn. Bernardino Rioboó / vecino del Lugar de cavanás; Tiene dos misas rezadas cada semana que cumple dn. Antonio Lopez su capellan que certifico tenerlo ejecutado; está yndecente el Altar necesita retablo, y respecto se asentó que el Patrono avia comprado a la congregacion del clero uno que alli estaba arrimado, y tenia ajustado su colocacion con Gabriel da Veiga carpintero; Mandó su Iltma. que ymmmediatamente se hiciesse, pintando dicho retablo, y adornase de lo necesario con tablilla espresiba de las misas. no tiene hornatos suplenlos de la fabrica por que paga su situado. fué visitado el titº del capprn”<sup>133</sup>.



Retablo do Sagrado Corazón de Xesús e imaxe do Santiago peregrino do ático

Consonte afirman De Castro Álvarez e Vázquez Arias, o retablo “primeiramente estivo pintado de branco con reberetes dourados. A policromía actual, imitando mármoreos verdosos para os fondos e pardos para os encadres, é de 1969 [cando se trasladou ao seu ático esta imaxe de Santiago peregrino que estaba no tabernáculo] e foi obra, segundo nos informou don Pedro, de Andrei, pintor de Santiago”<sup>134</sup>.

Desde 1969 acompañan a imaxe de Santiago as tallas do Sagrado Corazón de Xesús, no fornelo central, a do Sagrado Corazón de María, no lado da Epístola, e a do copatrono da vila, San Nicolás de Tolentino, no do Evanxeo.

133. *Idem*, p. 177.

134. *Idem*, p. 89.

### c) A “española” de Santiago matamouros

Na vila de Pontedeume temos dúas imaxes de Santiago dacabalo, representado como *miles Christi*, cabaleiro ou matamouros, que se dispoñen no templo parroquial. Na monumental fachada aparece debaixo das torres esta figura do Apóstolo en relevo e na porta de entrada do lado do Evanxeo, que sempre permanece pechada, o fermoso malia que politicamente incorrecto paso procesional do século XVIII, realizado segundo os modelos do mestre José Gambino, ao que en 1771 se lle encargara o paso procesional do Nazareno que sae en Semana Santa e hoxe tamén se atopa, exento, no lado do Evanxeo do templo parroquial, entre os retablos da Virxe das Neves e o Cristo de Ánimas. Segundo o *Libro da Confraría das Dores*, folio 75, gardado no Arquivo parroquial de Santiago de Pontedeume, a directiva ordénalle o seis de xuño de 1771 a Gaspar Maldonado que lle encomende ao mestre compostelán José Gambino a execución deste paso procesional do Nazareno xa que “ofrece hazerlo con todas las figuras, Andas, juegos, y encarnaciones en dos mill y trescientos rreales acordaron lo encargue, y haga que se traiga con la mayor brevedad”<sup>135</sup>. O mesmo *Libro da Confraría das Dores*, folio 79, constata o día dous de novembro de 1771 que “el Sr. Dn Thomás Moreira Canonigo de Santiago, y hermano de esta Congregacion a cuja disposicion se halla encargado el Passo del Nazareno segun lo tiene expuesto antes de aora el Sr. Prior a quien se cometio escribio al dia de oy al presente ssrio. estaban a cabar las efigies, y figuras de dho Passo, y que por ello ya tenía entregado al maestro Gambino que lo haze un mill, y doscientos reales”<sup>136</sup>.

Cando se realizou a reedificación do templo parroquial de Santiago de Pontedeume, por mandato e patrocinio do prelado de Santiago de Compostela, o eumés Bartolomé Rajoy (1751-1772), segundo consta nun documento de vinte e un de setembro de 1761, gardado no Arquivo Histórico de Protocolos Notariais da Coruña, o que era daquela párroco eumés, don Tomás Moreira y Montenegro, por orde do arcebispo, contrátalle ao mestre canteiro Alberto Ricoy “la echura y fabrica de una torre alta y dos torrecillas, que se han de hacer y fabricar encima de la ultima Cornixa o chapitel que se alla en el frontis y fachada de la Yglesia Parroquial de esta dha villa, la qual de prosimo se yzo y fabricó, a Cimentis a costa y expensas del nominado Ylmo. ssor. a excepción de la Capilla mayor de ella, aunque el suelo de esta se Lossó y perfeccionó, y reedificaron sus cimientos y retablo a su misma costa, de la forma que al presente se alla [...]. Y para los remates de las tres tanvien dar las bolas de cobre, el mandar abrir el hexcudo de las Armas de su ex.<sup>a</sup> la exma. ssra. Condesa de Lemos y de Andrade, Dueña de estos hestados, sobre la Puerta principal de la referida Yglesia en las piedras que alli quedaron destinadas para ellas; y lo mismo la Ymagen de el Apostol Santiago a Cavallo devaxo de la Cornisa de la citada torre alta figura de medio Relieve”<sup>137</sup>.

135. *Idem*, p. 113.

136. *Idem*, p. 188.

137. *Idem*, p. 156 e 157.



Conta unha lenda que as torres simbolizan as tres cruces do Calvario<sup>138</sup>, con Cristo na central; Dimas, o bo ladrón, á dereita; e Xestas, o malfeitor, á esquerda; e que por iso a torre esquerda, que simboliza o mal, está un pouco inclinada<sup>139</sup>.

A imaxe en relevo de Santiago dacabalo que se aloxa na fachada debaixo da torre central do templo parroquial foi, moi probablemente, realizada polo mesmo mestre canteiro que se encargou da execución das torres, Alberto Ricoy, pola cantidade de oitenta mil reais de vellón. Estas obras terían que estar rematadas en dezaoto meses, a contar desde o vinte e un de setembro de 1761, data da realización do contrato. A cuarta condición que figuraba no contrato dicía que “toda hesta obra ha de principiar ha hacer ymediatamente donde la echa ynconcluyda a reglandose en un todo a la citada planta o mapa sin de ella faltar punto alguno, dentro de año y medio contando desde oy dia de la fecha, sin hescusa alguna, pena de pagar todos los daños, atrasos, perxuicios, costas y gastos que por su omisión se causaren”<sup>140</sup>.

Así e todo, malia que as obras non concluíran, o arcebispo Rajoy (1751-1772) consagrou a igrexa o día sete de setembro de 1761, consonte consta na caixa de chumbo colocada no centro do altar maior: “Anno Domini millessimo septingentesimo sexagessimo primo die de septima mensis Septembris: Ego Dominus Bartolomaes a Rajoy et Lossada, Dei, et Apostolicae Sedis gratia Archiepiscopus, et Dominus Compostellanus, Catholici Regis maior Capellanus, suaque Regiae Capellae [...] baptizatusque in hac Parochialis Ecclesia Sancti Iacobi vulgo de Punte de Heume eiusdem Dioecesis Compostellanae meis reedificata sumptibus, consecravi eam et Altare hoc in honorem Sancti Iacobi maioris dicte...”<sup>141</sup>, que podería traducirse como: “No sétimo día do mes de setembro do Ano do Señor de 1761: eu, don Bartolomé Rajoy y Lossada, arcebispo e señor da apostólica sé compostelá, pola graza de Deus, e capelán maior do rei católico e da súa real capela [...] e bautizado nesta igrexa parroquial chamada de Santiago de Pontedeume, así mesmo da diocese compostelá, reedificada á miña costa, consagrei esta e mais o altar na honra de Santiago, chamado o Maior”. Tamén se depositaron reliquias dos santos mártires Constancio de Perugia, Fortunato, Gaudencio e Modestino, e se lles concederon corenta días de indulxencia aos que visitasen a igrexa nese aniversario. No seu sermón, posto en oitavas polo cura de Fruíme don Diego Zernadas y Castro, o prelado eumés dicía: “¿Quién te diría, amada Patria mia, / quando de tí salí, solo Estudiante, / que

138. Así o refire con mestría Ramiro Fonte cando describe o regreso da procesión do Santo Encontro ao templo parroquial: “Ritmo de palitroques. Os monagos arrastran dous longos ríos de xente ben medrados. Soben pola rúa Real, acompañando as imaxes. O Paso volve soar como unha música de réquiem. Hai quen verá nas torres da nosa igrexa as tres cruces chantadas nun espido outeiroño de Xerusalén. Maldito Poncio Pilatos”; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Vigo, 2003, p. 219.

139. No lado esquerdo das representacións adoitaban estar os elementos negativos e no destro aparecían os positivos, como o sangue sacramental e fonte de vida vertido por Cristo na cruz e recollido, consonte as lendas artúricas, no cáliz do Santo Graal, relacionado co milagre do Cebreiro e que se atopa tamén no escudo de Galicia. Nas cruces con Cristo encravado, o pé dereito sempre está enriba do esquerdo. Segundo Vicente Risco, “o lobo non pode comer máis que a metade esquerda das súas vítimas, que é do Demo, e deixa sempre a dereita, que é de Deus”; cfr. MARTÍNEZ RISCO, V.: *Etnografía*, t. III das Obras completas de Vicente Risco, Galaxia, Vigo, 1994, p. 54.

140. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 156.

141. *Idem*, p. 58.



me habías de ver en este día / en una dignidad tan relevante? / La ambición mas audaz no llegaría / á pensar en fortuna tan distante: / mas la inmensa bondad de Dios alcanza / aun mucho mas allá de la esperanza. // ¿Quién te diría quando en mis niñeces / de este Templo en el Atrio travesaba, / y á su justo respeto algunas veces / con orgullo inocente no miraba, / que el alto Dios sobre estas pequenezas / su reedificación premeditaba? / Nadie, sino el que bien cargo se hiciere / que hace con su poder Dios quanto quiere”<sup>142</sup>.



Escudo de Fernando de Andrade enriba do que se indica que foi en 1763 cando remataron estas obras

As obras da fachada deberon rematar no ano 1763, se facemos caso da inscrición gravada enriba do escudo de armas dos Andrade. Como certifican De Castro Álvarez e Vázquez Arias, as tres torres, o Santiago dacabalo e o escudo déixanse seducir, malia que discretamente, polas veleidades da maquillaxe barroca e son unha concesión obrigada ao padroeiro da parroquia e ao conde do Fernando de Andrade, oitavo señor da vila, que mandara facer a capela maior do templo, onde quixo quedar sepultado<sup>143</sup>.

A imaxe en relevo de Santiago cabaleiro da fachada do templo parroquial está bastante deteriorada. O Apóstolo dacabalo viste o hábito de peregrino, cunha esclavina que lle cobre os ombreiros e está toucado cun típico sombreiro xacobeo adornado cunha cuncha de vieira. Vira o seu tronco cara á dereita e tamén fai así co seu rostro, de barba

142. Tomado de REGUEIRA, M.: *Semblanza e obra de catro poetas*, “Cátedra”, 8, Pontedeume, 2001, p. 92.

143. Cfr. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 63.

recortada e media melena, que semella mirar con ímpeto os seus inimigos que non aparecen na escena. Suxeita as bridas do cabalo coa man esquerda e levanta a dereita brandindo unha espada contra os inexistentes mouros. Parte das pernas do Apóstolo desapareceron por mor das inclemencias meteorolóxicas e o paso do tempo. O cabalo galopa brioso, coas patas traseiras fortemente fincadas no chan e as dianteiras, das que só conserva a esquerda, levemente flexionadas. A cara do animal está tamén moi deteriorada.



Santiago dacabalo na fachada da igrexa parroquial da que é padroeiro

Sobre o vello altar decorado profusamente con rocallas douradas e a cruz vermella de Santiago no centro, aparece o paso procesional coa imaxe central de Santiago matamouros. Montado nun branco corcel que levanta as súas patas dianteiras e lle machuca co corpo a cabeza a un infiel que fai de atlante e sostén do cabalo e o cabaleiro, está representado Santiago con barba recortada e media melena, que dirixe a súa impetuosa mirada cara á dereita. O Apóstolo, que acude en axuda das tropas de Ramiro I (842-850) na mítica batalla celebrada en Clavijo o vinte e tres de maio do ano 844, viste unha túnica gris azulada, debaixo da que asoman uns pantalóns vermellos que lle chegan aos xeonllos, e que cobre cunha esclavina escura, case negra, decorada con cunchas de vieira e reberetes dourados, e unha ampla capa vermella como o sangue derramado no seu martirio pola espada de Herodes, con xenerosos pregamentos. Calza botas negras de

soldado que non lle chegan ao pantalón e deixan espidas partes das súas pernas. Vai toucado cun sombreiro negro con reberetes dourados, tipicamente xacobeo, que leva no centro gravada unha cuncha de vieira tamén dourada. Porta na súa man esquerda o lábaro do exército cristián ao que socorre e, na súa destra, brande unha espada coa que derrota aos seus inimigos.

Aos seus pés aparecen, un á dereita e outro á esquerda, dous soldados saracenos chimpados e derrotados no chan que case non son quen nin de soste os seus alfanxes nas súas mans destras e visten roupas propias da milicia, negras e vermellas, e botas negras. O terceiro mouro, que fai de atlante, viste unha túnica verde baixo a que asoman uns pantalóns vermellos, que lle tapen media

perna, e calza unhas botas negras. Ten a cabeza esmagada polo corpo do cabalo e o seu rostro é a viva imaxe da derrota. Finca a súa perna esquerda no chan para se soste e dobra vencido o xeonllo dereito. Coa man destra tenta parar inutilmente a arremetida do cabalo e coa esquerda apenas pode soste dereito o seu alfanxe.

O cabalo, esporeado polo Apóstolo, chanta con firmeza as súas fortes e musculosas patas traseiras no chan e levanta, vencedor, as dianteiras, esmagando o inimigo.

Este paso procesional está inspirado nos modelos coetáneos que Gambino realizou en pedra no pazo de Raxoi de Santiago e en madeira na catedral compostelá, aínda que presenta unha calidade algo inferior.

Desde o século XVIII, a festividade de Santiago apóstolo era celebrada en Pontedeume o vinte e cinco de xullo cunha misa solemne e a procesión arredor do adro deste pesado paso. Así é lembrado polo eumés Juan Filgueiras Fernández, cóengo do Cabido da catedral compostelá, que constata a pouca relevancia da festa de Santiago en



Paso procesional de Santiago matamouros na igrexa parroquial de Pontedeume

comparación coas patronais e asegura que “houbo moitos párrocos celosos que intentaron, nos nosos días, restaurar o esplendor da festa do padroeiro principal. Persoalmente, lembro como na nosa infancia se nos levaba a participar nas vésperas litúrxicas do patrón, así como, o día da festa, a asistencia á misa solemne e, deseguido, á procesión coa imaxe de Santiago dacabalo, representación da batalla de Clavijo. Curiosamente, o que chamaba a atención era admirar a fortaleza dos portadores desta imaxe, que, por ser moi pesada, eran considerados como auténticos heroes. Por iso, a procesión discorría só polo adro da igrexa”<sup>144</sup>. Na actualidade, a procesión foi suprimida.

## 5. OUTRAS REPRESENTACIÓNS XACOBÉAS NA ICONOGRAFÍA EUMESA

Ademais das imaxes do apóstolo Santiago das que acabamos de falar, hai na vila de Pontedeume unha rica iconografía xacobeá, representada na Virxe Peregrina de pedra que se dispón no adro parroquial; a Virxe do Pilar do interior do templo que aparece no retablo de Santa Lucía; as cunchas de vieira que adornan a fachada parroquial e unha das ventás traseiras da capela das Virtudes; nas portas da igrexa principal, nas que atopamos, entre outros elementos, vieiras, bordóns, zurróns, o santo sepulcro e a luminaria que o anunciou, a espada do martirio ou a coroa de loureiro que representa a Santiago como triunfador sobre a morte polo seu sacrificio; na cruz vermella con forma de espada gravada no solo na nave central da igrexa; en santos taumatúrxicos aloxados no templo parroquial e relacionados co Camiño de Santiago, como Catarina, Lucía, Brais ou Ramón; en santos peregrinos e viaxeiros, como Roque, Francisco de Asís, Xosé ou Cristovo; en santos venerados, consonte afirma o *Códice Calixtino*, no Camiño Francés, como Nicolás de Bari ou Xoán o Bautista; e mesmo en compañeiros de Santiago no Colexio Apostólico, como o seu irmán Xoán o Evanxelista, Pedro ou Paulo, que escapan do obxectivo deste traballo pero teñen unha gran relación co noso padroeiro e a peregrinación xacobeá.

## 6. BIBLIOGRAFÍA

- ALBANI, N.: *Viaxe de Nápoles a Santiago de Galicia*, Santiago de Compostela, 2007.  
 ALCINA, J. F. (ed.): *Fray Luis de León. Poesía*, Madrid, 1997.  
 ARRIBAS BRIONES, P.: *Pícaros y picaresca en el Camino de Santiago*, Burgos, 1993.  
 Balsa de la Vega, R.: *El apóstol Santiago ante el arte*, “Boletín de la Real Academia Gallega”, 40, A Coruña, 1910, p. 83 e 84.  
 CABANA YANES, D. X. (trad.): *As floriñas de san Francisco*, Santiago de Compostela, 2013.

144. Tomado e traducido de FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 33.

- CABANILLAS, R.: *Da terra asoballada*, primeira edición de 1917, A Coruña, 2001.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura de las pinturas del retablo mayor de la iglesia parroquial de Santiago de Pontedeume*, “Cátedra”, 17, Pontedeume, 2010, p. 71-86.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003.
- CASTRO, R. DE: *Follas Novas*, primeira edición de 1880, A Coruña, 2001.
- CASTRO, R. DE: *En las orillas del Sar*, primeira edición 1884, Librodot.com.
- CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A ponte do Ume II*, en “Cátedra”, 7, Pontedeume, 2000, p.7-44.
- CRESPO CAAMAÑO, C. (ed.): *Viaje a Poniente. Domenico Laffi Boloñés*, Santiago de Compostela, 1991.
- FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994.
- FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Vigo, 1998.
- FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 31-39.
- FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Vigo, 2003.
- FONTE SARDIÑA, J.: *Os cruceiros coa imaxe do apóstolo Santiago no Concello de Pontedeume*, “Cátedra”, 18, Pontedeume, 2011, p. 7-44.
- FONTE SARDIÑA, J.: *Tradición xacobeá en Pontedeume, una vila medieval no Camiño Inglés cara a Santiago de Compostela*, “Cátedra”, 20, Pontedeume, 2013, p. 201-262.
- GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura manierista en Galicia*, A Coruña, 1986.
- GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *Camino de Santiago, patrimonio mundial*, Santiago de Compostela, 2004.
- GARCÍA MERCADAL, J. (ed.): *Viajes extranjeros por España y Portugal*, Salamanca, t. III, 1999.
- HUIDOBRO Y SERNA, L.: *Las peregrinaciones jacobas*, Bilbao, 1999.
- LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 729-771.
- LÓPEZ CALVO, A.: *O retablo maior da igrexa das Virtudes de Pontedeume: Funcións e programa iconográfico*, “Cátedra”, 14, Pontedeume, 2007, p. 155-167.
- LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. VII, Santiago de Compostela, 1905.
- MACÍAS, J. M. (trad.): *Santiago de la Vorágine. La leyenda dorada*, t. I, Alianza Editorial, Madrid, 1987.
- MARTÍNEZ RISCO, V.: *Etnografía*, t. III das Obras completas de Vicente Risco, Galaxia, Vigo, 1994.



- MENÉNDEZ PIDAL, R. (ed.): *Primera crónica general: Estoria de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289*, Madrid, 1906.
- METTMANN, W. (ed.): *Cantigas de Santa María. Alfonso X, o Sabio*, t. I, Vigo, 1981.
- NOVONEYRA, U.: *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña, 1999.
- OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004.
- OTERO TÚÑEZ, R.: *Rajoy, constructor*, "Cátedra", 8, Pontedeume, 2001, p. 57-78.
- PRESAS BARROSA, C.: *Las Ofrendas Nacionales a Santiago Apóstol, Patrón de España (1949-2001)*, Santiago de Compostela, 2002.
- REGUEIRA, M.: *Semblanza e obra de catro poetas*, "Cátedra", 8, Pontedeume, 2001, p. 79-99.
- RIQUER MORERA, M. DE (ed.): *Miguel de Cervantes. Don Quijote de la Mancha segunda parte*, primeira edición 1615, Barcelona, 1994.
- RIVERA PEDREDO, D. (ed.): *Álvaro Cunqueiro. 100 artigos*, A Coruña, 2001.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *Sempre en Galiza*, primeira edición 1944, t. II, A Coruña, 2001.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *As cruces de pedra na Galiza*, primeira edición 1950, Vigo, 1984.
- SANTOS OTERO, A. DE (ed.): *Los Evangelios Apócrifos*, Madrid, 2001.
- SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Pellegrino e nuovo apostolo. San Francesco nel Cammino di Santiago*, Santiago de Compostela, 2013.



# UN PROTOCOLO NOTARIAL, DE 1784, SOBRE LA PERIPECIA ARQUITECTÓNICA DE CAAVEIRO

Carlos de Castro Álvarez

---

## 1. INTRODUCCIÓN: UN LARGO PROCESO DE INVESTIGACIÓN

Visité Caaveiro por primera vez en 1989. Me pareció un sitio extraño, difícil de ubicar en el edificio de mi saber académico. ¿Un monasterio?, ¿dónde estaba el claustro y la sala capitular?, ¿qué pintaban dentro de un monasterio aquellas casas? La iglesia resultaba excesivamente pequeña. Una cosa parecía evidente: el aislamiento había marcado la vida de aquel cenobio o lo que fuese y la mezcla de estilos denotaba una prolongada vida. Así me lo confirmó lo que por entonces eran las publicaciones de más fácil acceso: la Historia de Couceiro y la Gran Enciclopedia Gallega. Otra pregunta: ¿a qué se debía tanto abandono?

El 1995 comencé a estudiar el románico de la comarca eumesa y pronto me di cuenta de que sin acceder a la documentación monástica de los monasterios de san Juan de Caaveiro y santa María de Monfero el estudio adolecería de serias carencias, y no solo porque una de las iglesias de estudio fuese Caaveiro, sino, sobre todo, porque en la documentación del monasterio, de los dos monasterios, estarían las menciones más antiguas de los edificios a estudiar y las fuentes escritas más antiguas para conocer la historia de la comarca.

El progreso en la investigación, además de hacerme ver que aquellas publicaciones no eran las únicas, me puso en una situación favorable para propiciar, mediante una publicación que reuniese todas las aportaciones, la conmemoración del centenario de la reedificación del monasterio patrocinada por don Pío García Espinosa. Ese fue el sentido del monográfico que la revista Cátedra publicó en 1996. En dicho monográfico jugó un papel importante la publicación del Tumbo o Cartulario del monasterio, depositado, por culpa de los avatares de la historia, en el Archivo Histórico Nacional, y, por culpa de la incomprensible política universitaria, que había llevado a José Ignacio Fernández de Viana y a Mercedes González, su mujer, a Granada, objeto de una memoria de licenciatura firmada por Juan Carlos de Pablos Ramírez. Con el monográfico no se pudo completar la publicación del Tumbo, por lo que fue necesario el número siguiente.

Tres años después, en 1999, la Diputación de A Coruña y, en concreto, Celestino Sardiña, impulsa una nueva publicación del Tumbo que debería contener la documentación inédita. La falta de tiempo y espacio hace que dicha documentación viera la luz en la revista Cátedra, número 9, 2002.

En el 2011, en Cátedra número 18, en un artículo titulado *El Cartulario de Caaveiro y el proceso de cartularización en Galica. Nueva documentación altomedieval sobre el monasterio de san Xoán de Caaveiro*, firmado por Ainoa Castro y Ricardo Pichel, se publican doce documentos.

En nuestro caso, amen de incluir a Caaveiro dentro del libro *Igrexas, Románicas da Comarca do Eume* (1997) (fig. 1), participar en el mencionado libro que publicó la Diputación y formar parte del equipo dirigido por el arquitecto Jorge Salgado para el concurso de ideas previo a la rehabilitación del monasterio, colaboramos en una guía y video que la misma Diputación impulsó, y realizamos dos artículos en 2007, con motivo del MC aniversario del nacimiento de San Rosendo: uno en el libro colectivo *Rudesindus, la tierra y el Tiempo*, con el título de *San Rosendo, fundador de monasterios: El caso de San Xoán de Caaveiro*; y otro titulado *El recuerdo de san Rosendo en el arciprestazgo de Beozoucos*, incluido en la publicación *Facendo memoria de San Rosendo* y en el número 23 de Estudios Mindoniense<sup>1</sup>. Para ser justos habría que incluir en este capítulo el artículo de Marina Gurruchaga, hasta ahora desconocido para nosotros, *La fundación del monasterio de Caaveiro (La Coruña): nueva documentación* (Faventia 21, 3, 1999), y el de José Luis López Sangil, *Un nuevo documento de 1117 del monasterio de Caaveiro* (Cátedra número 13, 2006).

Frente al indudable progreso en la publicación de la documentación del monasterio, los avances en el aspecto artístico y arquitectónico fueron inexistentes hasta la publicación del artículo de Alberto Fernández *Novos datos sobre Caaveiro: un levantamento do enxeñeiro dezaoitescos Francisco Solinis e unha descrición da colexiata*, (Cátedra, número 12, 2005<sup>2</sup>). Paralelamente a este artículo, estamos elaborando otro titulado *Apuntes manuscritos de Ángel de Castillo sobre Caaveiro* para la revista del Ateneo Eumés, en el que aportamos nuevos datos y planteamos nuevas dudas sobre la iglesia desaparecida.

Todas estas aportaciones fueron recogidas por José Manuel Yáñez Rodríguez en una Tesis, de momento inédita, leída en 2014 con el título de *Monasterio de Caaveiro. Evolución constructiva y arquitectónica y su relación con el entorno natural de las Fragas del Eume. Un análisis gráfico, arquitectónico y paisajístico*.

El documento que aportamos permite cubrir la laguna que teníamos entre la visita y plano de Solinis, de 1769, y la reconstrucción de don Pío García Espinosa.

1. En el primer artículo incorporamos la traducción de la denominada donación de S. Rosendo y en el segundo transcribimos el documento de donación de san Rosendo depositado en el Museo de Pontevedra.

2. El artículo fue publicado en castellano, en De Arte, 5, 2006, con el título *La real colegiata de san Juan de Caaveiro: nuevos datos sobre su arquitectura*. En este capítulo también hay que citar el artículo *Monacato y planificación arquitectónica: el caso de San Juan de Caaveiro*, Compostelanium, LVII, de Elena Saura Ramos.




Fig. 1: Portada Igrejas Románicas da comarca do Eume

## 2. ASPECTOS FORMALES

El documento, un protocolo notarial del Archivo de Protocolos Notariales de A Co-ruña<sup>3</sup>, nos lo proporcionó Carola Macedo, con la que estamos permanentemente en deuda. Consta de cinco folios, escritos por las dos caras, más cinco líneas y las firmas. De buena letra, está encabezado por el título *Escritura de asiento, obligación... que otorga don Antonio Rodríguez Murias a favor del ven<sup>e</sup> Prior y Cavildo de la Colegiata de Caaveyro para hacer algunas obras*. Como es habitual, cada folio lleva el sello con el escudo de Carlos III y la leyenda SELLO QVARTO VEINTE MARAVEDIS, AÑO DE MIL SETE-CIENTOS OCHENTA Y QVATRO. En el margen izquierdo se anota *febrero 3 de 1784*.

El protocolo se apoya en un plano que desgraciadamente no ha llegado hasta nosotros.

## 3. CONTENIDO

El documento está firmado, en el palacio Prioral de Cabañas, por el prior Juan Francisco Mon Valledor y el único canónigo que queda, Miguel Freire de Fraga. En el se dice que:

*“...hallándose arruynados el salón, de la referida Colegiata que dice al medio dia de su Yglesia; como tambien la amenazaba la pared principal, que le sostenia y confina con la Torre por el Levante, por el Poniente con la casa quarta Canongia y por el medio dia hace costado hacia el Rio Eume: de modo que causó la maior admiración no aver muerto desgraciadamente algunas de las muchas personas que avia quando se arruynó el espresado salón, hundió y cayó su piso o pavimento con ellas á mas de veinte y ocho quartas de profundidad por peñascos y tierra intermedia, quedando así imposibilitada la entrada para la citada Yglesia, a lo menos no podía practicarse sin mucho terror y riesgo; el qual tambien amenazaba, y causaba la Sacristia, que estaba entre ella y el Salón por averse desplomado, y separado sus paredes de la misma Yglesia mas de seis pulgadas, en tal termino que fue preciso abandonar su uso, y sacar los ornatos precisos para el culto divino a lo interior de la propia Yglesia, la que tambien se hubiera arruynado á no averse descubierto la Sacristía y Salón...”*

Como paso previo para acometer la reparación se encarga al arquitecto Francisco Alende la realización de un plano, especificando las obras que había que realizar, comenzando por el desescombro. Estas obras son:

3. Legajo 1191, Pontedeume, Carril.




Fig. 2: Planta y alzado de las denominadas oficinas (F. Cebrián)

1. Tres oficinas subterráneas (denominadas bajas en el contrato) (fig. 2), con el muro que da al Eume asentado en la roca, con la escalera de acceso, puertas de arcos escarzanos, ventanas, tragaluces, rejas y cubrición abovedada; pretil de cinco cuartas de alto, y enlosado de cantería de la plazuela, con la debida inclinación, con el canal y caño para las aguas, impermeabilizando las justas de las losas de dicha plazuela (fig. 3).
2. Poner en el archivo, sala capitular y antesala<sup>4</sup> ventanas, con rejas y vidrieras.
3. Enlosar el archivo, sala capitular y antesala de pizarra.
4. Hacer la escalera que estaba enfrente de la puerta traviesa de la iglesia principal.
5. Construcción de la sacristía de cantería, con esquinas apilastradas, con cubierta a tres aguas, una a la parte del salón y otras a los costados, de losa de pizarra. Para salvar la desigualdad del terreno, se construye un basamento similar al que hoy se encuentra bajo el denominado pabellón de don Pío (fig. 4), pues se dice que ha de hacerse *“las paredillas que se demuestran en el alzado de ella (en el plano), las que seguiran de un costado a otro, de media vara de grueso, y seis cuartas de alto, a cuio fin ha de enlosar de Cantería que quede a nivel con el*

4. Desconocemos dónde estaba ubicada esta antesala.



Fig. 3: Lugar que ocupa el Salón. A la derecha se ve el pretil y el canal de desagüe






Fig. 4: Planta y basamento del actual Pabellón de don Pío (F. Cebrián)

*pavimento de la Yglesia*”. Dentro ha de hacerse un aguamanil con taza entregada en la pared, con caño que eche agua en el pavimento, construyéndose lo que parece ser un filtro, descrito de la siguiente manera: “y otra columna ahugereada para que vaje el agua donde se laboren corporales, y purificadores: a cuio fin le ha de dejar el resumidero en el macizo de la mole, y el deposito del agua ha de estar todo entregado en la pared, cubierto por arriba con una concha, y llevará sus dos respectivas villas de bronce, una que introduzca el agua en la taza que saliere para fuera, y la otra la ha de introducir en la que vajare al macizo, a fin de que ha de hacer una Pila de Canteria vien sana, y bastante capaz, y pondrá parte de arena dentro de ella para que resuma el agua de los corporales y purificadores” .

La obra sale a pública subasta, siendo ganada por Antonio Rodríguez Murias, cuya postura queda, al final del proceso, en 67.331 reales con 8 maravedís y medio de vellón.

#### 4. LA IMPORTANCIA DEL PROTOCOLO PARA LA EVOLUCIÓN ARQUITECTÓNICA DEL MONASTERIO

Cuando estudiamos por primera vez las dependencias del monasterio<sup>5</sup> encontramos serias dificultades para situar el cabildo y la sacristía. Los libros de fábrica nos proporcio-

5. En algún momento llegamos a pensar también que las estancias abovedadas subterráneas habían sido realizadas por don Pío, cosa que ya desmentía Montero Aróstegui al decir que tenían luz y rejas al exterior. MONTERO ARÓSTEGUI, *Historia de Ferrol del Caudillo*, p. 422.

nan noticias de un salón o cabildo debajo del cual había un profundo pozo o calabozo, del que los habitantes del monasterio no parecían saber mucho. Nos informan también de la construcción de la sacristía, en el lado que corresponde al cabildo, hecha el año de 1705 siendo prior Carlos Magadan y Valledor. Con posterioridad a esta fecha, si no fue en dicha intervención, el tejado del salón cargó sobre la sacristía que se construye pegada a la iglesia, solo así se entiende que el desplome de la pared del salón hacia dentro arrastrase a la pared de la sacristía. En concreto, se dice que la sacristía *“que estaba entre ella y el Salón, por averse desplomado y separado sus paredes de la misma Yglesia mas de seis pulgadas, en tal termino que fue preciso abandonar su uso, y sacar los ornatos precisos para el culto divino á lo interior de la propia Yglesia, la que tambien se hubiera arruynado á no averse descubierto la Sacristia y el Salón, y sacado las maderas que lo cubrian y estaban enlazadas con las de el templo”*.

La visita y plano de Solinis (fig. 5) vino a aclarar nuestras dudas. En efecto, en el plano aparece un salón, debajo del cual había una oquedad cuya razón de existir el citado arquitecto atribuye a ser cantera de la que se había extraído piedra para construir el monasterio. Este salón no llega hasta la torre<sup>6</sup> y parece estar abierto por este lado y por el lado norte, como si en realidad se tratase de un pórtico o alpendre. Sea como fuere, el salón estaba en muy mal estado, con el piso de tabla vieja y las paredes con un considerable desplome. A pesar de ello era utilizado en fiestas y romerías para decir misa; en el mismo plano aparece, en lado oeste, el altar. Y lo seguía siendo cuando se desplomó, como se cuenta en el protocolo notarial.



Fig. 5. Plano de Solinis (AHN) Con la letra P el salón y con la Q muro desplomado hacia dentro

Desconocemos la intervención que se realiza en 1769, si es que se realiza. Las obras sí fueron presupuestadas y para el caso del salón ascendían a 46.603 reales.

¿Cuál fue realmente la razón de la existencia de dicho salón? Es cierto que algunas veces en la documentación se denomina cabildo, es decir, lugar de reunión de los canónigos. Pero para tal fin el monasterio no necesitó nunca un espacio amplio, dado el reducido número de canónigos: primero 9, luego 7 y al final 2; y de hecho en el plano de

6. En el plano de Solinis, el espacio entre la torre y el salón aparece con la letra R: Coro para subida para la torre.

Solinis aparece un espacio dedicado a sala capitular en el cuerpo de la iglesia de santa Isabel, circunstancia que ya conocíamos por la documentación. Cuando Solinis llega al monasterio, el Salón “*servía de Yglesia en los concursos de Romerías*”. En el informe también se dice que “*serbia de cavildo o de lo mismo que los porticos, o atrios de las iglesias...*”. Por este espacio era necesario pasar para acceder a la iglesia prioral. En el protocolo se manifiesta que la ruina del salón “*imposibilitaba la entrada para la citada Yglesia, a lo menos no se podía practicar sin mucho terror y riesgo...*”.

Estamos, pues, ante un espacio de función no bien definida, fundamental para acceder a la parte occidental del monasterio, no totalmente cerrado por muros; en definitiva, una especie de gran alpendre o pórtico, de los que están dotadas muchas de nuestras iglesias, también de función no clara. Para el caso de Caaveiro, esta estructura era totalmente necesaria para impedir que la hondonada, de donde se había extraído la piedra, se llenase de agua.

Otro asunto controvertido es la sacristía. Es indudable que lo que llamamos pabellón de don Pío (fig. 6) se sitúa donde antes estaba la sacristía. Desconocemos la función que don Pío pretendía dar a este espacio. Una hipótesis podría ser que en realidad lo único que hizo fue reparar un edificio ya existente, edificando al menos el lado adosado a la iglesia desaparecida y convirtiendo el tejado de tres aguas en cuatro. Al no tener el plano, al que constantemente se refiere el protocolo, desconocemos las mediadas. Pero hay datos que corroboran esta hipótesis: las esquinas apilastradas, las ventanas con borde de cantería, la estructura para salvar el desnivel del terreno y el aguamanil. Por otra parte es lógico que la sacristía, como sucede con el edificio actual, abarcase desde la iglesia prioral a la pared norte de las llamadas oficinas; más al sur habría cargado sobre las bóvedas.

Pontedeume, 21-11-2014




Fig. 6: Alzado sur y oeste del Pabellón de don Pío (F. Cebrián)

# NARAÍO: UN CASTELO NO ALFOZ DE PONTEDEUME. DAS FONTES DOCUMENTAIS ÁS INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Manuel Anxo López-Felpeto Gómez<sup>1</sup>

*En lembranza de Alfonso Fuentes Martínez*

De xeito análogo ao que se narra no filme *Despertares*<sup>2</sup> sobre as grandes expectativas xeradas co éxito inicial dun tratamento experimental subministrado a individuos catatónicos, frustrado ao se comprobar a súa ineficacia tras manifestar os doentes unha paulatina recaída, o castelo de Naraío, situado na parroquia homónima de San Sadurniño (A Coruña), viviu un efémero rexurdimento, despois dun esquecemento de case que cincocentos anos, para retornar ao estado de abandono tras sorprender cunha singularidade arquitectónica insospeitada e un potencial arqueolóxico en consonancia.

Isto aconteceu no marco dunha intervención perseguida durante moito tempo pola sociedade civil da bisbarra<sup>3</sup>, acordada cos propietarios, a Casa de Alba<sup>4</sup>, promovida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e acometida, en dúas quendas entre xaneiro de 2007 e xullo de 2010<sup>5</sup>, segundo respectivos proxectos executivos redactados polo arquitecto José Antonio Alonso Rodríguez (2006; 2008).

Incardinada con ela, foi simultaneada unha actuación arqueolóxica dirixida por quen subscribe, da que o presente artigo constitúe a primeira exposición *in extenso*<sup>6</sup>. Non contemplando a disertación sobre o mundo do medievo no tempo e territorio dos Andrade (tema xa tratado por diversos autores<sup>7</sup>), limitamos o bosquejo inicial aos avatares históri-

1. Arqueólogo autónomo.

2. Título en español de *Awakenings*, dirixida por Penny Marshall (1990).

3. A *Sociedad Histórica, Artística y Arqueológica Dugium* ou a *Asociación de Veciños “O Castelo” de Narahío*, entre outras entidades.

4. Quen cede en usufruto a posesión ao concello de San Sadurniño, por un período de trinta anos, segundo consta en escritura de 30 de setembro de 2005, perante o notario Juan Carlos Carnicero Iñiguez (Alonso Rodríguez e López Hermida 2013, 529).

5. A primeira entre xaneiro e maio de 2007 e a segunda de novembro de 2009 a xullo de 2010.

6. Tras a aparición dunha síntese dos traballos realizados en primeira fase asinada por nós como arqueólogo director (López-Felpeto 2008), foron incorporándose referencias en posteriores artigos partindo de informacións compartidas *ex profeso*, (Ramil González e Carneiro Rey 2013), ou con datos entresacados (Alonso Rodríguez e López Hermida 2013) dos informes arqueolóxicos valorativos correspondentes a ambas e dúas campañas (López-Felpeto 2007; 2011).

7. Especialmente interesantes resultan os traballos de Correa Arias (2004; 2009).

cos que de Naraío e do castelo expresan as fontes documentais xa transcritas e/ou publicadas, e cuxo coñecemento resultou, certamente, imprescindible na planificación e a abor-daxe do traballo de campo, agradecendo a aquela liñaxe a súa teima polos litixios, dos que en boa medida nos abastecemos para entrar en contexto.

## I. NARAÍO E O SEU CASTELO NOS DOCUMENTOS MEDIEVAIS

Se ben Naraío aparece nas fontes medievais como fito de demarcación territorial tanto na doazón de Munia Fróilaz no documento fundacional do mosteiro de San Salvador de Pedroso (inicios do século XII) como na concesión do privilexio de couto dado por Afonso VII<sup>8</sup> ao de San Xoán de Caaveiro, no primeiro sen nomear o actual río Castro<sup>9</sup> e no segundo citando o *Pousadorium de Narayo*, a súa mención como ente poboacional situaríase, segundo Andrés Barón Faraldo, na zona de influencia territorial daquel mesmo grupo aristocrático dos Fróilaz, o máis poderoso das elites nobiliarias galegas durante os séculos XI e XII, e así se reflicte, por exemplo, nas doazóns, ao mosteiro de San Martiño de Xuvia, de Rodrigo Fróilaz, no ano 1114: “omnia de hereditate de Narayo cum homine Aluito et uxore et filiis”<sup>10</sup> ou de Pedro Suárez, no 1163: “Et de monasterio de Narayo tam laycaly quam de ecclesiastica totum meum directum”<sup>11</sup>.

No ámbito de Caaveiro tamén o colocan outros pautos, como as vendas, no ano 1248, das herdades de Pelaio Pérez e a súa irmá Ermesenda: “et usque ad Narayo”<sup>12</sup> e de Mariña e Rodrigo Pérez e mais sobriños: “et ex Nario”<sup>13</sup> ou desavinzas como a que reco-lle a sentenza, de 1252, do preito sostido entre o mosteiro e os homes de *Nareyo* por non lle respectaren o couto e no que se alude a Rodrigo Gómez (último conde de Trastámara do clan Fróilaz) como señor desta terra:

*“(...) contendas e demandas que eran ontre dom Martiño, prior do moes-teiro de Sayoane de Caaveyro, por sy e por todo o convento desse miismo lugar da hua parte, et don Martín Martínez, clérigo de Narayo, e Martim Menéndez, Johán Meéndez, Fre Meéndez e Pedro Iohanez, Vermún Perez, Fernán Martínez, Lopo Martínez, Pedro Meéndez, Johán Esvarado, Suer Meéndez, Fre Rodríguez, Martim Iohanez, Johán Froyaz, Pay Pérez Corvo, fazentes por sy e por tódolos outros omes de Nareyo, que eran todos pre-*

8. Toledo, (1151)/08/06 (Recuero Astray, González Vázquez e Romero Portilla 1998, 145-147, doc. 138).

9. Cal Pardo (1984, 14) identifica o límite “por ambas mestas” como a confluencia dos ríos de Naraío e o Xubia.

10. Barón Faraldo 2006, 380, nota 75.

11. Ibidem, 383, nota 88.

12. 1248/04/27 (Fernández de Viana, González Balasch e De Pablos Ramírez 1997, 328-329, doc. 248).

13. 1248/05/13 (Ibidem, 329-330, doc. 249).



*sententes e outorgantes, da outra parte, dizendo o prior iadito e o convento que os de Nareyo que lles entravan e passavan aos seus coutos e aos seus privilegios que avían do tempo que o dito moesteiro fora edificado. Sobrestas demandas e queyxumes foron ante don Rodrigo Gómez, que era ricome da terra e señor de Nareyo*<sup>14</sup>.

Agregada ao alfoz de Pontedeume, a parroquia de Santa María de Naraío está presente no privilexio de 1270<sup>15</sup> onde aquela poboación recibe de Afonso X o foro de Be-navente e no que xa se apuntan denuncias dos habitantes a causa dos excesos “de caualleros et de escuderos et otros omes malfechores”<sup>16</sup> que semellan unha constante territorial.

A carencia de referencias coñecidas ás datas de construción do castelo e, mesmo, ao promotor, aparelan nas mencións o feito da súa existencia á do señorío xurisdiccional no que se encadra coincidindo, agás contadas (e non motivadas) excepcións, en introducilo na órbita das sagas Piñeiro ou Andrade durante os séculos finais da Idade Media, vencellando, ademais, as mudanzas na súa titularidade ás loitas dinásticas protagonizadas por Pedro I e Henrique II, que rematarán no entronizamento da dinastía Trastámara.

Felipe de la Gándara y Ulloa<sup>17</sup> refire na súa crónica este conflito como a causa directa do traspaso da fortaleza de Naraío dos Piñeiro aos Andrade:

*“Fernan Perez de Andrade, fue gran seruidor del Rei Don Enrique, i le acompañò siempre despues que se embarcò con èl con gente de su casa en el Ferrol, dandole su padre nauio, i flete, i no se le quiso dar otro cauallero desta tierra, llamado Gonçalo Piñeiro, Señor de la fortaleza de Narayo, i su tierra; que Don Enrique se la quitò, i la diò à Fernan Perez su Valido”*.

Tamén, ou por iso, Andrés Avelino Comerma y Batalla<sup>18</sup> sitúa a Gonzalo Piñeiro como “Señor de la fortaleza de Naraío y sus tierras” en tempos de Henrique II, incorpo-

14. 1252/07/07. Traslado da sentenza feita polo notario público de El-Rei, Martiño Pérez, en Pontedeume, a 13 de abril de 1316 (Ibidem, 352-354, doc. 271).

15. Dado en Guadafaira, a 30 de decembro de 1270, segundo Correa Arias (2006, 122) quen transcribe: “et santa maría de nareyo”.

16. López Ferreiro 1901, 161-169, doc. XXXIV: “Sepan quantos este priuilegio uieren et oyeren como nos don alfonso [...] porque los omes de la tierra de pruços et de besoucos et de las feligresias que dizen de [...] et sca. maria de mareyo se nos enuiaron querellar muchas uezes que recibian muchos males et muchos tuertos de caualleros et de escuderos et otros omes malfechores que les Robaban et les tomauan lo suyo sin su plazer, et nos pidieron merced que les diesemos hun lugar, qual touyesemos por bien en que poblasen et les otorgasemos los nuestros Regalengos et todos los nuestros derechos que auia-mos et auemos et deuemos por auer en esta tierra et estas feligresias sobredichas. [...] Saluo ende el padronadgo de las nues-tras eglesias que retenemos para nos et ellos que ayán la renda dellos, la que solian dar a nos o al Rico ome que la terra tenia por nos”.

17. De la Gándara y Ulloa 1662, 304, Cap. XXVIII.

18. Comerma y Batalla 1903, 22-25.

rando unha tradición oral, contida nun escrito privado<sup>19</sup> que ven asegundar as razóns da súa transferencia a Fernán Pérez de Andrade O Boo como vinganza do monarca polo lexitimismo petrista do primeiro:

“ <<Puede ofrecerse la razón de dudar porque los sucesores de Gonzalo Piñeiro no conservan la torre de Naraío y su tierra y la posea el Conde de Lemos. En esta duda, hay una tradición vulgar, que no se halla confirmada en historia alguna, de que Gonzalo Piñeiro era también Señor del Pazo de Franza y que en él había tenido oculto al Rey Don Pedro cuando vino á esta tierra perseguido por su hermano y que por esto luego que D. Enrique entró á reinar lo desposeyó del castillo de Narahío, su tierra y regalí-as..>>”.

José Francisco Correa Arias<sup>20</sup>, aínda asumindo e explicándose os cambios de lealdades do Andrade pola súa posición entre o señor natural (Henrique, o conde de Trastámara) e o reinante, estima errada, ou altamente improbábel, esta opción xa que supón a Fernán Pérez, acompañando a Fernando Ruíz de Castro, ao servizo de Pedro I na campaña de Aragón cando este o distingue coa concesión dun privilexio real, en Murviedro, no ano 1364, polo que recibe en morgado a freguesía de Naraío<sup>21</sup>:

“Por fasr bien e merçed a vos Ferrent Péres de Andrade, mio vasallo, por muchos, buenos et leales seruiçios que me auedes fecho et façedes de cada día, douos en donación, por juro de heredat, para siempre jamas, la feligre-sía de Santa María de Naryo, que es en Gallissia, en la jurisdicción de Puentes Deume, con todas sus términos et vasallos, et montes, et pastos, et prados, et justiçias, et sennorio, et pechos, et fueros, e derechos foreros da la dicha feligresía et de sus términos, segunt la pertenescen, que lo ayades por mayoradgo con estas condiçiones que siguen:

Primeramente, que la non podades vender nin dar, nin enagenar, nin empe-ñar, nin trocar, nin cambiar; mas que la ayades para en vuestra vida, vos el dicho Ferrant Perez, et despues de vuestros días, que la aya et herede por mayorazgo cualquier vuestro fijo o fija legítima que vos ordenaredes en vuestro testamento et postrimera voluntad”.

19. Ibidem, 22: “curioso documento sacado del Archivo de la señora viuda de D. Juan Piñeiro, Legajo 1º.- Lugo, en una nota simple sin fecha y firmada por D. José Sánchez de Melgar y Sueiras”.

20. Correa Arias 2004, 96.

21. Este privilexio rolando, que recolleemos de Correa Arias (2009, 592-595, doc. X), dado en Murviedro a 1 de maio de 1364, suscita non poucos debates ao se pór en dúbida a adición ao orixinal das doazóns de Vilalba e Pontedeume (v.p.e. De Castro 2005 e o propio Correa 2006) pero, en todo caso, non atinxe á doazón de Naraío, homologada na historiografía.

Isto tampouco é óbice para que *O Boo* sexa obxecto da súa confirmación, xa por Henrique II, quen lle outorga, en 1371<sup>22</sup>, a mercé desta freguesía xunto con outras da con- torna:

*“(...) por conoscer a vos, Fernan Perez de Andrade, nuestro vasallo, quan- ta lealtad en vos fallamos e fianza que en vos fezimos, e por quanto afan ovistes e avedes tomado por nuestro servijio, e por vos dar gallardon dello, y por vos fazer bien y merçed por muchos y buenos y leales y muy grandes servijios que nos fezistes y nos fazedes de cada día, porque vos y los de vuestro linage valades mas y seades muy honrados e aiades con que nos podades mejor servir, e finque en remembrança para otros que lo supieren e oyeren, e aviendo voluntad de vos heredar en los nuestros reynos, damos vos por juro de heredad para agora e para siempre jamas, para vos y para vuestros herederos y para los que de vos venieren, la felegresia de Nareyo, [...] e la felegresia de Naraio, que fue juridición de la Puntedumia, [...] Las cuales felegresias vos damos, con todos sus terminos y con la justiciã alta y baja, etc”.*

Dende entón a fortaleza de Naraío ficará en posesión desta liñaxe<sup>23</sup> ata que, no século XVI, o casamento de Teresa, vin- culeira de Fernando Pérez, I conde de Andrade, con Fernando Ruiz de Castro Osorio y Portugal, conde de Lemos, propicie a fusión de ambos e dous títulos nobiliarios na persoa do seu fillo Pedro Fernando Ruiz de Castro Andrade y Portugal.

Xa no século XVIII e tras o falecemento sen descendencia, en 1777, de Joaquín López de Zúñiga Sotomayor y Castro,



Fig. 1. Brason da liñaxe Andrade na porta do castelo

22. Privilexio real dado en Burgos, a 19 de decembro de 1371. Transcrición de Manuela Piñeiro Pita e Alberto Veiga Álvarez (2000, 31).

23. Correa Arias (2009) incorpora proliza información ao respecto das relacións de parentesco, secuencia e datas á fronte da dinastía: Fernán Pérez de Andrade III *O Boo*, ou *O Vello* (1362-1397), Pedro Fernández de Andrade IV (1397-1404), sobri- ño, e fillo de Xoán Freire, Nuno Freire de Andrade III *O Mao* (1404-1431), fillo, Pedro Fernández de Andrade V (1431- 1435), fillo, María de Andrade (1435-1440), filla, Fernán Pérez de Andrade IV *O Mozo* (1442-1470), tío e titor, irmán de Pedro, Diego de Andrade (1470-1490) fillo, e Fernando Pérez (1490-1540), fillo.

extinguíase a Casa de Castro como herdeira do condado de Lemos, pasando á Casa de Berwick e Alba.

Talvez Fernán Pérez *O Boo* se limitase simplemente, como insinúa Correa Arias<sup>24</sup>, a anexar o brasón na porta interior do castelo cadrando coa realización de obras menores, pero é indubidábel que a primeira noticia acreditada en relación á súa existencia explicitada na bibliografía<sup>25</sup> correspóndelle e resposta, novamente, a unha querela que sustenta o prior de Pedroso, Gómez Fernández, contra el por mor da pretensión de recabar as “rentas, quebrantando privilegios et mercedes “da institución e dos moradores das súas terras. En sentenza<sup>26</sup> do ano 1377 na que, en nome dos arrendadores reais, se presentan “Alfonso Felguero de Neda, Rodrigo, el castillero de Naiaro, Semuel Lapapa Judío”, o procurador do prior e veciños do couto do devandito mosteiro pon de manifesto que

*“(...) eran mucho agraviados por Fernán Peres de Andra, caballero, vasallo de nuestro Sennor el Rey, et que, ansy como grand cavallero poderoso en el Reyno de Gallisia, de fecho, contra derecho, diera su mandamiento por que Pedroso e de sus collonos et diesen et pagasen a los dichos Alfonso Felgar et Samuel Judío, por nombre de los arrendadores mayores, summas de monedas foreras e de allí adelante todos los otros pedidos e derechos al dicho Sennor Rey perteneçientes, por secución cumplimiento que los fisiera prender los cuerpos e levarlos presos al dicho castillo de Batán, eso por Rodrigo Esquiso [Esquíó], su castillero”.*

Como veñen transmitindo os textos, nunca foron apracíbeis as circunstancias nas que se desenvolveron os territorios baixo o control dos Andrade, e menos no convulso século XV, no que se vai producir a grande revolta irmandiña, aínda que, como indica Carlos Barros Guimeráns<sup>27</sup>, esta “non caeu do ceo” xa que veu precedida de múltiples episodios de violencia.

Debemos supor que a primeira irmandade de 1431, encabezada polo fidalgo Roi Xordo contra Nuno Freire de Andrade *O Mao*, e que ten o epicentro nos seus dominios e área de influencia, debeu afectar a rutina de Naraío malia que as fontes nada concretan ao respecto.

A última, de 1467-1469, desatada por mor do cúmulo de agravios e danos infrinidos polos señores, cabaleiros e prelados, e liderada por persoeiros das elites urbanas e

24. Ibidem 2004, 148.

25. Cal Pardo 1984, 103-105.

26. Dada por Martín Eanes, xuíz de El-Rei, en Santiago de Compostela, de 3 de febreiro de 1377 pola que se declara o mosteiro de Pedroso exento de tributos, contra as pretensións de Fernán Pérez de Andrade e dos arrendadores reais (Cal Pardo 1984, 262-264, doc. 26).

27. Barros Guimeráns (2006, 369) considera que houbo múltiples “ensaios parciais, por zonas e localidades, especialmente intensos a partir da ‘primeira irmandade que derrocou fortalezas’, en 1451, nas rías de Pontevedra e Arousa” ata o punto de que propón variar a secuencia tradicional das dúas irmandades por “outra tripartita: primeira, en 1431, segunda, en 1451, e terceira, en 1467”.

rurais (un deles o mariñán Alonso de Lanzós) mantén o carácter antinobiliario, co apoio real (toda vez que é o propio Henrique IV quen concede a provisión para organizar a *Santa Irmandade do Regno de Galicia*).

A súa xeralización supón a desaparición temporal da escena de Fernán Pérez de Andrade *O Mozo*<sup>28</sup>, e a fuxida e prisión de Diego, fillo, por Teresa de Zúñiga<sup>29</sup> na febre dos asaltos á práctica totalidade dos fortíns galegos, incluso o de Naraío, ao seren identificados como símbolos de opresión e de refuxio dos esbirros que, por si ou a encarga dos señores, viñan cometendo abusos contra as xentes e os bens, tal e como se reconece no preito Tabera-Fonseca<sup>30</sup>.

Os testemuños alí rexistrados, que conveñen en sinalar como responsábeis dos feitos á “hermandad que en este Reino de Galizia ubo”<sup>31</sup> ou ás “comunidades y hermandades pasadas”<sup>32</sup>, acadan un especial interese non tanto por aboar o feito de se ter visto estruturalmente afectado Naraío pola revolta, cousa que, se ben non é corroborada por algún, si parece de conciencia común (empregándose invariabelmente o verbo *derrocar* coa implicación que conleva), senón por diversos aspectos que atinxen á súa reconstrución.

En xeral, nas alusións a este castelo nárrese ter coñecemento dunha campaña de rehabilitacións da que non acertan a valorar o alcance (rexístrase maior varianza de termos ao definir as actuacións de reposición atopando aqueles asimilados a *llebantar*, *rehedificar*, *reparar*, *aderesçar/aderençar* ou *corrigir*), malia que algunha testemuña considere que “todavía no quedaron las dichas fortalezas tan bien aderençadas como de primero”<sup>33</sup>.

A pesar de non constar represalias persoais, tampouco parece haber dúbidas sobre que Diego de Andrade fixo recaer a carga das reparacións sobre “basallos e subditos”<sup>34</sup>, “vezinos”<sup>35</sup> ou “gente comun que fueran de las dichas tierras en las derrocar”<sup>36</sup>, facéndose efectiva de distintos modos.

28. A quen, por certo, o cronista Vasco de Aponte (1986, 137), persoeiro ao servizo de Fernando de Andrade, lle atribúe o dominio sobre “ciento y veinte [homes] en Naraío”.

29. Correa Arias 2009, 376.

30. Xerado polas demandas de Juan Pardo de Tabera, sucesor de Alonso de Fonseca y Ulloa no arcebispado de Santiago, ao lle esixir a este dar conta da reparación das fortalezas da mitra compostelá damnificadas na revolta de 1467-69. As declaracións vertidas, correspondentes aos anos 1526 e 1527, foron publicadas por Ángel Rodríguez González (1984).

31. 1526/12/13. Testemuño de Pedro da Cancela, labrego da freguesía de Santiago de Franza (Rodríguez González 1984, I, 35, 103-104).

32. 1526/12/14. Testem. de Juan de Couto ou de Souto, veciño da freguesía de San Martiño de Andrade (Ibidem, I, 35, 107-108).

33. 1526/12/13. Testem. de Ruy de San Boulo ou Rodrigo de Sanboulo, labrego da freguesía de San Boulo de Caaveiro (Ibidem, I, 35, 105-106).

34. 1526/12/13. Testem. de Pedro Dañado ou Pedro de Nido, escudeiro da freguesía de San Martiño de Andrade (Ibidem, I, 35, 104-105).

35. Testem. de Ruy de San Boulo.

36. 1526/12/14. Testem. de Juan Gallego de Teixeira, veciño da freguesía de Santiago de Caaveiro (Ibidem, I, 109-110).

Son normalmente asumidas as achegas diñeirarias que “repartian e mandaban repartir por los dichos vezinos e personas susodichas contias de marabedis”<sup>37</sup> sempre coa finalidade de pagar “a los oficiales que las labravan”<sup>38</sup>, “a los ofiçiales e maestros que las azian”<sup>39</sup>, “a los maestros e ofiçiales que las aderescaban”<sup>40</sup>, de maneira que “conçertaram e hizieran iguala con un Roy Miguez, maestro que azia las dichas fortalezas de lo que le abian de dar por las hazer”<sup>41</sup>, cunha única excepción<sup>42</sup> quen, concordando no pagamento aos oficiais, sostén que este foi custeado polo Andrade:

*“(...) dize este testigo que vido quel maiordomo que cogia las rentas del dicho Diego d’Andrade que se llamaba Pedro de Timirans que bibia en la Puentesdeume pagaba los dichos ofiçiales que en ellas labraban porque el testigo xe los bio ansi pagar al dicho maiordomo y las vido pagar a un Rodrigo Miguez, maestro de obras de las dichas fortalezas”.*

Tamén mencionan as *serbentias*<sup>43</sup>, achegando “las cosas nesçesarias al reparo e rehedificacion de las dichas fortalezas e palacios”<sup>44</sup> entre as que se cita o aporte de infraestructura para o carreto de material de obra como “piedra, madera e barro”<sup>45</sup>, procurando por si a mantenza xa que “aunque serbian comian a sus costas e trayan lo que abian de comer consigo”<sup>46</sup>.

Aseveran, ademais, castigos aos que non contribúen co estipulado: “y quel que no pagase lo peñoraban e le azian que pagasen lo que les hera repartida”<sup>47</sup>, “con lo que les mandaban ayudaban e sino lo hazian les tomaban los bois e los echaban presos en los suetanos de la fortalezas hasta que lo fazian”<sup>48</sup>.

Sirvan de expoñente, pola súa proximidade, as confesións de quen afirman ter acudido ao encastelamento nesa contextura. Unha, a de Juan de Giasen ou Juan de Xiançe<sup>49</sup>, labrego e veciño de Santiago de Caaveiro quen asegura ter:

37. Testem. de Ruy de San Boulo.

38. Testem. de Pedro da Cancela.

39. Testem. de Juan Gallego de Teixeira.

40. Testem. de Juan de Couto.

41. Testem. de Pedro Dañido.

42. 1526/12/18. Testem. de Rodrigo Ares, labrego da freguesía de Santa María de Vilachán (Ibidem, II, 282, 436-437).

43. 1526/12/18. Testem de Alfonso Cao, labrego da freguesía de Santa María de Fisteus (Ibidem, II, 282, 437-442).

44. Testem. de Pedro da Cancela.

45. Testem. de Pedro Dañido.

46. Testem. de Juan de Couto.

47. Testem. de Juan Gallego de Teixeira.

48. 1526/12/15. Testem. de García Mexia, escudeiro da freguesía de Santaia de Curtis (Ibidem, II, 282, 431-435).

49. 1526/12/14 (Ibidem, I, 35, 106-107).



*“(...) bido que las comunidades pasadas derrocaron las fortalezas de Nario y la de Andrade que heran de Fernan Perez de Andrade, las cuales como dicho tiene bido derrocar y despues de derrocadas dize el testigo que bido quel dicho Fernan Perez de Andrade e Diego de Andrade, su hijo, las tornaron a rehedificar y llebantar otra vez a costa de los basallos y vezinos de las dichas fortalezas yendo a trabaxar en ellas e serbir de todo lo nesçesario al llebantamiento de todas las dichas fortalezas e quel dicho testigo fue a trabaxar en la fortaleza de Nario donde el dicho testigo bibe y era subdito e ansi lo hazian los otros de la dicha fotaleza de Andrade e demas del dicho serbiçio dize el testigo que pagavan todos ellos para pagar a los maestros e ofiçiales que en ellas trabaxaban los quales repartian a cada uno y el que no pagava el dicho repartimiento lo penoraban por ello, porque dize el testigo quel no pagara tan ayna lo que le fuera repartido y que le penoraran una capa por ello hasta quel dicho testigo ubo de pagar e que ansi las llebantaron e corrigieron como agora estan e que si estan mejor que de primero antes que fuesen derrocadas quel dicho testigo diçe que no lo save”.*

Outra, a de Pedro dos Fojos<sup>50</sup>, labrego da freguesía de Santa María do Cabalar quen tamén ratifica ter ollado as fortalezas de:

*“Villalba y Andrade y Nario que heran de Fernan Perez de Andrade, derrocadas las quales vido que las derroco la hermandad pasada y la gente de la tierra que con la dicha hermandad andaba e ansi derrocadas dize el testigo que vido quel dicho Fernan Perez de Andrade e su hijo Diego d’Andrade las hizieron tornar a llebantar e rehedificar a los dichos basalllos della y gente de la tierra que fueran en el dicho derrocamiento dellas, las quales las llebantaron a sus costas andando serbiendo en ellas en las cosas nesçesarias que para tal rehedificamiento e reparo dellas heran necesario e todo a sus costas e que demas del dicho serbiçio dize el dicho testigo que se repartieron entre ellos contias de maravedis para pagar a los maestros e ofiçiales que en ella trabajaban e las hazian e para toda la costa e que ansi pagaron los dichos marabedis todos a quien fueron repartidos porquel dicho testigo dize quel mismo fue a servir con su persona e con sus bueis y carro a la fortaleza de Nario donde el dicho testigo bibe e de cuya jurisdiçion era e otros a las otras que dicho tiene e demas desto pago lo que le fuera repartido por los dichos maestros e ofiçiales que las hazian como los otros”.*

50. 1526/12/14 (Ibidem, I, 35, 109).

As relacións entre poboadores e señores de Naraío non parecen mellorar nas seguintes décadas, e diso hai máis mostras como no documento que insta (en 1486) ao alcaide Paio Rodríguez, a entregar a Pedro de Izaca, quen se tiña acollido no castelo por ter dado morte a Gómez de Galdo, rexedor da vila de Viveiro<sup>51</sup> ou o que deriva da disputa entre os veciños de Naraío e Igrexafeita (da mesma xurisdición) que se rexistra na carta de 1491, que os reis Fernando e Isabel envían ao gobernador de Galicia, Diego López de Haro<sup>52</sup>:

*“Sepades que Vasco Lopes, en nombre de los vesinos del coto e feligresias de Santa Maria de Narahio e Santa Maria de Iglesiafecha nos fizo relación por su petición que ante nos en el nuestro Consejo presento disiendo que Fernan Peres de Andrada e Doña Maria de Haro les han levado e levaban emposiciones nuevas e serviçios no devidos, echandoles pechos, asy majar pan e acarrear leña e velar en el Castillo de Narayo en lo tal dis que sy asy pasase quellos resçibirian en ello mucho agravio e daño. E nos suplicaron e pidieron por merçed sobre ello les mandasemos prover de remedio con justia, e como la nuestra merçed fuese”.*

As novas en canto á actividade relacionada co bastión desaparecen con este contencioso, figurando na escritura de morgado en favor de Teresa de Andrade (1543)<sup>53</sup> e incluíndose finalmente como deshabitada nunha listaxe que José Couselo Bouzas publica baixo o epígrafe “Recuento de las fortalezas de Galicia en 1603”<sup>54</sup>.

## II. O CASTELO A TRAVÉS DAS INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS

A fortificación, que resposta ao tipo de castelo roqueiro, ocupa a práctica totalidade dunha cuiña granítica á que se acomoda topograficamente, acadando sobre a súa superficie un desenvolvemento moi complexo dende a cota superior, situada a 174,53 m. snm. ata a súa base, coa que ten unha diferenza relativa de altitude que oscila entre 23 m. norte e 50 m. sur (río Castro).

51. Santiago, 1486/10/05 (Archivo General de Simancas: RGS, 148610,87).

52. Dada en Sevilla, a 11 de febreiro de 1491. Na mesma data os monarcas envían outra carta de apercibimento ao matrimonio en resposta ao temor a represalias amosado polos denunciante destes agravios, desconfiando que Diego de Andrade os quixese “matar, ferir e lisiar, prender o embargar o faser otro mal e daño e desaguisado alguno en sus personas e bienes”. (Piñeiro Pita e Veiga Álvarez 2000, 50-51).

53. A Coruña, 1543/04/27. “Acta notarial de publicación de la Escritura de Mayorazgo de Don Fernando de Andrade y Doña Francisca de Zúñiga en favor de su hija Doña Teresa de Andrade y Ulloa (La Coruña, 1 de febrero de 1515): Primeramente, yo el dicho conde don Hernando doy et dono por el dicho mayorazgo [...]. Yten el mi castillo de Naxao, con las feligresias de Narayo y <Igrexafeita, e Lamas, e Reçemel, <e> Ferreyra, con los vasallos, e señorío e juridición çivil e criminal, alta e bajo, mero y misto ynerio, e con todos los frutos y rentas, pechos y derechos, e con todos los bienes propios que yo ende tengo”. (García Oro 1994, 475).

54. Couselo Bouzas 1926, 116-117: “Narayo (deshabitada), del Conde de Lemos”.

Dende unha óptica estrutural, as percepcións transmitidas polo enxeñeiro Comerma concretadas tanto nos textos como nas aportacións de material planimétrico<sup>55</sup> (non sen certas inexactitudes, como se verá) e fotográfico<sup>56</sup>, xunto con outras imaxes, obtidas á marxe, neste tipo de soporte (perspectivas norte<sup>57</sup> e leste<sup>58</sup>) constitúen una valiosísima representación do aspecto que ofrecía antes da derradeira alteración de relevancia que o conxunto sufriu e que veu de par da concesión da explotación hidráulica no entorno, á empresa “Electra del Naraío”, cara a década de 1930, e que se foron concretando no tempo coa construción dun azude (con reutilización de sillares na súa fábrica), a canle de captación perimetral ao outeiro (sur) e os viais para maquinaria (norte-oeste).



Figs. 2, 3. Perspectivas leste e norte do castelo sobre fotografías de 1888 e Ca. 1900

55. Comerma y Batalla 1903, 26 –fig. 1, planta-, 27 –fig. 2, sección norte-sur-, 29 –fig. 3, fachada sur- trazadas “por los distinguidos dibujantes D. Norberto Piñero y D. Antonio Alberto”.

56. Ibidem, s.p., fig. 4 –vista parcial do conxunto, norte- e fig. 5 –detalle das portas de acceso, nordés-. Ambas e dúas son atribuídas por este autor aos “señores San Román y Mesía” resultando a primeira, parcial, idéntica a unha postal, integrada nunha serie, da que descoñecemos a extensión, que incorpora os epígrafes “N. 905 Ed. Julius Nagelschmidt Berlín / Ferrol Castillo de Naraío / Serie III – Núm. 5 – Papelería <<El Correo Gallego>>” (a mesma casa editora que a daquela publicación, velaí a conexión!?).

57. Manexamos asemade unha copia, facilitada polo arquitecto José Antonio Alonso Rodríguez, asinada pola casa ferrolá “Pascual Rey” da que parece acreditada a súa actividade na rúa Real, número 147, e a quen Guillermo Escrigas (2009) lle concede especial relevancia: “mención á parte merece Pascual Rey, o fotógrafo da vida ferrolá da última década do XIX e primeira do XX” (marco cronolóxico –Ca. 1900- que lle atribuímos).

58. Unha nova visión de conxunto dende o leste, co erro tipográfico da súa impresión en espello, recollida e datada polo citado Escrigas (2009) no ano 1888 (e de autor descoñecido) aparece reproducida, coa mesma inversión de imaxe, en Carré Aldao (1936, II, 837) coa anotación: “Ponte do Eume – Castillo de Andrade, en Nogueiroa (siglo XIV)”.

O reduto, para cuxa síntese descritiva parece oportuno contrastar as certezaas que os coñecementos actuais nos proporcionan coa visión que ten dado o propio Comerma<sup>59</sup>, está conformado por unha planta poligonal ben irregular, englobando dous recintos aterra-zados de diferentes momentos.





Fig. 4. Planta, sección norte-sur e fachada sur, adaptadas de Comerma y Batalla (1903, figs. 1-3)

59. Obviando a fantasía que supón a inclusión do túnel que deseña dende o alxibe da torre da homenaxe ata o río, darémoslle un voto de confianza ao enxeñeiro, incorporando no texto, entre [ ], as claves alfabéticas usadas por el e incluíndo a pé de páxina as observacións máis relevantes da súa descritiva que se perciban como complementarias ás achegadas por nós, e que avanzamos de maneira xenérica (numérica) seguindo as asignacións alfanuméricas definitivas dos diferentes espazos (Ámbitos) de compartimentación empregados nas intervencións.

Fig. 5. Ámbitos alfanuméricos asignados nas intervencións arqueolóxicas (2007 e 2009–10)



O primeiro (Ámbitos 0, 1, 2), situado na zona máis elevada, á que se pasa, tras salvar a porta exterior, a través da que supoñemos entrada orixinal [B], abovedada (de medio canón rebaixado), con cubo de sección semicircular imbricado no seu flanco norte, sobre cuxa fronte se engasta a pedra armeira da liñaxe dos Andrade (gornecida con tornachuvias), e que aínda conserva, como elementos do sistema de cerramento, as ranguas de xiro dos pivotes nos extremos superiores das xambas, sobre os que viraría un portón de dobre folla (quizabes con poxigo) reforzada cunha tranca ou alamude na parte media, segundo amosan os furados de encaixe.

Unha vez traspasada, accédese cara á dereita a unha área (Ámbito 1) que, situada nun plano superior, viría compoñendo un espazo (patio) que posuía piso de madeira fundamentado en canzorros (lateral suroeste) ou acomodo da rocha sustentante (laterais nórdés e sueste) da torre da homenaxe.

Esta (Ámbito 0), asentada sobre afloramento no cume e nunha posición excéntrica, ten planta cadrada e acceso elevado, na fachada sueste, a través dunha porta con arco de medio punto.

Á esquerda (Ámbito 2), cruzando un estreito limiar no centro dunha estrutura transversal<sup>60</sup> [m], ingrésase a un local [H] con cuberta abovedada [aa-bb]<sup>61</sup> hoxe desapa-

60. Da que Comerma y Batalla (1903, 28) indica que “no quedan más que los cimientos”.

61. Ídem. que se conserva “sólo cubieta de bóveda la parte a b” (o que representa o extremo inmediato á poterna).

recida, que conduce directamente a unha poterna  $[F]$ <sup>62</sup> tamén elevada, actualmente desfigurada, protexida por un esporón  $[L]$  visíbel na súa marxe sur (Ámbito 5).

Este recinto está delimitado ao norte por unha camisa que se estende dende a poterna ata o cubo, manifestando en planta un desenvolvemento irregular e descontinuo solucionado, no desencontro da aliñación, coa incorporación dun reforzo ou contraforte, visíbel na fotografía de Ca. 1900, e hoxe erradicado xunto cunha grande parte da sillería de revestimento.

A estrema oposta resólvese nun lenzo rectilíneo, compartido co chanzo inferior, entre a poterna e a porta primitiva, preto da cal resiste, no andar superior, un parladoiro<sup>63</sup> iluminado a través dunha fiestra xemina (con perda do mainel).

O segundo recinto (Ámbitos 3, 7), ao sur, de planta hexagonal alongada, tería o acceso a través da porta apuntada externa  $[A]$ , adosada ao cubo  $[M]$  da interior, que integra tamén algún dos riscos da defensa como a rañura para grade e a bueira cenital, e que comunicaría con esta no tramo<sup>64</sup>  $[R]$  intermedio (Ámbito 7) con banzos labrados na rocha.

Limitado ao norte, como se ten dito, polo lenzo común ao espazo superior e que, dada a súa envergadura nesta fachada, posibilita a pervivencia dos vestixios (machinais, repisas e canzorros) de apoio dos armazóns de dous sobrados, está cinguido por outros cinco, igualmente rectos, sendo o máis longo unha cortina paralela (acoutada no extremo sueste por torre/contraforte) na que se perciben catro seteiras como únicos elementos defensivos superviventes, con todo, tres delas non posúan xa máis que o arrinque tralo esborramento que sufriu no último século.

Esta eiva, compartida cos muros e cuñais occidentais e orientais, impide tamén a verificación doutros sinais de asentamento das plantas altas<sup>65</sup> así como a confirmación da posíbel existencia dun parladoiro  $[V]$ <sup>66</sup>, dunha latrina  $[T]$  situada no extremo suroeste<sup>67</sup> e dunhas escaleiras  $[e]$  situadas no vértice noroccidental que resolverían a comunicación vertical<sup>68</sup>.

Verbo da súa distribución horizontal, aínda subsisten restos de tabiques de porte reducido  $[S]$ <sup>69</sup> compartimentando diferentes habitáculos  $[C, D, E]$  que Comerma debuxa incompletos pero sen contradicións cos apreciados nas escavacións.

62. Ídem. que “la puerta F es ojival” (non obstante, mentres que na sección reflicte esta particularidade, no alzado aparece representada con arco de medio punto).

63. Estrañamente omitido por Comerma, con arco de medio punto, que tiña ou conserva só o asentamento occidental.

64. Espazo que Comerma y Batalla (1903, 25) denomina “rastrillo” e presenta “rodeado de muros aspillerados”.

65. Ibidem. (27, fig. 2) representa os correspondentes canzorros no lenzo oposto.

66. Ibidem., 26 -fig. 1-, 28, 29 -fig. 3-: “Sin embargo, como en la cortina del S., además de las saeteras, hay una ventana V con un asiento de piedra en un costado” (oriental, segundo se deduce da documentación gráfica).

67. Ibidem, 28, 26 -fig. 1-: “Nos ha llamado la atención una especie de matacán T que existe en el ángulo O. del espacio C y en el cual no hay más que una gran losa de granito formando piso saliente al exterior y sostenido por dos canecillos: en el centro de esta losa hay un agujero circular de 0m,4 de diámetro, lo cual nos induce á creer que acaso no fuera matacán sino una letrina, toda vez que cuadra casi en la vertical del río”.

68. Ibidem, 28, 26 -fig. 1-: “En el muro Oeste del espacio E se conservan perfectamente los escalones e que conducían al piso superior y al camino de ronda del castillo”.

69. Ibidem, 28: “está destruído y sólo quedó de él una altura de 0m,6.”



A composición complementábase con diversas arquitecturas escalonadas en toda a lomba, entre as que sobresaen a do abastecemento de auga, os accesos e a cava periférica.

A primeira delas, situada ao sur (Ámbito 4), entre o recinto anterior e a valgada, desenvólvese cunha coiraza constituída por un paredón recto de cerramento (oeste) disposto en perpendicular a aqueles, semellando ter correspondencia, cando menos, con outro transversal situado a carón do río e que, en boa lóxica, debería presentar puntos de tránsito ou comunicación cara ao cume<sup>70</sup>.

Na base da pendente oposta, norte, abríríase o foxo defensivo (Ámbito 10) cunha delineación simétrica ou adicional ao leito do Castro, mentres que o camiño de entrada (Ámbito 8) axeitaríase en zigzag á encosta dende o punto de vao daquel ata dar no cerrado superior.

### 1. A PRIMEIRA FASE (2007)

A intervención arqueolóxica desenvolvida na primeira fase (2007)<sup>71</sup> supuxo a atearre nunha paisaxe senlleira, inzada de mato, que garantía especiais dificultades<sup>72</sup> pola súa particular orografía (con acusados desniveis en todo o perímetro), a acumulación de derrubes intramuros e a inestabilidade non só das estruturas erixidas senón tamén do roquedo granítico que as soporta (alterado por exposición superficial e presión das raíces nas gretas).



Figs. 6, 7. Perspectivas leste e nordés do castelo previas á intervención en 1ª fase

70. Desbotamos, unha vez máis, o sistema descrito por Comerma de conexión entre o alxibe da torre da homenaxe e o río conformado por un túnel [P] indicado en planta e sección e do que non aporta información textual.

71. Entre o 9 de xaneiro e o 28 de maio, na que nos acompañou o arqueólogo Xosé Ramón Martínez Casal.

72. Ás que aquí se narran e que o xacemento traía de serie, hai que engadir outras circunstancias derivadas da idiosincrasia da empresa NEOR, S.A., adxudicataria dos traballos e hoxe desaparecida, con cuxo persoal, sen o que non houbera sido posíbel levar a termo o proxecto, nos solidarizamos.

Neste escenario, foi orientada a converxer coa proposta fixada no proxecto executivo (Alonso Rodríguez 2006) e que se sintetizaba na limpeza, toma de datos e consolidación física do castelo. E esta confluencia entendeu-se, dende a estratexia, na alternancia do seguimento (control) arqueolóxico e da apertura de sondaxes valorativas intentando proporcionar un grao razoábel de axilidade no establecemento de directrices sobrevidas en coherencia coas evidencias constatadas, sen esquecer o obxectivo de documentar pertinentemente o xacemento.

De xeito previo, e partindo do levantamento topográfico inicial<sup>73</sup>, foron designados os diferentes ámbitos espaciais do conxunto mediante claves alfanuméricas<sup>74</sup> coa fin de vincular tanto as continxencias do proceso como os materiais antrópicos (arquitectónicos ou ergolóxicos) recuperados, atendendo exclusivamente a criterios de operatividade e evitando calquera patrón funcional, patente nalgún caso<sup>75</sup>, para non lastrar con iso interpretacións futuras.

O control arqueolóxico tivo como obxecto observar os traballos da roza do montículo e do interior dos recintos, mesmo dos coroamentos, da limpeza de lenzos facilitando a súa lectura e afirmado, con reintegración de fragmentos rochosos e construtivos, e da retirada selectiva de entullo (rexistrando a posición das pezas singulares –non só as ornamentais– e aprovisionando, por acopio, aqueloutros que puidesen ser reempregados), facéndose extensivo a accións puntuais de reposición e estabilización nas zonas máis desprotexidas, como o cubo asociado ao acceso (Ámbito 2c), espido en ambas as dúas faces pola perda dos sillares do revestimento, e que tiveron continuidade na fachada superior da porta interior e na fiestra xemorada (Ámbito 2b).

Consonte o previsto, contemplouse a localización das sondaxes (U.S. 1, U.S. 2) onde fose compatíbel a habilitación para o desenvolvemento da obra coa valoración do potencial arqueolóxico, é dicir, nos dous recintos superiores (Ámbito 2 e Ámbito 3) e, dentro destes, nos tramos máis horizontalizados que parecían ter servido de contedores deposicionais e que, a máis, ofrecían referentes (narración de Comerma e fotografía antiga).

Nos dous casos, optouse por unha traza transversal entre paramentos paralelos a fin de relacionar as unidades murarias, superficiais e subsuperficiais, coas sedimentares.

Todo isto permitiu identificar os estratos dende os que se eliminarían os desprendementos recentes, conxuntando aqueles indicios discriminados na propia dinámica de control (e que renegou da persecución de muros no decapado a fin de protexer os contextos) e nos puntos de sondexamento, tendo un bo auxilio na comparativa coas imaxes históricas, particularmente na perspectiva sur.

O resultados arqueolóxicos máis relevantes incidiron pois, nesta quenda, nos citados Ámbito 2 e Ámbito 3, isto é, alí onde os movementos de terras tiveron máis alcance.

73. Realizado por Alfonso Fuentes Martínez, a cuia memoria dedicamos este artigo, non tanto pola súa valía profesional, que ben o xustificaría, senón pola bonhomía que nel percibimos.

74. Xa expresadas graficamente na Fig. 5 (en infografía de Eulalia López-Felpeto, a quen agradecemos o tratamento doutras moitas imaxes aquí inseridas).

75. Ámbitos 0 (torre da homenaxe), 4 (coiraza), 8 (camiños de acceso) e 9 (foxo defensivo).



Fig. 8. Situación das sondaxes U.S.1 e U.S. 2




Fig. 9. Localización das sondaxes U.S.1 e U.S.2 sobre planimetría inicial

## Ámbito 2

Integrado no recinto superior, no nivel máis baixo, e desenvolvido, como xa se ten sinalado, entre a porta interior de acceso e a poterna, amoreaba, de inicio, unha cantidade de rebo especialmente importante na área de confluencia entre aquela e a fiestra xemorada.



Figs. 10, 11. Ámbito 2, aspecto previo na 1ª fase: porta interior e fiestra xemorada (área leste)



Figs. 12, 13. Ibíd.: porta interior (leste) e poterna oposta (oeste)

A fin de resolver os impedimentos operacionais, decidiuse, xa feita unha limpeza someira da vexetación, partir dos datos obtidos trala sondaxe cabo da torre da homenaxe (U.S. 1<sup>76</sup>), so o imaxinado patio (Ámbito 2a), entre o paramento máis preto desta, realizado en cachotería irregular de granito e rachas de lousa, asentado directamente sobre rebai-xes precarios do afloramento rochoso, e o oposto, que posúe unha fábrica máis coidada, aínda que con materias primas similares, manifestada no emprego de sillares e no alicer-zado en caixa aberta no substrato.

As capas exhumadas entre ambos e dous presentan unha secuencia ben sinxela, na que ao estrato superficial subxace unha camada de derrubamento pousada directamente sobre da rocha nai, regularizada a pico, ou intermediando, puntualmente, un sedimento

76. Dimensións: 2,0 x 6,5 m.





Figs. 14–17. Sondaxe U.S.1, estado final: planta e paramentos sur e norte

areoso con fragmentos miúdos de tella (practicamente desmantelada e, por iso, dificilmente perceptíbel a capacidade de campo) que ben puidera ter sido o piso de ocupación ou pavimento da estancia.

Unha vez coñecidas as súas características<sup>77</sup> procedeuse a achanzar, con supervisión arqueolóxica, a parte complementaria dese Ámbito 2a, converténdoa na primeira en adecuarse, e prolongándoa cara ao Ámbito 2b (concorrencia da porta interior e da fiestra bipartida) coa retirada selectiva do escombros alí amontoado o que puxo tamén ao descuberto os restos do limiar do van de transición cara a poterna.

<sup>77</sup> E previo selado mediante o recubrimento con fibra xeotéxtil, procedemento habitual aplicado tamén ás restantes Unidades de Sondaxe executadas.



Figs. 18, 19. Ámbito 2 ao remate da 1ª fase: porta e fiestra xeminada (leste) e poterna oposta (oeste)

### Ámbito 3

Colmado, ao igual que no Ámbito 2 superior, optouse pola sondaxe como táctica previa a calquera movemento de terras, sendo executada a U.S. 2, transversal aos Ámbitos 3a e 3b<sup>78</sup>, revelando a semellanza dos paramentos (sillería granítica e rachas de lousa tomada con argamasa calcaria) e a presenza, no situado ao sur, cara ao río, dos restos dun elemento defensivo (seteira ST-3.2).



Figs. 20, 21. Ámbito 3, aspecto previo na 1ª fase: áreas oeste e leste

O depósito entre ambos e dous está constituído, *grosso modo*, polo manto vexetal superficial que cobre o muro intermedio [S] citado por Comerma, o cal separa un potente estrato de sillares (derriba do lenzo sur ocorrido no século XX, e con rastro de espolio) que ten correspondencia co coetáneo desplome interior da citada seteira.

Dende esa partición medial ata o paramento norte, localízase o rebaixe horizontal da rocha para dispor o tránsito principal do recinto na planta baixa, aparecendo, en cam-

78. Dimensións: 2,0 x 8,5 m.



bio, entre aquel e o lenzo sur, os probábeis restos do desprendemento da cuberta (con xenerosa presenza de tella) adscribíbel á etapa de abandono do castelo, e que, reservado para futuras intervencións, deveu en rasante para o desentullo do Ámbito 3.



Figs. 22–24. Sondaxe U.S.2, estado final: planta, paramento norte (co muro S de Comerma en primeiro termo) e seteira ST-3.2 (sur)

A liberación, que non o esgotamento, deste sector fixo perceptíbel unha grande parte da súa composición en planta e alzado.

Así, na vertical, mentres a parede norte xa contaba coa prolongación do zócolo rochoso adaptado (desbastado) á acomodación dos perpiaños suplementares, xunto cos

indicadores portantes do trabexamento dos andares superiores (negativos –machinais- e positivos –canzorros ou resaltes–), o do sur exhibiu a liña de seteiras que se advirte na fotografía de 1888, pervivindo tan só parcialmente as tres occidentais (ST-3.1, ST-3.2, ST-3.3) nas que se constata o derrame e a simetría da deriva, e integramente unha cuarta (ST-3.4) que mostra diferenzas de cota e morfolóxicas coas restantes.

No plano horizontal, malia a escasa talla mantida polos tabiques, ficou clarexada a distribución da planta inferior en cinco espazos que parecen ter un común corredor lonxitudinal a pé do pano norte.



Figs. 25, 26. Ámbito 3 ao remate da 1ª fase: áreas oeste e sueste



Figs. 27, 28. Perspectivas leste e norte do castelo ao remate da 1ª fase de intervención

Non menos notábeis son os indicios dun posíbel oco (Ámbito 3d, sur) con fecho (enreixado?) que, se cadra, puidera comunicar mediante chanzos co sistema de protección da augada (Ámbito 4).

Por último, a observación en detalle avala para este Ámbito 3 unha construción *a posteriori* da do recinto superior, non só pola diferenza estilística da porta exterior e o seu basto adosamento ao cubo nororiental, senón pola reutilización de restos arquitectónicos espurios na seteira ST-3.2.

Incluso se podería consignar, nalgún sector, un terceiro momento, como farían ver os paramentos perimetrais occidentais (Ámbitos 3a, 3b) a partir do linde coa seteira ST-3.1, nos que se aprecia unha mingua significativa de grosor e unha varianza de fábrica que denotarían unha acción máis recente (reparación?), e que tamén se intúe no tramo oposto (Ámbito 3e), inmediato polo oeste á torre/contraforte, onde se sitúa a seteira ST-3.4.

## 2. A SEGUNDA FASE (2009-10)

A intervención arqueolóxica desenvolvida nesta segunda fase (2009-10)<sup>79</sup> foi plantexada, en coordinación coa dirección facultativa (Alonso Rodríguez 2008) con pretensións continuistas, na idea de avanzar na liña marcada de toma de datos e consolidación principiada na anterior, concretándose a súa incidencia, esencialmente, na fronte norte do outeiro e nos recintos superiores.



Fig. 29. Perspectiva sur do castelo previa á intervención en 2ª fase

<sup>79</sup> Entre o 17 de novembro de 2009 e o 28 de xullo de 2010, e na que contamos coa inestimábel colaboración de Emilio Ramil González, responsábel e boa medida de que este artigo fose redactado.



En relación coa encosta setentrional foron fixados os obxectivos de contrastar a existencia do foxo defensivo que se presupuña na súa base, consignar o percorrido e composición dos camiños de acceso intuídos, deixar ao descuberto outros elementos adxacentes aos xa coñecidos do conxunto e afianzar os afloramentos graníticos que sosteñen as defensas veciñas á torre da homenaxe.

Nos recintos superiores, centrábanse as previsións na consolidación e/ou reposición de paramentos e coroamentos de estruturas singulares como a fiestra xeminaada, a camisa ou a torre da homenaxe, a máis do baleirado e anastilose do alxibe emprazado na súa planta máis baixa.

En calquera caso, mantivéronse as estratexias xa empregadas de conxugar control e sondaxes valorativas, nos espazos máis sensíbeis, auxiliadas nesta quenda con outras como os estudos xeotécnicos (mostraxes na suposta traza do foxo) ou analíticas de fábricas (pedra e morteiros).



Fig. 30. Situación das sondaxes U.S.3, U.S.4, U.S.5 e U.S.6

A actuación levada a cabo, respostou con moito ás expectativas xeradas na quenda anterior, ofrecendo interesantísimos resultados dende o punto de vista arqueolóxico, involucrando<sup>80</sup> partes xa especificadas como a cava defensiva, os camiños de acceso, a camisa e a torre da homenaxe.

80. Aínda sen desprezar o interese arqueolóxico da consolidación da fiestra xeminaada, os criterios que rexeron para a súa recuperación foron fundamentalmente arquitectónicos, xa que conxuntaron a súa recuperación mediante simetrías dos elementos acreditados (arco de medio punto e parladoiro) como paso seguinte á mellora dos tramos de paramentos de base (incorporación), laterais (aplomado) e superiores (desmontado e recreación).



Fig. 31. Localización das sondaxes U.S.3, U.S.4, U.S.5, U.S.6 sobre planimetría final

### *Foxo defensivo (Ámbito 10)*

A necesidade de contar con algún enxeño mecánico (guindastre) que puidese sobrevoar as cotas máximas da torre da homenaxe dando servizo ao maior perímetro posíbel do conxunto, fixo imprescindible emprazar o cimento (zapata de formigón) nun punto inmediato a pé do outeiro onde se presupoña a existencia do foxo defensivo.

Asumindo este imponderábel e diante da inviabilidade de localización alternativa, plantexóuse unha sondaxe arqueolóxica (U.S. 3)<sup>81</sup> axustada á caixa de alicerzado cuíos resultados patentizaron tanto a existencia daquela primeira defensa horizontal como algunhas das súas características básicas, conformando unha gabia labrada no substrato, colmatada por materiais desprendidos do propio castelo, e que configura un perfil impreciso ao respecto da súa sección transversal, xa que mentres o da escarpa semella inclinado (en “V”) o da contra escarpa tende á vertical (en “U”) rexistrándose unha separación entre ambas e dúas de 4,4 m. a 5,4 m.

Complementariamente, foi realizada unha serie de mostraxes xeotécnicas<sup>82</sup> aliñadas en perpendicular á probábel traxectoria da cava nun punto preto (nor-nordés) da sondaxe, e cuxa lectura lle adxudicaría unha profundidade máxima aproximada de 4 m.

81. Dimensións: 5,5 x 5,5 m (cotas finais relativas acadadas: -1,10 m.).

82. A unha distancia de 50 m. da U.S. 3, sobre o vial que actualmente bordea a cuiña, consistentes na extracción continua de material (columnas) en cinco puntos que debuxan unha sección de referencia aproximada da cota superior do substrato marcando un perfil de escarpa a contra escarpa cos seguintes valores relativos: -3,80 m., -3,90 m., -2,97 m., -2,90 m. e -2,40 m. (Pereira Rascado e Pereira Rascado 2010).



Figs. 32, 33. Sondaxe U.S.3, estado final: planta e contraescarpa (noroeste) do foxo defensivo

### *Camiños de acceso (Ámbito 8)*

Parece ocioso sinalar que o sistema de ascenso directo co que o castelo contaba ao inicio da actuación e que se mantivo operativo ata o remate, consistente nun suplemento escalonado de madeira, non ten correlación algunha coa traza que describiría o camiño orixinal.

Emporiso, na sospeita fundada tanto na fotográfica histórica como en indicios topográficos perceptíbeis sobre o terreo (ribazos), plantexouse a execución dunha serie de sondaxes valorativas (U.S. 4, U.S. 5, U.S. 6) distribuídas en coincidencia cos treitos inicial, intermedio e final que se presumían para o mesmo.

Xa na primeira sondaxe (U.S. 4)<sup>83</sup>, nas proximidades da área superior de entrada ao recinto, practicamente a son do cubo de flanqueo de ambas e dúas portas, quedou patente, baixo unha espesa capa (2,40 m.) de aterramento (basicamente construtivo), a morfoloxía do vial que, a máis da face interior resultante do apomado do afloramento, aparece realizado mediante adaptación horizontal da rocha e recuberto por unha camada areosa (con fragmentos de pizarra e tella) que constitúe o propio pavimento e estaría limitado na súa marxe exterior, nordés, polos restos dunha barreira de protección perimetral (enmarcando unha anchura entre 3,6 e 4,2 m.), e que, á súa vez, actuaría como muro de contención, na ausencia de soporte natural, da que só se conservaba unha fileira de alicerces (cachotería granítica asentada a óso, con argamasa e/ou lousa).

A visualización, durante a roza do outeiro, dun rebaixe da rocha na área próxima ao punto que se asumía como o inicio do ascenso da aba, concretado, incipientemente en superficie, nos negativos do que podería corresponder ao sistema de cerramento dun van (batente de porta e travesa) pareceu fundamento oportuno para a apertura dunha nova sondaxe (U.S. 5)<sup>84</sup> definida, como as restantes, transversalmente á pasaxe.

83. Dimensións: 2,0 x 6,0 m.

84. Dimensións: 2,0 x 3,0 m.





Figs. 34, 35. Sondaxe U.S.4, estado final: planta e perfil noroeste

O datos fornecidos ao seu remate veñen abundar no xa averiguado, repetíndose o patrón morfolóxico dunha verea conformada por labra da rocha en vertical para a dotar dunha parede interior, en horizontal para o soporte do pavimento (outravolta integrando o preparado e a superficie de uso –semellante ao da U.S. 3, aínda que máis desenvolvido–) e outra de cerramento lonxitudinal para a protección do exterior (neste caso, tan só identificada por sillares de base ou os negativos de asento no substrato, pero tamén co emprego de lousa e argamasa).

A máis, a singularidade ven dada pola percepción dun umbral que, segundo se pode deducir, contaría cun portón, dunha anchura máxima de 2,20 m. (equivalente á do espazo útil para o ingreso) que xira sobre un eixo e estaría asegurada cunha aldraba horizontal (cuxos respectivos negativos de desgaste e de encaixe se conservan).

Resalta tamén a presenza de concrecións ferrosas adheridas ao piso rochoso do que se podería inferir a existencia dalgún revestimento de madeira neste limiar inicial da subida.

Dende o punto de vista estratigráfico, ás capas superiores, para as que a súa inclinación permite supor unha orixe natural, subxace unha camada horizontal de matriz areosa (gran groso de orixe fluvial –grava de seixo arrolado–) sen materiais antrópicos, no que aparenta un aporte intencionado, nunha soa acción, que cobre un depósito de derrubo pousado sobe o pavimento orixinal, e que tería unha explicación funcional dando solución á inutilización do camiño por desprendementos (quizais derivados dos efectos da revolta irmandiña de 1467) supoñendo o seu recrecido e a acomodación final dos novos accesos a unha cota superior.

A sondaxe (U.S. 6)<sup>85</sup> situada no tramo intermedio, ben preto da retorta, reflicte a mesma pauta no sistema construtivo (rebaixe vertical e horizontal) aportando informacións adicionais relativas á protección periférica exterior (deixando un espazo útil de circulación de 4,2 m.), presentando neste caso as fiadas inferiores como complemento a un

85. Dimensións: 2,0 x 5,0 m.



Figs. 36, 37. Sondaxe U.S.5, estado previo e final: paramento sur con batente da porta de acceso ao camiño



Figs. 38, 39. Ibíd., estado final: planta e perfil oeste



Figs. 40, 41. Sondaxe U.S.5, estado previo e final: face interior (sur) da verrea

novo corte perpendicular da rocha, e novidosas pola execución dunha canle simple na cara interna do camiño á que se lle podería outorgar unha aparente función drenante.

A secuencia estratigráfica confirma, tamén neste caso, a inutilización do pavimento primixenio pola caída de materiais e o seu recubrimento mediante unha potente capa areosa como opción habilitadora para proporcionar o que, consideramos, último sistema de acceso antes do abandono definitivo do castelo.



Figs. 42-45. *Ibíd.*, estado final: planta, estrutura de protección perimetral (norte), canle de drenaxe (sur) e perfil leste

Os traballos completáronse coa supervisión arqueolóxica subseguinte do achanzado da traza do tránsito, en zigzag, por medio da retirada dos estratos de abandono superiores e a limpeza dos afloramentos, deslindando con precisión a continuidade do panel interior no tramo baixo (nordés-sudoeste) mantendo o perfil vertical da rocha, realizado

por aparello de sillería (segundo as fiadas ou entalles conservados) e simultaneando no restante (noroeste-sueste), de acordo co cambio de orientación, as funcións de protección exterior e muro de contención.



Figs. 46–49. Perspectivas do camiño de acceso a unha cota aproximada á que presentaría canda o abandono do castelo

### *Camisa (Ámbito 1)*

A pantalla de protección da torre da homenaxe, desenvolvida dende a poterna occidental ata o cubo nordés, que faría de límite norte do recinto superior, atopábase desprovista, en boa medida, dos sillares de recubrimento, e amosaba unha traza discontinua, en planta, mediante a suma de segmentos con varianzas de orientación en función da acomodación aos afloramentos rochosos que lle serven de sostén, acusando incluso no tramo medio, fronte ao vértice norte do torreón, unha creba que, cando menos no intre de abandono, se solucionaba mediante unha especie de contraforte, aínda visíbel na fotografía histórica.

Os traballos desenvolvidos nesta defensa foron plantexados, baixo unha estratexia de control, para conseguir unha documentación exhaustiva tanto dos materiais empregados no aparello interno e externo (con toma de mostras) como na avaliación dos sillares



de base e/ou pegadas que permiten perseguir a implantación, non só para a súa representación na planimetría de detalle, senón tamén, e en especial, para dar respaldo á consolidación e reposición subseguinte.



Figs. 50, 51. Estado previo da camisa antes da consolidación e detalle da súa acomodación á rocha do substrato

O proceso deu como resultado a recuperación parcial da súa morfoloxía tal e como debeu de ollarse canda a reedificación postirmandiña, presentando unha fábrica concordante coa do conxunto (sillares racheados con material pizarroso, en xuntas horizontais e verticais, e argamasa aglutinante) pero coa significativa incorporación, na masa interior, de doelas da bóveda da cuberta da torre, empregadas como recheo, o que apuntala a hipótese de que se trata dunha obra posterior á orixinal.



Figs. 52, 53. Doela da bóveda da torre reutilizada no recheo da camisa e aspecto da mesma ao remate da 2ª fase de intervención

### *Torre da homenaxe (Ámbito 0)*

Edificada, como queda dito, no punto máis alto do promontorio e nunha posición excéntrica, posúe planta cadrada (9 m. de lado, cun grosor de muro de 2,25 m.), acceso

elevado na fachada interior sueste, a través dunha porta con arco de medio punto (2,5 m. de alto) cuxo limiar ten continuidade cara ao exterior por un balcón (do que só quedan os implantes de canzoros, cortados a rentes) situado a 4,5 m. do entaboado do patio, dende o que aínda presenta unha envergadura de 12,5 m. (16 m. totais).



Fig. 54. Perspectiva sur da torre da homenaxe previa á intervención da 2ª fase

Realizada en sillería granítica, integra un alxibe situado na planta inferior sobre o que se situaría un piso de madeira (como os restantes), a unha cota máis baixa que a soleira de entrada, apoiado sobre bastos saíntes conservados nos vértices, outro sobrado intermedio soportado por repisa moldurada (cuarto bocel) continua nos laterais sueste e nordés, só interrompida no extremo norte en correspondencia co oco de paso mediante escaleira (supostamente de madeira, non conservada) a unha terceira planta situada por baixo do coroamento.

Entre as dúas intermedias, mantense unha estrutura de combustión da que só se mantén a cambota e o fumeiro embutidos na propia fábrica da torre (vértice oeste).

Malia que non conserva indicios das defensas superiores, conta con seteiras nos paramentos nordés (ST-0.1, ST-04) e suroeste (ST-02, ST-03). A de embaixo (ST-01) rés-gase inmediatamente por riba da bóveda do alxibe con deriva oblicua orientada cara ao acceso ao patio, tendo as dúas seguintes abucinado simétrico e enfoque cara á área da





Figs. 55–58. Interior da torre da homenaxe antes da actuación: alxibe, seteira ST-0.1, porta de acceso elevado e cambota (entre repisa e seteiras ST-0.2 e ST-0.3)

poterna e esporón occidental (ST-02, ST-0.3), e sendo a cuarta (ST-3.4) a única non conservada íntegra, afectada polo desmoroamento e tapiada en precario con cachotería.

As operacións desenvolvidas na torre da homenaxe tiveron como obxecto tanto o coroamento da torre (Ámbito 0a) como o alxibe (Ámbito 0b).

As actuacións no **coroamento** concretábanse na limpeza da fábrica interna para a súa consolidación e impermeabilización, co fin de pór freo aos estragos que os axentes atmosféricos e a vexetación viñan provocando nun zona xa de por si moi deteriorada.



Figs. 59, 60. Coroamento da torre libre de vexetación: vistas norte e nordés

Os pormenores recabados durante a supervisión arqueolóxica, se ben non permitiron concretar o sistema de defensa superior (ameado?) do que fora dotada para o seu amparo, si fixeron posíbel perfilar unha hipótese respecto da fisionomía da cuberta, ao se conservar a cornixa interior moldurada nos laterais sueste e suroeste, presentando neste a imbricación de tres ménsulas<sup>86</sup> (dúas fragmentarias e unha terceira parcialmente exenta, pero reimplantada finalmente) e que servirían de apoio (mediante asento de argamasa e lousa) a doelas graníticas de sección hexagonal (algunha delas aínda caída no alxibe ou xa reutilizada no recheo da camisa) para armar unha bóveda (de medio canón, ou apuntada?) termando dun teitume de madeira e cuberto de tella.

O grao de desmantelamento da face superior deixou visualizar o sistema de saída de fumes do lar, malia que non pervive a cheminea, e a danada seteira ST-0.4, na que se estabilizou a deriva sueste (única conservada), despois de lle ser retirado o recheo do van e antes de acometer a impermeabilización xeral mediante o recubrimento integral superficial con tea illante e cal hidráulico.



Figs. 61, 62. Traballos de limpeza do coroamento: paramentos suroeste (cornixa interior, ménsulas e seteira ST-0.3) e sueste (cornixa interna)



Figs. 63, 64. Ibid.: paramentos noroeste (cambota e fumeiro) e nordés (seteira ST-0.4, conservada parcialmente)

86. Agradecemos a David Chao Castro e Carlos Galbán Malagón a asesoría na identificación de elementos e uso de termos artísticos.

O **alxibe**, situado na base da torre, mostraba ao comezo da intervención a carencia, por impacto dos sillares vencidos do coroamento, dunha parte importante da súa bóveda, de medio punto resolta a base de doelas graníticas apoiadas en arcos distais (resaltes nos paramentos suroeste e nordés) e dividida en dous tramos por un arco perpiaño.

A acumulación dos materiais caídos no fondo (tan só uns poucos ficaron pousados no extradorso), provocou a práctica colmatación do vaso onde convivían nun medio anegado.



Fig. 65. Coroamento da torre xa impermeabilizado. Vista nordés



Figs. 66–68. Aspecto do alxibe previo aos traballos de baleirado: vistas sueste (dende o coroamento e porta de acceso) e sur (área nordés)

As propostas contempladas para a súa recuperación abranguían tanto o baleirado como a reposición do cerramento superior, e iso nunha intervención con pretensións de albiscar, por medio dos materiais ergolóxicos, actividades ou usos cotiáns desenvolvidos no torreón e, a través dos arquitectónicos

desprendidos dos andares superiores, abundar no coñecemento da súa morfoloxía orixinal e do proceso que deu no abandono, ademais da aspiración de rematar coa anastilose da cúpula do alxibe.



Así as cousas, só podía ser entendida a supervisión arqueolóxica mediante a súa equiparación metodóxica á dunha escavación en área aberta, conlevando o rexistro tridimensional e o recoñecemento e inventario do material recuperado.



Figs. 69, 70. Estado do alxibe despois do baleirado: vistas cenitais sueste e nordés (dende o coroamento)

O proceso de exhumación e a limpeza posibilitou, en fin, visualizar o interior do alxibe revelando evidencias ben transcendentales como aquelas que rexeitan, definitivamente, a existencia do túnel que deseña Comerma, xa que a fábrica constatada non só está choída sobre si senón que é parte intrínseca da torre, tanto nos arcos de apoio das extremas da bóveda como o central, e, ademais, a canle de alimentación<sup>87</sup> situada no paramento nordés.

Outrosí revelou un solado elaborado, case que exclusivamente, por lou-



Figs. 71–73. Vista do solado do alxibe: rocha rebaixada no vértice norte (sup. e esqda.) concertando con lousa granítica.

87. Aínda que non foi localizado o sistema de abastecemento, e non se pode descartar o subministro mediante o carrexo en recipientes, cremos na posibilidade da captación por gravidade previsto na construción da fábrica interior da torre.

sas graníticas concertadas, complementado no vértice norte pola rocha do substrato, sobre a que se construíu a torre, integrada e regularizada (presentando uns finos regos de drenaxe cara ao centro da arca).



Figs. 74, 75. Vista interior dos paramentos nordés e suroeste do alixibe antes da anastilose

O rigor na supervisión fixo posíbel levar a termo a anastilose da bóveda, obtendo a información sobre o oco de acceso, situado na parte oriental, consistente nunha pequena boqueira rectangular que disporía dunha tampa acomodada en entalles no rebordo.



Figs. 76, 77. Proceso de remontado da bóveda do alixibe mediante o emprego de cimbra de madeira



Figs. 78, 79. Anastilose da bóveda do alixibe: vista parcial (área nordés) e detalle da boqueira orixinal

Resulta tamén reveladora a presenza no tanque de diversos elementos exentos integrantes de estruturas singulares dos pisos superiores, entre os que destacan doelas da bóveda e fragmentos da ménsula sur, xunto con outros da cambota, que nos confirman o desmoucamento nun episodio violento (irmandiño) e nunha acción que debeu derivar no incendio da torre como testemuñan os sinais sobre o material lúneo (madeira queimada), cerámico (tellas con deformación plástica e recristalización) e metálico (estribeira e legón?) recuperados no seu interior ou no extradorso e que concordan co desplacado por choque térmico da sillería granítica visíbel en toda a face interior, especialmente na situación por riba do alxibe, e no aspecto doutros materiais residuais que xacen sobre este.



Figs. 80, 81. Doela da bóveda da cuberta da torre caída no interior do alxibe e acopio doutras recuperadas no mesmo

Por outra parte, a escasa presenza de enseres localizados no seu fondo implicaría o recado preventivo por parte dos posuídores antes da revolta ou o espolio durante a mesma.

### 3. MATERIAIS ERGOLÓXICOS

Dentro dos materiais ergolóxicos recuperados (1.300 unidades ou fragmentos) nas dúas fases de intervención no castelo, correspóndelle unha pequena proporción aos elementos líticos<sup>88</sup> e metálicos, que van dos máis comúns, como cravos ou ferraduras, aos singulares, entre os que cómpre salientar dous numismas<sup>89</sup>, unha estribeira e un aveño de labranza (legón?)<sup>90</sup>, sendo a cerámica<sup>91</sup>, sen dúbida e con grande diferenza, o resto con máis presenza (97%), estando testemuñada, a máis dos materiais construtivos (tixolo –case que anecdótico– e tella), por tres grupos: a cerámica común de tradición medieval, a louza e, en menor medida, as anforetas de Indias.

88. Tan só un posíbel bolaño granítico de forma tendente a esferoidal e reducidas dimensións (111x98x89 mm.).

89. Brancas de Henrique III e Henrique IV de Castela, acuñadas nas cecas de Sevilla e Burgos, localizadas respectivamente na Unidade de Sondaxe 2 e no Ámbito 2b (a pé da fiestra xeminal).

90. Recuperados da torre da homenaxe, afectados polo lume e consolidados por Victoria Folgueira Fariña.

91. Estudo realizado polo arqueólogo Xosé Ramón Martínez Casal, a quen corresponde a autoría das fotografías da cerámica común que aquí se inclúen.





Figs. 82, 83. Estribeira e aveño –legón?– (NR09/0/26, NR09/0/30). Sobre bóveda e no interior do alxibe

### a) *Cerámica común de tradición medieval*

Dentro deste epígrafe hai que diferenciar dúas producións: unha, de orixe claramente local –ou cando menos da rexión noroeste–, cun amplo repertorio formal aínda que limitado ao servizo de cociña e almacenaxe, case en exclusiva, que podemos denominar como cerámica de pastas grises/negras ou oxidantes; e un segundo grupo de cerámicas de pastas vermellas/alaranxadas que se limitan ao servizo de almacenaxe e que presentan unha procedencia foránea ao ámbito galego.

A *cerámica de pastas grises e negras*, groseiras e pouco compactas, elaboradas a torneta<sup>92</sup> ou torno rápido<sup>93</sup>, ten certa homoxeneidade morfolóxica con amplo índice de formas globulares e bases planas, características de contedores asociados ao servizo de cociña, tendo nos bordos o risco máis característico. A súa presenza no xacemento maniféstase en tres tipos: as olas de bordo de pestana, aconcavado e realzado, pertencentes a un horizonte claramente baixomedieval.

A ola “de bordo de pestana”, o máis difundido e que acada maior variedade morfolóxica, con bordo en T e colo sinuoso, amosa tamén pequenas superficies aconcavadas cara o interior do bordo para o asento da tapadeira, corpos globulares e bases planas, de diferente diámetro. A pasta é de composición granítica, con tratamentos desiguais e desengraxantes non plásticos finos, compostos por micas e seixos, limitándose o remate das superficies a un sucinto afinado na zona superior, e situándose a decoración, exclusiva de acanaladuras horizontais externas, no ombreiro.

92. Denominado tamén torno baixo, torno lento ou roda, o movemento de rotación imprímese manualmente, polo que as revolucións son lentas, desacelerándose ao modelar coas dúas mans, realizándose a elevación das pezas engadindo rolos ou faixas que se regularizan cun torneado intermitente. A súa utilización deixa unha serie de marcas na cerámica: soldaduras de base-corpo, rolos e faixas en corpo, corpo-colo, pegadas dactilares verticais internas, textura pouco compacta e irregularidade xeral.

93. Este instrumento confírelle maior grao de revolucións á modelaxe da peza, ao ser a forza centrífuga a que fai elevar o obxecto. As pezas así elaboradas presentan máis regularidade, homoxeneidade e compactidade, favorecendo unha maior complexidade e diversidade de formas. As pegadas do seu uso consisten en estrías ou marcas concéntricas horizontais en todo o corpo. Se ben se considera que durante a Baixa Idade Media se xeneraliza o seu uso, iso non significou unha redución significativa do emprego da torneta, sendo difícil, en ocasións, dada a mestría dos torneiros, discernir o sistema utilizado.

A ausencia de fragmentos grandes e as características das fracturas (pola unión de rolos) parece indicar unha elaboración en torneta.

A ola “de bordo horizontal aconcavado”, para asentar a tapadeira na súa parte interna do bordo (superior) horizontal, presenta un beizo redondeado ou plano e, quizais, colo de perfil moi estrangulado e breve. A pasta adoita ser groseira, con desengraxantes de seixo mal decantados (aflorando) e un tratamento superficial bastante parco, cinguíndose a un conciso afinado na zona do bordo, que lle conferiría un tacto rugoso.



Fig. 84. Ola de bordo horizontal aconcavado (NR09/0/38). Interior do alxibe

A ola “de bordo realzado” correspondería a un conxunto cerámico que presenta un bordo esvasado, oblicuo ou horizontal, rematado nun beizo máis ou menos destacado, redondeado na variante *A* ou apuntado na *B*. A prolongación inferior típica do bordo de pestana recórtase, ao contrario que o extremo superior do labio, desenvolvido notabelmente, sobre todo no caso da primeira, que englobaría recipientes de maior tamaño, presentado aportes oxidantes, e cuxa decoración, no caso de existir, se visualizaría en impresións máis ou menos circulares/ovoides no ombreiro, sendo realizadas nunha pasta máis groseira que as da segunda, aínda que non chegan a tanto como as da ola de bordo horizontal aconcavado. As da variante *B* presentan tamén aporte oxidante pero o desenvolvemento do beizo é menor, a pasta é máis fina e a decoración está realizada a base de acañaduras horizontais no colo.




Figs. 85-87. Olas de bordo realzado (NR09/0/27, NR09/0/28, NR09/0/31). Interior do alxibe

Asemade, documéntanse tipos de xerra, destinados ao servizo de almacenaxe, en anacos de bordos con pico vertedor, lobulados, e de asas, asociados a decoracións paralelas, mamelóns e en cordón.

A *cerámica de pastas vermellas/alaranxadas*, de tradición medieval ao igual que a anterior, atópase moi ben representada, estando caracterizada pola súa cor viva e a relativa delgadeza das súas paredes (5-6 mm.). A pasta destes recipientes, destinados principalmente ao servizo de mesa e almacenaxe, ou funcións auxiliares, é dura e compacta, sendo fina en canto á textura e corte. Apenas presenta vacúolas e o calibrado dos materiais non plásticos (mica, seixo e calcita) é xeralmente óptimo, agás excepcións.

O conxunto reflicte formas cerradas, como a xerra, que manteñen os corpos globulares, colos de perfil suave e bases planas, un bordo engrosado polo xeral (malia que non aparece esta parte en ningún exemplar da colección) e un baquetón externo de separación de corpo e colo. Presentan alisados na superficie exterior e a aplicación dun engobe con espatulado e brunido vertical.

A súa cronoloxía situaríaas entre os séculos XV e XVII, procedendo de alfares levantinos ou meseteños, sendo Valladolid un importante centro produtor destas facturas durante os séculos XV e XVI.



Figs. 88, 89. Cerámica de pastas alaranxadas –xerra ou botella– (NR09/6/6, NR09/6/7). Sondaxe U.S. 6

### *b) Louza*

A carón de toda esta cerámica común, rexistranse, se ben nun número bastante máis reducido, fragmentos de recipientes destinados esencialmente ao servizo de mesa, que poderíamos cualificar como de louza de luxo, destinada ao uso das “elites” residentes na fortaleza e cuxa presenza deriva dos contactos desenvolvidos por mor da industria pesqueira e do salgado da Galiza durante a Baixa Idade Media con centros mercantís da Coroa de Aragón, especialmente, e tamén do sur peninsular, estando concernido o elenco recuperado por louza branca ou decorada en azul e morado.

A louza branca é o tipo máis representativo e abundante da época baixomedieval, e está caracterizada por un revestimento de verniz ou esmalte de cor branca leitosa ou brillante, segundo o caso, de estaño aplicado a toda a peza.

En liñas xerais, son pezas realizadas en cocción oxidante, que presentan unha pasta clara (rosa ou amarelo pálido), dura, ben depurada, de tacto poirento, textura fina, fractura quebrada fina e materiais non plásticos apenas perceptíbeis (cerámicos e calcíticos).


Morfoloxicamente contemplan un índice moi amplo, significado por cuncos, escudelas, pratos e fontes.

Trataríase de producións baixomedievais de procedencia sevillana, especialmente do barrio de Triana, cunha cronoloxía do século XV (segunda metade).

A louza en azul e morado ten a súa principal referencia histórica, durante a Baixa Idade Media, nos alfares de Sevilla, cunha cronoloxía entre os séculos XIV e XV, podéndose levar até o século XVI<sup>94</sup>, sendo imitada a produción, tralo seu declive, nas meseteñas.

Son cerámicas cubertas con verniz branco estannífero brillante de tonalidade branca-leitosa e decoración en azul e morado, derivada de óxidos minerais como o cobalto e o manganeso, respectivamente.

A maioría responde a formas abertas tipo prato fondo, con base convexa e grandes paredes oblicuas, situándose a decoración na superficie visíbel (interna) e compoñéndose, máis menos, por círculos concéntricos en series moradas e azuis intercalando motivos vexetais e xeométricos nesas mesmas cores, cun claro estilo mudéxar.



Figs. 90–92. Louza en azul e morado (NR07/0/555, NR07/2/390, NR07/1/65). Sondaxes U.S. 1 e U.S. 2.

### *c) Anforeta de Indias*

Así mesmo, documentouse a presenza de pezas cerámicas concernentes ás denominadas “anforetas” de Indias, relacionadas comunmente coa colonización de América por parte da Coroa de Castela, aínda que sen dúbida deberon existir con anterioridade, estando asociadas a xacementos medievais e modernos.

Estes recipientes cerámicos son herdeiros da tradición oleira do Mediterráneo, con formas indicadas para a estiba e transporte en augas axitadas, ao maximizaren a integri-

94. Os alfares de Muel (Aragón) tamén se caracterizaron pola produción, entre os séculos XVI e XVII, de cerámicas esmaltadas en azul e morado.

dade estrutural do contedor, en canto que a pequena abertura que posuían permitía un fecho máis sinxelo cunha mínima cámara de aire no interior.

A súa función utilitaria de transporte de líquidos (óleos, viño, mel, vinagre, auga, ...) reflíctese na calidade de fabricación (vacúolas na pasta, gargalos defectuosos o corpos asimétricos) non considerada relevante, realizada a torno e sometida á cocción en forno.

En xeral son de pasta avermellada aínda que nalgúns exemplares é abrancazada, de pastas homoxéneas, compactas, de gran fino e en xeral sen impurezas.

No caso de Naraío poucos restos presentan morfoloxía, as pezas inclúen calcita, o que provoca que se observen pequenos puntos negros, tanto na pasta como na superficie.

Varios exemplares, a máis, posúen un revestimento interno a modo de vidrado verde coa fin de impermeabilizar o envase, adscribíndose normalmente ao século XVII, aínda que a súa constatación noutros xacementos medievais galegos debe levar a lles atribuír unha cronoloxía máis antiga.



Figs. 93–95. Anforetas de Indias (NR09/0/7, NR09/0/12, NR09/0/24). Sobre bóveda do alxibe

### III. CONCLUSIONES

É obvio, e premeditado, que a exposición precedente tivo especial interese en mostrar un castelo de Naraío no que partindo dun contexto histórico o máis exhaustivo posíbel, dende a recompilación das fontes medievais coñecidas (nas que se bota moito en falla algunha referencia construtiva e, aínda máis, formal -nin a máis mínima alusión-) e transitando pola peculiar visión que Comerma nos transmite da visita realizada nos albores do século XX (nunha sorprendente mestura de enxeñaría e imaxinación –*se non è vero...*–) se chega a dar conta das primeiras intervencións arqueolóxicas que, xa neste século, tiveron como resultado a recuperación de evidencias, se ben fragmentarias, cualitativamente relevantes como para describer o conxunto e artellar un marco estrutural que permita elaborar teorías solventes sobre a súa e evolución<sup>95</sup>.

Como está reiterado de máis, o proxecto de actuación foi abordado en dúas quendas que, xa de principio, se desexaban e presuponían consecutivas e que tiñan, como viña obrigado polo estado previo do xacemento, estratexias complementarias para un mesmo obxectivo.

Unha primeira que compendiou información e xuízos para establecer os criterios e prioridades da seguinte, dende diferentes ópticas, como a estratéxica, dotando os espazos intramuros dunha operatividade antes inexistente, a arquitectónica, a través da adecuación de partes fundamentais, parcialmente visíbeis e en estado de ruína, para entender e avalar a existencia dun encastelamento cunha envergadura insospeitada, complementada coa descuberta doutras soterradas que confirmaban esa impresión e serían incorporadas a unha nova planimetría, e a arqueolóxica, para a que a anqueira desenvolvida puxo en relación estratigráfica depósitos e paramentos, sentando os fundamentos do proxecto continuador e, o que non é menor, deu na toma de conciencia do potencial que este xacemento acada.

A segunda, e por mágoa, a última ata o momento, na que se recolle o sementado na anterior poñendo en relación o xa daquela constatado co que agora se plantexaba encol da torre da homenaxe, algúns elementos envolventes (camisa e fiestra xeminal), os accesos (camiños) e as defensas periféricas (foxo), posibilitando a visión integral que, a maneira de hipótese de partida, se achega a continuación nos diferentes fitos do seu evolucionar temporal, antes do abandono definitivo cara a metade do século XVI.

A inicial (séculos XIII?-XIV), **construtiva (fase I)**, na que se pode acreditar a ins-tauración dun recinto, o superior, que se focaliza na subsistente torre da homenaxe (Ámbito 0), edificada *ex novo* sobre afloramento, segundo quedou de manifesto no acomodo da rocha, achanzada, no lousado base e na totalidade de compoñentes que se perciben: o alxibe, a cambota e fumeiro (e cheminea!?), a porta elevada e balcón, as defensas laterais

95. Os materiais ergolóxicos resultan concordantes coas datas asumidas de ocupación da fortaleza e, en todo caso, non permiten acreditar inequivocamente a vida na mesma antes da primeira data coñecida nas fontes escritas (1377). Se ben podería amagarse, dende o seu estudo, certas precisións sobre aspectos cotiáns e de uso dos distintos espazos, as conclusións resultarían ambiguas ou inconcretas xa que non se ten escavado integramente ningún Ámbito, agás a torre da homenaxe.





Fig. 96. Panorámica da fronte norte do castelo ao remate da intervención en 2ª fase (Alfonso Fuentes Martínez)

(seteiras), a cuberta abovedada (e o ameado?) e, incluso, xa no lateral exterior suroeste, os apoios (canzorros) dun piso de madeira para o espazo circundante (Ámbito 1a).

Estaría conformado, ademais, pola porta de arco de medio punto rebaxado, o cubo defensivo contiguo e unha camisa e poterna que non deberían ocupar aliñación e emprazamento moi diferentes das últimas coñecidas<sup>96</sup> e tampouco se comprendería sen levar asociado tanto o foxo defensivo perimetral (Ámbito 10) como os camiños de acceso (Ámbito 8) trazados en zigzag mediante rebaxe da rocha en “L” ou “U”, con estrutura periférica de protección e acomodación de pavimento areoso sobre o propio substrato<sup>97</sup>.

Unha, posterior (séculos XIV?-XV), de **ampliación (fase II)**, consistente na reforma do conxunto complementándoo co recinto inferior (Ámbito 3), partindo da construción da actual porta exterior de arco apuntado<sup>98</sup>, adosada ao cubo citado do acceso orixinal, que contaría con dous sobrados testemuñados polos apoios correspondentes (canzorros, repisas e machinais) no paramento que o divide do superior, e que consideramos

96. De feito, durante os traballos de documentación previos á reposición realizada, foron constatados negativos de asentado de sillares sobre a rocha do substrato correspondentes á camisa precedente, que consideramos desta fase inicial, e que difiren pouco da actual (en parte porque os afloramentos soporte non permiten unha marxe de varianza significativa na traza).

97. Descoñecemos o sistema de paso sobre a cava (que estimamos nun punto situado ao noroeste do outeiro) e a súa incorporación ao vial de acceso. Asemade, malia que foi visualizado algún degrau das escaleiras labradas na rocha que supoñen o acceso á porta orixinal, non temos constancia da transición do vial no entronque cara a porta exterior.

98. As analíticas dos materiais construtivos (Prieto Lamas et al. 2010, 27) indican que ou ben pertencen a un mesmo momento (cousa que descartamos por razóns estratigráficas, basicamente, e quizais estilísticas) ou foron construídas nun lapso de tempo relativamente curto xa que se mantén, para ambas e dúas, a mesma técnica de elaboración de morteiros.

deste tempo, co engadido da fiestra xeminada<sup>99</sup>, e no oposto que contén as defensas horizontais (seteiras).

A poterna descrita como oxival por Comerma, de resultar fiábel a apreciación, tamén debeu ser construída ou reformada nesta etapa ao igual que debería corresponder a esta época, dado o escalonamento do conxunto, o sistema de augada (Ámbito 4) que leva ao río Castro e cujos restos aínda son visíbeis.

Outra, **destrutiva (fase III)** atribuíbel, con certeza, ao **asalto irmandiño** de 1467-69 que, ata onde supomos, provocou o desmoucamento da torre de homenaxe, concretado na destrución do coroamento suprimindo na súa integridade as defensas superiores (probábel ameado) e a cheminea, o teitume mediante a eliminación da cornixa interior nos lados noroeste e nordés (xa danada nos demais con fractura ou deslocalización das mén-sulas) e da bóveda da cuberta (co desprendemento de doelas graníticas e tella), atinxindo parcialmente, ademais, xa nos sobrados intermedios, unha seteira (ST-0.4) e a cambota da lareira.

O impacto deste vencemento estrutural interno trouxo como consecuencia a fractura da bóveda do alxibe, que cedeu nas dúas terceiras partes, ficando no interior do mesmo.

O remate da toma do castelo no torreón debeu ter o seu culme nun incendio no que o travexamento divisorio horizontal suporía o combustíbel necesario para acadar unha temperatura tal que afectase severamente ao propio aparello construtivo no que se observa, por exemplo, o desplacado granítico en sillares (en maior medida canto máis baixa é a cota) ou mesmo deformacións plásticas nas tellas procedentes da cuberta.

Fóra deste espazo, ademais doutros efectos presupostos nas cimeiras do conxunto (carentes a estas alturas de toda defensa), parece moi posíbel que se visen afectados polo desmoroamento os cuñais do recinto inferior, tanto no extremo occidental, dende a seteira ST-3.1 (Ámbitos 3a e 3b) como no suoriental, onde se sitúa a seteira ST-3.4 (Ámbito 3e).

Os elementos periféricos tamén se verían directamente afectados pola derruba de muros rematando coa colmatación do foxo defensivo e a inutilización, por caída de sillares e cachotes, do camiño de acceso.

A última, axustada á **reedificación postirmandiña (fase IV)**, e que podería tratarse tan só dunha sucesión de arranxos para paliar danos, estabilizar e habilitar un castelo xa sen fins residenciais, en senso estrito, que sobrevive como representación simbólica do poder señorial e/ou ao obxecto dun certo control territorial.

Isto estaría claramente apoiado en abondosas evidencias que amosan o abandono real da torre, transmitido polos materiais depositados no alxibe e que corresponden a elementos dos sobrados e do tellado, e, aínda máis, o tapiado da seteira superior ST-0.4 que puidera significar unha acomodación para adaptar algún tipo de nova cuberta moi en precario, desistindo de reverter a situación de desleixo.

99. Debe facerse constar a localización, entre os cachotes do recheo no extremo suroeste da súa estrutura, de material cerámico de adscripción medieval con paralelos no propio xacemento.

Especialmente significativa é a consideración que as doelas graníticas dos arcos da bóveda da torre teñen para o “mestre de obras”<sup>100</sup> que asume os traballos: aquelas que quedaron no interior do alxibe foron abandonadas alí (na base do rebo de colmatación), e outras, quizais por quedar sobre o seu extradorso, foron recuperadas e utilizadas para o recheo da camisa<sup>101</sup> (Ámbito 1c) sen concederlles valor ningún, transmitindo a falla de intencións de dotar o castelo dun porte semellante ao precedente.

Aínda máis, e concedendo que a colmatación do foxo defensivo puido deberse a momentos de desuso na Idade Moderna (aínda que o consideramos certamente improbable) a solución dada para recuperar os camiños de acceso mediante o depósito suplementar de area sobre o propio derrubo que os inhabilitaba, limitando o vial ao simple tránsito sobre o mesmo, demostra esa mesma falla de perspectiva rehabilitadora onde o funcional prevalece sobre o estético.

Por último, tamén é posíbel que se tivesen reparado os esquinais do recinto sur (Ámbitos 3a, 3b e 3e) xa cunha fábrica distinta e acomodando as seteiras dos extremos.

En resumo, son moitos aínda os baleiros que quedan por reenchir respecto deste xacemento pero, como pode percibirse, a información obtida na execución das intervencións, conxuntando os eidos da arqueoloxía e a arquitectura, abre unha porta a expectativas que terían perfecta cabida nun plan de actuación coherente e prolongado no tempo que contemplase a función social que ten de seu como ben patrimonial cultural, compatíbel coa propiedade privada, e que cumprimentando obxectivos enfocados á investigación, consolidación e posta en valor, poida garantir a transmisión dun ben da entidade que o castelo de Naraío reflicte nun territorio, en senso amplo, que o contempla e que debería esforzarse en potenciar.

#### IV. BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO RODRÍGUEZ, J. A. (2006): *Proxecto Básico e de Execución para as obras en primeira fase de limpeza, toma de datos e consolidación do castelo de Naraío, San Sadurniño, A Coruña*. Inédito.
- (2008): *Proxecto Básico e de Execución para as obras en segunda fase de limpeza, toma de datos e consolidación do castelo de Naraío, San Sadurniño, A Coruña*. Inédito.
- e LÓPEZ HERMIDA, J. (2013): “El castillo de Naraío”. *Estudios Mindonienses*, 29, pp. 519-553.
- BARÓN FARALDO, A (2006): *O grupo aristocrático dos Fróilaz nas terras do Eume. Implantación territorial e estrutura do dominio durante os séculos XI e XII. “Cátedra”, 13, pp. 355-433.*

100. Roi Míguez, segundo as fontes documentais.

101. O que tamén acredita a adscrición a esta reedificación do contraforte situado no punto de inflexión da traza e que resulta visíbel na fotografía de Ca. 1900.

- BARROS GUIMERÁNS, C. (1988): *A mentalidade xusticieira dos irmandiños*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- (2006): "O que sabemos dos irmandiños", en Singul, F. (dir.), *Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Xunta de Galicia, pp. 368-383.
- CAL PARDO, E. (1984): *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. Colección documental*. A Coruña, Editorial Diputación Provincial.
- CARRÉ ALDAO, E. (1936): "Provincia de La Coruña", en Carreras y Candi, (dir.), *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona, Casa Editorial Alberto Martín.
- COMERMA Y BATALLA, A. V. (1903): *Los Castillos Feudales de Moeche, Narahío y Andrade*. Ferrol, Imp. de El Correo Gallego.
- CORREA ARIAS, J. F. (2004): *Fernán Perez de Andrade, o Bóo. Mentalidade e realidade social*. Noia, Editorial Toxosoutos.
- (2006): "Algunhas puntualizacións sobre Fernán Pérez de Andrade, o Boo e sobre o privilexio de 1364 que lle foi concedido polo rei don Pedro I de Castela". *Cátedra*, 13, pp. 101-125.
- (2009): *A casa de Andrade, 1160-1540. Nobreza, mentalidade e ideoloxía na Galicia baixomedieval*. Noia, Editorial Toxosoutos.
- COUSELO BOUZAS, J. (1926): *La Guerra Hermandina. Siglo XV*. Santiago, Tip. de El Eco Franciscano.
- DE CASTRO ÁLVAREZ, C. (2005): "Una nueva interpretación del privilegio de Pedro I, de 1364, concedido a Fernán Pérez III, más conocido como <<O Bo>>". *Cátedra*, 12, pp. 261-285.
- e Fernández de Viana y Vieites, J. I. e mais González Balasch, M<sup>a</sup>. T. (1999): *El monasterio de San Juan de Caaveiro*. A Coruña, Editorial Deputación Provincial.
- DE LA GÁNDARA Y ULLOA, F. (1662): *Armas i Triunfos. Hechos gloriosos de los hijos de Galicia*. Madrid. [Reimpresión: (1970). Santiago, Bibliófilos Gallegos].
- ESCRIGAS, G. (2009): *Ferrol, a fotografía antigua (1858-1904)*. Ferrol, Edicións Embora.
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. I. e GONZÁLEZ BALASCH, M<sup>a</sup>. T. e mais DE PABLOS RAMÍREZ, J. C. (1996): *El Tumbo de Caaveiro. 1ª Parte*. "Cátedra", 3, pp. 267-437.
- (1997): *El Tumbo de Caaveiro. 2ª Parte*. "Cátedra", 4, pp. 221-384.
- GARCÍA ORO, J. (1994): *Don Fernando de Andrade Conde de Villalba (1477-1540). Estudio histórico y colección documental*. Xunta de Galicia.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (1901): *Colección Diplomática de Galicia Histórica*. Santiago, Tipografía Galaica.
- LÓPEZ-FELPETO GÓMEZ, M. A. (2007): *Informe valorativo da intervención arqueolóxica (control arqueolóxico da limpeza e sondaxes arqueolóxicas valorativas): lim-*

- peza, toma de datos e consolidación do castelo de Naraío (1ª fase). Naraío, San Sadurniño (A Coruña). Inédito. Depositado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia).
- (2008): “Actuación arqueolóxica vinculada ao proxecto de limpeza, toma de datos e consolidación do castelo de Naraío, San Sadurniño (A Coruña)”, en *Actuacións arqueolóxicas. Ano 2006*, Santiago, Xunta de Galicia. pp. 98-99
- (2011): *Informe valorativo da intervención arqueolóxica (sondaxes valorativas e control arqueolóxico): toma de datos e consolidación do castelo de Naraío (2ª fase). Naraío, San Sadurniño (A Coruña)*. Inédito. Depositado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia).
- PEREIRA RASCADO, B. e PEREIRA RASCADO, R. (2010): *Informe de Sondeos Geotécnicos ubicados en la zona del foso del Castillo de Naraío, San Sadurniño, provincia de A Coruña*. Estudios Mikar, S.L.
- PIÑEIRO PITA, M. e Veiga Álvarez, A. (2000): *Narahío: Un Castelo Medieval*. Narón, A. VV. “O Castelo” de Narahío.
- PRIETO LAMAS, B. et al. (2010): *Caracterización de los materiales de construcción del castillo de Naraío*. GEMAP-USC.
- RAMIL GONZÁLEZ, E. e CARNEIRO REY, J. A. (2013): *O castelo dos Andrade: Unha proposta de intervención. Os exemplos de Moeche e Naraío*. Cátedra, 20, pp. 345-369.
- RECUERO ASTRAY, M., GONZÁLEZ VÁZQUEZ, P. e mais ROMERO PORTILLA, P. (1998): *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*. A Coruña, Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. (1984): *Las fortaleza de la mitra Compostelana y los irmandiños: Pleito Tabera-Fonseca*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- VASCO DE APONTE (1986): *Recuento de las casas del Reino de Galicia*. [Edición crítica de J. García Oro et al. (1986), Santiago].





# EL COLEGIO ECLESIAÍSTICO DE PONTEDEUME: UNA INSTITUCIÓN EDUCATIVA LOCAL DE FINALES DEL SIGLO XIX

Jesús Andrés López Calvo

---

## 1. INTRODUCCIÓN

La figura del cardenal arzobispo de Santiago de Compostela, Miguel Payá y Rico (1811–1891), ha sido estudiada de una manera casi definitiva gracias a la tesis doctoral de Antón Pombo Rodríguez, historiador y periodista especialista en temas jacobeos. Sus conclusiones han sido publicadas en 2009 en un grueso volumen de cerca de mil doscientas páginas<sup>1</sup>, a través de las cuales traza una biografía crítica del expresado eclesiástico, sobre todo de su ministerio episcopal, aplicando la metodología del estudio de las élites y de sus influencias sobre las masas o grupos más o menos amplios en aspectos como mando, opinión, guía espiritual... que contribuyeron a dirigir el curso de la historia y la acción individual de las personas. Entre los acontecimientos retrospectivos, que el autor ordena sistemáticamente para elaborar la expresada biografía, señala la creación en Pontedeume de un colegio eclesiástico, cuya fundación será el objeto de nuestro estudio.

Efectivamente, como expresión de la preocupación que sentía por algunas graves necesidades de la diócesis e incorporado a la sede compostelana en 1875, Payá y Rico consiguió de la Santa Sede y del Gobierno español, que el seminario conciliar de Santiago fuese elevado a la categoría de seminario central de Galicia, con capacidad para conferir grados académicos mayores desde noviembre de 1876<sup>2</sup>. Tras activas y firmes gestiones, consiguió que el nuncio, Angelo Bianchi, y el ministro de Gracia y Justicia, Ventura González Romero, firmaran los correspondientes decretos<sup>3</sup>.

Hablar de la España del siglo XIX supone referirnos a la agonía del Antiguo Régimen y la implantación del sistema liberal. Un fenómeno con múltiples derivaciones

1. Cf. A. POMBO RODRÍGUEZ, *O Cardeal Don Miguel Payá y Rico (1811–1891). Bispo de Cuenca, Arcebispo de Compostela e Primado de España*, Santiago de Compostela, Instituto Teolóxico Compostelán e Consorcio de Santiago, 2009.

2. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *Episcopologio moderno de la Iglesia compostelana. Arzobispos de Santiago 1751–2011*, Santiago de Compostela, Xerión 2012, 220.

3. Cf. ID., *Eclesiásticos mindonienses graduados en el Seminario central y Universidad Pontificia de Santiago*, en: “Estudios Mindonienses” 2 (1986) 259–307.

extensivas también al ámbito eclesiástico. Al compás de las desamortizaciones y otras medidas destinadas a socavar la base económica del clero, la Iglesia perderá poder económico, y esto hará que la hidalguía ya no sienta demasiado interés por introducir a sus miembros en la institución. Por otra parte, el liberalismo será el enemigo a batir. En su lucha, la Iglesia necesitará un nuevo tipo de clero, disciplinado y obediente, acostumbrado a la austeridad y los sacrificios. Para conseguir esta meta, recurrirá a individuos procedentes de las clases bajas y el campesinado, así el Seminario irá desplazando a la Universidad como centro de formación donde tendrán cabida todos los grupos sociales<sup>4</sup>.

Las secularizaciones de clérigos y religiosos durante el Trienio Liberal y la imposibilidad de conferir órdenes en muchas diócesis por la guerra civil de 1833-1839 también ayudaron a la merma de sacerdotes surgiendo entre la jerarquía el temor de que la Iglesia se quedase sin curas suficientes para cubrir los distintos ministerios. Esto supuso una seria preocupación para muchos obispos españoles reflejada en numerosos escritos que animarán a la creación de centros y la dotación de becas para los estudios eclesiásticos<sup>5</sup>.

## 2. EL PLAN DE ESTUDIOS ECLESIASTICOS DESPUÉS DEL CONCORDATO DE 1851

El Plan de Estudios Eclesiásticos de 28 de septiembre de 1852, acordado entre la Nunciatura y el Gobierno español como consecuencia del Concordato de 1851, establecía para la carrera sacerdotal completa los siguientes ciclos: cuatro cursos de Latinidad y Humanidades, tres de Filosofía, siete de Teología y tres de Derecho Canónico, pudiendo recibir el bachillerato, la licenciatura y el doctorado en Teología y Cánones quienes los cursaban totalmente y superasen las pruebas pertinentes<sup>6</sup>. Con este Plan se pretendía que, en las diferentes diócesis españolas, existiese una mínima uniformidad a la hora de proyectar los estudios que debían impartirse en los diversos seminarios.

Este nuevo plan respondía al antiguo modelo implantado por el concilio de Trento y organizaba el ciclo de Latinidad y Humanidades con una duración de cuatro años en los cuales se daba preferencia al estudio de las lenguas latina y castellana, pero también aparecía la gramática griega junto con una importancia destacada de la historia. En cambio, la literatura se reducía a unos cuantos preceptos de poética y oratoria, estos últimos orientados claramente a la predicación<sup>7</sup>. A partir de 1876 se introducirá también el estudio de

4. Cf. J. A. VÁZQUEZ VILANOVA, *Análisis sociológico de los seminaristas compostelanos del siglo XIX (1829-1900)*, en: "Compostelanum" 48 (2003) 743-757.

5. Cf. B. BARTOLOMÉ MARTÍNEZ, "Las escuelas de gramática en la Iglesia", en: Q. ALDEA - T. MARÍN - J. VIVES, *Diccionario de historia eclesiástica de España*, Vol. V., Madrid 1987, 285-300.

6. Los textos completos del Real Decreto con este plan de estudios se publicaron en: "Revista Católica" 21 (1852) 409-422.

7. Los cuatro años de Latín se desarrollarían de esta manera: *Primero*, Repaso, Rudimentos, Sintaxis de ambas Lenguas e Historia Sagrada; *Segundo*: Repaso Sintaxis y terminación, estudio de la Prosodia y Ortografía en ambas Lenguas e Historia Profana; *Tercero*: Retórica y Poética, o sea, Preceptos de Oratoria y Poética, Principios de Gramática Griega y terminación

la geografía, sustituyendo a la primera parte de la Historia profana que, de este modo, se verá reducida a un único curso<sup>8</sup>.

El acceso a este primer ciclo suponía unos rudimentos de gramática latina y castellana así como una instrucción primaria que el alumno debería haber adquirido previamente. A tal fin, se establecía un examen de ingreso donde, además de ambas gramáticas, los aspirantes debían demostrar que poseían una formación básica en aritmética, geometría, geografía, historia de España y religión. Dicho examen constaba de dos ejercicios, escrito y oral, siendo cada uno de ellos eliminatorio. También era posible la convalidación de los estudios de segunda enseñanza cursados en centros estatales, para lo cual era necesaria una certificación oficial<sup>9</sup>.

### 3. ACCESO A LOS ESTUDIOS ECLESIASTICOS EN EL SEMINARIO COMPOSTELANO DEL SIGLO XIX

El seminario de Santiago fue fundado en 1829 por el arzobispo Fray Rafael de Vélez con una clara intención de abrir a los sectores más pobres el acceso a los estudios eclesiásticos en condiciones, al menos teóricamente, igualitarias<sup>10</sup>. Para ello se convocaron numerosas –aunque insuficientes– becas tanto para gramáticos, como para filósofos y teólogos. Al ser más la demanda que la oferta, la selección se hizo enormemente exigente. La dureza de los exámenes de ingreso obligaba a los candidatos a asistir regularmente a una escuela o a costearse una pasantía, lo cual era un problema para los más pobres, cuyo acceso a la educación estaba mucho más limitado. En la práctica lo que prevalecía eran las notas de las pruebas de ingreso, más que la presunta pobreza del candidato.

De todas formas, una diócesis tan vasta como la compostelana precisaba mucho clero y, ante la extracción social baja de los seminaristas, y por tanto incapaces de afrontar el coste de la carrera eclesiástica, se imponía una política de construcción y adaptación de edificios, a la que había de seguir un vasto programa de actividades para poblar de aspirantes al sacerdocio estos centros. La falta de vocaciones –y el estado precario de los seminarios y de los alumnos que los frecuentaban– llega a preocupar a la opinión católica española de los años 1869-80 (después de la sacudida revolucionaria y antieclesial que recorrió toda España), se optó por la creación de colegios de vocaciones eclesiásticas, para atender especialmente a la formación disciplinar, moral y religiosa de los aspirantes al sacerdocio.

de la Historia Profana; *Cuarto*: Retórica práctica, o sea, Aplicación del Arte de la Oratoria y Poética en Latín y Castellano, continuación de la Gramática Griega e Historia de España. Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M.I. de Santiago de Compostela*, Tomo XII, Santiago, Imprenta del Seminario 1898, 272.

8. Cf. J. A. VÁZQUEZ VILANOVA, *El Seminario central y la Universidad Pontificia de Santiago. Su influencia cultural sobre el clero diocesano*, en: "Compostellanum" 46 (2001) 261-278.

9. Cf. ID., *Los alumnos del seminario de Santiago durante la segunda mitad del XIX: formación y nivel intelectual*, en: "Compostellanum" 45 (2000) 842-843.

10. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *El Seminario Conciliar de Santiago. Nuevos datos para su historia*, en: "Compostellanum" 26 (1981) 197-265.

Una primera solución, pensada por el cardenal Payá, fue instalar un segundo seminario en la propia ciudad de Santiago, concretamente en el antiguo cuartel de Santa Isabel, solicitando su cesión al Ministerio de Hacienda. Al no culminar esta operación, Payá opta por una segunda solución: establecer sucursales del Seminario en otros puntos de la diócesis, concretamente en el convento franciscano de Herbón (Padrón) y en Pontedeume. Dichas sucursales: “no pasaban de ser modestas escuelas preparatorias donde se impartían enseñanzas literarias, de iniciación al latín y religiosas. Las lecciones, encomendadas a un sacerdote diocesano o a un clérigo regular de mediana formación, suplían dentro de lo posible la inexistencia de colegios religiosos dirigidos por las congregaciones”<sup>11</sup>.

A época emerxente da cartografía europea iniciouse a finais da Idade Media co desenvolvemento das **cartas portolanas**<sup>3</sup> e coa ascensión do mundo musulmán e xudeu así como outras influencias nas zonas costeiras mediterráneas e atlánticas do continente. En Europa existiu un considerable interese polos mapas realizados na época medieval, ensombrecido por unha serie de sucesos entre os que hai que sinalar a transmisión e tradución da *Geographia* do matemático, astrónomo e xeógrafo Claudio Ptolomeo de Alexandría (90-168), a invención da imprenta en Europa e as viaxes ultramarinas. Nos “mapas do mundo” desta obra encóntranse as primeiras representacións cartográficas de Galicia<sup>4</sup>. A influencia da obra de Ptolomeo sobre a cartografía occidental non pode minimizarse<sup>5</sup>. Como afirma Besse<sup>6</sup>, os historiadores sinalaron moitas veces o feito de que o vocabulario utilizado no s. XVI para describir as representacións xeográficas era idéntico ao utilizado para a pintura da paisaxe, sendo o mapa o acto dunha *mímese*, e xa nese século son numerosos os cosmógrafos que retoman a analogía de orixe tolemaica entre a xeografía e a pintura.

Unha das razóns polas que as representacións da paisaxe comezaron moi tarde a ser consideradas un xénero pictórico autónomo, é dicir, comezaron a ser consideradas unha auténtica arte, débese a que as representacións de lugares reais comezaron tendo un sentido científico e unha utilidade técnica, unidas á descrición de enclaves xeográficos<sup>7</sup>.

1. THROWER, Norman, J. W. *Mapas y civilización. Historia de la cartografía en su contexto cultural y social*. Edicións do Serbal, Barcelona, 2002, p.11.

2. HARLEY J. B. *La nueva naturaleza de los mapas. Ensayos sobre la historia de la cartografía*. Fondo de cultura económica, México, 2001, p.80.

3. Co termo portolano designase, en xeral, as cartas náuticas (tamén chamadas cartas arrumbadas ou cartas de marear) que tiveron o seu apoxeo dende o século XIII ao XVI e mesmo o XVII. Na súa orixe esta palabra designaba os cadernos de instrucións en que os navegantes anotaban os rumbos e as distancias entre os portos e que é probable que fosen ilustrados con esbozo; cuxos datos, máis adiante, se uniron confluindo nunha carta xeral, que por extensión veu a denominarse tamén portulano ou cartaportulana. Dicionario da Historia.

4. Sobre a representación de Galicia na obra de Ptolomeo, ver MONTEAGUDO, Luís, *Galicia en Ptolomeo*, “Cuadernos de Estudios Gallegos”, fasc. VIII, 1947, pp. 609 y ss.

5. THROWER, Norman, J. W., *op.cit.*, p. 67.

6. BESSE, Jean Marc, *La sombra de las cosas. Sobre paisaje y geografía*, p. 47.

7. MADERUELO, Javier, et al, *Paisaje e historia*, Abada Editores, 2009, p. 289.

A expansión do comercio que deu orixe á cultura do Renacemento en Europa, coa apertura de novas rutas e o descubrimento de novos territorios, trouxo como consecuencia no século XV un desenvolvemento importante da Cartografía e das técnicas de representación do territorio. Os primeiros mapas europeos imprimidos datan das últimas tres décadas dese século. Estes incunables inclúen simples reproducións gravadas en madeira, de varios mapas do mundo. O gravado en cobre superou ao de madeira e mantívose como principal método de reprodución ata o século XIX<sup>8</sup>.

Coa multiplicación das viaxes, nos albores da modernidade comezou a desenvolverse unha gran xeografía que ao tempo que se ocupou da botánica, a zooloxía e a etnoloxía foi capaz de perfeccionar as diferentes técnicas de “aprehensión” ou de “visualización” do espazo<sup>9</sup>. Dende entón, impúxose unha nova sensibilidade que se reflectiu, non só nas representacións cartográficas específicas como os portolanos e os mapas catastrais, senón tamén nas descricións detalladas, as topografías e as vistas. En todos os casos, eses xéneros prosaicos precederán a aqueles outros que con vontade menos práctica elaborarán os artistas. Precederán, en definitiva, ás chamadas paisaxes. Numerosos exemplos demostran que, en España, nos séculos XV, XVI e XVII, esas descricións utilitarias do ámbito se anticiparon á súa recreación artística; e que, xa no século XVIII –pouco antes de que na Real Academia de Belas Artes de San Fernando aparecese o primeiro grupo interesado polas *vedutte* –o seu catálogo– o catálogo literario e visual composto de mapas, descricións, seccións, perfís, esbozos, vistas, perspectivas e topografías– aumentará considerablemente<sup>10</sup>.

En canto aos niveis de significado nos mapas, todos os mapas posúen elementos que, despois de trasladalos a unha forma verbal, calquera persoa con sentido común consideraría retóricos. Algúns exemplos de retórica cartográfica serían: 1) relacións de poder: imperio, monarquía. 2) autoridade señorial, riqueza mercantil, propiedade, ou poder das cidades. 3) tipos de grupo social, real ou irreal: a cidade ideal, a comunidade do condado, o estado político, a nación. 4) estados de ánimo: patriotismo, orgullo, actitudes cara á paisaxe e descubrimento da natureza. 5) sistemas de crenzas, –ciencia, cosmografía e sistemas relixiosos–<sup>11</sup>.

Dende o punto de vista da representación iconográfica, inicialmente, para os debuxantes dos mapas, os seus mecenas e os seus lectores, a clase baixa non existía nin tiña xeografía. No seu lugar, o que se destaca nos mapas é a xente privilexiada polo seu dereito a levar unha coroa ou unha mitra, ou a ostentar un escudo de armas ou un báculo. Os signos pictóricos máis grandes nos mapas resultan ser os que se asocian a un status feu-

8. THROWER, Norman, J. W., *op. cit.*, p. 68.

9. LÓPEZ SILVESTRE, Federico, *A emerxencia da paisaxe na Galicia da Ilustración (1700-1833)*. Historia da paisaxe II, Biblioteca Nueva, Madrid, 2009, p. 53.

10. LÓPEZ SILVESTRE, Federico, *op. cit.*, p. 53.

11. HARLEY J. B., *op. cit.*, p. 31.



dal, militar, legal ou eclesiástico<sup>12</sup>. Algunhas das implicacións prácticas dos mapas poden caer tamén na categoría do que Foucault definiu como actos de “vixilancia”, especialmente relacionados coa guerra, a propaganda política, a definición das fronteiras ou a preservación da lei e a orde<sup>13</sup>.

Outro aspecto interesante que é oportuno destacar é o dos silencios e segredos intencionais dos mapas, o que facía que variase o xeito en que se exercía o control sobre os mapas e o seu contido, reflectindo sempre diversas formas de compartir o poder dentro dos estados-nación dos séculos XVI e XVII. Nos mapas de Europa estes aspectos de segredo nacional manifestábanse, por exemplo en casos de segredo estratéxico -case non pasaba un ano sen que houbera unha guerra- e de segredo comercial<sup>14</sup>.

No século XVII, os mapas especializáronse segundo a súa función sendo distinto o seu xeito de representar o territorio:

*“segundo fora a utilizarse para facilitar a un barco a navegación por mar ou a entrada aos portos, ou para facilitar a un exército a preparación a un asedio, ou para facilitar a un estado a recadación de impostos”<sup>15</sup>.*

Pola súa banda, durante os séculos XVII e XVIII, como resultado do crecente nacionalismo e colonialismo, a cartografía catastral foi un instrumento utilizado con finalidades tanto económicas coma políticas<sup>16</sup>.

En relación aos mapas e o exercicio do poder, Harley reflexiona sobre os efectos dos mapas na conciencia humana sobre os efectos de abstracción, uniformidade, repetición e visualidade ao dar forma ás estruturas mentais e outorgar un sentido aos lugares do mundo. O desfase entre estes conceptos do lugar e moitas visións alternativas do que é o mundo, ou do que debería ser, fixo xurdir moitas preguntas acerca da cartografía na sociedade, e, a propósito da paisaxe, é tamén oportuno o comentario que cita de Theodore Roszak:

*“Os cartógrafos falan acerca dos seus mapas e non das paisaxes. Por iso, con frecuencia, o que din é tan paradoxal ao ser traducido á linguaxe común. Cando se lles esquece a diferenza entre o mapa e a paisaxe, e cando nos permiten esquecer esa diferenza ou nos convencen de facelo, xorde todo tipo de riscos”<sup>17</sup>.*

12. HARLEY J. B., *op.cit.*, p. 135.

13. HARLEY J. B., *op.cit.*, p. 82.

14. HARLEY J. B., *op.cit.*, p. 113.

15. ALPERS, Svetlana, *El arte de describir. El arte holandés en el siglo XVII*. Herman Blume, Madrid, 1987, pp. 194-19.

16. THROWER, Norman, J. W., *op. cit.*, p. 98.

17. ROSZAK, Theodore, *Where the Wasteland Ends: Politics and Transcendence in Postindustrial Society*, (New Cork, Doubleday, 1972), p. 410. Roszak usa o mapa como metáfora para o método científico nesta idea que de novo apunta cara á difundida noción da forma na que os mapas representan o mundo.

Dende o punto de vista da representación gráfica, a aplicación dos coñecementos sobre a perspectiva á cartografía propiciará o debuxo de “vistas topográficas” de portos, cidades, etc... a “vista de paxaro”. Ás veces, estas vistas adoitan conter anotacións precisas sobre o lugar que reproducen ou, mesmo, sobre o punto de vista dende o que tomou o debuxo. A funcionalidade dos mapas e a necesidade de facer menos crípticas as súas referencias á realidade fixo que algúns cartógrafos buscasen a idea do horizonte, representándose nos mapas os accidentes topográficos e as construcións a vista de paxaro nunha perspectiva cuxo eixe principal non é perpendicular ao plano do chan<sup>18</sup>.

Cando aínda non había medios para medir as altitudes, fixéronse ensaios para o debuxo figurativo na representación do relevo, empregando perfís convencionais de montañas, abatidos sobre o plano horizontal; desenvolveuse despois a preciosista técnica das normais<sup>19</sup> e, máis tarde, a moi expresiva do sombreado, obtido de distintos modos. A adición das sombras é o medio de que a pintura se vale para conseguir a sensación de relevo; o mesmo medio aplicado aos mapas fai posible que a súa interpretación sexa rápida e segura. O efecto conséguese iluminando dende unha dirección que a práctica aconsellou que sexa o noroeste, aínda que, na súa época, o criterio de Lehman fora o de iluminalo ortogonalmente.

### 3. ALGÚNS EXEMPLOS DE RESPRESENTACIÓN CARTOGRÁFICA REFERIDOS AO ÒUME E A CAAVEIRO<sup>20</sup>

#### 3.1 OS PRIMEIROS TESTEMUÑOS

A presenza do topónimo Eume na Antigüidade clásica<sup>21</sup> non está recollida polos autores antigos<sup>22</sup>, entre os que se poden destacar Estrabón, Plinio o Vello, Mela e, sobre todo, Ptolomeo que, non obstante, fan mención a outros ríos do noroeste peninsular como o Eo, o Navia ou o Tambre. O primeiro nome do río sería o de Ume, que aínda que non se atopase testemuñada esporadicamente esta forma nalgún que outro documento antes do século XVII<sup>23</sup> podería deducirse da análise da composición antiga existente en voces como Pontedeume, Ribadeume, etc.. Un segundo nome prelatino foi, sen dúbida, o Anaris, que o arqueólogo Luis Monteagudo restituíu ao emendar unha pasaxe que o xeógrafo español

18. MADERUELO, Javier, *op. cit.*, p. 291.

19. Ao analizar, máis adiante, a *Carta Xeométrica de Galicia*, de Domingo Fontán trataremos este aspecto referente á representación gráfica do relevo.

20. Ver cartografía que se xunta dende 1522 ata 1890.

21. MARTÍNEZ ÁLVAREZ, Vicente, *O Río Eume na antigüidade clásica*. “Cátedra”, nº 7- 2000, p. 183.

22. Os recollidos nas Fontes Hispaniae Antiqua (FHA).

23. A forma Hume cunha grafía que revela, cando menos, o hiato non resolto, témola nun documento do ano 1271 e incluso no diploma de Fernando IV do ano 1306 (MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro, *Toponimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, Deputación Provincial da Coruña, 1987, p.24).

Pomponio Mela<sup>24</sup> describía no ano 40 da nosa Era na súa *Chorographia* o *De situ orbis*<sup>25</sup>. O seu vello nome quedou conservado no da ría, vila e concello de Ares<sup>26</sup>. Para algún outro autor probablemente o *Ducanaris* corresponda ao Eume actual ata a aparición deste topónimo nos textos, xa que a súa actual denominación aparece documentada por vez primeira na Idade Media entre os séculos VI ao X<sup>27</sup>.

### 3.2 O VAL DO EUME NAS CARTAS NÁUTICAS E MAPAS NOS SÉCULOS XVI E XVII

Dentro do escaso patrimonio documental gráfico referido ao Eume e o seu ámbito, que chegou ata nós dende os séculos XVI e XVII, podemos destacar algunhas representacións que son de carácter moi diferente e heteroxéneo. En xeral, as cartas náuticas, pola súa utilidade de guías á navegación para mariños, non ofrecen representacións que vaian máis alá do litoral costeiro, a excepción da de Domingo Fontán de 1826 que se interna máis ao interior, mostrando unha boa parte do ámbito de estudo deste traballo.

En relación aos mapas, nos primeiros de 1522 (España) e 1595 (Galicia) non aparecen aínda nin o río Eume nin ningún topónimo da zona. O de 1589, que representa o golfo Ártabro, responde a un interese estritamente estratéxico relacionado coa expedición de Francis Drake. A súa precisión topográfica é bastante deficiente e atende só ao contorno do litoral. Aparece a imaxe de Pontedeume nunha curiosa visión desta vila.

Dende o punto de vista topográfico, no século XVI obsérvanse representacións moi deformes con escasa toponimia inicialmente, na que se repiten a presenza do topónimo “Pontes deume” (con diferentes acepcións) e “Andrade”, ao igual que o río “Eume” que vai adquirindo cada vez máis presenza nos mapas, así como unha máis precisa representación do seu trazado.



España 1522



Pontedeume e o Eume na vista da ría de Betanzos. 1634. Pedro Teixeira

24. MONTEAGUDO, Luis, Mela III 13 e Ptolomeo GEOGR. II 6,4. *El nombre antiguo del río Eume y el del cabo Ortegal*, en “*Emérita*”, t. XV, 1974, pp. 71-81

25. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro, *Toponimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, Diputación provincial da Coruña, 1987, p.25

26. Nun diploma do ano 1137 aparece escrito como Aares.

27. MARTÍNEZ ÁLVAREZ, Vicente, *op.cit.*, p.183

Ao longo do XVII, mellórase sensiblemente a precisión cartográfica en paralelo á fidelidade da representación hidrográfica, incrementándose a toponimia e iconografía con símbolos referentes a vilas, monumentos relixiosos, etc..., así como o relevo, que se detalla con máis detalle, aparecendo perfís abatidos - pequenas montañas- e mesmo vexetación con pequenas pinceladas.

Mención á parte merecen as representacións “aéreas” e panorámicas, como as das rías, vilas, ríos e cidades de interese como acontece nos mapas que aparecen no “Atlas do rei Planeta” que foron realizados na década de 1620 polo cosmógrafo portugués Pedro Teixeira, por encarga de Felipe IV, elaborado en vitela e iluminado a témpera, de 87 folios de 352 x 444 mm. Conta con 12 mapas a dobre páxina e 88 de una soa, sendo un total de 102, e que deberíamos definilos como vistas a voo de paxaro pseudoperspectivas. Neles, as imaxes postulan a súa lectura en termos de experiencia visual posible, virtual, grazas á aparición do horizonte, á diminución dos tamaños nas distancias (como as anchuras dos cursos dos ríos ou o tamaño dos navíos) ou mesmo o cambio de gradiente das ondas. En ocasións, como no caso de Pontedeume ou A Coruña, que se representan coas súas defensas abaluartadas, téndese á representación moi plana, case cenital, aínda mantendo a imaxe en relevo. A función estratéxica do lugar convértese en elemento protagonista para ditar os caracteres da mesma representación. A maior valor militar, maior altura na vista a voo de paxaro<sup>28</sup>.

Dende o punto de vista da representación gráfica, a aplicación dos coñecementos sobre a perspectiva á cartografía propicia o debuxo de “vistas topográficas” de portos, cidades, etc... a “vista de paxaro”. Ás veces, estas vistas adoitan conter anotacións precisas sobre o lugar que reproducen, ou mesmo sobre o punto de vista dende o que toma o debuxo. A representación do relevo realizábase mediante unha perspectiva oblicua da paisaxe. A partir do século XVI e XVII, aínda que se impoñen os mapas a escala, nos que a perspectiva está ausente, e o sistema de vista de paxaro queda asociado coa arte descritiva, manterase a utilización de perspectiva militar ou “caballera”, coas panorámicas e vistas a vista de paxaro para sinalar a orografía. Estes perfís abatidos, de pequenas montañas sombreadas distribuídas polo mapa realizado a escala, que se viñan utilizando cunha finalidade meramente indicativa, van adquirindo cada vez maior protagonismo.

No s. XVII, a funcionalidade dos mapas e a necesidade de facer menos crípticas as súas referencias á realidade, fai que algúns cartógrafos busquen a idea do horizonte, e representan nos mapas, a vista de paxaro, os accidentes topográficos e as construcións, nunha perspectiva cuxo eixe principal non é perpendicular ao plano do chan.

### 3.3 A BISBARRA EUMESA NA CARTOGRAFÍA DO SÉCULO DAS LUCES.


O primeiro e máis ambicioso proxecto que ten que ver coa aprehensión do territorio galego é o que leva a cabo Tomás López (1731-1802), dende 1763 a 1784, no marco

28. TEIXEIRA, Pedro. *Descripción de España y de las costas y puertos de sus reynos. Al muy católico y muy poderoso rey don Filipe III. Nuestro Señor: Por don Pedro Teixeira Albernas. Cavallero del abito de Christo. Año 1634.* PEREDA, F. y MARÍAS F. (Eds.): *O Atlas do rei. Planeta, Hondarribia (Guipúzcoa)*, 2002, fol. 33, p. 114.

dun plan xeral proxectado anos atrás polo Marqués da Ensenada. A iniciativa responde ás advertencias que, dende finais do século XVII, envían ao goberno, economistas, mariños e militares como o capitán Francisco Seijas e Lovera, natural de Mondoñedo. A Xeografía e a Cartografía non deben deixarse en mans de estranxeiros, pois estes poden falsear os datos para confundir a Coroa<sup>29</sup>.

A pesar de que por entón (s. XVIII) non se dispón de medios para medir as altitudes, realízanse ensaios para o debuxo figurativo na representación do relevo. A adición de sombras é o medio do que a pintura se vale para conseguir esa sensación; o mesmo medio aplicado aos mapas fai posible que a súa interpretación sexa rápida e segura. O efecto conséguese iluminando dende unha dirección que a práctica aconsella que sexa o noroeste, aínda que máis tarde (cara a 1800), o criterio do cartógrafo Lehman é o de iluminalo ortogonalmente. Entrado este século, nalgúns mapas, pásase a unha representación máis fantástica, pictórica e colorista dos sistemas montañosos, ata o punto de converter as zonas de terra firme en auténticas paisaxes lunares, cunha representación totalmente desproporcionada da orografía terrestre<sup>30</sup>.

A principios do século XVIII, na cartografía referida a bisbarra do Eume, aínda se observan representacións do relevo similares ás do século anterior. Temos que destacar que é nun plano de [173-] debuxado no primeiro terzo de século, en proxección cilíndrica, no que aparece como novidade o topónimo “Cabeyro”, cos de “Pontedeume” e “Las Puentes de García Rodríguez”.



Galicia.- Das Königreich Gallicien [173-]. “Cabeyro” aparece por vez primeira



Bisbarra das Pontes de García Rodríguez. 1776. Bouza Maseda

Os avances que se deron no século XVIII na actividade científica española e especialmente dentro da astronomía e da enxeñaría, non tiveron repercusión no campo da cartografía<sup>31</sup>. Os mapas de Tomás López (1731-1802) son boa mostra diso. O seu “*Mapa Geográfico del Reyno de Galicia*” de 1784, que contén indicación das antigas provincias

29. LÓPEZ SILVESTRE, Federico, *op. cit.*, p. 54.

30. LÓPEZ DE PRADO NISTAL, Covadonga, *Recreación artística y motivos ornamentales en los mapas de la colección Cartográfica Martínez Barbeito*. En: “Abrente”, Publicación de la Real Academia de Bellas Artes N° S° del Rosario n° 30. 1998. pp. 23-62.

31. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *Domingo Fontán (1788 -1866) e a cartografía galega do século XIX*, “Ingenium”. Cadernos de historia das Ciencias e das Técnicas do Grupo Interdisciplinar de Traballo “R.M. Aller” do Seminario de Estudos Galegos. N° 2. Primavera 1990, p. 11.

galegas, é un bo exemplo de cartografía non científica. Para a súa elaboración servíronse da cartografía anterior e dunha enquisa, sen utilizar ningún apoio taquigráfico e sen realizar traballo de campo. O resultado traducíuse en abundantes erros, debido a que o método aplicado era inapropiado para unha escala como a do seu mapa de Galicia. Capel, que estudou detidamente o seu traballo, comenta que:

*“...é un exemplo perfecto de xeógrafo erudito, de gabinete, que traballa exclusivamente con fontes de segunda man sen realizar persoalmente as observacións astronómicas e topográficas necesarias para o levantamento cartográfico”<sup>32</sup>.*

O estudo de Tomás López é clave para analizar o sentido que tivo o concepto “territorio” na segunda metade do século XVIII<sup>33</sup>. A documentación recollida permitiulle establecer un mapa xeral de España que puidese ser utilizado non só por militares, senón, e sobre todo, por economistas e enxeñeiros. Un exemplo desta recollida de información é o plano da bisbarra das Pontes, de 1776, debuxado por D. Alejandro de Bou-za e Maseda, párroco da vila, en resposta ao *Interrogatorio* de López –que máis adiante se comenta– por ser unha das primeiras representacións nas que aparece debuxado o mosteiro de Caaveiro. Chama a atención o debuxo imaxinario en alzado-perspectiva que executa do conxunto monacal, mais parecido a unha basílica que ao convento capelán.

O brigadier Tofiño de San Miguel (1732-1795), coetáneo seu, elaborou entre 1738 e 1789 o “*Atlas Marítimo de España*” no que se inclúen varias cartas náuticas galegas, e realizou a triangulación da costa como base para a confección cartográfica. Fixo estas cartas con criterios precozmente científicos ata o punto de que foron calcadas, editadas e usadas ben pronto –dadas a súa perfección e fiabilidade– polos almirantados francés e inglés para as súas respectivas armadas. É este o precedente dunhas das achegas máis importantes da obra de Fontán: a formación dunha rede xeodésica<sup>34</sup>.



Vicente Tofiño de San Miguel



José Andrés Coornide Saavedra e Folgueira

No ano 1763 o ilustre investigador coruñés José Andrés Cornide Saavedra e Folgueira (1734-1803) realiza os mapas: “Bispado de Ourense”, “Bispado de Mondoñedo”, “Provincia da Coruña e parte da de Betanzos”, gravados no coñecido gabinete de López que supón unha nova achega cartográfica feita dende Galicia.

32. Recollido por SAMBRICIO, Carlos, en *Territorio y ciudad en la España de la Ilustración*, Ministerio de Obras Públicas e Transporte, Instituto do Territorio e Urbanismo, 1991, p. 49.

33. SAMBRICIO, Carlos, *op. cit.*, pp. 49-50.

34. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op. cit.*, p. 11.



No de Mondoñedo (1764) fai alusión a Caaveiro antes de estar naquel lugar, circunstancia que se produce despois de 1769. Non obstante, no corográfico de 1790 non fai referencia a ese lugar.

### 3.4 OS AVANCES DE DOMINGO FONTÁN NO S. XIX

Comezado o s. XIX apréciase un incremento da utilización de topónimos nos planos, con inclusión de numerosos lugares e parroquias da zona do Eume, como sucede no mapa xeográfico da provincia de Galicia de 1812. Esta mesma circunstancia repítese no mapa do Reyno de Galicia de 1816.

O primeiro terzo do século XIX é catastrófico para a ciencia española pola guerra da Independencia e o reinado de Fernando VII. Ante a situación inicial do século XIX, de colapso científico, o Estado fixa a súa atención nos problemas máis perentorios entre os que non inclúe a formación da cartografía de todo o territorio.

Por entón, os grupos xeradores de cartografía neste século son: o Exército, a Mariña e o Estado, pero en Galicia hai que engadir outro que os ensombrece, a iniciativa privada, da que Domingo Fontán (1788-1866) é o seu grande expoñente coa súa “Carta Xeométrica de Galicia”, trazada a cabalo da Ilustración e do Romanticismo e gravada en París en 1845. Sen dúbida a máis perfecta representación cartográfica do seu territorio, aínda que houbo outros cartógrafos que a representaron tamén total ou parcialmente como Marín, Walker, Schulz, Dufour, López...<sup>35</sup>

Unha das características máis importantes da carta é a súa escala “*Levantada e construída na escala do cenmilésimo*” (1:100.000) adiantándose a outros países europeos que escolle-rán esta mesma escala, que leva consigo un feito moi relevante como é a introdución do sistema métrico decimal. Fontán coñe-ceuno pronto e asumíuno dende un principio, dende o momento en que encargou as perchas para a medición da base<sup>36</sup>. Dende o punto de vista gráfico habemos de destacar a técnica de nor-mais con sombreado.

En canto aos erros, os de tipo xeral aplicables aos instrumentos empregados naque-la época como resultado dunha observación angular<sup>37</sup> proviñan de: a puntaría do telesco-pio ou da bisección do sinal distante; erros na lectura dos nonios ou dos micrómetros e erros de división nos círculos graduados dos instrumentos. A estes posibles erros, habería



Domingo Fontán

35. Todos eles recollidos por MENENDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.* pp. 11 e seg.

36. O primeiro paso que dá Fontán foi a obtención, mediante observación astronómica, da lonxitude, latitude e acimut da torre do Reloxo da Catedral de Santiago. A partir de aquí, comezou o penoso labor da triangulación do territorio galaico. Para iso utilizou como vértices os cumios do Pico de Meda, monte Giubre, Pico de Costenla, Pico Farelo, Adulación da Serpe, Pena Anduriña, Cabeza de Neda, Pena Guhía e Capeloso. (Na folla III da Carta, Fontán insire o mapa coa súa triangulación fundamental). PÉREZ BELO, M., *Carta Xeométrica de Domingo Fontán* en “Estudios Mindonienses”, n.º 24, Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol, 2008, p.712.

37. Como afirma MENENDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.* p.17.

que engadir outros como os derivados da transcripción de datos ou situación de topónimos<sup>38</sup>.

Por exemplo, poñamos por caso Caaveiro, que o sitúa nun meandro do Eume cuxa forma é invertida a como é na realidade e o promontorio en cuxo cume se atopa o mosteiro o debuxa en dirección N-S en lugar de L-W entre os ríos Sesín e Parrote.



GALICIA, 1845

Despois da carta de Fontán que, sen dúbida, é o mellor mapa levantado en España durante a primeira metade do século XIX, publicáronse outros mapas correspondentes ás catro provincias galegas, como o de Coello, que, como di o propio autor, se apoia na Carta de Fontán. En 1870, coa creación do “Instituto Xeográfico e Estatístico” encárgase o levantamento do Mapa Topográfico Nacional a escala 1:50.000.

Nos planos de 1860 e 1865 continúa a representación do relevo coa mesma técnica de normais con sombreado. Neste último plano, o de “A Coruña”, denomínase ao Eume como río “Eume” ou “Grande” e represéntanse algúns afluentes co seu topónimo, por exemplo “San Bartolomé”. Por primeira vez aparece rotulada “Ex-Colexiata de San Juan de Caveiro”. O mesmo sucede no de 1880 de Emilio Velarde. O Atlas xeográfico dese mesmo ano e autor incorpora ademais o número de habitantes das vilas máis importantes do val do Eume.

### 3.6 UN EJEMPLO DE EVOLUCIÓN NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA: O TOPÓNIMO DE PONTEDEUME

A Toponimia é a ciencia que estuda os nomes de lugar e, ademais, pode denominar o conxunto dos nomes de lugar dunha determinada rexión. En ocasións utilízase o termo toponomástica, como rama da onomástica, para referirse á disciplina do estudo dos topónimos, reservando o de toponimia só para o conxunto de nomes de lugar.

O termo topónimo procede do grego *topos* (‘lugar’) e *onoma* (‘nome’). En sentido xeral é sinónimo de nome xeográfico. Nomes xeográficos ou topónimos son os nomes con que designamos e identificamos os lugares que nos rodean: rúas, pobos, cidades, ríos, serras, paraxes etc. Os topónimos son unha parte fundamental da nosa herdanza cultural

38. O caso de Caaveiro na Carta Xeométrica.

e unha fonte de información inestimable para numerosos campos de investigación, en especial para a lingüística, xa que son imprescindibles no estudo da evolución das linguas e permítenos, ademais, coñecer palabras que caeron en desuso na linguaxe común.

O uso uniforme dos topónimos correctos é un elemento esencial na cartografía. O primeiro paso para conseguir un uso uniforme da toponimia é a súa normalización, é dicir, o establecemento das formas correctas pola autoridade competente. O topónimo normalizado é o que foi establecido por unha autoridade competente atendendo a unhas normas ou criterios fixados por esa mesma autoridade. Cando o establecemento da forma correcta se realiza mediante un procedemento legal establecido e se publica no boletín oficial do organismo competente, dise que o topónimo é oficial<sup>39</sup>.

O caso de Pontedeume é significativo de como o topónimo evolucionou ao longo dos séculos.

Os seus antecedentes remóntanse a un documento de 7 de xaneiro de 1270 que revela que o lugar gozaba de prosperidade e importancia como para ser escenario de contratos e doazóns convidas ante notario público: “...dado el Rey *enas Pontes de Eu-me...*”, e un diploma do 30 de Nadal do mesmo ano, no que concedeu o Rei Sabio a póboa de Pontedeume: “*...et estos derechos et estos Realengos les damos en tal manera aquellos pueblen en el lugar que dizen ponte deume et eue fagan y villa...*”.

Máis tarde, na carta de Afonso X, unha doazón de 19 de marzo de 1162, feita por o cabaleiro Suero Menéndez, da familia dos condes de Traba, ao mosteiro de san Martiño de Xubia di: “*..per términos de Ponte de Eume usque ad flumen de Conido...*”.

Como resumo, na documentación histórica entre 1270 e 1443 atopamos estas acepcións<sup>40</sup>:

|                     |                       |                     |
|---------------------|-----------------------|---------------------|
| 1271, Ponte de Hume | 1274, Pontes de Heumy | 1275, Ponte dEume   |
| 1277, Ponte dEume   | 1282, Pontes dEume    | 1283, Pontes        |
| 1296, Ponte dEume   | 1369, ponte deume     | 1381, Ponte de Eume |
| 1396, ponte deume   | 1397, pont deume.     | 1434, Ponte dEume   |

## E na cartografía histórica

### SÉCULO XVI

|                              |                 |                   |                   |
|------------------------------|-----------------|-------------------|-------------------|
| 1589 Pontedemy (mapa inglés) | 1590 Pontedemas | 1590 Ponte de mas | 1598 Pontes Deume |
|------------------------------|-----------------|-------------------|-------------------|

### SÉCULO XVII

|                     |                    |                                 |
|---------------------|--------------------|---------------------------------|
| 1600 Ponte de Vine  | 1606 Puente Deume  | 1606 Puente Denme               |
| 1611 Puentes ´Deume | 1630 Puentes Deume | 1632 Ponte Deume                |
| 1634 Puentes Dueme  | 1635 Puente d´Eume | 1ª metade de século: Pontesdeme |

39. Instituto Geográfico Nacional. Ministerio de Fomento. Gobierno de España.

40. Recollidas en MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro, *Toponimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, Deputación Provincial da Coruña, 1987, p. 20.

## SÉCULO XVIII

|                    |                      |                    |                      |
|--------------------|----------------------|--------------------|----------------------|
| 1700 Puente Dueme  | 1703 Pontes deme     | 1703 Puente d Éume | 1705 Pontes deme     |
| 1705 Puente d Eume | 1707 Puente d ´ Eume | 1708 Puente Deume  | 171 – Puentes Dumae  |
| 171 – Puentes Dume | 173– Puente d ´ Eume | 1756 P. de Eume    | 1764 Ponte Deume     |
| 1767 Pte. de ume   | 1773 Puente d ´ Eume | 1776 Pont d ´ Eume | 1784 Puentedeume     |
| 1787 Ponte de Eume | 1790 Puentedeume     | 1791 Puentedeume   | 1794 Puentes de Eume |
| Puentes d ´ Eume   |                      | Puente de ume      |                      |

## SÉCULO XIX

|                  |                                 |                     |                     |
|------------------|---------------------------------|---------------------|---------------------|
| 1800 Puentedeume | 1810 Puentedeume                | 1812 Ponte de Heume | 1880 Puentedeume    |
| 1816 Puentedeume | 1834 Puentes de Eume            | 1837 Puentedeume    | 1847 Puente de Eume |
| 1849 Puentedeume | 1853 Puentedeume                | 1854 Puentedeume    | 1860 Puentedeume    |
| 1865 Puentedeume | 1872 Puentedeume<br>( Santiago) | 1880 Puentedeume    | 1884 Puentedeume    |

O resumo anterior reflicte a evolución que tivo o topónimo en seis séculos (XIII, XIV, XVI, XVII, XVIII e XIX), rexistrándose ata trinta e nove (39) acepcións diferentes, distribuídas deste xeito:

- S. XIII - 5 acepcións
- S.- XIV - 3 acepcións
- S. XVI - 4 acepcións
- S. XVII - 14 acepcións
- S. XVIII - 10 acepcións
- S. XIX - 3 acepcións

E que remata ata consolidar os topónimos castelán “Puente deume” primeiro e o galego e oficial “Pontedeume”.

## 4. CARTAS NÁUTICAS E MAPAS. A CORUÑA E GALICIA. ESPECIAL REFERENCIA AO EUME E CAAVEIRO

### 4.1 CARTAS NÁUTICAS

#### 4.1.1 GALLICIA PARS. 1590<sup>41</sup>



CAERTE VANDE ZEE USTEN VAN GALISSIEN, VAN ORTUGAL TOT VOER BIJ C. DE FINISTERRE, IN ZYN NOESEN EN GEDAENTE COMENDE ZEIJLEN NOTH DE SPAENSCH ZEE= ORAE MARITIMAE GALLICIAE, AB ORTEGALA AD PROMONTORIUM FINIS TERRAE, ET ULTRA, APPARENS FACIES, DUM EX MARI HISPANICO ADNAVIGATUR/ LUCAS IOES AURIGARIUS INVENTOR [WAGHENAER]; IOANNIS A DOETECUM FECIT. – [CA. 1:399000] SPAENSCH MIJLEN TOT 17 ½, IN EEN GRAEDT [5=7,95 CM].– [AMBERES?]: [JEAN BELLÉRE E CORNELIUS CLAESZ [1590?]

1 carta náutica: gravado en cobre, coloreado a man, 51 x 31 cm.

Inclúe dous perfís da costa:

A. Verthoeninghe vant Ortugal Laast 5.off 6 mijlen Suijdt Oost van v. is” = “Facies terrae Ortegalane cum a te .5 aut.6. miliaria distat Phaenicem versus”

“B. Aldus verthoont hem tlandt van Mondeij; alsment genoer noert tusschen Cizarga en C. de Coriane” = “Facies terrae Monseinae cum primun apparent inter Cizargan et Promontorium Corianum”

Sobre o marco leva a tradución ao francés do título: “Carte des Costes Marines de Gallisse, d’Ortegal, iusques au Capde Finisterre, comme elles apparissent aux venans de la Mer d’Espagne”

Baixo o marco leva a tradución ao francés dos títulos dos perfís: “A. Representation du Pais d’Ortegal, estant de vous 5. ou 6. Lieües au S.S.Est.” e “B. representation de terroir de Monsay, aux naiegans entre l’Isle de Cizarga et Cap de Corian”.

Ao reverso, textos en francés. Sobre a páxina impar: “Description de La Corunna, feroles, et Mongia, les plus renommes havres de Gallisse”. Sobre a páxina par: “Description. Ao reverso, leva o número “14”.

O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos –pequenas montañas sombreadas–, en cores, con algún animal e arborado. Pontedeume parece amurallada coa ponte en primeiro termo.

Reflictese o inicio do curso do Eume. Nas inmediacións “ponte de mas” (Pontedeume), e no bordo sur do Eume, máis ao interior, “Tros”.

41. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *Cartografía de Galicia [S.XVI Ó XIX]. Colección Puertas-Mosquera*, Exposición : Colexio de Fonseca, Servicio de Publicaciones USC, Abril, 2000, p.27.

4.1.2 1694<sup>42</sup>

[LA COULONGNE]. Non feito a escala. [AU HAVRE DE GRACE: CHEZ JACQUES HUBAULT MARCHAND LIBRAIRE, IMPRIMEUR DU ROY & DE LA VILLE], [1694] 1 carta náutica: gravado en madeira: 11 x 9 cm. É a lámina 23, sobre a páxina 214, de "Le petit flambeau de la mero u le veritable guide des pilotes cotiers..." "Troisième edition Reveu, corrigé & augmenté par le Sieur Bougard Lieutenant sur les Vaisseaux du Roy. Au Havre

de Grace Chez Jacques Hubault Marchand Libraire, Imprimeur du Roy & de la Ville. M DC. XCIV." do que se tomaron os datos de edición.

4.1.3 1712-1762<sup>43</sup>

CORUÑA/ [MANOEL PIMENTEL] – Non feito a escala.– [LISBOA: EN LA OFICINA DE MIGUEL MANESCAL DA COSTA], [1712-1762] 1 carta náutica: gravado en cobre, coloreado a man: 14 x 11 cm.

Acompaña sobre a mesma folla á carta titulada "Stanque de Vares", medindo o soporte de ambas as dúas 18 x 29 cm.

Procede do libro "Arte de Navegar... e Rutas das viaxes, e costas marítimas..." de Manoel Pimentel

En amba as dúas cartas aparece de forma moi esquemática a desembocadura do Eume. Como único topónimo: "Pontedemas" e "Ponte de Mas", respectivamente, e iconograficamente edificacións en Pontedeume coa ponte sobre o río.

4.1.4 CORUÑA, A (PROVINCIA) (COSTAS). CARTA NÁUTICA. [175-]<sup>44</sup>

A PLAN OF THE HARBOURS OF FERROL AND THE GROYNES BY T. KITCHIN – ESCALA DE 2 LIEGES [=5,75 CM.].-[S.L.:S.N.], [175-] 1 carta náutica: gravado en cobre, coloreado a man; B; 18 x 11 cm. Cartela con ornamentación floral. Rosa dos ventos.



Desembocadura do Eume coa ponte sobre o río. Relevo con perfís montañosos suaves e abatidos, xeralmente paralelos á costa.

Topónimos: R. Eume e Puente del Eume.

42. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 56.

43. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 66.

44. A.R.G.: Col. Cart. M.B.- 94.



#### 4.1.5 CARTE DES PORTES DE FEROLLE, ET DE LA COROGNE, ET DES ANCES DES PONTESDEME, ET SADA<sup>45</sup>



CARTE DES PORTES DE FEROLLE, ET DE LA COROGNE, ET DES ANCES DES PONTESDEME, ET SADA.- ESCHELLE DE 2000 TOISES [2000= 18,1 CM].- [S.L.], [PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XVIII] .  
1 carta náutica: manuscrito, coloreado; 83 x 51 cm.

Representábase a desembocadura do Eume co topónimo “Fume R.”. O núcleo de Pontedeume, co seu topónimo “Pontesdeme”.

#### 4.1.6 PLANO DE LAS RIAS DE FERROL, CORUÑA Y BETANZOS 1787<sup>46</sup>



PLANO DE LAS RIAS DE FERROL, CORUÑA Y BETANZOS /LEVANTADO POR... VICENTE TOFIÑO DE S. MIGUEL; BAUZÁ LO DELINEÓ; f. SELMA LO GRABÓ.- [C.A.1:45500] ESCALA DE TRES MILLAS MARITIMAS [3=12,2 CM].- [MADRID: VIUDA DE IBARRA, HIJOS Y COMPAÑÍA], 1787”

1 carta náutica: gravado en cobre; 58 x 47 cm

Carta pertencente ao “Atlas Marítimo de España” que acompaña ao “Derrotero de las Costas de España...para inteligencia y uso de las cartas Esféricas...”, correspondéndose coa prancha 4ª daquel.

Representábase a desembocadura do río Eume, cos topónimos “de Ponte de Eume”, “Cabanas” e S. Miguel de Bremao”, destacado con sombra de relevo. Destaca a precisión da representación da ponte en planta, cos seus tallamares e a precisión da representación das zonas de areal e bordo rochoso do litoral, así como o detalle do trazado urbano das vilas máis importantes.

45. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 61.

46. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 76.

#### 4.1.7 FERROL AND CORUNNA.1800<sup>47</sup>

"FERROL AND CORUNNA / ENGRAVD' ...BY LUFMAN, - LEAGUES [2 X 2, 6 CM].- [LONDON ]: PUBLISH'D BY J. LUFMAN, AUGUST 1.1800"

1 carta náutica: gravado en cobre, coloreado a man: 13 x 16 cm.

"Engrav'd for Luffman's Select Plans of the principal Cities, Harbours &c. in the world"

Arriba, á dereita e fóra do marco, pon "Vol. 1"

Arriba, centrado e dentro do marco, leva o número "53"



Moi impreciso na representación. Unicamente aparece o topónimo "Pontesdeme" e a ponte de Pontedeume.

#### FERROL AND CORUNNA, 1809<sup>48</sup>



1 carta náutica: gravado en cobre, coloreado a man. J. Luffman, Geógrafo  
FERROL AND CORUNNA, two fine ports of Galicia; the best for ships of war the later for smaller vessels. Latitude 43.24 North. Longitude 8.24 West from the meridian of London. Under the walls of Corunna, after a masterly retreat through Leon & Galicia, the English, under

the command of Sir John Moore, defeated the French under the Marshals Soult & Jounot, January, 16.1809: Sir John fell by a cannon shot, in the action.  
Published by Luffman, 377 Strand, London.

Aparece representada a desembocadura do río Eume sen o seu topónimo, e a ponte sobre o río.

Topónimos de "Puenteduema" e "Redes".

#### FERROL AND CORUNNA, 1818<sup>49</sup>

1 carta náutica: gravado en cobre, coloreado a man.

FERROL AND CORUNNA, two fine ports of Galicia in Spain; the best for ships of war the later for packet boats and other vessels. Latitude 43.24 North. Longitude 8.24

West from the meridian of London.

Published December 31, 1818 by J. Gold Naval Chronicle Office, 103 Shoe Lane, London.



47. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 88.

48. MUSEO DO POBO GALEGO. LEGADO DE CLUDIO GONZÁLEZ PÉREZ. CA-0077.

49. MUSEO DO POBO GALEGO. LEGADO DE CLUDIO GONZÁLEZ PÉREZ. CA-0075.

Aparece representada a desembocadura do río Eume sen o seu topónimo e a ponte sobre o río.

Topónimos de “Puentesdeme” e “Redes”.

#### 4.1.8 A CORUÑA (PROV.) CARTAS NÁUTICAS. 1826<sup>50</sup>

“Plano del País adyacente a las tres rías de la Coruña, Betanzos y Ferrol, llamado de las Mariñas / Por Domingo Fontán.- [ca. 1:139 000]”  
Escala de dúas leguas de 20 ao grao [=8.0 cm].- [Madrid]: [Imprenta de Pierat-Peralta], [1826].

1 carta-mapa: litografía colorada a man; 31 x 22 cm.  
Procede do tomo III do “Diccionario Geográfico-Estadístico de España y Portugal de Sebastián de Miñano”.

A dirección do N. está sinalada por unha punta de seta.



Inclúe representación planimétrica de hidrografía, vías de comunicación, cidades, vilas, fortes, etc.

O relevo está representado por normais.

Na zona marítima inclúese batimetría.

Toponimia en castelán.

Pódese apreciar, ao igual que na carta Xeométrica de Fontán, que localiza incorrectamente “Cabeiro”, xa

que o sitúa nun meandro do Eume cuxa forma é invertida a como é na realidade e o promontorio en cuxo cume se atopa o mosteiro o debúxao en dirección N-S en lugar de L-W entre os ríos Sesín e Parrote.



50. LORENZO MARTÍNEZ, Ramón. *Cartografía de Galicia 1522-1900...* Instituto Geográfico Nacional. MOP. 1989., p. 223.  
Copia en Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0093.

## 4.2 MAPAS

4.2.1 ESPAÑA 1522<sup>51</sup>

Notas: Tabula II Europae: Hispania Betica, Hispania Lusitania, Hispania Tarraconensis. – Sen escala. – [Estrasburgo] [Laurentius Phrisius], [1522]. 1 mapa; 45 x 31 cm. Gravado en madeira. Graduado. No reverso, texto en latín En: Claudii Ptolomei... Octo Geographi ipsius... – Argentoratum [Estrasburgo]: Laurentius Phrisius, 1522 Contén representación planimétrica de hidrografía, vilas e mesmo montes. Toponimia en latín. Debuxado en proxección cónica. IGN.BGUS

Non se representan nin o río Eume nin ningún topónimo actual da bisbarra Eumesa.

51. LORENZO MARTÍNEZ, Ramón. *op.cit.*, p. 35.



#### 4.2.2 VISTA DE PONTEDEUME EN EL MAPA DE CORUÑA Y SUS ALREDEDORES [25]. 1589<sup>52</sup>.



B.L. Manuscripts, Cotton MS. Augustus I.ii.112. Autor descoñecido. Tinta e augadas 30 x 40 cm. Ca.1589.

Notas manuscritas: "GALLICIA"; "The haven and towne of Betaunce navigable for small shipping of 50 tonnes"; in this poole the fleete rode and is adroyning to the city of the Groyne"; "The poole of the Groyne"; "The towne of Pont demy wich is situate on the side of a mountaine" ....; "The bridge of Ponte demy whereunto Barques of 50 tonne may come"... (e outras..).

A imaxe de Pontevedra ("Pontedemy") é a máis fantástica de todas as cidades representadas (A

Coruña, Betanzos, Pontevedra e Ferrol) en canto á súa realidade urbana debido á sobreabundancia de torres de igrexas, indicándose que está situada ao costado dunha montaña; aquí paga a pena destacar o interese envorcado na representación da súa gran ponte medieval, cos apartadoiros que se abrían na súa lonxitude, pero tamén dúas torres fortificadas que se encontrarían ao comezo e ao final, a segunda aparentemente pegada a outra gran construción que puidera ser o "pazo" urbano dos condes de Andrade.

Dende o punto de vista topográfico o mapa non ofrece unha gran fidelidade máis alá da presenza das principais rías (A Coruña, Betanzos, Ares–Pontevedra e Ferrol) xa que nin os perfís da costa nin as súas marxes interiores están debuxados con precisión. Si aparecen outros elementos que resultarían de grande utilidade para a recalada dende o mar, como o cabo Prior, que sinalaría a entrada a todo este conxunto de rías polo leste, e a illa "Cesarge", sen dúbida a Sisarga Grande, que faría o propio polo oeste.

En canto ás terras do interior, simplemente indícanse uns esquemáticos montículos para reflectir a condición montañosa do seu relevo, algo afirmado na lenda rectangular que se encontra no ángulo inferior esquerdo, "All this kind [dom is] mountaine ground..." onde se alude tamén ao "rude and barbarous", pobo que as habitaba.

O río Eume tan só aparece representado no tramo da súa desembocadura, próximo a Pontevedra. A finalidade do mapa, probablemente confeccionado para a expedición de Francis Drake, non facía necesaria a súa representación.

52. VIGO TRASANCOS, Alfredo, SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel, TAIN GUZMÁN, Miguel; *Planos y Dibujos de Arquitectura y Urbanismo. Galicia en los siglos XVI Y XVII*, Consello Galego de Colexios Oficiais de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, Santiago de Compostela, 2003, pp. 291-293.

4.2.3 GALITIA= GALIZIA HISP. 1595<sup>53</sup>

GALITIA=GALIZIA HISP. / [JOHANNES METELLUS].-[ESCALA NON DETERMINABLE]  
SCALA LEUCARUNT [8=8,1 CM].- [COLONIA]:[S.N.] [1595-]

1 mapa: gravado en cobre: 23 x 16 cm. Sobre folia de 38 x 29 cm.

No reverso, texto en latín titulado "Galiciae Regnum".

Conserva marca de dobrez central.

Procede do atlas "Hispania tabulis aenis expressa" no que se usa a plancha por primeira vez.

Representación topográfica moi deforme.

Represéntanse algunhas cadeas montañosas sombreadas. Edificios relixiosos preferentemente. Da rede hidrográfica, só os grandes ríos. Vilas máis importantes. Non aparece reflectido o río Eume nin outra toponimia alusiva a el ou á súa bisbarra.



#### 4.2.4 GALICIA 1598<sup>54</sup>

"Descripción del Reyno de Galicia/F. Fer.Ojea.– [CA.1:876 000] 8 leguas españolas [=5,8 cm]– [Amberes]: D Abrahami Orтели [ca. 1598]". 1 mapa: gravado en cobre e coloreado a man; 48 x 37 cm.

Representación topográfica moi deforme.

Insire lendas con información sobre Galicia. Contén representación planimétrica de hidrografía, así como unha serie de símbolos referidos a vilas, monumentos relixiosos, muíños e faro.

Inclúe liña límite co reino de Portugal.

Toponimia local, escala gráfica e lendas expresadas en castelán; igualmente os reinos limítrofes, que se atopan rotulados con trazos altamente ornamentais.

Na marxe superior dereita inclúe alegorías co escudo de Galicia que contén a custodia, feito específico de F. Fer. Olla.

Neste Mapa, como noutros deste século, plásmase as inquietudes dos países pola hexemonía marítima, expresándose nestes a través de galeóns, animais fantásticos, etc.

Todo iso levando consigo mapas de gran beleza ornamental.

MP–EMB–ARG–BGUS.



Este mapa presenta a singularidade de ser o primeiro no que se dá representación a Galicia de xeito illado, como tal unidade xeográfica. Ten unha grande importancia por ser o orixinal no que máis tarde se inspiran as distintas versións que aparecen nos atlas publicados nos anos seguintes. Durante moitos anos aparece repetido e mesmo copiado polos principais cartógrafos da escola holandesa.

Aparece representado o río “Eume” con “Pontes Deume” na súa desembocadura e o topónimo “Andrade”.

54. O mapa de Galicia de Ojea aparece por primeira vez no "Theatrum Orbis Terrarum" de Abraham Ortelius, na edición do ano 1612 feita en Amberes, que dedicou a "Don Pedro Fernández de Castro e Andrade, Conde de Lemos, de Villalba e Andrade, Marqués de Sarria" aínda que o seu texto da "Descripción del Reyno de Galicia" xa aparecera sen o mapa na edición de 1588. LORENZO MARTÍNEZ, Ramón. *op.cit.*, páx. 37.

4.2.5 GALICIA 1600<sup>55</sup>

Gallaecia Regnum.– [ca. 1:717 000].– [s.l.:s.n.], [1600].  
 1 mapa: gravado en cobre coloreado a man; 41 x 37 cm.  
 Reverso con texto en francés titulado <<Galice>> sobre follas números 123 y 124.  
 Orixe de lonxitudes no meridiano da illa do “Hierro”.  
 FP-MP-EMB-IGN  
 Ornamentado con galeóns e rotulación nalgúns casos de trazos alongados con bucles.

Contén representación planimétrica de hidrografía, así como unha serie de símbolos referidos a vilas, monumentos relixiosos, muíños e faro.

O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos –pequenas montañas–.

A toponimia local está expresada en castelán, en latín a lenda, escalas gráficas e denominación dos reinos limítrofes.

Aparece representado o río “Eume” e nas súas proximidades, “Andrade” e “Villalua”, e pequenas montañas ao norte do río.

4.2.6 GALICIA. MAPA. 1606<sup>36</sup>

GALICIA: DESCRIPTIO GALLICIAE ET ASTURIAE IN HISPANIA. – ESCALA [CA. 1 : 296.000] MILLIARIA GERMANICA [2,5 CM.].– [S.L. : S.N.], [1606]

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; R ; 10 x 14 cm. No reverso: texto impreso en latín : Descriptio Portugalliae et Algarbiae, p. 163. Cartela con ornamentación floral.

Aparece debuxado o río Eume e en gran tamaño a ponte sobre o mesmo na súa desembocadura. Non aparece relevo agás no límite con Asturias mediante perfís abatidos e lixeiramente sombreados.

Símbolos referidos a vilas.



4.2.7 GALICIA. MAPA . 1608<sup>57</sup>

GALITIAE REGNUM. – ESCALA [CA. 1 : 4 : 233.000] LEUCARUM 12 [=1,8 CM.]. – [S.L.: S.N.], [1608].

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B ; 9 x 13 cm. P 12?. Ao reverso : texto impreso en latín: Portugalliae Regnum. Cartela ornamentada.

Debúxase o río sen o seu nome.

Topónimos: Non aparece ningún do val do Eume.

4.2.8 GALLAECIA REGNUM [1611]<sup>58</sup>

GALLAECIA REGNUM. – [ESCALA CA.1:71 7000] LEUCAE HISPANICAE [7=6,2 CM]. –

[AMSTERDAMI]:[IODOCUS HONDIUS],[1611].

Un mapa gravado en cobre: 41x 37 cm.

Conserva marca de dobrez central.

Procede do “Gerardi Mercatoris Atlas Sive Cosmographicae Meditationes De Fabrica Mundi Et Fabricati Figura. Denuo auctus Editio Quarta”, atlas de Mercator no que na edición por Hondius en 1611 se inclúe por primeira vez.

Representáanse vilas con edificacións segundo a súa importancia, rede hidrográfica, muíños, faro.

O relevo está representado parcialmente, a través de perfís abatidos –pequenas montañas sombreadas–.

Reflictese o curso do Eume co topónimo “R. Eume”. Nas inmediacións “Andrade” e “Pontes ´ Deume”, máis afastado “Vilalua” (Vilalba).

58. MENDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, op.cit., p.127.

4.2.9 GALLICIA, LEGIO ET ASTURIAS DE OVIEDO [1628]<sup>59</sup>

GALLICIA, LEGIO ET ASTURIAS DE OVIEDO.- [ESCALA CA. 1:2721000] LEUCAE HISPANICAE [12=2,8 CM].-AMSTERODAMI: EX OFFICINA IOANNIS IANSSONII,[ 1628 ] 1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; 19x 14 cm.

Arriba, sobre o marco, leva o título "Von Galicia, Legión, Asturias, &c"  
Arriba, á dereita e sobre o marco, leva o número "151"

No reverso, texto titulado "Von Galicia, Legión, &c" sobre a páxina "152"

Procede do "Atlas Minor Gerardi Mercatori à I.Hondio plurimis aeneis Tabulis auctus et illustratus: denuo recognit, additisque novis delineationibus emendatus" no que na edición de 1628 se empregou a plancha por primeira vez.

Contén representación planimétrica de hidrografía, así como unha serie de símbolos referidos a vilas e monumentos relixiosos. O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos -pequenas montañas lixeiramente sombreadas e coloreadas-.

Aparece debuxado o río Eume, sen o seu topónimo, cun trazo que apenas define o seu curso. No extremo esquerdo, a ponte de Pontedeume e o seu topónimo que ocupa máis lonxitude que o propio río: "Pu ente Deume". Nas proximidades, "Andrade" e "cast de Villalua" (castelo de Vilalba).

59. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 122.



4.2.10 GALLICIA [1630]<sup>60</sup>

GALLICIA – [ESCALA CA. 1:1411000] LEUCAE HISPANICAE [8=3,6 CM]. – [AMSTERODAMI: STUDIO IUDOCI HONDIJ, SUMPTIBUS JOHANNIS CLOPPENBURGIJ], [1630].

1 mapa: gravado en cobre: 25 x 19 cm.

No canto superior dereito leva o número “173” manuscrito.

O reverso en branco.

Procede do “Atlas Minor” de Mercator publicado por Iodocus Hondius, no que no apéndice de 1630 incluíuse o mapa por primeira vez.

Aparece debuxado o río Eume, co seu topónimo “R. Eume”, cun trazo que apenas define o seu curso. No extremo esquerdo, a ponte de Pontedeume e o seu topónimo “Puentes Deume”. Nas proximidades, “Andrade”.

60. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 128.

4.2.11 GALICIA 1632<sup>61</sup>

GALICIA.- [CA. 1:1 411 000] 8 LEUCAE HISPANICAE [=3.6 CM].- AMSTERDAM / J. H. MERCATOR, [1632].

1 mapa: gravado en cobre coloreado a man; 25 x 19 cm.

A toponimia local está expresada en castelán; en latín, a lenda, escala gráfica e denominación de reinos limítrofes.

Ornamentado con galeón e rotulación nalgúns casos de trazos alongados con bucles.

Orixe de lonxitudes no meridiano do Teide. Debuxado en proxección cilíndrica. EMB-IGN.

Este mapa pertence aos chamados da escola holandesa. Durante moitos decenios o principal centro da edición de mapas estivo localizado nos Países Baixos, inicialmente en Amberes e despois en Amsterdam. Os traballos de Gemma Frisius nos que se dan os fundamentos da triangulación, xunto co redescubrimiento da obra de Ptolomeo, na que aínda se basea Mercator (Gerhardt Kremer, 1512-1594), marcan o comezo desta época, na que se producen uns avances transcendentais para as ciencias xeográficas. Para Lorenzo Martínez, cando Mercator logra en 1594 a nova proxección cilíndrica que leva o seu nome, prodúcese o feito máis decisivo da nova cartografía, que leva ata nós, confirmando a súa validez.

Contén representación planimétrica de hidrografía, así como unha serie de símbolos referidos a vilas, monumentos relixiosos e faro.

Inclúe liña límite de reino iluminada a man; igualmente iluminadas montañas e zona marítima próxima á costa. O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos -pequenas montañas-.

Aparece representado o río Eume sen o seu topónimo. Topónimos de “Ponte Deume” e “Andrade” nas súas proximidades.

#### 4.2.12 GALICIA. MAPA. 1634<sup>62</sup>



GALLAECIA REGNUM / DESCRIPTA A F. FER. OJEA. - ESCALA [CA. 1 : 1 : 816.000] 9 MILLIARIA HISPANICA COMMUNIA [=7 CM.]. - [S.L.] : GUILJ BLAEU, [ CA. 1634]

1 mapa: grabado en cobre, coloreado a man; B ; 38 x 50 cm. Existe unha edición posterior dos editores e gravadores holandeses G. Velk y P. Shenk. Ao verso : Texto en holandés : Galicia. Cartela en forma de cuncha. Rosas dos ventos. Galeóns. Escudo de Galicia sostido por querubíns.

Aparece debuxado o río Eume e perfís montañosos abatidos e sombreados.  
Topónimos: Puentes Duome. R. Eume. Andrade.

#### 4.2.13 DESCRIPCIÓN DEL REYNO DE GALIZIA. PEDRO TEIXEIRA. 1634<sup>63</sup>



Mapa do Reino de Galicia orientado ao sur, con rede hidrográfica, topónimos de lugares, vilas e cidades e perfís abatidos en relevos.

63. TEIXEIRA, P., *Descripción de España y de las costas y puertos de sus reynos*, PEREDA, F. Y MARIAS F. (Eds.): El Atlas del rey Planeta, Hondarribia (Guipúscoa), 2002, fol. 29.




4.2.14 PONTEDEUME Y EL EUME EN LA VISTA DE LA RÍA DE BETANZOS [8]<sup>64</sup>

B.N.V., Codees Miniatus, 46,  
"Descripción de España y de  
las costas y puertos de sus  
reynos", fol 33 r.  
TEIXEIRA, Pedro, (Lisboa, ca  
1595-Madrid, 1662)

1634

Vitela, tinta e cores ó tempera;  
35,2 x 44,4 cm.

Notas manuscritas: "Punta del  
Cauallo" "Punta de Segana"  
"Bugardos", "Aries", "Redes", "  
Pontedeume", "Betanços",  
"Sada" "Sontán" "Lamarola".



O mar penetra ata a vila de Pontedeume e a cidade de Betanzos, algo máis afastada, que por entón era a capital da provincia do mesmo nome. Na ría conflúen, respectivamente, os ríos Eume e Mandeo, formando deste modo dous ríos navegables. As citadas localidades sobresaen pola súa categoría urbana, presentando unha importante concentración de edificios dentro das súas murallas, contando, ademais, con senllas pontes monumentais para cruzar a ría. Teixeira presta maior atención a Pontedeume, pois se aprecian perfectamente as torres grandes que conforman o seu recinto fortificado e a porta principal deste, a cal enlaza directamente coa mencionada ponte, no medio da cal se levantan unha torre e un hospital, tratándose do que financiara Fernán Pérez de Andrade na Baixa Idade Media. Ao fondo, o Eume inténrase nas montañas das Fragas.



64. TEIXEIRA, P., *op.cit.*, fol. 33. Tamén recollido por VIGO TRASANCOS, Alfredo; SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús .A.; TAIN GUZMÁN, Miguel, *op.cit.*, pp. 291-293.

4.2.15 GALLICIA [1635]<sup>65</sup>

GALLICIA.- [ESCALA CA. 1: 141 1000] LEUCAE HISPANICAE [8= 3,6 CM].- [LONDON: MICHAEL SPARK], [1635]

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; 25 x 19 cm.

À direita, fora do marco e sobreimprimido ao mapa, leva o título "Galicia, Legio and Astvria de Oviedo. " E o número "203".

No reverso, texto en inglés en páxina "204" titulada "Gallicia, Leon, " con formato recto. Procede da versión inglesa do "Atlas Minor" de Mercator publicada por Michael Spark e Samuel Cartwright en Londres en 1663, 1637 e 1639.

O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos –pequenas montañas sombreadas en cor–.

Aparece representado o río Eume co seu topónimo "R. Eume". Topónimos de "Pontes Deume" e "Andrade" nas súas proximidades.

65. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op. cit.*, p. 130.



4.2.16 LES ESTATS DE LA COURONNE DE CASTILLE, 1652<sup>66</sup>

LES ESTATS DE LA COURONNE DE CASTILLE ,1652 Dans les parties plus Septentrionales de L'Espagne: et la ou sont LES ROYAUMES DE CASTILLE VIELLE, LEON, GALLICE, ASTURIE, BISCAIE Seigen rie Navarre & c. Par le Sieur SANSON d'Abbeville Geographe ord re du Roy. A Paris. Chez Pierre Mariette, Rue S. Jacques al'Esperance. Avec privilege du Roy pour vingt Ans 1652.

O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos –pequenas montañas–.

Aparece representado o río Eume e o seu topónimo. Topónimos de “Puente Deume” e “Andrade” nas súas proximidades.

66. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op. cit.*, p.139. Copia en Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0022. Cantelli.

4.2.17 GALICIA 1696<sup>67</sup>

IL REGNO DE GALICIA /  
DESCRITTO DA GIACOMO  
CANTELLI DA VIGNOLA;  
A. BARBEY SC.- [CA.  
1:794 000] 9 LEGHE  
COMUNI DE SPAGNA  
[=7.2 CM].- ROMA:  
DOMENICO DE ROSSI,  
[1696].

1 mapa: gravado en  
cobre; coloreado a man.

55 x 42 cm. Orixe de  
lonxitudes, en na illa do  
"Hiero". FP-EMB-IGN.

Mapa pertencente ás  
catro provincias galegas,  
con representación pla-  
nimétrica de hidrografía,  
ciudades, capitais, bisba-  
rras, universidades, viz-  
condados, arquiducados  
e porto.



Representación gráfica do relevo con perfís abatidos –pequenas montañas–. A vexetación aparece representada con lixeiras pinceladas.

Toponimia das zonas limítrofes ao reino de Galicia, en italiano, ao igual que o título, escala gráfica e notas da lenda; a local, en castelán. Aparecen representados o río “Eume R.” e “Ponte d’Eume” coa ponte nas súas proximidades e o topónimo Andrade. Debuxado en proxección cónica.

Tamén son representados os accidentes xeográficos nunha perspectiva cuxo eixe principal non é perpendicular ao plano do chan. Inténtase mostrar o territorio como se ve, ou mellor, como se verían dende ou aire os accidentes montañosos. O paso a vista de paxaro á proxección cónica frontal utilizarase na pintura da paisaxe e en paralelo ao interese crecente que os pintores holandeses sentirán polos xogos perspectivais do barroco.

67. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op. cit.*, p.139. Copia en Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0022.Cantelli.

4.2.18 GALLAECIA REGNUM [C.A.1700]<sup>68</sup>

GALLAECIA REGNUM / DESCRIPTIA A F. FER OJEA ORD.PRAED. ET POSTMODUM MULTIS IN LOCIS EMENDATA ET AUCTA.- [ESCALACA. 1:835000] MILLIARIA HISPANICA COMMUNIA [9= 6,85 CM.],- AMSTELAEDMI: APUD GERARDUM VALK ET PETRUM SCHENK, [CA.1700]

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; 48 x 37 cm. Con indicación de límites entre os bispados galegos.

Procede, posiblemente, do "Atlas Contractus sive Mapparum Geographicarum Sansoniarum auctarum et correctarum Nova Congeries".

Mapa de Galicia, con representación planimétrica de hidrografía, cidades, capitais. Representación gráfica do relevo con perfís abatidos –pequenas montañas sombreadas-. A vexetación aparece representada con lixeiras pinceladas.

Aparecen representados o río "R.Eume", "Ponte Dueme" e "Andrade" nas súas proximidades.

68. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op. cit.*, p.146. e Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0032.



4.2.19 GALICIA (REINO) MAPAS. 1703<sup>69</sup>

REGNORUM CASTELLAE VETERIS, LEGIONIS ET GALAECIAE PRINIPATUMQ. BIS-  
CAIAE ET ASTURIARUM ACCURATISSIMA DESCRIPTIO / PER NICOLAUM VISSERT. -  
ESCALA INDETERMINADA. - AMST[TERDAM] : [S.N.], [1703]

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; R ; 48 x 83 cm. Deteriorado nos  
pregues. Cartela en forma de manto.

Relevo mediante perfís montañosos abatidos e sombreados. Aparece o río Eume.  
Topónimos: “Pontes deme” ou “Puente d'Eume”.

4.2.20 ROYAUME DE GALICE 1705<sup>70</sup>

ROYAUME DE GALICE: PROVINCE DE ESPAGNE / PAR N. DE FER: c. INSELIN SCULP-SIT. - [CA. 1: 1520000] ECHELLE DIX LIEUES D'UNE HEURES DE CHEMIN CHACUNE [10 = 4,35 CM].

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; 33 x 23 cm. Inclúe: Port de Rade de Vigo en Galice.- [ca. 1:301000] Echelle une lieue [1=2,2 cm].- 11 x 17 cm

2. La Ville et le Port de La Corogne en Galice.-Escala indeterminada.- 11 x 5 cm. Arriba, á dereita, "59".

É a lámina 59 da segunda parte da edición reunida de "L'Atlas Curieux" e da "Suite de l'Atlas Curieux", de 1716 ou 1717.

Contén representación planimétrica de hidrografía, así como unha serie de símbolos referidos a vilas, monumentos relixiosos, camiños principais e cadeas montañosas sombreadas.

70. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op. cit.*, p.142. Copia en Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0021.

Aparecen representados o río “Eume R. “ e “Pontes deume” eu “Ponte d Eume” coa ponte nas súas proximidades.

Representación gráfica do relevo con perfís abatidos –pequenas montañas–.

Aparecen representados o río “R.Eume”, “Ponte Dueme” e “Andrade” nas súas proximidades.

#### 4.2.21 LES DELICES DE L ´ESPAGNE ET DU PORTUGAL, 1707<sup>71</sup>



PIETER VANDER a. / Leiden 1707= a PL 1/ 1-8

71. Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0053.



O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos –pequenas montañas–.

Aparece representado o río Eume sen o seu topónimo. Topónimo de “Andrade” nas súas proximidades.

#### 4.2.22 GALICIA 1708<sup>72</sup>

LE ROYAUME DE GALICE / MIS AU  
JOUR PAR N. DE FER. – [CA. 1:728  
000].– PARÍS: [S.N.], [1708].  
1 mapa: gravado en cobre coloreado  
a man; 48 x 44 cm.  
Contén unha rosa dos ventos, da  
que emerxe a flor de lis indicando o  
N.  
A rotulación dos topónimos locais  
está en castelán, os restantes en  
latín. Lenda con coroa do rei de  
Francia.  
MP-EMB.



Representación planimétrica de hidrografía, vilas, igrexas, portos e algunhas pinceladas de vexetación.

O relevo exprésase por perfís abatidos –pequenas montañas sombreadas–.

Aparecen representados “R. Eume” “Ponte Deume” nas súas proximidades.

72. LORENZO MARTÍNEZ, Ramón. *op.cit.* p. 50.

4.2.23 LA CASTIGLIA IL REGNO DI LEONE, LA GALITIA, ASTURIA, LA BISCAYA, 1710<sup>73</sup>

LA CASTIGLIA IL REGNO DI LEONE, LA GALITIA, ASTURIA, LA BISCAYA, 1710,  
Paolo Petrini  
Scala Quindici legehe di Francia Ciascune di tre miglia pas Geometrici.

O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos –pequenas montañas–.

Aparece representado o río Eume e o seu topónimo. Topónimos de “P. di eume” e “Andrade” nas súas proximidades.

4.2.24 ESPAÑA (NORTE) MAPAS. [171-]<sup>74</sup>

NOVISSIMA ET ACCURATISSIMA TABULA, QUA GALLAECIAE ET LEGIONIS REGNA, ASTURIARUM PRINCIPATUS, PORTUGALLIAE TRACTUS SEPTENTRIONALIS, UT ET UTRIUSQUE CASTELLAE OSTENDUNTUR / AUTORE R. ET I. OTTENS. - ESCALA [CA. 1 : 1.150.000] 17 ½ MILIARIA HISPANICA [9,5 CM]. - AMST[ERDAM] : [S.N.], [171-]  
 1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B ; 51 x 60 cm. Rosa dos ventos.

Aparece debuxada a ponte sobre o río Eume na súa desembocadura. O relevo mediante perfís montañosos moi escarpados e sombreados con arboredo.

Topónimos: “Fume Río”. “Andrade”. “Puentes Dumae”.

#### 4.2.25 LE GALICE, LES ASTURIES, LE RME DE LEÓN, LA CASTILLE VIELLE ET LA BIS-CAYE<sup>75</sup>



Par M. BONNE, Ingénieur- Hydrographe de la Marine. Longitude du Méridien de Mile de Fer.

Relevo representado parcialmente a través de perfís abatidos, pequenas montañas sombreadas polo leste.

Non aparece representado o río Eume nin o seu topónimo. Topónimo de “Puente d’ Eume”.



4.2.26 GALICIA.- DAS KÖNIGREICH GALLICIEN [173-]<sup>76</sup>

DAS KÖNIGREICH GALLICIEN.- [CA. 1:968 000] 9 SPANISCHE U PORTUG. GEM L. M. 17 ½ A G. [= 5.9 CM].- [s.l.: s.n.], [173-]. 1 mapa: gravado en cobre coloreado a man; 27 x 23 cm. Na lenda, baixo o título pon "Nro 590".

Contén representación planimétrica de hidrografía, vilas, parroquias e liña límite de reino iluminada con técnica de augada en vermello.

O relevo, aínda que levemente, aparece representado con perfís abatidos –pequenas montañas–.

Toponimia local en castelán escasa e con erros de situación; lenda e escala gráfica en alemán. É o primeiro mapa no que aparece o topónimo “Cabeyro”. Tamén aparece Roupar.

Topónimos: “Puentedeume”, “Cabeyro” e “As Pontes de Garcia Rodriguez”. Debuxado en proxección cilíndrica.

76. LORENZO MARTÍNEZ, Ramón. *op. cit.*, p. 57. e Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0017.

4.2.27 ESPAÑA, NOROESTE. 1749<sup>77</sup>

PARTIE SEPTENTRIONALE DES ETATS DE CASTILLE OÙ SE TROUVE LE ROYAUME DE GALLICE / PAR ROBERT DE VAUGONDY FILS.- ECHELLE 10 LIEUES D'UNE EURE = 3.3 CM].- [S.L.: S.N.+ , [1749].

1 mapa: gravado en cobre coloreado a man; 20 x 17 cm.

Escala gráfica con rotulación de topónimos en francés.

Orixe de lonxitudes na isla do "Hiero". Debuxado en proxección cilíndrica. EMB.

Realizado por Vaugondy, xeógrafo do rei de Francia. Contén representación planimétrica de hidrografía, vilas e liña límite de reino, iluminada con técnica de augada.

O relevo está expresado a través de perfís abatidos –pequenas montañas sombreadas–.

Toponimia local en castelán, aínda que con erros, dada a procedencia estranxeira do mapa. Aparecen representados o río “Eume R.” e “Puente Deume” “Andrade” nas súas proximidades; lenda de gran sobriedade.

77. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op. cit.*, p.152. Copia en Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-20.



4.2.28 GALICIA. MAPA .1756<sup>78</sup>

GALICIA / POR LOPEZ. – ESCALA [CA. 1 : 4.444.000] DE 20 LGUAS AL GRADO [2.5]. – [S.L. : S.N.], [1756]

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B ; 12 x 10 cm.

O relevo mediante perfís montañosos e sombreados.  
Topónimos: “P de Eume”.

## 4.2.29 REGNORUM CASTELAE VETERIS, LEGIONIS ET GALLAECIA [17...]79



REGNORUM CASTELAE VETERIS, LEGIONIS ET GALLAECIA ,  
Principatum q3 Biscaie et Asturiarum Accuaratissima Descriptio Per  
F. de Wit Amstelodami.  
Amstelodami ex officina Fredericci de Wit cum gratia el privilegio  
Potensis DD ordinum Hollandie et Westfrisiae

O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos –pequenas montañas–.

Aparece representado o río Eume e o seu topónimo. Topónimos de “Puentes Deume” e “Andrade” nas súas proximidades.

4.2.30 OBISPADO DE MONDOÑEDO (LUGO). 1764<sup>80</sup>

Obispado de Mondoñedo / Por D. Joseph Cornide.– [ca. 1:251 000]. 5 leguas comuns en Galicia [=11.1 cm].– Madrid: [s.n.], [1764].

1 mapa: gravado en cobre; 40 x 30 cm. Insírese outro pequeno mapa: "Arcedianato de Mellid perteneciente al Obispado de Mondoñedo y separado tres leguas de su con-fín debajo de Sobrado".– 8 x 7 cm.

Procede da <<España Sagrada>> de Enrique Flórez. EMB.

Contén representación planimétrica de hidrografía, vilas, aldeas, mosteiros, vías de comunicación e parroquias pertencentes ao bispado, así como liñas de separación dos arcediados, decanatos e simboloxía de ordes relixiosas.

O relevo está expresado a través de perfís abatidos –pequenas montañas–. Toponimia en castelán. Na zona do Eume aparecen os topónimos de “Pontes de García Rodríguez”, “ Vilavella”, “Roupar”, “Piñeiro”, “Jestoso”, “Monfero”, “R. Eume”, “Cabeiro (+)”, “PÁX. de Eume”. Tamén “Arcediagado de Montenegro” e “Arcediagado de Trasancos”.

Toponimia local en castelán, aínda que con erros, dada a procedencia estranxeira do mapa. Aparecen representados o río “Eume R.” e “Ponte Deume” “Andrade” nas súas proximidades. Lenda de gran sobriedade.

80. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 157.

4.2.31 MAPA GEOGRAFICO DEL REYNO DE GALICIA SITUADO EN LA PARTE N.O. DE ESPAÑA. FORMADO DE ORDEN DEL SR. INTENDENTE GENERAL DEL EJÉRCITO Y REYNO MARQUES DE PIEDRA BLANCA. 1767<sup>81</sup>



Ángulo superior esquerdo: Escala de leguas mariñas de 20 en grao. Escala de 17 en grao. Leguas comúns de Galicia.

Ángulo superior dereito: Explicación de notas: cidade, capital, vila, aldea, venda, porto, porto fortificado, cidade fortificada, castelo ou torre, mosteiro cisterciense, Id. bieito, convento fóra de poboado, capela ou santuario, feira, universidade, inquisición, arcebis-pado, bispado, camiño real, división de reino, división de provincia, vila fortificada.



Na zona do Eume: Vila de Pte. De Ume coa ponte. Aldeas de Cabanas, Andrade, Cabeiro, Goente, Monfero, Jestoso.

Represéntase o Eume con dous afluentes polo sur. O Frei Bermuz, preto de Xestoso e o outro en Pontedeume. Dúas pontes: en Pontedeume e As Pontes.

A división provincial en cor. Pequenos perfís montañosos abatidos sen sombrear entre Cabanas e As Pontes.

81. SERVICIO GEOGRÁFICO DEL EJÉRCITO. CARTOTECA HISTÓRICA. *Índice de Atlas Universales y Mapas y Planos Históricos de España*. Madrid, 1974.



4.2.32 ESPAÑA. (NOROESTE) MAPA 1773<sup>82</sup>

CHOROGRAPHIE DU ROYAUME DE LEÓN, DES PROVINCES DES ASTURIES ET DE GALICE / DIRIGEE PAR MR.PHILIPPE; MOITHEY ING. GEO. DEL. ET SCULP. ; HERAULT SCRIPT. – ESCALA [CA. 1: 1.710.000] 20 LIEUES COMMUNES D' SPAGNE DE 20 AU DEGRE `=6,5 CM.]. – [S.L. : S.N.] [1773]

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B; 27 x 38 cm. Cartela rococó. Rosa dos ventos. MR PHILIPPE, 1773.

Ángulo superior esquerdo: Cartela rococó coa lenda: CHOROGRAPHIE du Royaume de LEÓN des Provinces des ASTURIES ET DE GALICE. Dirigée par Mr. Philippe Censeur Royal, des Académies Royales des Sciences Royales des Sciences et belles-lettres d' Angera et de Rouen professeur en histories.1773.

Ángulo inferior: Lenda con explicación de símbolos. Na esquerda, rosa dos ventos. No ángulo inferior esquerdo, Escalas: Leguas comúns de España de 20 ao grado e Leguas comúns de Francia de 25 ao grao.

Aparece debuxada a ponte sobre o Eume na súa desembocadura. O relevo mediante cadeas de perfís montañosos abatidos e sombreados.

Topónimos: “Puente d’Eume”. “Andrade”. As poboacións de “Redes”, “Andrade” e “Pontedeume” representanse como vilas de 2ª orde.



#### 4.2.33 LI REGNI DI GALICIA, ASTURIES, LEON, CASTIGLIA VECCHIA CON LA SIGNORIA DE BISCAGLIA, 1776<sup>83</sup>



LI REGNI DI GALICIA, ASTURIES, LEON, CASTIGLIA VECCHIA CON LA SIGNORIA DEI BISCAGLIA DI NUOVA PROJEZIONE. – ESCALA [CA. 1 : 736.000] 20 LEGHE COMUNI DI SPAGNA DI 20 PER GRADO [=6,4 CM.]. VENEZIA : ANTONIO ZATTA, 1776.

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B ; 29 x 39 cm. Cartela con ornamentación paisaxística.

Relevo mediante pequenos trazos denominados normais (perpendiculares) con punteado nos extremos, que teñen a súa dirección perpendicular ás curvas de nivel, é dicir, na dirección da máxima pendente

Aparece representado o río Eume e o seu topónimo “Eume F”. Topónimos de “Pont d’Eume” e “Andrade” nas súas proximidades.

4.2.34 COMARCA DE PUENTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ. 1776<sup>84</sup>

Fragmento do plano orixinal en cor<sup>85</sup>

Un dos traballos máis meritorios emprendidos na España da Ilustración a nivel de Estado, foi, sen dúbida, a obra magna de D. Tomás López, cartógrafo Real de Carlos III e Carlos IV, para a representación cartográfica do país, o "ATLAS GEOGRÁFICO DE ESPAÑA".

Soraluce Blond recolle que o método consistiu en enviar unha circular imprimida a párrocos e eruditos locais, para que describisen o territorio e os seus accidentes xeográficos, así como todo tipo de datos históricos ou culturais que tivesen ao seu xuízo algún interese. O



caso das Pontes de García Rodríguez e a súa bisbarra –continúa dicindo Soraluce– é un dos que mellor cumpriu tan encomiable misión de progreso. Iso foi posible grazas a un home meticuloso e ordenado como D. Alejandro de Bouza e Maseda; párroco da Vila e bo debuxante para maior fortuna. A súa "Descripción da Vila das Pontes de Gra. Rodríguez, e tres leguas no seu contorno..." "á que acompañaba un precioso debuxo da bisbarra de 25 x 40 cm", supón un documento de incalculable valor.

Na parte descritiva ao Poñente dise:

"..Y a dist<sup>a</sup> de tres cuartas de legua dela de San Pedro de Eume ai la Parroq<sup>a</sup> de Santiago da Capela, situada en un alto, y cerca de una Sierra, llamada de Caabeiro, qe sepasa al salir de dicha Parroq<sup>a</sup> a cuia falda esta situada la Real Colegiata de San Juan de Cabeiro en un peñasco, y en medio de dos ríos, uno llamado Sirin, con un puente, pasase antes de entrar en dicha Colegiata, y el otro el citado Eume, que se pasa al salir de ella; También tiene la citada Parroq<sup>a</sup> da Capela una venta llamada Bilaran, y tambn pasa por ella un camino muy frecuentado que ba de esta de las Puentes hacia las Villas de Puente de Heume, Ares y Mugardos".

Na zona do Eume: Vila de Pte. De Ume coa ponte. Aldeas de Cabanas, Andrade, Cabeiro, Goente, Monfero, Jestoso.

Represéntase o Eume con dous afluentes polo suroeste. No ángulo inferior esquerdo debuxa unha visión idealizada do mosteiro de Caaveiro con dúas torres, unha delas cunha gran cúpula, e por cuxas proximidades corre o río Eume, en primeiro termo, e por detrás, o Sesín.

Aparecen topónimos de ríos, parroquias, serras, vilas. Entre os máis próximos a Caaveiro: "R<sup>o</sup> Sesín" "R. Colexiata de Cabeiro", "Capela", S. Pedro de Eume "Faeira", "Bermui", "Gestoso", "Serra [de Queixeiro], "Vila de Pontes de García Rodríguez".

84. SORALUCE BLOND, José Ramón, *Puentes de García Rodríguez y su comarca en el siglo XVIII*, Untia, "Seminario de estudios mariñáns", 3, Betanzos, 1987.

85. SAMBRICIO, Carlos, *Territorio y ciudad en la España de la ilustración*, Ministerio de Obras Públicas y Transportes. Centro de publicaciones 1991, p. 53.

#### 4.2.35 MAPA GEOGRÁFICO DEL REYNO DE GALICIA. CONTIENE LAS PROVINCIAS DE SANTIAGO, CORUÑA, BETANZOS, LUGO, MONDOÑEDO, ORENSE Y TUY. 1784



**Ángulo superior izquierdo:** "DEDICAN AL EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON JOSEPH MONIÑO, CONDE DE FLORIDABLANCA. Caballero Gran Cruz de la Real Orden de Carlos III". "Consejero de Estado de S.M., su Primer Secretario del Estado y del Despacho, Superintendente General de Correos terrestres y marítimos de las Postas y Renta de Estafetas de España y de las Indias, y de los Caminos de España; Encargado interiormente de la Secretaría de Estado y del Despacho de Gracia y Justicia y de la Superintendencia de las Postas del Reyno".

"Por DON TOMÁS LÓPEZ, Geógrafo de los Dominios de S.M. de las Reales Academias de la Historia, de San Fernando, de las Buenas Letras de Sevilla y de la Sociedad Bascongada. Madrid año de 1784".

**Ángulo inferior izquierdo:** "Escala gráfica: Leguas geográficas de España, de las que entran 17 ½ en un grado. Van cada una 7572 varas Castellanas.



Leguas de 20 al grado, llamadas de Marina y también de una hora de camino, cada una contiene 6626 varas Castellanas.

Leguas legales de 5000 varas cada una, de las que entran 26 ½ en un grado. Escala aproximada 1:327000".

**Lenda fóra de marxe, inferior esquerda:** "Se hallará este con todas las obras de su autor, en Madrid, Calle de Atocha,

cara nueva de Santo Tomás M.15 g N.3, año de 1784".

**Ángulo superior derecho.** Lenda de "Razón breve de los que suministraron documentos para la confección de este mapa...". 7x4 pregos.


**Dereita, centro:** Explicación dos sinais...Cidade, Vila grande...

División provincial en dúas cores. Bordo de mar en cor.

Zona do Eume: "Puentedeume", "Cabanas", "Soaserra", "Cabeyro", "S.P. de Eume", "Faeira", "Ribadeume", "Bermui", "Pena de Curro", "Gestoso", "Río Fray Bermuz", "Queijeiro", "Monfero", "Vilachá", "Grandal", "Taboada", "Andrade", "Villar".

Perfís montañosos abatidos sombreados na zona entre Cabeiro e As Pontes, e cara á Serra da Loba.



4.2.36 GALICIA PTOLOMAEI<sup>86</sup>

Gallaecia Ptolemaei. Tomado de “España Sagrada. Theatro geographico-histórico de la iglesia de España. Origen, divisiones y términos de todas sus provincias. Antigüedad, traslaciones y estado antiguo y presente de sus sillas, en todos los dominios de España y Portugal. Con varias disertaciones críticas para ilustrar la historia eclesiástica de España, Tomo XV. De la provincia de Galicia en común, y de su Metrópoli, la iglesia de Braga en particular...”, primeira edición, Madrid, 1763 (hai outra de 1787).  
 Publicación: [Madrid] : [En la oficina de Pedro Marin], [1787].  
 Gravado. en cobre, montado en cartolina ; 15 x 20 cm en f. de 18 x 24 cm  
 Notas: Tit. dentro dun debuxo. Na marxe dereita do mapa, dentro do marco: “T. XV. 14 p. 366”.

Non aparece representado o río Eume nin o seu topónimo. Relevo por normais, poboacións representadas segundo a súa importancia, rede de camiños, toponimia, marxes graduadas. Comprende o cuarto noroccidental da península, representando o territorio da antiga “Gallaecia”.

86. Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-009. Tamén en Biblioteca de Galicia. Signatura: MAP\_026.

4.2.37 MAPA DE CORNIDE 1790<sup>87</sup>

Título: "MAPA COROGRÁFICO DE LA ANTIGUA GALICIA, arreglado a las descripciones de los geógrafos griegos y romanos. Con una lista de la correspondencia de los nombres antiguos a los modernos [Material cartográfico] / Por D. Joseph Cornide, vecino de La Coruña. Año de MDCCXC".

"Área de datos: Escala [ca. 1 : 794.000]. Diez Leguas o de Quarenta Millas Romanas [= 6,9 cm]. Publicación: 1790"

Descripción física: 1 mapa: grav., col.; 42 x 51,5 cm. en h. de 54 x 80 cm

Notas: O título principal e a mención de responsabilidade figuran na parte superior esquerda da folla, nun recadro rectangular sobre a nota explicativa e a lista de nomes. Xunto ao mesmo título, pero dentro do marco do mapa outro título abreviado: "Gallaeciae Antiquae Tabula / Auctore Josepho Cornide Brigantino. Anno 1790". Baixo o título principal áchase unha ampla nota sobre as fontes manexadas para a confección do mapa. En primeiro lugar cítanse os de Tomás López; un impreso do bispado de Zamora; o manuscrito do bispado de Astorga de José Martínez Moreno e as memorias acopiadas nas súas viaxes. Logo indica as fontes, a organización de accidentes xeográficos, toponimia, divisións, etc. Ademais menciona a Real Academia da Historia, que lle proporcionou documentos do seu Arquivo. Zona do Eume: Puente de Eume, Cabanas, Soaserra, Cabeyro, S.P. de Eume, Faeira, Ribadeume, Bermui, Pena de Curro, Gestoso, Río Fray Bermuz, Queijeiro, Monfero, Vilachá, Grandal, Taboada, Andrade, Villar.

Perfís montañosos abatidos sombreados na zona entre Cabeiro e As Pontes, e cara á Serra da Loba.

Na parte superior "Lonxitude Oriental do Meridiano de Tenerife". Marxes graduadas de 1º en 1º. Relevo de trazos formando eirugas. Toponimia en latín.

Límites xeográficos dos tres conventos en liñas punteadas e á augada en verde, ocre e sepia. Costa sombreada e á augada en verde.

87. Copia Dixital. Real Academia da Historia: 2010. López Gómez, Antonio y Manso Porto, Carmen, Cartografía do século XVIII. Tomás López na Real Academia da Historia, Madrid, Real Academia da Historia, 2006, nº 123, p. 366.



Na lista de nomes modernos hai cinco lugares subliñados en tinta vermella e na parroquia de Vega está engadido na mesma tinta: “Cara ao río Boo” Restaurado en 1999; Sumario: Presenta un mapa da Galicia Antiga dividida nos seus tres conventos.

Ámbito xeográfico: abrangue a Antiga Galicia.

Na parte inferior dereita insire unha pequena “Vista de el cabo de Finisterre, mirando desde la Montaña de Barbanza a 4 leguas de distancia S.E. N.O”. Inclúe unha ampla lista de nomes antigos en latín cos seus correspondentes modernos en castelán. Ao final “advertencia: Los Caminos iluminados de color tierra son los de que hace mención el Itinerario de Antonino; los que van en tinta son aquellos de cuyo antiguo uso hay visibles señales y prudentes conjeturas”.

Ao verso anotado en tinta de bugalla: “XI”.

Consérvase outro exemplar solto (Sign. C-055-067)

Notas de exemplar: No ángulo superior dereito anotado en tinta de bugalla: 2ª-60, que corresponde a unha antiga signatura.

Ao verso anotado en letra caligráfica e en tinta de bugalla: “Galicia, Portugal, etc”.

Selo en tinta negra: “Real Academia da Historia”<sup>88</sup>.

Debúxase o río Eume sen rotulalo. Os únicos topónimos referidos á zona son “Bediores sive Bedii”: As xurisdicións de Prucios, Bañobre e Puente deume” e preto desta, “Flavia Lambris”: “Lambre na parroquia de Ambroa dous leguas ao nordess de Betanzos”.

#### 4.2.38 DAS KÖNIGREICH GALLICIEN [1791]<sup>89</sup>



DAS KÖNIGREICH GALLICIEN.– [CA. 1:968 000] 9 SPANISCHE U PORTUG. GEM L. M. 17 ½ A G. [= 5.9 CM].– [s.l. : s.n.], [1791].

1 mapa: gravado en cobre coloreado a man; 27 x 23 cm. Na lenda, baixo o título pon “Nro 590”.

Procede do segundo volume do Atlas: Schauplatz der fünf Theile der Welt herausgegeben von Franz Johan Joseph von reilly, Wien: von F.J.J. von Reilly, 1789–1806. O tomo correspondente a España e Portugal é de 1791.

Representación topográfica moi deforme e irregular. EMB. Contén representación planimétrica de hidrografía, vilas, parroquias e liña límite de reino iluminada con técnica de augada en vermello.

88. Real Academia de Historia. Colección: Departamento de Cartografía y Artes Gráficas. Signatura: C-Atlas E, II, 11. ° de registro: 974.

89. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 168.



O relevo, aínda que levemente, aparece representado con perfís abatidos –pequenas montañas–.

Toponimia local en castelán escasa e con erros de situación; lenda e escala gráfica en alemán.

Topónimos: “Puentedeume”, “Cabeyro” e “As Pontes de Garcia Rodriguez”. Debuxado en proxección cilíndrica.

#### 4.2.39 DES KÖNIGREICHS GALLICIEN NORDLICHER THEIL [1791]<sup>90</sup>



DES KÖNIGREICHS 'GALLICIEN NORDLICHER THEIL.- [Escala CA. 1:577000] spanische u. Portuguie. GEM. LAND MEILEN 17 ½ a.!. grad. [7=7,7 cm] - [WIEN: von FRANZ JOHANN JOSEPH von TEILLY], [1791]] mapa gravado en cobre, coloreado a man; 27 x 23 cm. Na lenda, baixo o título, pon “Nro.591”  
 Procede do segundo volume do atlas: *Schauplatz der fünf Theile der Welt* herausgegeben von Franz johan Joseph von reilly. Wien: von F.J.J. von Reilly, 1789–1806. O tomo correspondente a España e Portugal é de 1791. Representación cartográfica moi deforme e irregular. Contén representación planimétrica de hidrografía, vilas, parroquias e liña límite de reino iluminada con técnica de augada en vermello.

90. MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo, *op.cit.*, p. 169.



O relevo, aínda que levemente, aparece representado con perfís abatidos –pequenas montañas–.

Toponimia local en castelán escasa e con erros de situación; lenda e escala gráfica en alemán.

Topónimos: “Puentedeume”, “Cabeyro”, “Gestoso”, “As Pontes de Garcia Rodriguez”.

#### 4.2.40 ESPAÑA (NOROESTE) MAPA 1794<sup>91</sup>



LI REGNI DE GALIZIA E LEON DELINEATI SULLE ULTIME OSERVAZIO / GIO. MA. CASSINI SOMCO INC.- ESCALA [CA. 1 : 292.000] 20 LECHÉ COMUNI DI SPAGNA DI 20 A GRADO [=8,6CM]. ROMA : LA CALCOGRAFIA CAMLE., 1794

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B ; 47 x 34 cm. Cartela con ornamentación paisaxística.

Leghe comuni di Spagna di 20 a grado. Miglia comuni d'Italia de 60 a grado

Debuxado o río Eume. As serras represéntanse mediante perfís abatidos sombreados e coloreados.

Aparece representado o río Eume sen o seu topónimo. Topónimos de “Puentes de Eume” e “Andrada” nas súas proximidades.

#### 4.2.41 GALICIA. (REINO) MAPA .1800<sup>92</sup>

CHARTA GEOGRAPHICA REGNUM GALAECIAM (HISPANICE GALICIA) IN SUAS PROVINCIAS DIVISUM REPRÆSENTANS EX ILLIS D.T. LOPEZ II COLLIGAVIT F.L. GUSSEFELD.- ESCALA [CA. 1 : 515.000] 6 LEGUAS GEOGR. DE ESPAÑA, DE LAS 17 ½ AL UN GRADO [7,4CM]. NORIMBERGAE : HOMAN HAEREDES, 1800.

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B ; 46 x 55 cm. Cartela xeométrica.



Relevo mediante perfís montañosos abatidos coloreados a man.

Topónimos: “Cabanas”, “Cavalar”, “Soaserra”, “Las Puentes de García Rodríguez”, “S. Román”, “Goyente”, “Bermui”, “Caveyro”, “S. P. Eume”, “Puente deume”, “Peña do Curro”, “Gestoso”, “Doroña”, “Monfero”.



4.2.42 ESPAÑA. (NOROESTE) MAPA 1810<sup>93</sup>

[MAPA DE GALICIA Y DE PARTE DE LOS REINOS ADYACENTES]/GRABADO POR PELEGER EL HIJO. - ESCALA INDETERMINADA. - [S.L. : S.N.], 1810. 1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B ; 33 x 43 cm. Lam.<sup>o</sup>l<sup>o</sup> N.O. R. 201.

Bordo marítimo coloreado a man. O río Eume débúxase con afluentes e sen nome. A Serra da Loba mediante perfís abatidos e sombreados.

Topónimos: “Monfero”, “Las Puentes de García Rodríguez”, “Monfero”, “Serra de Lobas”.



#### 4.2.43 MAPA GEOGRÁFICO DE LA PROVINCIA DE GALICIA QUE MANIFIESTA SU DIVISIÓN EN 47 PARTIDOS CON ARREGLO A LO QUE DETERMINA EL ART. 1º CAP. 2º DE LA LEY DE 9 DE OCT. DE 1812<sup>94</sup>



División de partidos en cores. Esq: Explicación das capitais dos 47 partidos en que se divide a provincia de Galicia.

O relevo represéntase mediante perfís montañosos abatidos a tinta, sombreados na zona do Eume: “Ponte de Heume”, “Cavanas”, “Soaserra”, “Caveiro”, “S.P. de Heume”, “Faeira”, “Vermuy”, “Riva de Heume”, “Vilavella”, “Las Puentes de García Rodríguez”, “M. da Pena del Curro”, “Serra de la Loba”, “Jestoso”, “Río Fray Bermuz”, “Vilachá”, “Grandal”, “Taboada”, “Andrade”, “Villar”.

94. SERVICIO GEOGRÁFICO DEL EJÉRCITO. CARTOTECA HISTÓRICA. *Índice de Atlas Universales y Mapas y Planos Históricos de España*. Madrid, 1974.

#### 4.2.44 GALICIA. MAPAS .1815<sup>95</sup>

MAPA DE GALICIA / POR A. L. – ESCALA INDETERMINADA. – [S.L. : S.N.], 1815.

1 mapa: gravado en cobre, coloreado a man; B ; 23 x 27 cm. Indica lugares de Galicia onde se atopan depósitos de víveres para a tropa.

O río Eume aparece debuxado sen o nome. As serras mediante sombreado por normais, poboacións representadas segundo a súa importancia, rede de camiños, toponimia, marxes graduadas. Comprende o cuarto noroccidental da península, representando o territorio de Galicia e parte de Asturias.

Topónimos: “Las Puentes”.  
“Pte de Heume.”



#### 4.2.45 MAPA DE REYNO DE GALICIA DIVIDIDO EN SIETE PROVINCIAS: SANTIAGO, LA CORUÑA, BETANZOS, LUGO, MONDOÑEDO, ORENSE Y TUY. 1816<sup>96</sup>

“Obra de DON TOMÁS LÓPEZ, Geógrafo que fue de los dominios de S.M. e individuo de varias academias y sociedades.”

“Revista e aumentada por Don Juan López.

Madrid ano 1816. “Escala gráfica”:

“Leguas geográficas...”; “Leguas de 20 al

grado...”; “Leguas legales...”. “Equivalencia

1:370.000” Ángulo superior derecho:

“Razón breve de los que suministraron documentos para la composición de este mapa...”

Dereita, centro: Explicación de sinais:  
Cidade, Vila grande....



95. A.R.G.: Col. Cart. M.B.-78 e Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0042.

96. SERVICIO GEOGRÁFICO DEL EJÉRCITO. CARTOTECIA HISTÓRICA. *Índice de Atlas Universales y Mapas y Planos Históricos de España*. Madrid, 1974. Copia en Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez.



O relevo represéntase mediante perfís montañosos abatidos e sombreados.

Na zona do Eume: “Puenteume”, “Cabanas”, “Soaserra”, “Salto”, “Capela”, “Cabeyro”, “S.P. de Heume”, “Faeira”, “Goyente”, “Bermuy”, “Ribadeume Vilavella”, “Las Puentes de García Rodríguez”, “Pena do Curro”, “Sierra dá Loba”, “Gestoso”, “Río Fray Bermui”, “Vilachá”, “Grandal”, “Taboada”, “Andrade”, “Villar”, “Queijeiro”, “Monfero”.

#### 4.2.46 LE PROVINCE DELLA SPAGNA SITUAE AL NORD-OUEST, 1817<sup>97</sup>



Ángulo superior esquerdo: LE PROVINCE DELLA SPAGNA SITUAE AL NORD OUEST oggi giorno comprese nella Galizia nella parte Settentrionale del Regno di Leone e nelle Asturie, nella parte Settentrionelle della Castiglia Vecchia, nella Biscaglia e nell' Alava parimente parte della Biscaglia. Dell' A.B. Borghi. FIRENCE, 1817.

Ángulo superior esquerdo: Leghe legati di Castiglia di 26 2/1 al Grado  
 Ángulo superior dereito: Miglia d'Italia di 60 al Grado



O relevo está representado parcialmente a través de perfís abatidos –pequenas montañas–.

Aparece representado o río Eume co seu topónimo.

#### 4.2.47 SPANIEN, PROV: GALICIE, 1825

Non se representa o relevo. Cidades e vilas máis importantes. Vías de comunicación e ríos.

Aparece representado o río Eume sen o seu topónimo. Topónimos de “Puente de Eume”, “Cabanés” e “Puente de García” nas súas proximidades.



O. HERMANN: SPANIEN, 1825. Litografía. Atlas Alemán: SCHILIBEN'S ATLAS VON. EUROPA. LEIPZIG, 1825  
Coloreado. Ángulo inferior esquerdo: PROV: 17 GALICIA.  
Geographische oder deutsche Meilen 15 auf 1 Grad.  
Spanische grosse meilen 10 auf. 1 Grad.





4.2.48 PORTUGAL E GALICE, 1837<sup>98</sup>

France militaire. Histoire des armées françaises de Terra et Mer., revu et publié par A. Hugo, vol IV, Paris, 1837. Dresé par Monin. Gravé par Laguillermie et Rambox.

Relevo representado parcialmente a través de perfís abatidos, pequenas montañas sombreadas nas que se aprecian unicamente as cadeas montañosas máis importantes de Galicia e Portugal debido á súa escala.

Aparece representado o río Eume sen o seu topónimo.

4.2.49 ESPAÑA. (NOROESTE) MAPA 1838<sup>99</sup>

MAPA ITINERARIO DE LA PARTE NORD-OESTE DE ESPAÑA Y PARTE DE LA DE PORTUGAL : ARREGLADO SEGÚN LA NUEVA DIVISION TERRITORIAL.../ POR EL SOBRINO POLITICO DE JUAN LOPEZ. - ESCALA [CA. 1 : 810.000] 6 LEGUAS ESPAÑOLAS DE 17 ½ AL GRADO. - [=4,7 CM]. - MADRID : ESTABLECIMIENTO GEOGRÁFICO, 1838.

1 mapa en 4h.: gravado en cobre, col.; B ; 62 x 77 cm. Inserta unha nota sobre os mapas e documentos empregados para a elaboración do presente mapa. < Advertencia : este mapa é continuación do de os Montes Pirineos ó parte Nord Este de España, publicado no ano 1838>.

98. Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0114.

99. A.R.G.: Col. Cart. M.B.-30.





Relevo mediante pequenos trazos denominados normais.

Topónimos: “Cabañas”. “Puentes de García Rodríguez”. “Puentedeume”. “Taboada”. “Sierra da Loba”. “Monfero”.

#### 4.2.50 NORDWESTICHES SPANIEN UND NORDWESTICHES PORTUGAL, 1842<sup>100</sup>

K. Schötsch: “Vollständiger Hand-Atlas der Neuesten Erdbeschreibung über alle Theile der Erde” GLOGAN & LEIPZIG, C. FLEMING, 1844.



Relevo, mediante pequenos trazos denominados normais (perpendiculares) que teñen a súa dirección perpendicular ás curvas de nivel, é dicir, na dirección da máxima pendente.

Aparece representado o río Eume sen o seu topónimo. Topónimos de “Puente de Eume”, “Puentes de García Rodríguez”, nas súas proximidades.



100. Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0070.

4.2.51 SPAIN (ESPAÑA) I, LONDON, 1844<sup>101</sup>

PUBLISHED under the Superintendence of the Society for  
Diffussion of Useful Knowledge Atlas (SDUK)  
Published by Baldwin & Gradock 47 Paternoster Row, April 15<sup>th</sup>  
1831.

Relevo mediante pequenos trazos denominados normais (perpendiculares) que teñen a súa dirección perpendicular ás curvas de nivel, é dicir, na dirección da máxima pendente.

Aparece representado o río Eume sen o seu topónimo. Topónimos de “Pte. de Eume”, “Cabanas”, “Monfero” e “Sierra da Loba” nas súas proximidades.

101. Museo do Pobo Galego. Legado de Clodio González Pérez. CA-0063.

4.2.52 GALICIA. 1845<sup>102</sup>

"CARTA GEOMÉTRICA DE GALICIA: DIVIDIDA EN SUS PROVINCIAS: LA CORUÑA, LUGO, ORENSE Y PONTEVEDRA.../LEVANTADA Y CONSTRUIDA POR... DOMINGO FONTÁN; GRABADA BAJO LA DIRECCIÓN DEL AUTOR....POR L. BOUFARD.-1:100.000."

París: Imp. De Lemercier, 1845.

1 mapa en 12 seccións: litografía; 215 x 234 cm.

"Presentada en 1834 a S.M. la Reina Gobernadora..."

Insírese o mapa "Unión de las doce hojas de triangulación fundamental."

Escala 1:800.000.-27 x 29 cm.

Contén representación planimétrica de estradas, camiños, pontes, vías de comunicación, límite de provincias, hidrografía e



toda unha simboloxía referida a cidades, muíños, parroquias e mesmo aparecendo nalgúns zonas as distancias entre lugares.

O relevo está expresado por normais –liñas de trazos–, con cotas de altitude expresadas en varas castelás e representación de estacións xeodésicas.

Toponimia en lenda en castelán con rotulación de tipo isabelino, filigranas e orlas; os topónimos locais que se expresan en castelán aparecen en maiúsculas de diversos tamaños segundo sexan capitais de provincia, cidades, accidentes xeográficos; en minúsculas as parroquias, hidrografía, etc.

Está dividido en doce follas.

Debuxado en proxección de Bonne<sup>103</sup>.

Orixe de lonxitude occidental no observatorio de San Fernando.

Existe outro exemplar orixinal que non contén información de altimetría dividido en 16 follas e realizado a escala 1:100.000; publicado en 1834.

Consérvase a minuta desta Carta dividida en 8 follas, a escala 1:100.000; con lenda diferente e datada en 1834.

MP.EMB-IGN.

José Filgueira Valverde dinos sobre a realización deste magnífico mapa de Galicia, que Domingo Fontán estaba convencido de que en Galicia era imposible formular en serio os grandes problemas de toda orde, en especial as comunicacións, sen a existencia dunha

102. LORENZO MARTÍNEZ, Ramón. *op.cit.*, pp. 100-101.

103. A proxección de Bonne é unha proxección cartográfica pseudocónica de áreas iguais, ás veces chamada proxección *dépôt da guerre* ou *Sylvanus*. Os paralelos de latitude son arcos circulares concéntricos, e a escala é verdadeira ao longo destes arcos. Sobre o meridiano central e a latitude estándar as formas non son distorsionadas.

cartografía fiable. Cara ao ano 1817 adopta a resolución de realizar un mapa dentro das posibilidades científicas da época. En 1834 pode presentar o orixinal da “Carta Xeométrica de Galicia” á Raíña Gobernadora, dona María Cristina. Tamén se destacou polas súas contundentes denuncias sobre os efectos da desamortización no patrimonio, máis concretamente nas súas intervencións protagonizadas como deputado nas Cortes entre 1836 e 1841 con implicación nos debates acerca do patrimonio relixioso galego expropiado.

Contaba para a realización da Carta con algúns útiles propios e co excelente instrumental que adquiriu en París e Londres o seu mestre, o Dr. Rodríguez, para a Universidade, que o poñía á súa disposición e fixo construír perchas de extremos metálicos como as que serviran de base a Golosbach en Baviera, resistentes aos cambios de humidade.

É especialmente interesante, para a representación da paisaxe no territorio, a técnica utilizada para dar a sensación de relevo, mediante pequenos trazos denominados normais (perpendiculares) que teñen a súa dirección perpendicular ás curvas de nivel, é dicir, na dirección da máxima pendente –seguindo os criterios fixados polos organismos cartográficos europeos–. Debuxa o uso de normais máis grosas coa tendencia de achegar a algún punto concreto para expresar máis viveza no relevo, que combina coa idea de figurar sombra topográfica coa luz xeral do oeste, aspecto que se opón ao criterio de Lehman, pero que produce unha boa sensación de relevo, chegando a ser moi utilizado, como se dixo anteriormente.

A pesar do inxente esforzo, realizando observacións astronómicas e percorrendo Galicia a cabalo e moitas veces a pé, coa axuda de Domingo Lareo e dalgúns peóns, e sen entrar na análise exhaustiva, observamos que sitúa incorrectamente “Cabeiro”, xa que o sitúa nun meandro do Eume cuxa forma é invertida a como é na realidade e o promontorio en cuxo cume se atopa o mosteiro o debuxa en dirección N-S en lugar de L-W entre os ríos Sesín e Parrote.

